

Lexislación da Educación Primaria en Galicia

XUNTA DE GALICIA

Lexislación da Educación Primaria en Galicia

XUNTA DE GALICIA

Edita:

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Imprime:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

DL: C 885-2008

Índice

Presentación	5
--------------------	---

1.- O currículo da educación primaria	9
--	----------

Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de xullo de 2007)

Preámbulo	11
Articulado	14
Disposicións adicionais.....	22
Disposición derogatoria	24
Disposicións derradeiras	24
ANEXO I: Competencias básicas	25
ANEXO II: Obxectivos, competencias básicas, contidos e criterios de avaliación das distintas áreas que constitúen a etapa	47
ANEXO III: Cadro de distribución horaria para a educación primaria..	241
ANEXO IV: Proxecto lector de centro	242
ANEXO V: Plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación	244

2.- A avaliación na educación primaria.....	249
--	------------

Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 30 de novembro de 2007)

Preámbulo	251
Articulado	252
Disposicións transitorias	260
Disposición derogatoria	261
Disposicións derradeiras	261

ANEXO I: Actas de avaliación de educación primaria	262
ANEXO II: Expediente académico do alumnado	265
ANEXO III: Historial académico de educación primaria	268
ANEXO IV: Informe persoal por traslado de educación primaria	270
ANEXO V: Informe de avaliación final de ciclo/etapa	271
3.- Orientacións metodolóxicas para educación primaria	273
ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL	275
ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA	284
ÁREA DE LINGUA E LITERATURA (Lingua Galega e Lingua Castelá)	292
ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA	308
ÁREA DE MATEMÁTICAS	314
ÁREA DE EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA E OS DEREITOS HUMANOS	323
ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA	328
4.- Avaliación diagnóstica	335



PRESENTACIÓN

Presentación

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aposta pola publicación deste libro no que se recolle o marco lexislativo correspondente a esta etapa, consciente da súa obriga de proporcionarlles aos diferentes sectores da comunidade educativa unha referencia clara sobre o currículo da educación primaria.

Nesta publicación recompílase e facilítase a lexislación ata o momento vixente para esta etapa:

- Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 23 de novembro de 2007, pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Inclúe unha serie de orientacións metodolóxicas máis amplas sobre o tratamento das áreas cás recollidas no Decreto 130/2007 e, así mesmo, recolle información da avaliación diagnóstica.

A Administración educativa, coñecedora de que o desenvolvemento efectivo da Lei orgánica de educación dependerá en última instancia da actividade realizada polo profesorado nos centros, busca con este texto contribuír ao logro dos seus principios básicos:

- Calidade da educación para todo o alumnado
- Equidade que garanta a igualdade de oportunidades
- Esfuerzo compartido por todas as persoas compoñentes da comunidade educativa

Do mesmo xeito, tamén responde ao recoñecemento que a lexislación vixente fai da necesidade de adecuación á diversidade de intereses, características e situacións persoais... que se poidan producir nos centros

educativos, os cales deberán dar respostas diferentes con base na súa capacidade de decisión, tanto no relativo á súa organización coma no referido ao seu funcionamento.


Conseguir que todo o alumnado desenvolva ao máximo as súas capacidades nun marco de calidade e equidade, converter os logros xerais en logros concretos, adaptar o currículo e a acción educativa ás circunstancias específicas en que os centros se desenvolven, conseguir que os pais e as nais se impliquen na educación dos seus fillos será posible na medida en que contemos cun profesorado comprometido na súa actividade.

En definitiva, esta publicación ten a ambiciosa finalidade de axudar aquelas persoas implicadas na tarefa de educar os nenos e as nenas da educación primaria.

Esperamos e confiamos que os novos retos que a educación nos demanda atopen na escola unha boa resposta.

Laura Sánchez Piñón

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria



1. O CURRÍCULO DA EDUCACIÓN PRIMARIA

1. O currículo da educación primaria

Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Preámbulo

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no capítulo III, determina que se entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas reguladas pola citada lei.

Así mesmo, coa finalidade de asegurar unha formación común a toda a cidadanía española e garantir a validez das titulacións correspondentes, establece que lle corresponde ao Goberno de España fixar os aspectos básicos do currículo en relación aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas ás cales se refire a disposición adicional primeira, punto 2, letra c, da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o parágrafo primeiro do seu artigo 81, o desenvolvan.

O Real decreto 1513/2006, do 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da educación primaria que facilitarán a continuidade, progresión e coherencia da aprendizaxe no caso de mobilidade xeográfica do alumnado, desenvolve os aspectos básicos do currículo en relación cos obxectivos, competencias básicas, contidos e criterios de avaliación.

A Lei orgánica de educación indica que serán as administracións educativas as que establezan o currículo das distintas ensinanzas reguladas pola citada lei, do cal formarán parte os aspectos básicos anteriormente indicados.

Os centros docentes desenvolverán e completarán, se for o caso, o currículo das diferentes etapas e ciclos no uso da súa autonomía, tal e como se recolle no capítulo II do título V da Lei orgánica de educación, respondendo ao principio de autonomía pedagóxica, de organización e xestión que a citada lei lles atribúe aos centros educativos coa finalidade de adecuarse ás características e á realidade educativa de cada un deles.

O currículo que se establece neste decreto ten como obxectivo contribuir ao logro dos principios básicos desta Lei orgánica de educación que se expresan no preámbulo e que se resumen en lograr:

- Calidade de educación para todo o alumnado.
- Equidade que garanta a igualdade de oportunidades.
- Esfuerzo compartido por todas as persoas compoñentes da comunidade educativa.

A educación primaria e mais a educación secundaria obrigatoria constitúen o ensino básico, que é obrigatorio e gratuíto para todas as persoas.

A educación primaria é, pois, a primeira etapa do ensino obrigatorio. Como tal, caracterízase por unha especial atención á diversidade, pola prevención das dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de apoios e/ou reforzos tan pronto como sexan detectadas, acudindo ás medidas organizativas e/ou curriculares que sexan precisas para asegurar o principio de equidade, sen prexuízo de garantir unha educación común para todo o alumnado.

Nesta liña, estableceranse os mecanismos precisos para lograr unha coordinación entre esta etapa e as de educación infantil e educación secundaria obrigatoria.

Porén, será de grande importancia a acción tutorial que vertebre todas as actuacións con cada un dos grupos e con cada alumno e cada alumna dese grupo.

O eixe do traballo nesta etapa educativa será o desenvolvemento das competencias básicas que permitan encamiñar todo o alumnado cara

ao logro dunha formación integral, tanto na súa vertente persoal coma nas demandas sociais e culturais que faciliten a continuación dos estudos e, posteriormente, a inclusión na vida laboral, pero sempre coa asunción da necesidade de aprender ao longo de toda a vida.

Ten enorme importancia a presenza no currículo das competencias básicas que o alumnado deberá desenvolver na educación primaria e completar na educación secundaria obrigatoria. As competencias básicas permiten identificar aquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde un enfoque integrador e orientado á aplicación dos saberes adquiridos. O seu logro deberá capacitar as alumnas e os alumnos para a súa realización persoal, a incorporación satisfactoria á vida adulta e o desenvolvemento dunha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Será preciso que a organización dos centros educativos, as formas de relación de todas as persoas compoñentes da comunidade educativa, as actividades docentes, así como as complementarias e extraescolares, incidan no desenvolvemento das citadas competencias básicas. Prestarase especial atención á educación en valores e ás normas de convivencia que permitan unha incorporación á sociedade democrática con respecto, interese, esforzo e responsabilidade.

Neste decreto inclúense os seguintes anexos:

Anexo I. Competencias básicas.

Anexo II. Obxectivos, competencias básicas, contidos e criterios de avaliación das distintas áreas que constitúen a etapa.

Anexo III. Cadro de distribución horaria.

Anexo IV. Proxecto lector de centro.

Anexo V. Plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación.

De conformidade co exposto, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, oídos os ditames do Consello Consultivo e do Consello Escolar, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e oito de xuño de dous mil sete,

DISPOÑO:

Artigo 1º.- *Principios xerais.*

A educación primaria é unha etapa educativa que ten carácter obrigatorio e gratuíto. Comprende seis cursos académicos, que se cursarán ordinariamente entre os seis e os doce anos de idade. Con carácter xeral, o alumnado incorporárase ao primeiro curso da educación primaria no ano natural en que cumpra seis anos.

A educación primaria consta de tres ciclos que se organizarán en áreas con carácter global e integrador.

Artigo 2º.- *Fins.*

1. A finalidade da educación primaria é proporcionarlles a todos os nenos e nenas unha educación que permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar, adquirir as habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral, á lectura, á escritura e ao cálculo, ao sentido artístico, á creatividade e á afectividade, así como desenvolver habilidades sociais e hábitos de traballo.

2. A acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptarase aos seus ritmos de traballo.

Artigo 3º.- *Obxectivos da educación primaria.*

Os obxectivos da educación primaria estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte de todo o alumnado, das capacidades que permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no

ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.

- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non-discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicalos a situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado

das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

- n) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

Artigo 4º.- Currículo.

1. Enténdese por currículo da educación primaria o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación desta etapa educativa.

2. As competencias básicas que se deben adquirir no ensino básico publícanse no anexo I deste decreto. Ao seu logro deberá contribuír a educación primaria, de acordo cos criterios de avaliación que para cada ciclo e área figuran no anexo II.

3. O currículo para a educación primaria nos centros docentes dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Comunidade Autónoma de Galicia será o que se recolle para cada área e nos diferentes ciclos no anexo II a este decreto.

4. Os centros docentes desenvolverán e concretarán o currículo establecido neste decreto. Estas concrecións formarán parte do proxecto educativo, así como o tratamento nas distintas áreas de educación en valores, a educación moral e cívica, a educación para a paz, a igualdade de oportunidades entre os sexos, a educación ambiental, a educación sexual, para a saúde e calidade de vida, a educación para o lecer a educación do consumidor e a viaria.

Artigo 5º.- Organización.

1. A etapa da educación primaria comprende tres ciclos de dous anos académicos cada un e organízase en áreas, que terán un carácter global e integrador.

2. Cada un dos ciclos constitúe unha unidade de ensino-aprendizaxe, polo que é imprescindible a coordinación de todo o profesorado implicado para o desenvolvemento correcto do currículo. A etapa de educación primaria terá, pois, un carácter global e integrador.

3. A educación primaria será impartida por mestres e mestras, que terán competencia docente en todas as áreas deste nivel. As ensinanzas da

música, da educación física e dos idiomas estranxeiros serán impartidas por mestres e mestras coa especialidade ou habilitación correspondente.

Artigo 6º.- Áreas de coñecemento.

1. As áreas que se impartirán en todos e cada un dos cursos da educación primaria, entre as que terán especial consideración polo seu carácter instrumental as linguas e as matemáticas, son as seguintes:

- Coñecemento do medio natural, social e cultural.
- Educación artística.
- Educación física.
- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.
- Lingua estranxeira.
- Matemáticas.

2. Ademais, no segundo ano do terceiro ciclo engadirase a área de educación para a cidadanía e os dereitos humanos, na cal se prestará especial atención á igualdade entre homes e mulleres.

3. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunha das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación e a educación en valores traballaranse en todas as áreas.

4. Coa finalidade de fomentar o hábito da lectura, os centros elaborarán e aplicarán un proxecto lector que se axustará ás liñas básicas que se publican como anexo IV ao presente decreto, asegurándose como mínimo media hora diaria.

5. Os centros docentes elaborarán e aplicarán, ademais, o plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación que se axustará ás directrices que se publican como anexo V deste decreto.

Artigo 7º.- Horario.

1. Sen esquecer o carácter global e integrador das diferentes áreas en que se organiza a educación primaria, o horario semanal de cada unha das áreas nos distintos cursos é o que figura no anexo III deste decreto.

Artigo 8º.- Avaliación.

1. A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua, global, formativa e integradora de todas as áreas. Terá en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas.

2. Na avaliación serán tidos en conta todos os elementos que compoñen o currículo.

3. Os criterios de avaliación das áreas serán referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas.

4. Se no proceso de avaliación continua se advertise que un alumno ou alumna non progresa adecuadamente, o centro educativo, tan pronto detecte as dificultades de aprendizaxe, adoptará medidas de reforzo educativo coa finalidade de que o alumnado adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

5. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

Artigo 9º.- Promoción de ciclo.

1. Ao final de cada ciclo, e como consecuencia do proceso de avaliación, tomaranse as decisións sobre promoción de ciclo do alumnado.

2. A decisión de promoción de ciclo adoptaraa o equipo de profesores e profesoras que imparten docencia ao grupo de alumnos e alumnas no último curso do ciclo, e deberá ter en especial consideración a información e o criterio do titor ou titora.

3. O alumnado acadará a promoción ao ciclo educativo seguinte sempre que alcanzase o desenvolvemento correspondente das competencias básicas e un axeitado grao de madurez. Accederase tamén ao seguinte ciclo cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo ciclo. Neste caso, o centro educativo adoptará as medidas precisas para que o alumnado reciba os apoios necesarios para a recuperación das ditas aprendizaxes.

4. Cando o alumno ou alumna non cumpra as condicións establecidas no parágrafo anterior, permanecerá un ano máis no ciclo, tendo en conta que esta medida só se poderá adoptar unha soa vez ao longo de toda a etapa educativa. Esta medida deberá ir acompañada dun plan específico

de reforzo educativo que os centros educativos organizarán de acordo co que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 10º.- *Promoción á educación secundaria obrigatoria.*

1. O alumnado accederá á educación secundaria obrigatoria se alcanzou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas e o adecuado grao de madurez. Accederá tamén cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente a nova etapa. Neste caso, o centro educativo receptor do alumnado establecerá as medidas de apoio necesarias para que este recupere as ditas aprendizaxes, á vista dos informes individualizados.

2. Se non se cumpren as condicións establecidas no parágrafo anterior, o alumno ou alumna permanecerá un ano máis no terceiro ciclo, agás se xa repetise unha vez nos dous ciclos anteriores.

Artigo 11º.- *Procedemento en materia de avaliación.*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ditará as normas oportunas de procedemento en materia de avaliación e promoción do alumnado.

Artigo 12º.- *Informe sobre a aprendizaxe.*

1. De conformidade co establecido no artigo 20.5º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e coa finalidade de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, ao rematar a etapa, os titores ou titoras, tendo en conta a información solicitada ao equipo de profesores e profesoras, elaborarán un informe individualizado de cada alumno ou alumna sobre a súa aprendizaxe, os obxectivos alcanzados e as competencias básicas adquiridas, así como sobre aqueles elementos que puidesen condicionar o progreso educativo do alumnado.

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria elaborará as características do informe, establecerá os mecanismos de coordinación coa etapa educativa seguinte e garantirá a súa confidencialidade.

Artigo 13º.- *Participación dos pais ou titores.*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá o procedemento para que, de conformidade co establecido no artigo 4.2º e),

da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, os pais e nais ou titores/as participen e apoiem a evolución do proceso educativo dos seus fillos/as ou tutelados/as, coñezan as decisións relativas á avaliación e promoción e colaboren nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros educativos para facilitar o seu progreso educativo.

Artigo 14º.- Tutoría.

1. Na educación primaria, cada grupo de alumnos e alumnas terá un titor ou titora. A súa actuación deberá coordinarse especialmente coa dos outros profesores e profesoras que incidan sobre o mesmo grupo de alumnos e alumnas, sen prexuízo da necesaria coordinación co equipo de profesoras e profesores de ciclo e etapa.

2. Na educación primaria, a acción tutorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado, sen prexuízo das competencias e a necesaria coordinación, seéocaso,coDepartamento de Orientación.

3. A persoa titora manterá unha relación permanente coas familias do alumnado, atendendo á conciliación profesional e familiar, teraas informadas sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos/as e escoitaraas naquelas decisións que afecten a orientación académica e profesional dos seus fillos/as, sen prexuízo, seéocaso,das competencias do Departamento de Orientación.

Artigo 15º.- Atención á diversidade.

1. A intervención educativa nesta etapa atenderá á diversidade do alumnado, é dicir, centrarase nas actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe. Ademais, porá énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas da aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia familiar.

2. En canto se detecten dificultades de aprendizaxe nalgún alumno ou alumna, o centro educativo deberá poñer en funcionamento as medidas de reforzo educativo que se consideren máis convenientes e que poderán ser tanto organizativas como curriculares. Entre estas medidas encóntranse o apoio dentro do grupo ordinario, o apoio ocasional fóra do grupo ordinario, os agrupamentos flexibles e as adaptacións do currículo.

3. A escolarización do alumnado que se incorpora tardiamente ao sistema educativo por proceder doutros países ou por calquera outro motivo realizarase atendendo ás súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico.

Cando presente graves carencias na lingua de escolarización do centro, realizará un programa de inmersión lingüística que será, en todo caso, simultáneo á escolarización nos grupos ordinarios, cos cales compartirá o maior tempo posible de horario semanal, nos termos que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Os alumnos e alumnas que presenten un desfase no seu nivel de competencia curricular de máis dun ciclo poderán ser escolarizados nun curso inferior ao que lles correspondería por idade. Neste caso, o centro educativo adoptará as medidas de reforzo educativo máis adecuadas para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do desfase curricular. No suposto de superar o dito desfase, incorporaranse ao curso que lles corresponde pola súa idade.

4. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais flexibilizarase de tal forma que se poida anticipar un curso o inicio da escolarización nesta etapa educativa ou reducir a súa duración cando se prevea que estas son as medidas máis adecuadas para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización, ou poderá enriquecerse o currículo, nos termos que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 16º.- *Alumnado con necesidades educativas especiais.*

1. Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves da conduta, tal como indica o artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. Para que este alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos da etapa, estableceanse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu adecuado progreso, dentro dos principios de inclusión e normalidade.

3. Na educación primaria poderán realizarse adaptacións curriculares que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliación do currículo, dirixidas a este alumnado con necesidades educativas especiais.

4. As adaptacións curriculares deste alumnado, que estarán precedidas en todo caso dunha avaliación das súas necesidades educativas especiais e da conseguinte proposta curricular específica, realizaranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas posibilidades do alumno ou alumna; a avaliación e a promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas ditas adaptacións.

5. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determinará o procedemento de autorización das adaptacións referidas neste artigo.

6. Sen prexuízo da permanencia durante un curso máis no mesmo ciclo, prevista no artigo 9.4º do presente decreto, a escolarización deste alumnado na educación primaria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que se favoreza a súa integración socioeducativa.

Artigo 17º.- *Avaliación de diagnóstico.*

1. Ao finalizar o segundo ciclo da educación primaria, todos os centros realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias básicas alcanzadas polo seu alumnado. Esta avaliación, que non terá efectos académicos, terá carácter formativo e orientador para os centros, informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa, como establece o artigo 21 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria facilitará aos centros educativos os modelos e apoios necesarios, co fin de que todos realicen de xeito adecuado estas avaliacións.

Disposicións adicionais

PRIMEIRA.-ENSINANZAS DE RELIXIÓN.

1. A área de relixión católica será de oferta obrigatoria para os centros e de carácter voluntario para o alumnado.

2. O ensino doutras relixións axustarase ao disposto nos acordos de cooperación celebrados polo Estado español coa Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España, a Federación de Comunidades Israelitas

de España, a Comisión Islámica de España e, seéocaso, aqueles que no futuro se poidan subscribir con outras confesións relixiosas.

3. Ao inicio de cada curso académico os pais/nais ou titores/as dos alumnos e alumnas manifestarán a súa vontade de que os seus fillos/as reciban ou non ensinanzas de relixión.

4. Os centros docentes disporán as medidas organizativas para que o alumnado cuxos pais ou titores non optasen por que cursen as ensinanzas de relixión, reciban a debida atención educativa co fin de que a elección dunha ou outra opción non supoña discriminación ningunha. A dita atención, en ningún caso comportará a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a calquera área da etapa. As medidas organizativas que dispoñan os centros deberán ser incluídas no proxecto educativo para que familias e titores/as as coñezan con anterioridade.

5. A determinación do currículo do ensino de relixión católica e das diferentes confesións relixiosas coas cales o Estado español subscribiu acordos de cooperación en materia educativa será competencia, respectivamente, da xerarquía eclesiástica e das correspondentes autoridades relixiosas. O seu contido deberá, en calquera caso, ser respectuoso cos dereitos das persoas marcados na lexislación vixente e sobre todo co valor de igualdade entre mulleres e homes.

6. A avaliación do ensino da relixión católica realizarase nos mesmos termos e cos mesmos efectos ca a das outras áreas da educación primaria. A avaliación do ensino das diferentes confesións relixiosas axustarase ao establecido nos acordos de cooperación subscritos polo Estado español.

7. Coa finalidade de garantir o principio de igualdade e a libre concorrência entre todo o alumnado, as cualificacións que se obtivesen na avaliación das ensinanzas de relixión non se computarán nas convocatorias en que deban entrar en concorrência os expedientes académicos.

SEGUNDA.-ENSINANZAS EN LINGUAS ESTRANXEIRAS.

A Administración educativa poderá autorizar que unha parte do currículo se imparta en linguas estranxeiras, sen que iso supoña modificación dos aspectos básicos do currículo regulados neste decreto. Os centros que impartan unha parte das áreas do currículo en linguas estranxeiras

non poderán incluír en ningún caso requisitos lingüísticos entre os criterios de admisión do alumnado.

Disposición derogatoria

Queda derogado o Decreto 245/1992, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da vixencia do seu currículo ata a implantación da nova ordenación da educación primaria, de acordo co disposto no Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Disposicións derradeiras

PRIMEIRA.-DESENVOLVEMENTO NORMATIVO.

Autorízase a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para ditar as disposicións que sexan necesarias para a execución e o desenvolvemento do establecido neste decreto.

SEGUNDA.-ENTRADA EN VIGOR.

Este decreto entra en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, sen prexuízo do establecido na súa disposición derogatoria.

Santiago de Compostela, vinte e oito de xuño de dous mil sete.

EMILIO PÉREZ TOURIÑO

Presidente

LAURA SÁNCHEZ PIÑÓN

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Competencias básicas

Unha posible definición de competencia básica podería ser «a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar».

A incorporación de competencias básicas ao currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde unha posición integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. De aí o seu carácter básico. Son aquelas competencias que debe desenvolver un mozo ou unha moza ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

A inclusión das competencias básicas no currículo ten varias finalidades: integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais, incorporadas ás diferentes áreas ou materias, coma as informais e non formais. Permitirlles a todos os estudantes integrar as súas aprendizaxes, poñelas en relación con distintos tipos de contidos e utilízasas de xeito efectivo cando lles resulten necesarias en diferentes situacións e contextos. Orientar o ensino, ao permitir identificar os contidos e os criterios de avaliación que teñen carácter imprescindible e, en xeral, inspirar as distintas decisións relativas ao proceso de ensino e de aprendizaxe, a metodoloxía, a organización dos centros educativos, as relacións persoais e a participación de toda a comunidade educativa.

Coas áreas e materias do currículo preténdese que todos os alumnos e as alumnas alcancen os obxectivos educativos e, consecuentemente, que adquiran as competencias básicas. Con todo, non existe unha relación unívoca entre o ensino de determinadas áreas ou materias e o desenvolvemento de certas competencias. Cada unha das áreas contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, pola súa vez, cada unha das competencias básicas alcanzase como consecuencia do traballo en varias áreas ou materias.

Ao ser as competencias un elemento organizador van ter influencia, non só nos contidos e na avaliación, senón tamén na metodoloxía.

O traballo nas áreas e materias do currículo para contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas debe complementarse con diversas medidas organizativas e funcionais, imprescindibles para o seu desenvolvemento. Así, a organización e o funcionamento dos centros e as aulas, a participación do alumnado, as normas de réxime interno, o uso de determinadas metodoloxías e recursos didácticos, ou a concepción, organización e funcionamento da biblioteca escolar, entre outros aspectos, poden favorecer ou dificultar o desenvolvemento de competencias asociadas á comunicación, a análise do contorno físico, a creación, a convivencia e a cidadanía ou a alfabetización dixital. Igualmente, a acción tutorial permanente pode contribuír de modo determinante á adquisición de competencias relacionadas coa regulación das aprendizaxes, o desenvolvemento emocional ou as habilidades sociais. A planificación das actividades complementarias e extraescolares pode reforzar o desenvolvemento do conxunto das competencias básicas.

No marco da proposta realizada pola Unión Europea, e de acordo coas consideracións que se acaban de expoñer, identificáronse oito competencias básicas:

1. Competencia en comunicación lingüística.
2. Competencia matemática.
3. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
4. Tratamento da información e competencia dixital.
5. Competencia social e cidadá.
6. Competencia cultural e artística.
7. Competencia para aprender a aprender.
8. Autonomía e iniciativa persoal.

Neste anexo recóllense a descrición, finalidade e aspectos distintivos destas competencias e ponse de manifesto, en cada unha delas, o nivel considerado básico que debe alcanzar todo o alumnado ao finalizar a educación secundaria obrigatoria.

O currículo da educación primaria estrutúrase en áreas; é nelas onde se deben buscar os referentes que permitan o desenvolvemento e adquisición das competencias nesta etapa. Así pois, en cada área inclúiranse referencias explícitas á súa contribución a aquelas competencias básicas ás cales se orienta en maior medida. Doutra banda, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas. Os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o progresivo grao de adquisición.

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA.

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

Os coñecementos, destrezas e actitudes propios desta competencia permiten expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións, así como dialogar, formar un xuízo crítico e ético, xerar ideas, estruturar o coñecemento, dar coherencia e cohesión ao discurso e ás propias accións e tarefas, adoptar decisións e desfrutar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral e escrita, todo o cal contribúe ademais ao desenvolvemento da autoestima e da autoconfianza.

Comunicarse e conversar son accións que supoñen habilidades para establecer vínculos e relacións construtivas cos demais e co contorno, así como achegarse a novas culturas, que adquiren consideración e respecto na medida en que se coñecen. Por iso, a competencia de comunicación lingüística está presente na capacidade efectiva de convivir e de resolver conflitos.

A lingua, como ferramenta de comprensión e representación da realidade, debe ser instrumento para a igualdade; para a construción de relacións, en termos de igualdade, entre mulleres e homes; para a eliminación de estereotipos e expresións machistas ou xenófobas. A comunicación será o eixe da resolución pacífica de conflitos na comunidade escolar.

Escoitar, expoñer e dialogar implica ser consciente dos principais tipos de interacción verbal, ser progresivamente competente na expresión e comprensión das mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas e adaptar a comunicación ao contexto. Supón

tamén a utilización activa e efectiva de códigos e habilidades lingüísticas e non lingüísticas e das regras propias do intercambio comunicativo en diferentes situacións, para producir textos orais adecuados a cada situación de comunicación.

Ler e escribir son accións que supoñen e reforzan as habilidades que permiten buscar, recompilar e procesar información, e ser competente á hora de comprender, compoñer e utilizar distintos tipos de textos con intencións comunicativas ou creativas diversas. A lectura facilita a interpretación e comprensión do código que permite facer uso da lingua escrita e é, ademais, fonte de pracer, de descubrimento doutros contornos, idiomas e culturas, de fantasía e de saber, todo o cal contribúe, pola súa vez, a conservar e mellorar a competencia comunicativa.

A habilidade para seleccionar e aplicar determinados propósitos ou obxectivos ás accións propias da comunicación lingüística (o diálogo, a lectura, a escritura, etc.) está vinculada a algúns trazos fundamentais desta competencia, como as habilidades para representarse mentalmente, interpretar e comprender a realidade, e organizar e autorregular o coñecemento e a acción dotándoos de coherencia.

Comprender e saber comunicar son saberes prácticos que se deben apoiar no coñecemento reflexivo sobre o funcionamento da lingua e as súas normas de uso, e implican a capacidade de tomar a lingua como obxecto de observación e de análise. Expresar e interpretar diferentes tipos de discurso acordes á situación comunicativa en diferentes contextos sociais e culturais implica o coñecemento e aplicación efectiva das regras de funcionamento do sistema da lingua e das estratexias necesarias para interactuar lingüisticamente dun xeito adecuado.

Dispoñer desta competencia implica ter conciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais e da versatilidade da lingua en función do contexto e da intención comunicativa. Implica a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas; de ler, de escoitar, de analizar e de ter en conta opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico; de expresar adecuadamente -en fondo e forma- as propias ideas e emocións, e de aceptar e realizar críticas con espírito construtivo.

Con distinto nivel de dominio e de formalización -especialmente en lingua escrita- esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poder comunicarse nalgunhas delas e, con iso, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Así mesmo, favo-

récese o acceso a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

En síntese, o desenvolvemento da competencia lingüística ao final da educación obrigatoria comporta o dominio da lingua oral e escrita en múltiples contextos, e o uso funcional de, polo menos, unha lingua estranxeira.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, recollendo as normas do Estatuto de autonomía, todos estes elementos que configuran a competencia lingüística estarán referidos ás dúas linguas oficiais, o galego, lingua propia de Galicia, e o castelán, así como, polo menos, a unha lingua estranxeira.

COMPETENCIA MATEMÁTICA.

Consiste na habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, tanto para producir e interpretar distintos tipos de información como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral.

Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións, o que aumenta a posibilidade real de seguir aprendendo ao longo da vida, tanto no ámbito escolar ou académico como fóra del, e favorece a participación efectiva na vida social.

Así mesmo, esta competencia implica o coñecemento e manexo dos elementos matemáticos básicos (distintos tipos de números, medidas, símbolos, elementos xeométricos, etc.) en situacións reais ou simuladas da vida cotiá, e a posta en práctica de procesos de razoamento que levan á solución dos problemas ou á obtención de información. Estes procesos permiten aplicar esa información a unha maior variedade de situacións e contextos, seguir cadeas argumentais identificando as ideas fundamentais, e estimar e axuizar a lóxica e validez de argumentacións e informacións. En consecuencia, a competencia matemática supón a habilidade para seguir determinados procesos de pensamento (como a indución e a dedución, entre outros) e aplicar algúns algoritmos de cálculo ou elementos da lóxica, o que conduce a identificar a validez dos razoamentos e a valorar o grao de certeza asociado aos resultados derivados dos razoamentos válidos.

A competencia matemática implica unha disposición favorable e de progresiva seguridade e confianza cara á información e ás situacións (problemas, incógnitas, etc.) que conteñen elementos ou soportes matemáticos, así como cara á súa utilización cando a situación o aconsella, baseadas no respecto e no gusto pola certeza e na súa procura a través do razoamento.

Esta competencia cobra realidade e sentido na medida en que os elementos e razoamentos matemáticos son utilizados para enfrontarse a aquelas situacións cotiás que os precisan. Xa que logo, a identificación de tales situacións, a aplicación de estratexias de resolución de problemas e a selección das técnicas adecuadas para calcular, representar e interpretar a realidade a partir da información dispoñible están incluídas nela. En definitiva, a posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos tan variados como sexa posible. Por iso, o seu desenvolvemento na educación obrigatoria alcanzarase na medida en que os coñecementos matemáticos se apliquen de xeito espontáneo a unha ampla variedade de situacións, provenientes doutros campos de coñecemento e da vida cotiá.

O desenvolvemento da competencia matemática ao final da educación obrigatoria implica utilizar espontaneamente -nos ámbitos persoal e social- os elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información, para resolver problemas provenientes de situacións cotiás e para tomar decisións. En definitiva, supón aplicar aquelas destrezas e actitudes que permiten razoar matematicamente, comprender unha argumentación matemática e expresarse e comunicarse na linguaxe matemática, utilizando as ferramentas de apoio adecuadas, e integrando o coñecemento matemático con outros tipos de coñecemento para dar unha mellor resposta ás situacións da vida de distinto nivel de complexidade.

COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACIÓ CO MUNDO FÍSICO.

É a habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, de tal modo que se posibilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos. En definitiva, incorpora habilidades para desenvolverse adecuadamente, con autonomía e iniciativa

persoal, en ámbitos da vida e do coñecemento moi diversos (saúde, actividade produtiva, consumo, ciencia, procesos tecnolóxicos, etc.) e para interpretar o mundo, o que exige a aplicación dos conceptos e principios básicos que permiten a análise dos fenómenos desde os diferentes campos de coñecemento científico involucrados.

Así, forma parte desta competencia a adecuada percepción do espazo físico en que se desenvolven a vida e a actividade humana, tanto a grande escala coma no contorno inmediato, e a habilidade para interactuar co espazo circundante: moverse nel e resolver problemas nos cales interveñan os obxectos e a súa posición.

Así mesmo, a competencia de interactuar co espazo físico leva implícito ser consciente da influencia que ten a presenza das persoas no espazo, o seu asentamento, a súa actividade, as modificacións que introducen e as paisaxes resultantes, así como da importancia de que todos os seres humanos se beneficien do desenvolvemento e de que este procure a conservación dos recursos e a diversidade natural, e se manteña a solidariedade global e interxeracional. Supón, así mesmo, demostrar espírito crítico na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias, así como uns hábitos de consumo responsables na vida cotiá.

Esta competencia, partindo do coñecemento do corpo humano, da natureza e da interacción dos homes e mulleres con ela, permite argumentar racionalmente as consecuencias duns ou doutros modos de vida, e adoptar unha disposición a unha vida física e mental saudables nun contorno natural e social tamén saudable. Así mesmo, supón considerar a dobre dimensión -individual e colectiva- da saúde, e mostrar actitudes de responsabilidade e de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.

Esta competencia fai posible identificar preguntas ou problemas e obter conclusións baseadas en probas, coa finalidade de comprender e tomar decisións sobre o mundo físico e sobre os cambios que a actividade humana produce no medio natural, na saúde e na calidade de vida das persoas. Supón a aplicación destes coñecementos e procedementos para dar resposta ao que se percibe como demandas ou necesidades das persoas, das organizacións e do medio natural.

As habilidades asociadas ao movemento no espazo físico e á saúde activan esta competencia a través da actividade física e do control do propio corpo. A actividade física está mediatizada polo movemento e as súas funcións. Unha correcta utilización do movemento por medio da activida-

de física facilitará, ademais dun maior coñecemento de si mesmo, unha utilización máis produtiva do contorno, unhas mellores relacións entre as persoas e un incremento da calidade de vida e da saúde, entendida como un estado de benestar físico, mental e social.

Tamén incorpora a aplicación dalgunhas nocións, conceptos científicos e técnicos, e de teorías científicas básicas previamente comprendidas. Isto implica a habilidade progresiva para poñer en práctica os procesos e actitudes propios da análise sistemática e de indagación científica: identificar e propoñer problemas relevantes; realizar observacións directas e indirectas con conciencia do marco teórico ou interpretativo que as dirixe; formular preguntas; localizar, obter, analizar e representar información cualitativa e cuantitativa; propoñer e contrastar solucións, tentativas ou hipóteses; realizar predicións e inferencias de distinto nivel de complexidade; e identificar o coñecemento dispoñible (teórico e empírico) necesario para responder ás preguntas científicas, e para obter, interpretar, avaliar e comunicar conclusións en diversos contextos (académico, persoal e social). Así mesmo, significa recoñecer a natureza, fortalezas e límites da actividade investigadora como construción social do coñecemento ao longo da historia.

Esta competencia proporciona, ademais, destrezas asociadas á planificación e ao manexo de solucións técnicas, seguindo criterios de economía e de eficacia, para satisfacer as necesidades da vida cotiá e do mundo laboral.

En definitiva, esta competencia supón o desenvolvemento e aplicación do pensamento científico-técnico para interpretar a información que se recibe e para predicir e tomar decisións con iniciativa e autonomía persoal nun mundo en que os avances que se van producindo nos ámbitos científico e tecnolóxico teñen unha influencia decisiva na vida persoal, na sociedade e no mundo natural. Así mesmo, implica a diferenciación e valoración do coñecemento científico á beira doutras formas de coñecemento, e a utilización de valores e de criterios éticos asociados á ciencia e ao desenvolvemento tecnolóxico.

En coherencia coas habilidades e destrezas relacionadas ata aquí, son parte desta competencia básica o uso responsable dos recursos naturais, o coidado do medio, o consumo racional e responsable, e a protección da saúde individual e colectiva como elementos clave da calidade de vida das persoas.

TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL.

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Está asociada coa procura, selección, rexistro e tratamento ou análise da información, utilizando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte á cal se acuda e o soporte que se utilice (oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia). Require o dominio de linguaxes específicas básicas (textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora) e das súas pautas de descodificación e de transferencia, así como aplicar en distintas situacións e contextos o coñecemento dos diferentes tipos de información, das súas fontes, das súas posibilidades e da súa localización, así como as linguaxes e soportes máis frecuentes en que esta adoita expresarse.

Dispoñer de información non produce de forma automática coñecemento. Transformar a información en coñecemento exige de destrezas de razoamento para organizala, relacionala, analizala, sintetizala e facer inferencias e deducións de distinto nivel de complexidade; en definitiva, comprendela e integrala nos esquemas previos de coñecemento. Significa, así mesmo, comunicar a información e os coñecementos adquiridos empregando recursos expresivos que incorporen, non só diferentes linguaxes e técnicas específicas, senón tamén as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilízalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e de coñecemento. Utilízanse na súa función xeradora ao empregalas, por exemplo, como ferramenta no uso de modelos de procesos matemáticos, físicos, sociais, económicos ou artísticos. Así mesmo, esta competencia permite procesar e xestionar adecuadamente información abundante e complexa, resolver problemas reais, tomar decisións, traballar en contornos colaborativos ampliando os contornos de comunicación para participar en comunidades de aprendizaxe formais e informais, e xerar producións responsables e creativas.

A competencia dixital inclúe utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación extraendo o seu máximo rendemento a partir da comprensión da natureza e modo de operar dos sistemas tecnolóxicos, e do efecto que eses cambios teñen no mundo persoal e sociolaboral. Así mesmo, supón manexar estratexias para identificar e resolver os problemas habituais de software e de hardware que vaian xurdindo. Igualmente, permite aproveitar a información que proporcionan e analízala de forma crítica mediante o traballo persoal autónomo e o traballo colaborativo, tanto na súa vertente sincrónica como diacrónica, coñecendo e relacionándose con contornos físicos e sociais cada vez máis amplos. Ademais de utilizalas como ferramenta para organizar a información, procesala e orientala para conseguir obxectivos e fins de aprendizaxe, traballo e lecer previamente establecidos.

En definitiva, a competencia dixital comporta facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente. Ao mesmo tempo, posibilita avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

En síntese, o tratamento da información e a competencia dixital implican ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando for necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ.

Esta competencia fai posible comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora. Nela están integrados coñecementos diversos e habilidades complexas que permiten participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas.

Globalmente supón utilizar, para desenvolverse socialmente, o coñecemento sobre a evolución e organización das sociedades e sobre os trazos e valores do sistema democrático, así como utilizar o xuízo moral para eli-

xir e tomar decisións, e exercer activa e responsablemente os dereitos e deberes da cidadanía.

Esta competencia favorece a comprensión da realidade histórica e social do mundo, da súa evolución, dos seus logros e dos seus problemas. A comprensión crítica da realidade exige experiencia, coñecementos e conciencia da existencia de distintas perspectivas ao analizar esa realidade. Supón recorrer á análise multicausal e sistémica para axuizar os feitos e problemas sociais e históricos e para reflexionar sobre eles de forma global e crítica, así como realizar razoamentos críticos e lóxicamente válidos sobre situacións reais, e dialogar para mellorar colectivamente a comprensión da realidade.

Significa tamén entender os trazos das sociedades actuais, a súa crecente pluralidade e o seu carácter evolutivo, ademais de demostrar comprensión da achega que as diferentes culturas fixeron á evolución e progreso da humanidade, e dispoñer dun sentimento común de pertenza á sociedade en que se vive. En definitiva, mostrar un sentimento de cidadanía global compatible coa identidade local.

Así mesmo, forman parte fundamental desta competencia aquelas habilidades sociais que permiten saber que os conflitos de valores e de intereses forman parte da convivencia, resolvelos con actitude construtiva e tomar decisións con autonomía empregando tanto os coñecementos sobre a sociedade como unha escala de valores construída mediante a reflexión crítica e o diálogo no marco dos patróns culturais básicos de cada rexión, país ou comunidade.

As dinámicas persoais ou de grupo a través do propio corpo, en situacións de cooperación e de oposición, fomentan a reflexión sobre os fenómenos deportivos na actualidade, así como os valores deportivos máis esenciais de colaboración, de compañeirismo e de solidariedade e a súa aplicación a outros ámbitos da vida do alumnado.

A dimensión ética da competencia social e cidadá entraña ser consciente dos valores do contorno, avalialos e reconstruílos afectiva e racionalmente para crear progresivamente un sistema de valores propio e comportarse en coherencia con eles ao afrontar unha decisión ou un conflito. Iso supón entender que non toda posición persoal é ética se non está baseada no respecto a principios ou valores universais como os que encheira a Declaración universal dos dereitos humanos.

En consecuencia, entre as habilidades desta competencia destacan coñecerse e valorarse, saber comunicarse en distintos contextos, expresar

as propias ideas e escoitar as alleas, ser capaz de poñerse no lugar do outro e comprender o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio, e tomar decisións nos distintos niveis da vida comunitaria, valorando conxuntamente os intereses individuais e os do grupo. Ademais, implica a valoración das diferenzas á vez que o recoñecemento da igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, en particular entre homes e mulleres. Igualmente, a práctica do diálogo e da negociación para chegar a acordos como forma de resolver os conflitos, tanto no ámbito persoal como no social.

Para rematar, forma parte desta competencia o exercicio dunha cidadanía activa e integradora que exige o coñecemento e a comprensión dos valores en que se asentán os estados e sociedades democráticas, dos seus fundamentos, modos de organización e funcionamento. Esta competencia permite reflexionar criticamente sobre os conceptos de democracia, liberdade, solidariedade, corresponsabilidade, participación e cidadanía, con particular atención aos dereitos e deberes recoñecidos nas declaracións internacionais, na Constitución española e na lexislación autonómica, así como á súa aplicación por parte de diversas institucións; e mostrar un comportamento coherente cos valores democráticos, que á súa vez implica dispoñer de habilidades como a toma de conciencia dos propios pensamentos, valores, sentimentos e accións, e o control e autorregulación deles.

En definitiva, o exercicio da cidadanía implica dispoñer de habilidades para participar activa e plenamente na vida cívica. Significa construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos, exercer os dereitos, liberdades, responsabilidades e deberes cívicos, e defender os dereitos dos demais.

En síntese, esta competencia supón comprender a realidade social en que se vive, afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado nos valores e prácticas democráticas, e exercer a cidadanía, actuando con criterio propio, contribuíndo á construción da paz e da democracia, e mantendo unha actitude construtiva, solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigas cívicas.

COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA.

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais, artísticas e deportivas, utili-

zalas como fonte de enriquecemento e desfrute e considera-las como parte do patrimonio dos pobos.

Apreciar o feito cultural en xeral, e o feito artístico en particular, leva implícito dispoñer daquelas habilidades e actitudes que permiten acceder ás súas distintas manifestacións, así como habilidades de pensamento, perceptivas e comunicativas, sensibilidade e sentido estético para poder comprendelas, valoralas, emocionarse e desfrutalas.

Esta competencia implica poñer en xogo habilidades de pensamento diverxente e converxente, posto que comporta reelaborar ideas e sentimentos propios e alleos; atopar fontes, formas e canles de comprensión e expresión; planificar, avaliar e axustar os procesos necesarios para alcanzar uns resultados, xa sexa no ámbito persoal ou académico. Trátase, xa que logo, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

Require poñer en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse mediante códigos artísticos e, na medida en que as actividades culturais e artísticas supoñen en moitas ocasións un traballo colectivo, cómpre dispoñer de habilidades de cooperación para contribuír á consecución dun resultado final, e ter conciencia da importancia de apoiar e apreciar as iniciativas e contribucións alleas.

A competencia artística incorpora, así mesmo, o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas, así como das obras e manifestacións máis destacadas do patrimonio cultural. Ademais, supón identificar as relacións existentes entre esas manifestacións e a sociedade -a mentalidade e as posibilidades técnicas da época en que se crean-, ou coa persoa ou colectividade que as crea. Isto significa tamén ter conciencia da evolución do pensamento, das correntes estéticas, das modas e dos gustos, así como da importancia representativa, expresiva e comunicativa que os factores estéticos desempeñaron e desempeñan na vida cotiá da persoa e das sociedades.

Supón igualmente unha actitude de aprecio da creatividade implícita na expresión de ideas, experiencias ou sentimentos a través de diferentes medios artísticos, como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares. Exixe, así mesmo, valorar a liberdade de expresión, o dereito á diversidade

cultural, a importancia do diálogo intercultural e a realización de experiencias artísticas compartidas.

En síntese, o conxunto de destrezas que configuran esta competencia refírese tanto á habilidade para apreciar e desfrutar coa arte e outras manifestacións culturais como a aquelas relacionadas co emprego dalgúns recursos da expresión artística para realizar creacións propias. Implica un coñecemento básico das distintas manifestacións culturais, artísticas e deportivas; a aplicación de habilidades de pensamento diverxente e de traballo colaborativo; unha actitude aberta, respectuosa e crítica cara á diversidade de expresións artísticas e culturais; o desexo e a vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora e un interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras.

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER.

Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo cos propios obxectivos e necesidades.

Esta competencia ten dúas dimensións fundamentais. Por unha banda, a adquisición da consciencia das propias capacidades (intelectuais, emocionais, físicas), do proceso e das estratexias necesarias para desenvolverlas, así como do que se pode facer por un mesmo e do que se pode facer con axuda doutras persoas ou recursos. Doutra banda, dispoñer dun sentimento de competencia persoal, que redunde na motivación, na confianza nun mesmo e no gusto por aprender.

Significa ser consciente do que se sabe e do que cómpre aprender, de como se aprende, e de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais. Require coñecer as propias potencialidades e carencias, sacando proveito das primeiras e tendo motivación e vontade para superar as segundas desde unha expectativa de éxito, aumentando progresivamente a seguridade para afrontar novos retos de aprendizaxe.

Por iso, comporta ter consciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe, como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión e a expresión lingüística ou a motivación de logro, entre outras, e obter un rendemento máximo e personalizado delas coa axuda de

distintas estratexias e técnicas: de estudo, de observación e rexistro sistemático de feitos e de relacións, de traballo cooperativo e por proxectos, de resolución de problemas, de planificación e de organización de actividades e tempos de forma efectiva, ou do coñecemento sobre os diferentes recursos e fontes para a recolla, selección e tratamento da información, incluídos os recursos tecnolóxicos.

Implica, así mesmo, a curiosidade de formularse preguntas, identificar e manexar a diversidade de respostas posibles ante unha mesma situación ou problema utilizando diversas estratexias e metodoloxías que permitan afrontar a toma de decisións, racional e criticamente, coa información dispoñible.

Inclúe, ademais, habilidades para obter información -xa sexa individualmente ou en colaboración- e, moi especialmente, para transformala en coñecemento propio, relacionando e integrando a nova información cos coñecementos previos e coa propia experiencia persoal e sabendo aplicar os novos coñecementos e capacidades en situacións parecidas e contextos diversos.

Por outra banda, esta competencia require proporse metas alcanzables a curto, medio e longo prazo e cumprilas, elevando os obxectivos de aprendizaxe de forma progresiva e realista.

Fai necesaria tamén a perseveranza na aprendizaxe, desde a súa valoración como un elemento que enriquece a vida persoal e social e que é, xa que logo, merecedor do esforzo que require. Supón ser capaz de autoavaliarse e autorregularse, responsabilidade e compromiso persoal, saber administrar o esforzo, aceptar os erros e aprender de e cos demais.

En síntese, aprender a aprender implica a consciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de autoavaliarse, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual, todo o cal se desenvolve a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL.

Esta competencia refírese, por unha banda, á adquisición da consciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interre-

lacionadas, como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos.

Por outra banda, remite á capacidade de elixir con criterio propio, de imaxinar proxectos, e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais -no marco de proxectos individuais ou colectivos- responsabilizándose deles, tanto no ámbito persoal coma no social e no laboral.

Supón poder transformar as ideas en accións; é dicir, propoñerse obxectivos e planificar e levar a cabo proxectos. Require, xa que logo, poder reelaborar as propostas previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica. Ademais, analizar posibilidades e limitacións, coñecer as fases de desenvolvemento dun proxecto, planificar, tomar decisións, actuar, avaliar o feito e autoavaliarse, tirar conclusións e valorar as posibilidades de mellora.

Exixe, por todo iso, ter unha visión estratéxica dos retos e oportunidades que axude a identificar e cumprir obxectivos e a manter a motivación para lograr o éxito nas tarefas emprendidas, cunha ambición persoal, académica e profesional. Igualmente, ser capaz de poñer en relación a oferta académica, laboral ou de lecer dispoñible, coas capacidades, desexos e proxectos persoais.

Ademais, comporta unha actitude positiva cara ao cambio e á innovación que presupón flexibilidade de formulacións para que se comprendan os devanditos cambios como oportunidades, para adaptarse crítica e construtivamente a eles, afrontar os problemas e atopar solucións en cada un dos proxectos vitais que se emprenden.

Na medida en que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, para cooperar e para traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para comunicarlles adecuadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible.

Outra dimensión importante desta competencia, moi relacionada con esta vertente máis social, está constituída por aquelas habilidades e actitudes relacionadas co liderado de proxectos, que inclúen a confianza nun mesmo, a empatía, o espírito de superación, as habilidades para o diá-

logo e a cooperación, a organización de tempos e tarefas, a capacidade de afirmar e defender dereitos ou a asunción de riscos.

En síntese, a autonomía e a iniciativa persoal supoñen ser capaz de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

RELACIÓN ENTRE COMPETENCIAS BÁSICAS, OXECTIVOS XERAIS DA ETAPA E ÁREAS CURRICULARES.

Aínda que todas as áreas contribúen á consecución das oito competencias básicas, a contribución é maior ou menor segundo a competencia á cal nos refiramos:

COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO.

Obxectivos xerais.

- Coñecer, valorar e desfrutar do contorno natural, social e cultural, as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación del.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

Áreas máis directamente relacionadas.

- Coñecemento do medio natural, social e cultural.
- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.
- Linguas estranxeiras.
- Matemáticas.

COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA.

Obxectivos xerais.

- Coñecer, valorar e desfrutar do contorno natural, social e cultural, as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación del.

- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, desenvolvendo a sensibilidade estética e a capacidade de desfrute das súas diferentes manifestacións e iniciándose na construción de propostas persoais.

- Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non-discriminación de persoas por ningunha causa.

Áreas máis directamente relacionadas.

- Educación artística.
- Coñecemento do medio natural, social e cultural
- Educación física.
- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.
- Linguas estranxeiras.
- Educación para a cidadanía e os dereitos humanos.

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA.

Obxectivos xerais.

- Coñecer e utilizar apropiadamente a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura e de respecto á diversidade lingüística.

- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

Áreas máis directamente relacionadas.

- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.
- Linguas estranxeiras.
- Educación para a cidadanía e os dereitos humanos.

COMPETENCIA EN MATEMÁTICAS.

Obxectivos xerais.

- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos a situacións da súa vida cotiá.

Áreas máis directamente relacionadas.

- Matemáticas.
- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.
- Coñecemento do medio natural, social e cultural.

COMPETENCIA DIXITAL E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN.

Obxectivos xerais.

- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.

- Utilizar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.

Áreas máis directamente relacionadas:

- Matemáticas.
- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.
- Linguas estranxeiras.
- Coñecemento do medio natural, social e cultural.
- Educación para a cidadanía e os dereitos humanos.
- Educación artística.
- Educación física.

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER.

Obxectivos xerais.

- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Utilizar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.

Áreas máis directamente relacionadas.

- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.
- Linguas estranxeiras.
- Matemáticas.
- Coñecemento do medio natural, social e cultural.
- Educación para a cidadanía e os dereitos humanos.
- Educación artística.
- Educación física.

AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL.

Obxectivos xerais.

- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o do resto das persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos cales se relaciona. Fomentar

a práctica e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e na prevención dos accidentes de tráfico.

- Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

Áreas máis directamente relacionadas.

- Educación para a cidadanía e os dereitos humanos.
- Coñecemento do medio natural, social e cultural.
- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.
- Linguas estranxeiras.
- Educación artística.
- Educación física.

COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ.

Obxectivos xerais.

- Coñecer e apreciar os valores e as normas da convivencia, aprender a actuar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

- Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

- Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e de oportunidades de homes e mulleres e a non-discriminación de persoas por ningunha causa.

- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e

doméstico, así como nos grupos sociais cos cales se relaciona o alumnado. Fomentar a práctica e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e prevención dos accidentes de tráfico.

- Coñecer, valorar e desfrutar do seu contorno natural, social e cultural, as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación del.

- Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

Áreas máis directamente relacionadas.

- Educación para a cidadanía e os dereitos humanos.
- Coñecemento do medio natural, social e cultural.
- Lingua galega e literatura.
- Lingua castelá e literatura.
- Linguas estranxeiras.
- Educación artística.

ANEXO II

Obxectivos, competencias básicas, contidos e criterios de avaliación das distintas áreas que constitúen a etapa

INTRODUCCIÓN.

A educación primaria, na LOE, pon énfase no desenvolvemento das competencias básicas, na atención á diversidade do alumnado e na prevención das dificultades de aprendizaxe, actuando tan pronto como estas se detecten.

Ao longo da etapa, o alumnado progresa en control e autonomía. Evoluciona a consciencia do propio corpo e prodúcense enormes avances nas habilidades de coordinación, na axilidade, flexibilidade, equilibrio, resistencia, velocidade, forza e precisión. A finais da mesma etapa xorde a conciencia crítica do propio corpo e da propia imaxe, polo que é importante un clima de aceptación e de valoración no contorno onde vive o alumnado.

O control do espazo desenvólvese simultaneamente ao do corpo. Pasa dun coñecemento directo e vivencial del a un coñecemento máis abstracto e representable con signos convencionais.

No ámbito cognitivo danse salientables progresos. De acordo coas necesidades, os nenos e nenas van creando e elaborando representacións para asimilar a realidade. Ao comezo da etapa, o alumnado xa constrúe os coñecementos por medio da linguaxe, pero a súa percepción do mundo é aínda limitada e está influída polo egocentrismo. A medida que progresa este período, as alumnas e os alumnos adquiren unhas actitudes menos egocéntricas e máis realistas; comezan a percibir con maior claridade as diferenzas existentes entre si e o resto das persoas.

Pouco a pouco van organizando as súas accións en sistemas de conxuntos e prodúcense grandes avances na aplicación de nocións lóxicas, pero aínda con apego á situación concreta; poderán, en definitiva, ir accedendo a niveis de razoamento cada vez máis complexos.

A educación primaria sitúase de cheo no estadio das operacións concretas. O proceso de socialización é gradual e, ao longo del, o alumnado adquire valores, normas e condutas que son precisas para comportarse

en sociedade, fórmanse os vínculos afectivos e constrúense os conceptos de persoa, grupo e relacións sociais.

Ao longo da etapa o alumnado evoluciona desde posicións de dependencia a posicións de maior autonomía moral e de acordo social. É a etapa propicia para poñer as bases das actitudes e dos comportamentos de participación, democráticos, de respecto e de tolerancia cara ao resto das persoas; é dicir, para a asunción de valores. Ao alumnado desta etapa deberá procurárselle un desenvolvemento o máis autónomo e equilibrado posible, procurando sempre que, nos seus diferentes e novos niveis de integración social, poida acadar a autoestima, a seguridade e a atención necesarias que lles permitan coñecerse de maneira máis profunda.

A escola debe favorecer en todas as nenas e en todos os nenos un desenvolvemento equilibrado, tanto afectivo como social e cognitivo, que os leven a ir acadando as competencias necesarias que lles permitan ter unha vida con calidade na sociedade actual.

METODOLOXÍA XERAL.

A incorporación das competencias básicas no currículo da educación primaria require reconsiderar a práctica educativa para permitirlle ao alumnado integrar as súas aprendizaxes relacionándoas con diferentes tipos de contidos (conceptos, destrezas e actitudes), usar eses contidos con efectividade cando cumpra e aplícalos a situacións e contextos variados. Consecuentemente, a práctica educativa debe:

- Salientar aquelas aprendizaxes básicas e imprescindibles e seleccionar aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar competencias; os contidos esenciais deberán ser considerados e analizados desde a óptica da utilidade para formar cidadás e cidadáns cos perfís necesarios para moverse con adecuación, responsabilidade e liberdade no mundo actual.
- Dotar os contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización.
- Centrarse na funcionalidade, orientando as aprendizaxes cara á súa aplicación en contextos diferentes e diversificados e conseguindo que as nenas e os nenos desenvolvan diversos xeitos de actuación e adquiran a capacidade de enfrontarse a situacións novas.
- Procurar que o alumnado aprenda a aprender (participe na planificación e na toma de decisións sobre o traballo, controlando os procesos,

usando conscientemente estratexias de aprendizaxe e sendo progresivamente máis autónomo).

- Favorecer o traballo cooperativo e a práctica vivenciada da participación, compromiso democrático e resolución pacífica de conflitos.

- Permitirlle ao alumnado moverse con seguridade entre a superabundancia e rápida renovación da información, fomentando habilidades para a busca, selección, procesamento, tratamento e comunicación dela.

Todo isto permite inferir certos principios, estratexias metodolóxicas, fórmulas organizativas:

- Na educación primaria deberán utilizarse dúas estratexias metodolóxicas básicas: o desenvolvemento en espiral e a globalización.

- A metodoloxía proposta, que será global, será activa, entendendo por tal tanto a actividade mental coma física que potencie a construción de aprendizaxes significativas.

- A autorregulación das aprendizaxes por parte do alumnado forma parte fundamental das prácticas educativas actuais.

- Os modelos de ensino-aprendizaxe deben atender á diversidade do alumnado, tanto na práctica docente coma na selección de contidos.

- A aprendizaxe é un proceso interactivo no cal cómpre a participación activa e dinámica das nenas e dos nenos, que achegarán as súas habilidades, destrezas, actitudes, conceptos, intereses, xunto ás do resto de compañeiras e compañeiros, nun ambiente de cooperación.

- Por conseguinte, o alumnado reorganizará os seus coñecementos, coa axuda do grupo, á luz da nova información.

Cómpre utilizar, pois, na escola, métodos que lles permitan aos rapaces e ás rapazas identificar a necesidade de información, localizala, selecciónala e recoñecer as fontes e os recursos máis apropiados, así como responsabilizarse do seu uso ético e adecuado. Son precisos enfoques didácticos que lle permitan ao alumnado utilizar cada vez máis autonomamente as bibliotecas e as TIC como recursos de aprendizaxe.

No desenvolvemento da autonomía na aprendizaxe inflúen aspectos como que o alumnado encontre sentido ao traballo que debe realizar, o coñecemento dos obxectivos e finalidades que se pretenden acadar, a conciencia dos propios erros e a busca de recursos necesarios para superalos.

Neste proceso o rol do profesorado é moi importante: actúa como guía e mediador para facilitar a construción de aprendizaxes; utiliza contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando o interese e a utilidade do que aprende, de maneira que poidan transcender do contexto en que se produciron e ser aplicadas a contextos múltiples; crea un contorno seguro e un ambiente motivador.

A avaliación concíbese como reguladora da aprendizaxe e será formativa. A información que xere a avaliación debe orientar o proceso educativo e indicarlles a profesorado e alumnado onde están respecto ás competencias e aos obxectivos establecidos e facilitar a intervención na mellora deste proceso. A avaliación non se debe reducir a comprobar os resultados da aprendizaxe; trátase dunha avaliación continua que precisa estar presente en todos os aspectos e momentos do proceso de ensino-aprendizaxe. Neste contexto, as alumnas e os alumnos deberán poder achegar as súas propias valoracións a través da autoavaliación e da coavaliación.

En síntese, para a educación primaria precísanse métodos que permitan aprender desde a realidade e desde as concepcións previas, desde unha ollada ao contorno con curiosidade e interese, desde a diversidade, desde un plan común, compartido e conxunto; cómpren métodos que favorezan que as nenas e os nenos traballen man con man e mente con mente, fagan conxuntamente, cooperen, progresen ao seu propio ritmo, aprendan a aprender... acadando cada vez maior autonomía, posibilitando unha auténtica comunicación na aula e sendo protagonistas da súa propia aprendizaxe.

ÁREAS

ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL.

INTRODUCCIÓN.

Características da área.

A área de coñecemento do medio natural, social e cultural ten como finalidade iniciar a preparación de futuras cidadás e futuros cidadáns para participar na sociedade e interactuar co contorno comprendendo a realidade en que vive (social, física...), sendo quen de contribuír á súa mellora e conservación e de exercer a cidadanía democrática. É dicir, a área tenta proporcionar recursos para coñecer o contorno cotián, para aprender a vivilo, respectándoo, conservándoo e transformándoo para melloralo. Todos os aspectos da área son concibidos como ámbitos de aprendizaxe

desde os cales facer fincapé na comprensión da realidade, no desenvolvemento de actitudes críticas e na aceptación das diferenzas, usando como recurso o coñecemento do contorno propio e o achegamento progresivo a realidades diferentes no tempo e no espazo.

Esta área contribúe moi especialmente ao proceso de socialización de nenas e de nenos, proceso ao cal deben contribuír todas as áreas, pero máis especialmente unhas ca outras. Contribúe, pois, ao desenvolvemento persoal e social do alumnado, para a súa integración nun sistema de valores e nun corpo de saberes organizado, que é o que constitúe en sentido amplo unha cultura.

Os contidos agrúpanse en bloques que non son unidades independentes, nin se deben entender como unha proposta de organización didáctica. Pola contra, o profesorado deberá atopar fórmulas de tratamento integrador e globalizado que lle permitan ao alumnado adquirir coñecementos útiles para interpretar os feitos, sucesos e problemas dun xeito integral. Eses bloques son os seguintes:

O bloque 1. Os seres humanos e a saúde, integra coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes encamiñados ao coñecemento do propio corpo e das interaccións deste cos demais seres humanos e co medio, á prevención das condutas de risco e á toma de iniciativas para desenvolver e fortalecer comportamentos responsables e estilos de vida con calidade e saudables. Recolle tamén o coñecemento de si mesmo para valorarse como ser diferente así como para respectar a diversidade e para facilitar o equilibrio emocional.

O bloque 2. As plantas e os animais, oriéntase basicamente ao coñecemento, respecto e aprecio polos seres vivos, xunto a aspectos relativos aos beneficios e coidados que precisan e ao interese por conservar a biodiversidade da Terra.

O bloque 3. A vida en sociedade, inclúe contidos orientados á comprensión do funcionamento da sociedade a partir da análise de organizacións próximas e dunha aproximación ao coñecemento das institucións galegas, españolas e europeas.

O bloque 4. O medio físico: espazo e materiais, inclúe contidos que van desde a percepción e a representación espacial ata o universo, pasando polo clima e a súa influencia, a auga e o seu aproveitamento, os fenómenos físicos, as substancias e os cambios químicos, así como a capacidade das persoas para actuar sobre eles.

O bloque 5. O paso do tempo, inicia o alumnado a apreciar os cambios e o paso do tempo, inclúe contidos relativos á súa medida e o achegamento á súa conceptualización a partir da historia persoal, do tempo familiar e local, axudando a sentar as bases para un pensamento cronolóxico. Pode tamén abordar a vida noutros tempos (alimentación, as achegas de mulleres e homes relevantes da historia de Galicia, de España e de Europa, o vestiario, as festas, os xogos infantís, algúns aspectos do patrimonio artístico galego...) a partir da caracterización dalgunhas sociedades de épocas históricas.

O bloque 6. Máquinas, aparellos e tecnoloxías, inclúe os contidos que se refiren á alfabetización nas tecnoloxías a través do traballo con máquinas e aparellos relacionados coa vida doméstica e cotiá, así como coas TIC (tecnoloxías da información e da comunicación). Este bloque desenvolverá a participación igualitaria de nenas e nenos na utilización de aparellos, máquinas e tecnoloxías coa finalidade última de formar unha cidadanía activa e unhas persoas participativas, críticas, responsables e intelixentes no seu uso.

Obxectivos.

- Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado persoal que derivan do coñecemento do corpo humano, amosando unha actitude de aceptación e de respecto polas diferenzas individuais (idade, sexo, etnia, características físicas, personalidade).
- Identificar e analizar as características, organización e interaccións de aspectos relevantes do contorno natural, social e cultural, progresando no dominio de ámbitos espaciais cada vez máis complexos.
- Promover un sentimento positivo de pertenza aos grupos sociais de referencia: a unha familia, a unha escola... a unha comunidade nacional (Galicia), a un Estado (España), a unha cultura europea e a unha universal, desde posicións solidarias e respectuosas con outras culturas a partir da propia identidade.
- Identificar o patrimonio natural, cultural, histórico e artístico galego diferenciándoo do doutras comunidades, identidades e Estados e participando na súa defensa e conservación.
- Recoñecer, valorar e apreciar a existencia de identidades sociais e culturais diversas con características propias e singulares (costumes, lingua, intereses, celebracións...), tomando conciencia da súa pertenza a unha

delas e respectando as outras no marco dos dereitos recoñecidos ás persoas nas declaracións universais e nos documentos lexislativos.

- Identificar, suscitar e resolver interrogantes e problemas relacionados co contorno usando estratexias de busca, selección e tratamento da información, formulación de hipóteses, comprobación delas, exploración de solucións alternativas e reflexión sobre o propio proceso de aprendizaxe, e tamén mantendo unha actitude crítica ante as fontes de información.

- Expresar e comunicar os contidos da área de xeito persoal e creativo, seleccionando e interpretando datos, procesos, feitos, etc. e integrando códigos diversos (numéricos, gráficos, cartográficos, artísticos, lingüísticos) procedentes das diferentes linguaxes.

- Participar activamente no traballo de grupo planificando e realizando tarefas conxuntas, dialogando e argumentando as propias opinións e contrastándoas coas das outras persoas e adoptando un comportamento responsable, construtivo, comprometido e solidario, respectando as regras de organización pactadas e os principios básicos do funcionamento democrático.

- Identificar, analizar e valorar criticamente a intervención humana no medio e o seu impacto a curto e a longo prazo, adoptando o compromiso individual e colectivo de actuar na defensa, conservación e recuperación do medio natural e do patrimonio cultural.

- Recoñecer no medio natural, social e cultural, cambios e transformacións relacionados co paso do tempo e indagar algunhas relacións de simultaneidade e sucesión para aplicar estes coñecementos á comprensión doutros momentos históricos.

- Planificar e realizar proxectos e aparellos sinxelos relacionados coa vida cotiá e familiar cunha finalidade previamente establecida, utilizando os coñecementos das propiedades elementais dalgúns materiais, substancias e obxectos.

- Analizar máquinas e aparellos diversos do contorno (de uso doméstico, laboral...) identificando algúns elementos constitutivos e formas de enerxía necesarias, valorando a contribución da ciencia e da técnica na mellora das condicións de vida familiares e sociais.

- Utilizar de xeito responsable e creativo as TIC e o material relacionado coa experimentación e co traballo de campo para aprender a aprender, para obter información e para compartir coñecementos.

CONTIDOS.

PRIMEIRO CICLO.

Bloque 1. *Os seres humanos e a saúde.*

- Identificación do home e da muller como seres vivos. Comparación cos outros seres vivos.
- Identificación das partes do corpo humano. Observación das partes do corpo que permiten a relación co medio.
- Observación de igualdades e diferenzas entre as persoas. Aceptación do propio corpo e do das demais persoas coas súas limitacións e posibilidades.
- Recoñecemento da respiración e da nutrición como funcións vitais.
- Identificación e descrición de alimentos diarios necesarios. Análise de usos e costumes na alimentación diaria.
- Valoración de aspectos que inflúen nunha vida saudable: a correcta respiración, alimentación variada e equilibrada, a hixiene persoal, o exercicio, o descanso e a adecuada utilización do tempo de lecer.
- Identificación e verbalización de emocións (medo, tristeza, enfado, leducia) e sentimentos propios e alleos.
- Fomento de hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes domésticos e identificación de comportamentos apropiados de actuación cando se producen.

Bloque 2. *As plantas e os animais.*

- Identificación das características dos seres vivos e das súas funcións vitais. Diferenzas entre seres vivos e obxectos inertes.
- Observación dun ser vivo no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula (acuario, plantación), rexistro elemental da observación e contraste dos datos entre compañeiras e compañeiros.
- Observación directa de animais e de plantas con instrumentos apropiados e con medios audiovisuais e tecnolóxicos.
- Identificación de animais e de plantas do contorno. Clasificación dos seres vivos do contorno segundo criterios observables e variados.

- Identificación das características e comportamentos de animais e de plantas para adaptarse ao seu medio.
- Valoración da responsabilidade no coidado de plantas e de animais domésticos. Respecto polos seres vivos do contorno.
- Comunicación das experiencias realizadas utilizando diferentes linguaxes (oral, escrita, gráfica non convencional, iconográfica, fotográfica).

Bloque 3. *A vida en sociedade.*

- Identificación dos diferentes ámbitos aos cales se pertence: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia.
- Recoñecemento da diversidade de familias. Valoración da importancia da participación e da corresponsabilidade nas tarefas domésticas.
- Identificación das persoas que compoñen a comunidade educativa: recoñecemento das súas tarefas e responsabilidades. Valoración da importancia da participación activa na aula e no centro.
- Valoración da importancia do intercambio comunicativo no grupo, do diálogo como recurso para a xestión dos conflitos e do respecto aos acordos adoptados. Recoñecemento dos dereitos e deberes das persoas.
- Descubrimento e observación das manifestacións e do patrimonio cultural galego como mostra de diversidade e riqueza.
- Participación en festas, xogos e costumes populares propios da localidade, da bisbarra e de Galicia.
- Recoñecemento de diferentes profesións evitando estereotipos sexistas.
- Identificación de elementos da organización e de funcionamento da escola e valoración da importancia da participación na aula e no centro.
- Descubrimento de formas de organización no contorno próximo.
- Identificación dos medios de transporte. Responsabilidade no cumprimento das normas básicas de seguridade viaria.
- Iniciación á recolla de datos e de información e análise de imaxes relacionadas co contorno social próximo para ampliar o coñecemento sobre o medio; realizar un cartafol, un mural, unha exposición de centro, unha maqueta...

Bloque 4. O medio físico: espazo e materiais.

- Utilización de técnicas sinxelas para orientarse mediante a observación do medio físico e humano.

- Observación, descrición e representación sinxela do espazo habitual. Introducción ao uso de planos da escola, da casa ou da localidade. Deseño de planos non convencionais. Elaboración de maquetas simples con identificación de espazos e funcións.

- Observación da paisaxe próxima e identificación dalgúns formas de relevo. Representación do observado mediante debuxos e maquetas sinxelas. Identificación dalgúns exemplos familiares da acción humana no contorno (presas, devasas, canteiras, estradas, pontes).

- Observación e exploración dalgún aspecto do contorno próximo a partir dun tema de interese consensuado polo alumnado coa finalidade de realizar un *dossier*, un texto expositivo curto, un folleto, un mapa mental.

- Observación directa dalgúns fenómenos atmosféricos e busca das primeiras formas de representación. Elaboración de gráficos non estandarizados de temperaturas e de datos climáticos.

- Observación e descrición da lúa, das estrelas e do sol.

- Percepción do paso do tempo: o día e a noite, as estacións do ano.

- Exploración de materiais e obxectos do contorno para descubrir a súa orixe, a súa utilidade, as súas propiedades (cor, dureza, fragilidade, flexibilidade, flotación), clasificalos, analízalos, etc.

- Realización de experiencias con algunhas propiedades da auga e comunicación dos resultados utilizando diferentes linguaxes.

- Recoñecemento da presenza da auga e do aire no medio físico. Uso responsable da auga na vida cotiá e valoración da importancia dun aire limpo para a vida.

- Participación en tarefas de redución, reutilización e reciclaxe de residuos da escola para contribuír á conservación e mellora do medio natural.

- Observación e exploración para obter información e realizar traballos sinxelos sobre algún ecosistema acuático ou terrestre do contorno próximo.

- Observación dos efectos da aplicación dunha forza. Realización de experiencias sinxelas para analizar efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.

- Identificación de fontes sonoras no contorno próximo. Valoración da importancia do silencio. Identificación do ruído como unha forma de contaminación (acústica).

Bloque 5. *O paso do tempo.*

- Utilización das nocións básicas de tempo (antesdespois, pasado-presente-futuro, duración) e das unidades de medida (día, semana, mes, ano) en feitos cotiáns e propios.

- Observación dos cambios nas persoas ao longo do tempo. Recoñecemento das diversas etapas da vida.

- Realización de traballos sobre a historia persoal e familiar previa, investigación na propia familia utilizando fontes orais e iconográficas e/ou fotográficas. Elaboración de árbores xenealóxicas.

- Utilización de fotos ou outras imaxes, para investigación sobre outros tempos. Ordenación delas seguindo criterio temporal e elaboración de álbums.

- Observación dos cambios sociais, ciclos agrícolas, hábitos e costumes ao longo do ano.

Bloque 6. *Máquinas, aparellos e tecnoloxías.*

- Observación e clasificación (con criterios variados e consensuados) de aparellos e máquinas sinxelas do contorno identificando a súa utilidade.

- Observación do funcionamento de aparellos domésticos e da escola, das partes que os compoñen e da enerxía que necesitan para funcionar. Identificación de elementos que poidan xerar risco e adopción de comportamentos que contribúan á seguridade persoal e das demais persoas.

- Hábito de consulta de fontes de información variadas (dicionarios, enciclopedias, revistas, monografías) para resolver situacións problemáticas da vida cotiá (guía telefónica, teléfonos habituais de emerxencia, planos da poboación, rede de autobuses, etc.).

- Manexo de aparellos sinxelos (teléfono, espremedor, crebanoces, etc.). Valoración das habilidades manuais implicadas no manexo de ferramentas e aparellos domésticos superando os estereotipos sexistas.
- Identificación de materiais de obxectos e aparellos de uso cotián (lapis, xoguete, tesoiras, afialapis).
- Recoñecemento de aspectos tecnolóxicos no ambiente doméstico, na escola e no contorno.
- Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador. Iniciación no seu uso. Coidado dos recursos informáticos.
- Montaxe e desmontaxe de xogos e obxectos sinxelos relacionados coa vida cotiá. Construción de estruturas simples a partir de pezas modulares (pontes, escaleiras, obxectos de decoración, caixas, etc.).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

PRIMEIRO CICLO.

- Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.

Avaliarase a capacidade para recoñecer partes do propio corpo, aceptándoo e respectando as diferenzas.

- Identificar e describir algúns recursos fundamentais para os seres vivos (auga, aire), e a súa relación coa vida das persoas, tomando conciencia da necesidade do seu uso responsable.

Este criterio de avaliación pretende coñecer a capacidade para observar, describir e explicar algúns compoñentes do medio (aire, auga...) recoñecendo a súa importancia para a vida das persoas. Apreciarase tamén a capacidade do alumnado para valorar a necesidade da adopción de medidas de protección do medio por parte de todas as persoas.

- Recoñecer e clasificar con criterios elementais os seres vivos máis relevantes do contorno do alumnado, utilizando instrumentos e procedementos adecuados.

Este criterio trata de avaliar a capacidade para establecer criterios elementais de clasificación (tamaño, cor, forma de desprazarse, alimentación) e identificar animais e plantas pola súa pertenza a algunha das cate-

gorías establecidas, utilizando instrumentos adecuados e amosando respecto pola natureza e polo material.

Valorarase tamén a utilización guiada de diversas fontes de información e a capacidade de usala para realizar esas clasificacións, transferindo os datos a outros seres vivos.

- Valorar positivamente a práctica de determinados hábitos asociados á hixiene, á alimentación equilibrada, ao exercicio físico e ao descanso.

Con este criterio trátase de comprobar que as alumnas e os alumnos identifican e valoran a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: alimentación variada, hixiene persoal e exercicio físico.

- Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos sobre as principais profesións e responsabilidades que desempeñan as persoas do contorno.

A través deste criterio trátase de avaliar o grao de coñecemento sobre os traballos das persoas do contorno, a importancia das diferentes profesións, a súa contribución social e a responsabilidade que todas elas requiren, superando os estereotipos sexistas.

- Recoñecer algunhas manifestacións culturais presentes no ámbito escolar, local e galego, valorando a súa diversidade e riqueza.

Este criterio trata de avaliar o coñecemento das principais manifestacións culturais (festas, xogos, folclore, costumes) da propia localidade e de Galicia, así como a percepción do valor cultural da diversidade. Valorarase, así mesmo, o interese e o respecto ante a presenza doutras linguas e outras realidades culturais no medio escolar.

- Identificar algúns dos medios de transporte máis comúns do contorno e valorar o seu uso, respectando as normas básicas de seguridade viaria.

Este criterio permitirá avaliar o grao de coñecemento sobre medios de transporte que se utilizan no contorno próximo, así como o coñecemento e respecto das normas básicas de seguridade viaria.

- Ordenar temporalmente algúns feitos relevantes da vida persoal, familiar ou do contorno próximo.

Por medio deste criterio preténdese medir a capacidade para describir aspectos característicos da vida persoal e familiar con criterios temporais.

- Identificar e observar diferenzas na composición dos materiais, experimentando e usando instrumentos sinxelos.

Este criterio avalía se as alumnas e os alumnos son quen de identificar propiedades físicas observables como cheiro, sabor, textura, peso/masa, cor, dureza, estado ou capacidade de disolución na auga, así como de explicar con exemplos concretos e familiares a relación entre as características dalgúns materiais e os usos a que se destinan, partindo dun proceso que implique planificación, experimentación, formulación de hipóteses e obtención de conclusións relevantes.

- Montar e desmontar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describindo o seu funcionamento e o xeito de utilizalos con seguridade.

Téntase avaliar o grao de desenvolvemento de habilidades manuais para montar e desmontar obxectos simples de uso cotián nos ámbitos doméstico e escolar. Tamén se terá en conta a capacidade para explicar o seu funcionamento, a súa utilidade e os riscos que se deben evitar na súa manipulación.

- Realizar de maneira guiada experimentos sinxelos relacionados co medio familiar e próximo.

Este criterio trata de avaliar a competencia para enfrontarse a unha experimentación sinxela, logo de planificación, observación, formulación de interrogantes que permitan obter información relevante utilizando, se cómpre, instrumentos sinxelos tanto para realizar a observación como para a recolla da información. Valorarase tamén a elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller as conclusións.

CONTIDOS.

SEGUNDO CICLO.

Bloque 1. Os seres humanos e a saúde.

- Recoñecemento dos cambios físicos e persoais nas diferentes etapas da vida das persoas.
- Identificación das partes externas do corpo e algúns órganos importantes para o funcionamento do corpo humano.

- Valoración da importancia dos sentidos na relación co medio e co resto dos seres humanos. Descrición do seu papel e formas para o seu coído habitual.

- Valoración dos hábitos de hixiene persoal, de descanso, de alimentación equilibrada e de exercicio físico adecuado para unha vida saudable. Actitude crítica ante prácticas e mensaxes que non favorecen o correcto desenvolvemento persoal e da saúde.

- Recoñecemento dalgúns factores que producen as enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe) para favorecer a súa prevención.

- Análise de dietas equilibradas. Clasificación dos alimentos en función dos nutrientes principais e identificación de sistemas de conservación alimentaria.

- Recoñecemento e valoración das habilidades persoais. Identificación e descrición de emocións e sentimentos propios e alleos.

- Planificación de forma autónoma e creativa de actividades de lecer, individuais ou colectivas.

Bloque 2. *As plantas e os animais.*

- Identificación de animais e de plantas como seres vivos. Observación e comparación das diversas maneiras en que os seres vivos realizan as funcións vitais utilizando instrumentos apropiados e medios audiovisuais e tecnolóxicos da maneira máis precisa e rigorosa posible.

- Identificación de cambios observables que se producen nos seres vivos e na natureza ao longo do ano. Observación e rexistro sistemático do crecemento de plantas e animais do contorno próximo. Elaboración de esquemas que permitan resumir as informacións observadas.

- Recoñecemento das principais características dos animais vertebrados e dalgúns invertebrados. Clasificación de animais a partir de características observables.

- Recoñecemento das características das plantas. Clasificación das plantas (herbas, arbustos e árbores) a partir de características observables.

- Valoración da importancia da existencia de animais e plantas para as persoas: a agricultura e a gandería. Estudo dalgúns animais e cultivos típicos de Galicia.

- Interese pola observación e o estudo dos seres vivos, planificando a observación ou preparando visitas-saídas, empregando os instrumentos e materiais necesarios (lupa, termómetro, diario de campo, etc.) e rexistrando o observado, contrastando os rexistros propios cos doutras persoas, comparando as observación con informacións doutras fontes, elaborando unha documentación final que recolla todo o proceso (informe, cartafol, presentación, gráficas...).

- Interese e compromiso pola conservación e coidado de plantas e animais do contorno.

Bloque 3. *A vida en sociedade.*

- Identificación e representación gráfica da organización da comunidade educativa. Recoñecemento e uso das canles de participación democrática activa na vida e nas actividades do centro.

- Identificación das relacións interpersoais presentes nun grupo ou nunha comunidade (veciñanza, compañeirismo), e valoración da cooperación e do diálogo como forma de construír plans comúns e de evitar e resolver conflitos. Recoñecemento dos dereitos e deberes das persoas. Responsabilidade ante a elaboración e o cumprimento das normas de convivencia.

- Identificación das manifestacións culturais do contorno, recoñecendo a súa evolución no tempo e valorándoas como elementos de cohesión social. Recoñecemento de costumes, de tradicións e de trazos diferenciais do patrimonio galego.

- Participación activa en festas, xogos e costumes populares propios da bisbarra e de Galicia.

- Planificación de xeito autónomo e creativo de actividades de lecer individuais e colectivas.

- Observación, identificación e descrición dalgunhas características demográficas e económicas do contorno propio. Uso de datos e de representacións gráficas para a súa análise e comparación sobre contornos rurais e urbanos.

- Identificación das formas da actividade económica do contorno próximo (traballo, profesións, produción): observación e análise de produtos de consumo habitual no contorno e dos lugares da súa comercialización (mercados, lonxas, feiras, supermercados, tendas), seguimento do

proceso de elaboración dun produto e das profesións relacionadas. Realización conxunta de murais, cartafóles, etc. coa información obtida, planificando previamente, contrastando a información, usando diferentes linguaxes e valorando a correcta presentación final do traballo.

- Desenvolvemento de actitudes de consumo responsable e comercio xusto. Análise crítica dalgunhas mensaxes publicitarias, relacionando a súa incidencia na toma de decisións.

- Identificación e representación gráfica da estrutura básica de organización do concello propio. Valoración da participación cidadá e da contribución ao funcionamento das institucións.

- Recoñecemento dos referentes colectivos que manteñen a identidade da propia aldea, parroquia, vila, barrio, cidade, área metropolitana (símbolos, lugares de interese, monumentos emblemáticos, personaxes, institucións, tradicións, nomes das rúas e prazas...).

- Localización da propia aldea, concello, cidade e doutras agrupacións de poboación nun mapa da provincia, de Galicia, de España, etc., ou noutros medios (SIGPAC, Google Earth...).

- Identificación dos servizos públicos do concello, vila, localidade... para satisfacer as necesidades humanas. Descrición da súa orixe e transformación. Responsabilidade individual e social na conservación e uso adecuado destes servizos. Recoñecemento e prevención de situacións que poden comportar risco, especialmente as relativas á mobilidade viaria.

- Utilización de diversas fontes de información (libros, documentos, información oral, medios de comunicación, TIC) para a obtención, selección e contraste de información sobre aspectos da realidade local, municipal e galega e comunicación dela a través de diferentes soportes (visuais, auditivos, dixitais, escritos...) elaborados individual ou colectivamente, valorando o seu contido e a súa presentación.

- Identificación da organización territorial de Galicia e do Estado español e localización das diferentes comunidades autónomas de España. Aproximación ao coñecemento dalgunhas institucións de goberno galegas.

Bloque 4. O medio físico: espazo e materiais.

- Utilización de técnicas de orientación no espazo relacionadas cos puntos cardinais.

- Recoñecemento e uso de aspectos básicos (cromatografía, signos convencionais, lendas) que lle permitan ao alumnado, de xeito elemental, situarse no lugar onde vive a través da lectura de mapas e planos.

- Iniciación ao uso de planos e mapas da aldea, vila, localidade, cidade.

- Identificación dalgúns elementos xeográficos e do relevo do contorno (montañas, ríos, rías, lagoas). Confección de maquetas despois da observación directa da paisaxe.

- Observación e descrición de diferentes tipos de paisaxe. Análise dos cambios que a influencia humana provoca na paisaxe a curto e a longo prazo.

- Valoración da necesidade da conservación do patrimonio (paisaxe, bosques, montañas, praias, monumentos) e das actuacións responsables de defensa e respecto cara ao contorno.

- Elaboración de cartafol ou carpetas en ordenador sobre lugares, paisaxes, o relevo galego, vilas, Galicia ou lugares do mundo, usando fotos, recortes de xornal, deseños, esquemas, artigos e textos expositivos.

- Observación dalgunhas variables meteorolóxicas: temperatura, vento, precipitacións. Uso de aparellos meteorolóxicos (termómetro, cata-vento...) e iniciación ao rexistro e representación gráfica de temperatura e datos climáticos elementais. Comparación cos datos meteorolóxicos achegados polos medios de comunicación.

- Realización guiada de experiencias sinxelas para estudar as propiedades dalgúns aspectos do medio físico próximo, partindo dunha pregunta ou problema de interese para o alumnado (formulando respostas intuitivas ou hipóteses, confrontándoas co resto da clase, planificando conxuntamente o proceso de comprobación, prevendo os medios e os instrumentos necesarios, seleccionando os datos útiles, explorando solucións alternativas, tirando conclusións, comunicando os resultados e reflexionando sobre o proceso desenvolvido).

- Recoñecemento dos movementos da Terra e da Lúa e as súas consecuencias (as estacións). Manexo de programas de simulación no ordenador que modelicen o sistema Sol-Terra-Lúa.

- Comparación, clasificación e ordenación de diferentes obxectos e materiais a partir de propiedades físicas observables (estado, volume, cor, textura, olor, atracción magnética), orixe deses obxectos e posibilidades de uso.

- Experimentación cos cambios de estado da auga. Recoñecemento e representación gráfica do ciclo da auga na terra. Valoración dos usos sociais da auga (vivenda, regadío, industria...) e da importancia da súa utilización responsable.
- Identificación das características e propiedades do aire e das actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.
- Valoración da importancia da boa calidade da auga e do aire para a nosa saúde e o mantemento da vida.
- Comprobación experimental para a análise e identificación de forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen.
- Observación da intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá. Identificación do sol e da auga como fontes de enerxía. Valoración do uso responsable da enerxía no noso planeta. Recoñecemento da responsabilidade individual e colectiva no aforro enerxético.
- Busca de información en fontes variadas sobre algúns problemas urbanísticos e ambientais máis comúns en Galicia e elaboración de murais coa información recollida, logo de análise, contraste e valoración dela.
- Reflexión sobre as posibles solucións e actuacións coherentes para a conservación do medio natural ante a produción de residuos e a contaminación.
- Identificación e preparación de mesturas de diferentes substancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno (con zume, leite...)
- Realización de experiencias sinxelas sobre o comportamento dos corpos (lupas, espellos, auga, prismas) ante a luz.
- Planificación e realización de experiencias sinxelas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento ante a calor facendo predicións explicativas sobre resultados. Utilización de técnicas elementais de busca e rexistro sistemático de datos utilizando diversas estratexias de comunicación das conclusións.

Bloque 5. *O paso do tempo.*

- Utilización de unidades de medida temporal (década, século) e aplicación das nocións de sucesión, ordenación e simultaneidade na análise da evolución dalgún aspecto da vida cotiá ao longo do tempo (vivenda,

transporte, vestiario, alimentación, xogos infantís, festas), diferenciando o tempo biolóxico do tempo histórico.

- Utilización de documentos escritos, dixitais e audiovisuais para obter información histórica, coa posterior selección e contraste da información, uso de técnicas de rexistro e representación e elaboración de distintos traballos sobre o pasado familiar e próximo, comunicando a información con diversas estratexias.

- Recoñecemento e valoración do significado dalgunhas pegadas antigas no contorno (tradições, edificios, obxectos, manifestacións artísticas). Identificación dalgunhas evidencias do pasado no contorno propio (na aldea, na localidade, na vila, na cidade...): os vestixios e os museos.

- Aproximación a sociedades dalgunhas épocas históricas a partir do coñecemento de aspectos da vida cotiá.

- Identificación do papel de homes e mulleres na historia. Realización de traballos sobre a historia de mulleres e homes (personaxes significativos da localidade, de Galicia...) empregando fontes variadas, confrontando datos e elaborando un esquema, un texto expositivo... coa información atopada e seleccionada.

- Realización de cronogramas para a clasificación de imaxes referentes a feitos relevantes da historia da localidade e de Galicia en diferentes épocas históricas. Elaboración de álbums ou preparación conxunta de exposicións.

- Utilización da información oral, da prensa e da internet para investigar feitos importantes ocorridos no contorno próximo nas últimas décadas ou no último século, uso de eixes cronolóxicos para representalos e elaboración de cartafolios, carpetas dixitais... Valoración do intercambio interxeracional de experiencias.

- Sensibilidade cara á conservación dos restos artístico-culturais presentes no propio contorno.

Bloque 6. Máquinas, aparellos e tecnoloxías.

- Realización de gráficos que relacionen oficios e profesións (modista-modisto, cociñeira-cociñeiro, albanel, etc.) cos materiais, ferramentas e máquinas (máquina de coser, tesoiras, forno, paleta...) que utilizan.

- Identificación da enerxía que fai funcionar as máquinas de uso cotián e doméstico e algúns operadores mecánicos (eixe, roda, polea, plano inclinado, engrenaxe, freo, panca, manivela, etc.).
- Manipulación e observación do funcionamento de obxectos, aparellos e máquinas sinxelas (bicicleta, xoguete móbil, tesoiras, rodas, manivelas, espremedor, batedor, reloxo, pinzas, culleres de xeador, inxeccións, triturador, alicate).
- Planificación e realización dalgún obxecto ou máquina de construción sinxela incluíndo operadores mecánicos.
- Valoración da influencia da tecnoloxía nas condicións de vida e no traballo.
- Relevancia dos inventos de mulleres e homes e valoración da súa contribución á mellora das condicións de vida. Realización de traballos sobre inventoras e inventores utilizando fontes variadas de información.
- Apreciación da importancia das habilidades manuais implicadas no manexo de ferramentas, aparellos e máquinas de uso doméstico e non doméstico, superando estereotipos sexistas.
- Recoñecemento dos riscos que poden xerar diferentes aparellos e ferramentas cotiás en función das súas características. Reflexión sobre a prevención de riscos e elaboración conxunta de folletos sobre as normas necesarias para previlos.
- Interese por coidar a presentación dos traballos en papel ou en soporte dixital.
- Uso das TIC de xeito cada vez máis autónomo para buscar información e para a súa comunicación, usando a nivel básico o tratamento de textos (titulación, formato, arquivo e recuperación dun texto, cambios, substitucións e impresión) e o seguimento dunha secuencia dada para atopar unha información na internet.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

SEGUNDO CICLO.

- Coñecer as partes externas do corpo e algúns órganos importantes para o seu funcionamento.

Avaliarase se o alumnado recoñece o funcionamento do corpo humano nun sentido global, identificando as partes que permiten o movemento e a relación co medio.

- Identificar, valorar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico, descanso...

Preténdese avaliar a capacidade para discernir entre as actividades que prexudican e as que favorecen a saúde e o desenvolvemento equilibrado da personalidade. Así mesmo, valorarase se van definindo un estilo de vida propio adecuado á súa idade e constitución, no cal tamén se preveña a súa capacidade para resolver conflitos, a súa autonomía, o coñecemento de si mesma e de si mesmo, ou a súa capacidade de decisión na adopción de condutas saudables no tempo de lecer.

- Recoñecer e explicar, recollendo datos e utilizando aparellos de medida, as relacións entre algúns factores do medio físico (relevo, solo, clima, vexetación...) e as formas de vida e actuacións das persoas, amosando unha actitude respectuosa cara á conservación do medio e cara ao mantemento do equilibrio ecolóxico.

Con este criterio trátase de coñecer se as nenas e os nenos son quen de apreciar relacións entre tipo de vivenda, cultivos, paisaxe, vestiario, alimentación... co clima, o relevo, a presenza de determinadas especies animais e vexetais... como aproximación ao concepto de hábitat, observando e recollendo datos no contorno próximo. Así mesmo, avaliarase se valoran a importancia da conservación do medio e o mantemento do equilibrio ecolóxico.

- Identificar e clasificar animais, plantas e rochas, recoñecendo as características básicas de determinadas especies de acordo con criterios científicos.

Trátase de saber se coñecen algúns criterios científicos para clasificar seres vivos ou inertes.

Valorarase que poidan activar os coñecementos que os sustentan.

- Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, algúns dos principais usos que as persoas fan dos recursos naturais e algunhas das consecuencias negativas dos usos inadecuados. Analizar o proceso seguido desde a súa orixe ata o seu consumo.

Preténdese avaliar o coñecemento dos recursos fundamentais do medio físico, a súa relación coa vida das persoas, así como o equilibrio existente entre os diferentes elementos do medio físico e as consecuencias derivadas do uso inadecuado do medio e dos recursos. Avaliarase se valora os usos sociais da auga e se se decata da importancia do seu uso responsable.

Da mesma maneira, avaliarase o grao de coñecemento dalgúns procesos de produción de alimentos, das técnicas e procedementos de conservación deles e da súa comercialización, a partir da confección de esquemas nos cales se analice o proceso seguido. Así mesmo, valorarase se sabe poñer exemplos da relevancia que ten para a economía mundial a introdución das tecnoloxías para o desenvolvemento da sociedade do benestar.

- Sinalar algunhas funcións das organizacións e institucións municipais e do contorno próximo e a súa contribución ao funcionamento da sociedade, valorando a importancia da participación activa nelas a través de mecanismos democráticos.

Avaliarase o grao de coñecemento dalgunha organización próxima e se se identifican os servizos públicos que garanten a mellora das condicións de vida cidadá, valorando a importancia da responsabilidade social e individual no seu mantemento.

- Valorar os costumes, tradicións e trazos de identidade do patrimonio galego. Participar activamente en festas, xogos e costumes populares propios da bisbarra e de Galicia.

Avaliarase a participación activa en festas, xogos infantís e costumes populares propios da bisbarra e de Galicia.

Observarase se reconece os costumes, tradicións e trazos diferenciais do patrimonio galego, valorándoos como sinais de identidade.

- Usar as nocións espaciais e a referencia aos puntos cardinais para situarse no contorno, para localizar e describir a situación dos obxectos en espazos concretos e para utilizar planos e mapas para desprazarse e localizar determinados aspectos xeográficos, patrimoniais...

Con este criterio de avaliación trátase de comprobar se interiorizaron as nocións espaciais e se son quen de utilizar planos e mapas, así como algúns mecanismos de orientación espacial para situarse no contorno, localizar determinados aspectos del (ríos, montañas, monumentos, poboacións...) e desprazarse con seguridade e autonomía.

- Utilizar as nocións de duración, sucesión e simultaneidade para situar feitos históricos relevantes relacionados con algún aspecto da vida cotiá.

Trátase de comprobar o grao de adquisición das nocións básicas de tempo histórico: presente-pasado-futuro, anterior-posterior, duración e simultaneidade.

- Manipular e identificar algunhas máquinas e aparellos sinxelos, analizando o seu funcionamento, fixándose especialmente na enerxía que utilizan e valorando a importancia de facer un uso responsable da enerxía do planeta.

Preténdese avaliar se as nenas e os nenos identifican máquinas e aparellos habituais na vida cotiá, recoñecendo a enerxía que utilizan (sol, electricidade, combustible, vento...)

Así mesmo, valorarase que sexan quen de poñer exemplos de comportamentos individuais e colectivos que utilicen de forma responsable a enerxía.

- Montar, desmontar ou planificar e realizar un proceso sinxelo de construción dalgún obxecto ou aparello simple, amosando actitudes de cooperación no traballo en equipo e de coidado pola seguridade.

Avaliase o coñecemento sobre as partes dun aparello, obxecto ou máquina sinxela e a aplicación deses coñecementos á construción dalgún obxecto ou aparello, planificando previamente a elaboración. Valorara-se o traballo cooperativo e a desenvoltura manual, apreciando o coidado pola seguridade persoaleocoidado das ferramentas.

- Responder preguntas e resolver problemas do contorno relacionados con feitos e fenómenos naturais e sociais, facendo predicións ou establecendo conxecturas, obtendo información relevante por medio da observación e/ou do manexo de fontes diversas e comunicando os resultados.

Este criterio trata de avaliar a capacidade para formular e responder preguntas ou para resolver problemas respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural, así como a capacidade de cooperar coas compañeiras e compañeiros valorando as súas achegas.

Comprobarase a capacidade de establecer conxecturas, facer predicións, obter información por medio da observación ou noutras fontes,

seleccionando a información relevante, contrastando datos, comunicando os resultados de forma correcta, variada e coherente.

CONTIDOS.

TERCEIRO CICLO.

Bloque 1. *Os seres humanos e a saúde.*

- Identificación dos diferentes aparellos e sistemas do corpo humano recoñecendo as súas funcións principais.
- Recoñecemento da nutrición como unha función vital para os seres humanos. Identificación dos aparellos relacionados con ela (aparellos respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor).
- Recoñecemento das características básicas do sistema reprodutor humano e das diferenzas entre sexos, identificando, a grandes trazos, en que consiste a fecundación e os procesos que se dan durante o embarazo, parto e nacemento dun ser humano, e apreciando na sexualidade humana a función afectiva e reprodutora.
- Descrición dos sentidos e do sistema nervioso e valoración da súa importancia na relación co medio e co resto dos seres humanos.
- Valoración positiva dos hábitos de hixiene e dos estilos de vida saudable.
- Actitude crítica ante os factores e prácticas sociais que favorecen ou dificultan un desenvolvemento saudable e un comportamento responsable. Valoración do impacto que producen sobre a saúde as accións dos seres humanos no medio (son e contaminación acústica, contaminación do aire...).
- Identificación dos riscos do consumo de alcohol, tabaco, drogas... Busca de información, expresión razoada da propia opinión contrastándoa coas opinións das compañeiras e dos compañeiros, recollida da información e conclusións en folletos, murais, carteis, páxina web...
- Aceptación e práctica das normas sociais referidas á saúde, hixiene, alimentación, protección e seguridade persoal. Coñecemento de actuacións relacionadas cos primeiros auxilios para saber axudarse e axudar as demais persoas.
- Recoñecemento e análise da relación existente entre os cambios que comporta o crecemento e as relacións coas outras persoas: amizades, familia...

- Identificación das características persoais e dos trazos de identidade propios. Coñecemento de si mesma e de si mesmo para facilitar o equilibrio emocional valorándose como diferente e respectando a diversidade. Desenvolvemento da autoestima, da autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e da iniciativa na toma de decisións.

Bloque 2. *As plantas e os animais.*

- Elaboración cooperativa de traballos sobre os seres vivos do contorno próximo e sobre as súas condicións de vida, indicando as concepcións previas e formulando hipóteses, buscando información en fontes variadas - persoas expertas, a internet, enciclopedias, observación directa, monografías...-, seleccionando, tratando e esquematizando esa información, reflexionando sobre o proceso, confrontando coas compañeiras e compañeiros a información e mantendo unha actitude crítica ante as fontes.

- Observación do desenvolvemento das principais funcións vitais de plantas e animais do medio próximo. Identificación da estrutura e dos órganos grazas aos cales poden realizar esas funcións.

- Utilización guiada de claves e de guías de animais e de plantas para a clasificación e identificación dalgúns especies existentes en Galicia.

- Observación e rexistro dalgún proceso asociado á vida dos seres vivos, logo de planificación do proceso, elección de instrumentos adecuados, tratamento dos datos obtidos e contraste de observacións. Comunicación oral e escrita de resultados empregando soportes textuais variados.

- Sensibilidade pola precisión e o rigor na observación de animais e de plantas.

- Identificación da célula como unidade fundamental dos seres vivos. Uso guiado de medios tecnolóxicos e do microscopio para a observación dalgúns delas.

- Utilización de lupas binoculares e doutros aparellos de laboratorio para observar animais e plantas ou algunha das súas partes, respectando as normas de uso e de seguridade dos instrumentos e dos materiais de traballo.

- Preparación conxunta de itinerarios e saídas para a observación de seres vivos do contorno, utilización básica de diarios de campo, elaboración guiada de documentos que recollan o observado empregando linguaxes variadas (despois de poñer en común as observacións realizadas). Valoración da orde e da estética na presentación de documentos e traballos.

- Diferenciación entre as plantas e animais e outras formas de vida presentes no contorno (bacterias, virus, algas e fungos).

- Valoración da biodiversidade, interese pola súa conservación.

Bloque 3. *A vida en sociedade.*

- Participación activa na escola como unha aprendizaxe para a vida en democracia. Recoñecemento da diversidade de opinións e da necesidade do seu intercambio e da difusión de informacións por variadas canles.

- Análise do funcionamento de organizacións próximas. Comparación coa organización de Galicia e do Estado español. Valoración da participación cidadá nos ámbitos local, autonómico e estatal.

- Elaboración dun organigrama simple onde se reflicta o funcionamento dunha das entidades públicas estudadas.

- Aproximación ao coñecemento das institucións españolas e europeas a partir da análise das institucións máis próximas.

- Observación, identificación e descrición dalgunhas características culturais, demográficas e económicas da sociedade galega e da española. Recoñecemento e valoración da diversidade cultural e lingüística de España.

- Identificación das raíces propias e dos trazos da cultura (lingua, institucións, festas, xogos, tradicións). Participación en festas, xogos e costumes populares propios de Galicia e interese pola súa conservación como sinais de identidade social.

- Uso de diferentes fontes de información para coñecer algunhas características elementais dos países europeos e para aproximarse ao coñecemento da Unión Europea, intercambiando información coas compañeiras e cos compañeiros para elaborar esquemas (mapas mentais, mapas conceptuais...).

- Recoñecemento da importancia da emigración no mundo actual.

- Respecto polas diferenzas e rexeitamento dos estereotipos, dos prexuízos e de calquera tipo de discriminación (por razón de sexo, etnia, cultura, crenza, orixe...), desenvolvendo sentimentos de empatía e respecto cara ás outras persoas.

- Reflexión sobre as desigualdades no acceso aos bens de consumo no contorno próximo e no mundo.

- Resolución de problemas relacionados co contorno, usando estratexias de formulación de hipóteses, comprobación destas mediante a busca, a selección e o tratamento da información, exposición de conclusións provisionais, exploración de solucións alternativas e reflexión sobre o proceso seguido, mantendo unha actitude crítica ante as fontes de información.

- Identificación das responsabilidades das distintas institucións de goberno na resolución de problemas sociais, ambientais, económicos, etc.

- Identificación e utilización de fontes orais, dixitais, audiovisuais e escritas de xeito progresivamente máis autónomo para informarse sobre aspectos problemáticos do contorno próximo e do mundo (desigualdade de acceso aos bens de consumo, pobreza, traballo infantil...), analizando criticamente as informacións, reflexionando e debatendo sobre as desigualdades e sobre a necesidade do compromiso social e o papel dos dereitos e deberes da cidadanía na construción dun mundo máis xusto.

- Actitude crítica ante a influencia da publicidade sobre o consumo.

- Recoñecemento do papel das comunicacións, do transporte e doutros servizos nas actividades persoais, económicas e sociais.

- Uso das formas de comportamento adecuado (respecto, interese, lectura de avisos, contribución á limpeza...) segundo os espazos (rúa, lugares de lecer, museos, parques...).

Bloque 4. *O medio físico: espazo e materiais.*

- Identificación e diferenciación de diferentes representacións (planos, fotografías aéreas, maquetas, mapas, globo...) sobre un espazo.

- Utilización guiada de planos e de mapas para orientarse e desprazarse, para localizar lugares e itinerarios, aspectos do mundo físico e político, interpretando o cromatismo, as lendas e os signos convencionais máis habituais.

- Preparación conxunta de visitas e realización de itinerarios para recoñecer elementos da paisaxe e do relevo.

- Identificación, localización en diferentes representacións cartográficas e descrición dos principais e máis relevantes elementos xeográficos do contorno, de Galicia, de España e do mundo.

- Recoñecemento da influencia de factores como a actividade humana, os fenómenos meteorolóxicos, a erosión, terremotos e erupcións volcánicas sobre a paisaxe.
- Valoración da diversidade e riqueza das paisaxes do territorio galego e español e interese por coñecer paisaxes doutros lugares.
- Utilización das TIC e doutras fontes para recoller información sobre outros lugares, comunicar con outras comunidades ou poboacións da mesma comunidade, para comparar diferentes ambientes, paisaxes, modos de vida, costumes... e esquematizar a información con diversas estratexias.
- Lectura e interpretación do tempo atmosférico en distintas representacións. Diferenciación entre tempo meteorolóxico e clima. Influencia do clima na paisaxe e na actividade humana. Recoñecemento das principais características do clima galego.
- Valoración de actuacións que contribúen á conservación do medio e á sustentabilidade.
- Exploración do territorio na busca de actuacións humanas axeitadas ou rexeitables.
- Identificación da Terra como un planeta do sistema solar. Manexo de programas de simulación no ordenador que o mostren.
- Realización de experiencias sinxelas para estudar as propiedades dalgúns aspectos do medio físico, partindo dunha pregunta ou problema de interese para o alumnado (formulando hipóteses, confrontándoas co resto da clase, planificando cooperativamente o proceso de comprobación, prevendo os medios e os instrumentos necesarios, seleccionando os datos útiles, explorando solucións alternativas, predicindo resultados, tirando conclusións, comunicando os resultados e reflexionando sobre o proceso desenvolvido e a aprendizaxe realizada).
- Respecto polas normas de uso, de seguridade e de conservación dos instrumentos e dos materiais de traballo.
- Comparación e clasificación dalgúns materiais polas súas propiedades (dureza, solubilidade, estado de agregación, condutividade térmica...).
- Busca de información sobre rochas e minerais presentes en Galicia. Identificación e clasificación de rochas e minerais polas características observables.

- Uso de técnicas sinxelas para a separación de compoñentes en mesturas: filtración, destilación, disolución e evaporación.
- Reflexión sobre as actuacións necesarias para o aproveitamento da auga e o seu uso responsable. Análise dos procesos de depuración e potabilización da auga para o seu uso.
- Experimentación da flotabilidade dos materiais e obxectos nos líquidos. Utilización de diferentes procedementos experimentais para a medida e comparación de masas e volumes de materiais diversos.
- Planificación conxunta e realización de experiencias sinxelas e variadas para estudar propiedades dos materiais habituais no contorno e de uso común e o seu comportamento ante a luz, o son, a calor, a humidade, a electricidade, o magnetismo, comunicando o proceso levado a cabo e as conclusións por linguaxes e medios diversos.
- Observación directa e experimentación dalgúns efectos e cambios que provoca a calor nos materiais: cambios de estado, dilatación e cambio de temperatura.
- Experimentación coa transmisión do son nos diferentes medios. Sensibilidade ante a contaminación acústica.
- Predición de cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía.
- Recoñecemento das formas de enerxía máis usadas na sociedade actual e a súa clasificación en enerxías renovables e non renovables. Identificación e experimentación de transformacións simples de enerxía.
- Valoración da importancia de conservar os recursos enerxéticos e non malgastalos. Identificación dalgunhas estratexias de aforro enerxético no contorno propio. O desenvolvemento enerxético sustentable e equitativo.
- Observación e experimentación de reaccións químicas da vida cotiá e doméstica (combustión, oxidación e fermentación).
- Identificación de produtos químicos habituais no fogar e os posibles riscos para o organismo (queimaduras, intoxicacións...). Identificación na etiquetaxe dos símbolos de perigo máis comúns.
- Identificación dos diferentes tipos de residuos que producimos na sociedade actual. Recoñecemento dos sistemas de redución, reutilización e reciclaxe.

Bloque 5. *O paso do tempo.*

- Uso da periodización convencional (idades) e das convencións de datación (antes da nosa era, despois da nosa era).
- Uso representacións para situar diversos momentos evolutivos e históricos, e para percibir a duración, a simultaneidade e a relación entre acontecementos.
- Elaboración de ficheiro de vocabulario colectivo específico relacionado cos cambios ao longo do tempo.
- Identificación e análise dalgúns acontecementos e de mulleres e homes relevantes da historia de Galicia.
- Caracterización dalgúns sociedades de épocas históricas: pre-histórica, clásica, medieval, dos descubrimentos, do desenvolvemento industrial e do mundo no século XX, a partir da análise dos diferentes modos de vida.
- Identificación dalgúns acontecementos e personaxes (mulleres e homes) relevantes da historia de España.
- Valoración e respecto polo patrimonio histórico e cultural como fonte de información do pasado e como signo de identidade.
- Recoñecemento das contribucións da muller ao longo da historia. Identificación do papel dos homes e das mulleres como suxeitos da historia.
- Utilización de distintas fontes históricas (orais, documentais, patrimoniais), xeográficas, artísticas e outras fontes (prensa, a internet, enciclopedias, biografías, atlas...) para a busca de información de contido histórico, uso de estratexias para a súa organización sistemática e para a súa representación (cronogramas, liña do tempo...), contraste da información coas compañeiras e cos compañeiros, elaboración de informes orais, dixitais ou escritos, bandas de deseño e outros traballos para a comunicación do investigado.
- Planificación conxunta de visitas a museos ou lugares con vestixios do pasado (castros, mámoas, petróglifos...) como parte do proceso de utilización de fontes históricas para a elaboración de traballos sobre algún aspecto histórico.
- Realización de arquivos con fotografías, fichas, documentos, imaxes, música, notas de prensa... sobre temas de actualidade. Análise dunha mesma información en diferentes medios.

Bloque 6. Máquinas, aparellos e tecnoloxías.

- Distinción de modos de produción artesanal e industrial e observación das ferramentas, aparellos, útiles e máquinas implicadas.
- Investigación sobre a evolución dun obxecto, aparello (teléfono, radio, televisión, ordenador, neveira...) ao longo da historia.
- Recoñecemento das aplicacións dos obxectos e das máquinas, e da súa utilidade para facilitar a realización de determinadas actividades humanas.
- Planificación e construción cooperativa de estruturas sinxelas a partir de pezas moduladas que cumpran unha función ou condición para resolver un problema.
- Elaboración de textos instrutivos e explicativos sobre o manexo seguro dalgún aparello ou obxecto de uso cotián.
- Interpretación de gráficos e instrucións para a montaxe de obxectos ou aparellos sinxelos.
- Construción de circuitos eléctricos simples. Identificación dos seus compoñentes e funcións.
- Comparación de formas de vida e de traballo de diferentes épocas históricas ou sociedades.
- Valoración da influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e do traballo.
- Valoración das habilidades manuais implicadas no manexo de ferramentas e aparellos domésticos e non-domésticos superando os estereotipos sexistas.
- Detección de avarías habituais no funcionamento de aparellos cotiáns e domésticos. Identificación dos comportamentos máis adecuados para evitar accidentes (escapes de gas, incendios, inundacións...).
- Control de riscos no manexo de aparellos e de máquinas. Elaboración de protocolos de uso.
- Utilización de recursos sinxelos proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicar conclusións sobre os traballos realizados, para elaborar informes, para buscar información e para colaborar. Uso progresivamente autónomo de tratamento de textos (axuste de páxina, inser-

ción de ilustracións ou notas, etc.). Busca guiada de información na rede e xestión de ficheiros.

- Uso responsable das TIC. Valoración da necesidade de controlar o tempo destinado ás tecnoloxías da información e da comunicación e o seu poder de adicción.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

TERCEIRO CICLO.

- Identificar algúns dos usos que as persoas fan dos recursos naturais e da enerxía, así como algunhas das consecuencias negativas dos usos inadecuados, valorando o seu impacto a curto e longo prazo. Propor exemplos dos efectos da contaminación sobre as persoas, as plantas, os animais e os seus contornos, así como diferentes formas de previr ou reducir a contaminación do aire, da auga e da terra.

Este criterio pretende avaliar o grao de coñecemento da utilización humana dos recursos naturais e da enerxía, os cambios ocasionados no medio natural, os efectos dalgúns tipos comúns de contaminación e a capacidade de prevención con condutas responsables.

- Recoñecer a diversidade de paisaxes de Galicia e de España e a necesidade de preservar a riqueza paisaxística e patrimonial. Analizar algúns axentes físicos e humanos que conforman as paisaxes, e poñer exemplos do impacto das actividades humanas no territorio ao longo do tempo.

Preténdese medir o coñecemento sobre as características das paisaxes (relevo, clima, vexetación...) de Galicia e de España e a capacidade para establecer comparacións (semellanzas e diferenzas) entre paisaxes, distinguir os elementos fundamentais, coñecer os principais tipos de asentamento humano e comprender a importancia da intervención humana na modificación ou na conservación das paisaxes naturais.

- Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles e determinados hábitos de saúde.

Trátase de valorar se as nenas e os nenos posúen unha visión xeral do funcionamento do corpo humano, indicando os órganos, aparellos e sistemas (a súa localización, forma, estrutura, funcións principais, coidados, etc.). Do mesmo xeito, valorarase se relacionan determinadas prácticas e

hábitos co adecuado funcionamento do corpo. Avaliarase se recoñecen as repercusións dos hábitos incorrectos sobre a saúde.

- Identificar, describir e analizar procesos de cambio e transformacións (sociais, culturais, económicas e tecnolóxicas) no contorno, provocadas polo incremento das comunicacións e dos bens e servizos, reflexionando sobre as causas da desigualdade no acceso a eles.

O criterio pretende avaliar a capacidade do alumnado para analizar os cambios de todo tipo que as comunicacións e os transportes teñen provocado nas actividades persoais, económicas e sociais do contorno e os cambios que sobre a vida das persoas introduciron as novas actividades económicas. Tamén a capacidade de recoñecer as diferenzas que aínda persisten nas formas de vida entre un medio rural e un medio urbano, entre comunidades e entre uns países e outros, e a necesidade de superar as desigualdades que o acceso a bens e servizos provocan.

Valorarase a capacidade de reflexionar sobre as múltiples relacións que permiten as TIC.

- Recoñecer e valorar a diversidade cultural e lingüística de Galicia e de España.

Quérese avaliar a capacidade de recoñecer as manifestacións de identidade propia e de valorar a diversidade cultural, identificando e respectando as manifestacións culturais do contorno como formas de cohesión social e de pertenza a grupos concretos.

- Describir os mecanismos de funcionamento e de participación propios das sociedades democráticas aplicados aos principais órganos de goberno de diferentes institucións (escolares, municipais, autonómicas, estatais e comunitarias), valorando o interese da xestión dos servizos públicos para a cidadanía.

Este criterio pretende avaliar se as alumnas e os alumnos valoran a importancia da participación democrática, e se recoñecen os órganos de goberno dalgúñas instancias administrativas públicas, a súa organización básica e as funcións que cumpren na vida da cidadanía.

Así mesmo, valoraranse os comportamentos de participación e asunción de responsabilidades para favorecer a convivencia na aula e a participación nos órganos de goberno do centro.

- Utilizar e interpretar planos e mapas para orientarse, situar aspectos do contorno e desprazarse adecuadamente. Elaborar planos, maquetas e esquemas sinxelos como un medio de análise do territorio próximo.

Avaliase a competencia para interpretar representacións gráficas do espazo e a aplicación que o alumnado fai dos seus coñecementos. Terase en conta a capacidade para elaborar planos, maquetas e esquemas como un medio para analizar elementos do territorio e comunicar os resultados desas observacións e interpretacións.

- Obter información para identificar características significativas da sociedade nalgunhas épocas pasadas e situar os feitos relevantes utilizando liñas do tempo, cronogramas, utilizando diferentes tipos de fontes (orais, escritas, dixitais, patrimoniais...)

Téntase comprobar se o alumnado é quen de buscar información para identificar algúns restos, usos, costumes, actividades, ferramentas... como indicadores de formas de vida características de determinadas épocas históricas concretas.

- Planificar e realizar sinxelas investigacións para estudar o comportamento dos corpos ante a luz, a electricidade, o magnetismo, a calor ou o son e saber comunicar os resultados.

Este criterio trata de avaliar a aptitude para realizar de forma guiada experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos controlando, planificando e compartindo o proceso coas compañeiras e cos compañeiros e reflexionando sobre o proceso desenvolvido.

- Planificar a construción de obxectos e aparellos cunha finalidade previa, utilizando fontes enerxéticas, operadores e materiais apropiados, e realizala coa habilidade manual necesaria, combinando o traballo individual e en equipo, velando pola propia seguridade e a das demais persoas.

Avaliarase a capacidade para planificar e realizar proxectos de construción dalgún obxecto ou aparello, seleccionando, se cómpre, as fontes enerxéticas máis idóneas para o seu funcionamento e os materiais pertinentes, amosando coñecemento dalgúns operadores (roda, freo, interruptor, engrenaxe, resorte, polea, manivela, panca, etc.) e a habilidade manual necesaria. Así mesmo, valorarase se o alumnado amosa una actitude cooperativa, non-discriminatoria e igualitaria no traballo en equipo, apreciando o coidado pola seguridade propia e a das demais persoas.

- Resolver problemas e responder preguntas sobre aspectos do medio galego usando diferentes fontes, elaborando a información, tirando conclusións e comunicando as posibles solucións e respostas.

Trátase de comprobar se as nenas e os nenos son quen de identificar e formular preguntas e problemas no medio próximo; se adiantan hipóteses; se as comprobán usando fontes diversas (enquisas, observacións, imaxes, documentos...); se seleccionan, tratan, contrastan a información e a recollen (en gráficos, táboas, textos escritos, imaxes, esquemas...); se tiran conclusións e comunican as solucións e respostas usando diversas linguaxes.

- Elaborar un traballo, utilizando soporte papel e dixital, sobre aspectos ou situacións sinxelas, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, a internet), establecendo un plan de traballo e comunicando a información e as conclusións finais.

Trátase de avaliar a capacidade do alumnado para, partindo das súas concepcións previas sobre temas ou aspectos do contorno, buscar, seleccionar, analizar, contrastar, tratar, esquematizar e organizar información concreta e relevante, comparar o que se atopou coas compañeiras e cos compañeiros, comunicar a información utilizando diversas linguaxes e reflexionar sobre o proceso.

Atenderase especialmente á presentación ordenada, clara e limpa do traballo, ao uso de linguaxes variadas, así como á capacidade para colaborar durante as diferentes fases do seu proceso de elaboración.

ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA.

INTRODUCCIÓN.

Características da área.

A expresión artística é connatural ás persoas desde a orixe dos tempos, xa fose considerada medio de comunicación, vía para descargar enerxías, actividade pracenteira, evasión ou instrumento para acadar o equilibrio interior, posibilidade de lograr unha aprendizaxe emocional ou forma de cuestionar o establecido.

As diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no contorno e na vida privada e pública das persoas. As artes son imprescindibles no desenvolvemento expresivo individual e social e son parte esencial do patrimonio cultural. Con elas somos quen de darlle forma

á nosa imaxinación, empregando o razoamento e a emoción; con elas participamos en proxectos individuais e colectivos que contribúen á construción da identidade persoal e social, con elas conformamos a identidade nacional, e con elas mantemos un diálogo aberto e constante coas outras culturas, proporcionando espazos de relación nos cales flúen experiencias, significados, emocións, sentimentos, ideas e pensamentos.

Na educación primaria, a área desenvolverá as capacidades básicas relacionadas coa percepción e interpretación das representacións musicais e plásticas e coa expresión de pensamentos, sentimentos e emocións; é dicir, desenvolverá a dimensión comunicativa dos procesos artísticos.

Tanto a linguaxe plástica como a musical constitúen ámbitos artísticos específicos con características propias, pero con aspectos comúns e con estreitas conexións entre os distintos xeitos de expresión e representación.

A partir dos dous grandes ámbitos (música e plástica) e dos eixes en que se articula a área (percepción e expresión) distribúense os contidos en catro bloques. Esta maneira de estruturar o conxunto de contidos da área non indica en absoluto que se deban desenvolver independentemente uns doutros, o que queda de manifesto ao comprobar a interrelación que existe entre eles.

O bloque 1. escoita, recolle os contidos relacionados co desenvolvemento de capacidades de discriminación auditiva e de audición comprensiva.

O bloque 2. Interpretación e creación musical, aborda o desenvolvemento de habilidades técnicas e de capacidades vinculadas coa interpretación e coa improvisación e a creación de distintas producións musicais resultantes da exploración, da selección e da combinación de movementos e de sons.

Os elementos da música e os seus referentes culturais non se disocian dela; por isto, tanto os contidos da linguaxe musical coma os referidos á música como expresión cultural están explícitos ou implícitos nos dous bloques.

O bloque 3. Observación plástica, céntrase na interpretación, indagación e análise do contorno natural e da actividade e creación humanas. Abórdanse nel aspectos espaciais e os relativos á interpretación do significado das imaxes e á análise das mensaxes icónicas.

O bloque 4. Expresión e creación plástica, comprende contidos relativos á exploración dos elementos propios da linguaxe plástica e visual, así como ao tratamento dos materiais; recolle, tamén, variadas posibilidades de expresar o percibido e sentido logo de planificación.

A escola asegurará a construción de aprendizaxes significativas que partan deses esquemas previos de coñecemento para modificalos, completalos ou reconstruílos. A aprendizaxe sobre as linguaxes artísticas é un proceso inacabado que se segue completando ao longo da vida, tentando sempre atopar solucións para chegar a resultados que supoñan un alto grao de elaboración persoal e a interpretacións e percepcións cada vez máis completas e ricas.

A actividade do alumnado é moi importante para que esa aprendizaxe se produza. Non se trata só dunha actividade externa, senón, e fundamentalmente, dunha actividade mental que lle permita formular interrogantes e buscar estratexias para resolvelos, relacionar o que sabe co novo que se lle presenta e abordar novas propostas en que a percepción, expresión, reflexión e intercambio de ideas formarán parte esencial do proceso de aprendizaxe. O traballo artístico deberá partir da experiencia persoal, dos saberes que o alumnado posúe social e colectivamente e da investigación e recoñecemento das propias características e posibilidades. A progresión de cada nena e de cada neno require de estratexias personalizadas que lle permitan avanzar e afianzar destrezas, coñecementos e actitudes no ámbito artístico. Neste contexto debe estar presente a loita contra os estereotipos e os roles preestablecidos, polo que se deben proporcionar oportunidades, alternativas e recursos múltiples que faciliten a reflexión e o desenvolvemento do xuízo crítico.

Obxectivos.

- Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética e a creación artísticas para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.
- Formar progresivamente o sentido estético persoal como recurso para apreciar e valorar elementos constitutivos das artes e obras verdadeiramente artísticas; desenvolver o xuízo crítico e o posicionamento pluralista na aproximación ás obras artísticas e ás autoras e autores.
- Indagar nas posibilidades do son, da imaxe e do movemento como elementos de representación e de comunicación e utilízalas para expresar

ideas e sentimentos, contribuíndo con iso ao equilibrio afectivo e á relación coas demais persoas.

- Explorar e coñecer materiais e instrumentos diversos e adquirir códigos e técnicas específicas das diferentes linguaxes artísticas para utilizalos con fins expresivos e comunicativos.

- Aplicar os coñecementos artísticos na observación e na análise de situacións e de obxectos da realidade cotiá e de diferentes manifestacións do mundo da arte e da cultura para comprendelos mellor e formar un gusto propio.

- Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaxinación, a indagación e a sensibilidade e reflexionando á hora de realizar e desfrutar de diferentes producións artísticas.

- Recoñecer que as diversas manifestacións da arte e da cultura son fonte de coñecemento, foron realizadas por homes e por mulleres e reflicten a súa experiencia e percepción da vida.

- Coñecer algunhas das posibilidades dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación en que interveñen a imaxe e o son, e empregalas como recursos para a observación, para a busca de información e para a elaboración de producións propias, xa sexa de forma autónoma ou en combinación con outros medios e materiais.

- Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego apreciando a súa riqueza e diversidade e comprometéndose na súa defensa, conservación e difusión.

- Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural doutros pobos, colaborando na conservación e renovación das formas de expresión locais e nacionais e estimulando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo contorno.

- Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e de admiración polo distinto e/ou novo, sabendo recibir e expresar críticas e opinións, e utilizándoas como recurso para a mellora.

- Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos proble-

mas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.

- Coñecer algunhas das profesións dos ámbitos artísticos, interesándose polas características do traballo das artistas e dos artistas e disfrutando como público na observación e recreación das súas propias producións.

- Valorar no contorno próximo as intervencións artísticas das que cumpriría dispor co fin de crear espazos esteticamente agradables que contribúan a mellorar a calidade de vida.

CONTIDOS.

PRIMEIRO CICLO.

MÚSICA.

Bloque 1. *Escoita.*

- Percepción da diferenza entre son, silencio e ruído e das distintas calidades do son.

- Escoita, exploración e discriminación dos sons presentes no contorno natural, cultural e artístico: elementos do contorno que producen son; sons que se poden producir co propio corpo.

- Reacción espontánea ou dirixida a estímulos sonoros.

- Interese e curiosidade pola escoita activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais breves coñecidas polo alumnado e interpretadas de diversos xeitos.

- Uso de diferentes recursos para o seguimento dunha obra musical: corporais, plásticos, musicogramas...

- Iniciación ao recoñecemento visual e auditivo dalgúns instrumentos musicais, así como de voces masculinas, femininas e infantís, en audicións musicais.

- Identificación de esquemas rítmicos sinxelos e interese e esforzo na súa repetición utilizando diferentes medios (percusión corporal, voz, instrumentos de percusión...).

- Asociación intuitiva dos sons a unha representación gráfica mediante símbolos non convencionais.
- Interese por coñecer e interpretar pequenas pezas de música e de danza do patrimonio galego, así como por ensinárllas a outras persoas e por aprender as que outras persoas coñecen.
- Expresión oral de emocións e de sentimentos que esperta unha audición.
- Recoñecemento e observancia das normas de comportamento en audicións e noutras actividades musicais.

Bloque 2. *Interpretación e creación musical.*

- Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz, do corpo e dos obxectos do contorno.
- Interpretación e memorización de cancións, de lerias, de refráns, de adiviñas... da propia cultura ou doutras ao unísono, con e sen acompañamento rítmico.
- Utilización progresiva da voz, da percusión corporal e dos instrumentos de pequena percusión como recursos para o acompañamento de textos recitados, de cancións e de danzas sinxelas.
- Realización de movementos, de xogos motores e de danzas sinxelas, acompañados de secuencias sonoras, de cancións e de obras musicais, tentando desenvolver a coordinación tanto individual como colectiva.
- Incorporación e utilización progresiva de grafías non convencionais (puntos, liñas, debuxos, símbolos...) na lectura e na interpretación de partituras sinxelas.
- Utilización de obxectos de uso cotián, como instrumentos, e disfrute co seu uso nas diferentes producións.
- Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sinxelos (pregunta/resposta, formas dadas...).
- Improvisación de movementos como resposta a diferentes estímulos sonoros e busca de sons que acompañen movementos predeterminados, atendendo á velocidade.

- Sonorización de situacións, relatos breves... empregando sons vocais, obxectos e instrumentos.
- Conianza e seguridade progresivas nas propias posibilidades de produción musical.
- Valoración da atención, da escoita e do respecto nas interpretacións propias e alleas.
- Interese e respecto polas obras musicais e polas persoas que as compoñen.

PLÁSTICA.

Bloque 3. Observación plástica.

- Observación e exploración sensorial dos elementos presentes no contorno integrando actividades de tocar, ulir, oír e ver.
- Diálogo ante unha obra de arte expresando verbalmente sensacións, emocións e ideas que suxire, así como indicando o que gusta e non gusta.
- Comentario de obras plásticas e visuais presentes no contorno e en exposicións, museos ou saídas.
- Curiosidade por descubrir as posibilidades artísticas que ofrece o contorno: festas, esculturas, pintura, decoración...
- Recoñecemento de elementos artísticos ou de certos aspectos das obras de arte (previamente traballadas na clase) na vida cotiá.
- Coñecemento e observancia das normas de comportamento nos lugares dedicados a manifestacións artísticas.
- Iniciación ao coñecemento de identificadores artísticos da cultura galega e doutras culturas e valoración deles.
- Observación e identificación de imaxes presentes en contextos próximos: historietas, bandas de deseño, ilustracións, fotografías, etiquetas, cromos, carteis, adhesivos, debuxos animados, marcas, propaganda, cine, encaixes, bordados, cerámica...
- Vivenciación do espazo e achegamento á súa representación de maneira intuitiva.

- Observación e comparación de diferentes representacións artísticas (pintura, escultura...) dun mesmo motivo.
- Establecemento de relacións entre unha manifestación plástica e un conto, unha lenda, unha canción...
- Comparación de mostras de diversos materiais e observación destes transformados en producións artísticas. Fomento da fantasía a través da visualización do que podería ser un determinado material (un anaco de madeira, de metal, de cristal...).
- Discriminación de materiais, cores, formas, volumes ou liñas, nas imaxes, nos obxectos e nas obras artísticas.

Bloque 4. *Expresión e creación plástica.*

- Experimentación con mesturas e con manchas de cor utilizando diferentes tipos de pintura e útiles sobre soportes diversos.
- Experimentación das posibilidades expresivas do trazo espontáneo e con intencionalidade, das liñas que delimitan contornos e do espazo que define a forma.
- Interese pola manipulación e pola exploración de materiais e de técnicas diversas.
- Busca sensorial de texturas naturais e artificiais e das calidades e posibilidades de diversos materiais (follas, pedras, area, sal, plastilina, madeira, arxila...) e transformación deles para a elaboración de producións plásticas.
- Composición individual e en grupo de debuxos, pinturas, colaxes, estampados, cosido, ilustracións, volumes, modelaxe e pregamento de formas utilizando materiais de refugallo e materiais e elementos plásticos. Reflexión sobre os resultados para mellorar as producións.
- Manipulación e transformación de obxectos para o seu uso en representacións teatrais e noutras manifestacións artísticas.
- Construción e uso de máscaras e de monicreques sinxelos para dramatizacións significativas.
- Composicións plásticas empregando diferentes materiais e técnicas partindo dunha planificación previa guiada, elaboracións seguindo o plan e valoración dos resultados.

- Uso progresivo de imaxes de diferentes fontes (fotografías, revistas, prensa, cromos, historietas, adhesivos...) nas producións propias.
- Aproximación á exploración de recursos dixitais para a creación de obras artísticas.
- Organización progresiva do proceso de elaboración concretando o tema xurdido desde a percepción sensorial, a imaxinación, a fantasía ou a realidade, prevendo os recursos necesarios para a realización, explorando as posibilidades de materiais e de instrumentos e mostrando confianza nas posibilidades de creación.
- Recreación de obras de arte significativas para as nenas e os nenos.
- Investigación e experimentación de diferentes modos de representar a figura humana.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

PRIMEIRO CICLO.

- Percibir algunhas calidades e características de materiais, obxectos e instrumentos presentes no contorno natural e artificial como resultado dunha exploración lúdica e sensorial, e recoñecer neles algunhas posibilidades de transformación artística.

Trátase de comprobar se, despois de realizar unha manipulación lúdica e unha exploración sensorial de materiais, de obxectos e de instrumentos do contorno, as nenas e os nenos son capaces de nomear algunhas das súas principais características (forma, cor, peso, textura...) e calidades sonoras (intensidade, duración...), verbalizar as súas impresións e describir sinxelamente o descuberto.

Téntase tamén avaliar a capacidade de alumnas e alumnos para imaxinar posibilidades de transformación deses materiais e de usalos de forma creativa.

- Usar termos sinxelos para comentar as obras plásticas e musicais observadas e escoitadas.

Preténdese valorar a capacidade para identificar e describir algunhas das características máis evidentes en distintas obras plásticas e musicais e para expresar as ideas e os sentimentos que estas suscitan. Así

mesmo, valorarase a actitude positiva e de respecto cara ás opinións das outras persoas.

- Identificar e expresar, a través de diferentes linguaxes, algúns dos elementos (velocidade, voces, instrumentos) dunha obra musical.

Con este criterio trátase de comprobar se as nenas e os nenos son quen de recoñecer os compoñentes nunha obra musical e de representalos a través do movemento, da elaboración de debuxos ou da linguaxe verbal.

- Reproducir patróns de movemento, esquemas rítmicos e melódicos coa voz, co corpo, cos obxectos sonoros e cos instrumentos.

Valorarase a capacidade de atención e de retención a curto prazo de mensaxes sonoras e corporais e o emprego das técnicas necesarias para a súa interpretación.

Así mesmo, comprobarase a capacidade de resposta a estímulos sensoriais e a naturalidade espontánea e mais a expresividade na reprodución.

- Seleccionar e combinar sons producidos pola voz, polo corpo, polos obxectos e polos instrumentos para sonorizar relatos ou imaxes entre varios dados.

Trátase de comprobar se son capaces de usar os datos obtidos na exploración sonora para sonorizar unha imaxe, conto ou situación, seleccionando os sons máis axeitados e combinándoos de forma apropiada para lograr o efecto desexado, utilizando a imaxinación e propondo solucións orixinais.

- Identificar diferentes formas de representar o espazo e a figura humana.

Comprobarase se o alumnado ten interiorizadas as diversas posibilidades de representación do espazo e da figura humana, así como a utilización axeitada desa variedade nas súas producións.

- Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores.

Trátase de comprobar, no contexto dunha expresión espontánea, o interese e a curiosidade que o alumnado manifesta por incorporar ás súas producións o percibido na exploración sensorial de materiais, de obxectos e de instrumentos e na observación efectuada de imaxes do seu contorno próximo.

- Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.

Con este criterio comprobarase se o alumnado se serve da representación plástica para plasmar as súas vivencias, as situacións da vida cotiá, as súas ideas imaxinarias... empregando diversos materiais. Así mesmo, valorarase se as nenas e os nenos comezan a percibir que a elaboración plástica lles é útil tanto para expresarse como para comunicarse coas demais persoas.

CONTIDOS.

SEGUNDO CICLO.

MÚSICA.

Bloque 1. *Escoita.*

- Identificación e comentario da variedade de sons, de músicas, de movementos do corpo e de tecnoloxías que se poden utilizar cando se fai expresión musical, partindo da observación no contorno e incorporando unha terminoloxía cada vez máis adecuada.

- Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de distintos estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado e recoñecemento dalgúns trazos característicos, utilizando diferentes recursos para o seu seguimento: corporais, plásticos, instrumentais, musicogramas...

- Utilización de obxectos e de instrumentos para percibir, diferenciar, explorar e identificar os parámetros do son (intensidade, duración, altura e timbre).

- Recoñecemento de calidades dos sons e dos instrumentos en pezas musicais.

- Identificación visual e auditiva dalgúns instrumentos: da orquestra, da música popular galega e dos utilizados por outras culturas, tentando aproximarse a unha clasificación por familias.

- Interese polas cancións e polos bailes tradicionais de Galicia e das zonas de procedencia de compañeiras e de compañeiros.

- Interese por coñecer o traballo de artistas e de persoas que traballan na composición e na interpretación de música e de danza tradicional galega.

- Interese por obter información sobre compositoras e compositores, intérpretes, festivais de música e representacións musicais e de danza, empregando diferentes fontes (biblioteca, a internet...).

- Interese pola escoita de obras musicais de distintas características e procedencias.

- Valoración positiva da diversidade de opinións, de xuízos, de gustos e de argumentos relacionados coa música.

- Actitude atenta e silenciosa, respecto ás normas de comportamento durante a audición de música e/ou na asistencia a diferentes representacións.

Bloque 2. *Interpretación e creación musical.*

- Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz, do corpo, dos obxectos e dos instrumentos.

- Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces.

- Memorización e interpretación de xogos motrices, de secuencias de movementos fixados ou inventados e de danzas, procurando unha progresiva coordinación tanto individual como colectiva.

- Iniciación á interpretación de danzas e de cancións tradicionais galegas e das zonas de orixe de compañeiras e compañeiros.

- Identificación dalgunhas cantigas galegas que acompañaban os momentos de traballo e celebracións (cantigas de arada, de seitura, de esfolia, cantos de reis...) e relación destas coa finalidade para a cal foron concibidas.

- Inicio ao uso das grafías convencionais na lectura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.

- Interese e responsabilidade nas actividades de interpretación e de creación.

- Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas mediante instrumentos de percusión e percusión corporal.

- Estratexia de repetición e imitación como recursos da improvisación.

- Creación de acompañamentos sinxelos para cancións e pezas instrumentais.

- Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.
- Creación de pezas musicais sinxelas a partir de elementos dados.
- Iniciación á creación de coreografías sinxelas para cancións e pezas musicais breves a partir da combinación de elementos dados e que teñan relación con ideas, emocións e experiencias propias ou alleas.
- Adquisición progresiva de responsabilidade para favorecer a dinámica de traballo cooperativo na aula.
- Desenvolvemento progresivo de hábitos de coidado da voz, do corpo, dos instrumentos e dos materiais de traballo.

PLÁSTICA.

Bloque 3. *Observación plástica.*

- Clasificación de texturas e de tonalidades e apreciación de formas naturais e artificiais exploradas sensorialmente e desde diferentes ángulos e posicións.
- Elaboración conxunta de protocolos e de pautas para seguir o procedemento de observación e a súa comunicación oral ou escrita, incorporando unha terminoloxía cada vez máis adecuada.
- Identificación de elementos artísticos, de obras de arte ou de certos aspectos relativos a algunhas delas previamente traballadas na clase na vida cotiá.
- Identificación da variedade de materiais, de técnicas e de tecnoloxías sinxelas que se utilizan na creación de obxectos e de imaxes mediante a observación de producións do contorno artístico e cultural e dos medios de comunicación.
- Valoración e identificación dalgunhas producións artísticas que forman parte do patrimonio cultural galego (xoguetes, disfraces, olaría, cestería, encaixes, bordados, petróglifos, xoiaría, alfombras florais, maios, máscaras de Entroido, edificacións...).
- Respecto e coidado do contorno, das obras que constitúen o patrimonio cultural, das producións propias e das das demais persoas.

- Interese por buscar información sobre producións artísticas, autoras e autores para a elaboración de traballos diversos (exposicións, cartafóles individuais ou da clase, colaboración en eventos culturais...).

- Interese por dialogar ante unha obra de arte, expresando o que gusta e o que non gusta, así como as emocións que a obra esperta en cadaquén, intentando asociar aspectos da obra coas sensacións producidas (significado das cores, das liñas, das formas, da representación do espazo...).

- Apreciación dos diferentes significados que pode ter unha obra de arte para cada persoa.

- Análise de imaxes en diferentes formatos identificando elementos variados (enfoque, simetría, repetición, distribución espacial, plano, xestos...).

- Apreciación da incidencia da cultura visual do contorno nas reaccións, nas preferencias e na forma de pensar.

- Comparación de mostras de diversos materiais e observación destes transformados en producións artísticas, reflexionando sobre o proceso de transformación.

- Fomento da fantasía a través da visualización do que podería ser unha representación imprecisa (unha mancha, unha engurra, unha luz, un xogo de liñas...).

- Indagación sobre diferentes maneiras de representar o espazo e aproximación á idea de proporción.

- Exploración de diferentes formas, texturas e obxectos utilizando o tacto, o gusto, o oído e o olfacto, e representación plástica das sensacións que producen.

- Valoración do traballo desenvolvido por mulleres e por homes na produción artística e artesanal.

- Recoñecemento de identificadores artísticos de diferentes culturas e valoración deles (máscaras africanas, sombras chinesas...).

Bloque 4. *Expresión e creación plástica.*

- Busca das posibilidades da cor (tonalidades, gamas...) en contrastes, variacións e combinacións, mesturando diversas clases de pintura, utilizando variados instrumentos e apreciando os resultados sobre diferentes soportes.

- Experimentación das posibilidades de transformación dos materiais plásticos no referente á ductilidade, á transparencia, á consistencia, á solubilidade... Comportamento dalgúns materiais en contacto con outros. Aproveitamento destas experiencias nas producións plásticas.

- Experimentación con liñas diversas e formas en diferentes posicións iniciándose no emprego de instrumentos convencionais e non convencionais para deseñalas.

- Elaboración individual e colectiva de imaxes en bandas de deseño, historietas, carteis, murais, mosaicos, tapices e impresións, cunha planificación previa e unha revisión posterior.

- Construción de móbiles, de estruturas, de maquetas e de xoguetes populares galegos.

- Construción de decorados, de máscaras, de vestiario e de personaxes (monicreques, sombras...) e elaboración de maquillaxes para dramatizacións.

- Utilización de fotografías (enfoque e planos) para enriquecer un texto expositivo, para a realización dun álbum ou dunha fotonovela.

- Utilización de diferentes recursos (dos medios de comunicación, informáticos, libros, láminas, teas, materiais de refugallo e naturais...) á súa disposición para a elaboración individual e colectiva de producións artísticas.

- Aplicación, en producións propias, de aspectos observados en obras artísticas galegas e de artistas de renome.

- Interese por axustar o proceso de creación, individual ou en grupo, ás intencións previstas, planificando, seleccionando apropiadamente os materiais e instrumentos segundo as súas posibilidades plásticas, decidindo a técnica máis adecuada, usando responsablemente instrumentos, materiais e espazos, asumindo as tarefas, respectando as normas que o grupo establece e valorando o resultado final.

- Valoración do coñecemento de diferentes códigos artísticos como medios de expresión de sentimentos e de ideas.

- Recreación de obras de arte significativas da cultura galega e doutras culturas, reflexionando sobre o proceso seguido pola persoa que o realizou.

- Seguridade no uso progresivo de materiais e de obxectos do contorno para expresar e comunicar aspectos do propio mundo: da vida cotiá, da historia da poboación ou do barrio, da historia persoal e familiar.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

SEGUNDO CICLO.

- Identificar e describir as características de elementos presentes no contorno e as sensacións que as obras artísticas provocan, sinalando algunhas das estratexias plásticas e musicais que usaron as creadoras e os creadores das obras.

Quérese comprobar con este criterio se as nenas e os nenos son capaces de amosar os coñecementos adquiridos na observación por medio de descricións e de informacións relevantes sobre elementos da linguaxe visual e musical presentes nas manifestacións artísticas e no contorno. Observarase se saben expresar oralmente as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico e se son quen de descubrir semellanzas e diferenzas entre esas manifestacións artísticas e as sensacións, impresións, sentimentos... que lles provocan.

- Usar axeitadamente algúns dos termos propios da linguaxe plástica e musical en contextos precisos, intercambios comunicativos, descripción de procesos e argumentacións.

Trátase de comprobar se o alumnado incorporou algúns dos termos técnicos propios das linguaxes artísticas nas súas explicacións e descricións, se os emprega nas situacións apropiadas e se traslada eses coñecementos a outros contextos nos cales lle poden ser útiles. Comprobarase, pois, se identifica e verbaliza, cunha terminoloxía o máis adecuada posible, as posibilidades plásticas, sonoras e corporais que usan as artistas e os artistas e os medios de comunicación.

- Utilizar distintos recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.

Este criterio permite avaliar se as rapazas e os rapaces son capaces de establecer unha relación entre o que oen e o representado en musicogramas ou partituras sinxelas con distintos tipos de grafías, así como se son quen de representar graficamente (mediante debuxos ou empregando

signos gráficos que coñecen ou inventan) os trazos característicos da música escoitada.

- Memorizar e interpretar un repertorio básico de cancións, de pezas instrumentais e de danzas relacionadas cos seus intereses individuais e colectivos.

A través deste criterio preténdese valorar en que medida o alumnado ten memorizada e é capaz de recordar algunha das cancións, pezas instrumentais e danzas aprendidas por imitación no contexto da aula, interpretándoas con desinhibición e amosando progresiva responsabilidade para favorecer a dinámica de traballo cooperativo na aula.

- Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas.

Con este criterio téntase valorar se son capaces de seguir un proceso (planificar, producir, revisar) o máis ordenado posible e se son quen de utilizar criterios axeitados para crear unha peza musical sinxela a partir da selección, combinación e organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados.

Valorarase tamén a capacidade creativa do alumnado para dar solucións orixinais que se afasten o máis posible de estereotipos.

- Interpretar e compartir con compañeiras e compañeiros o contido de imaxes presentes no contorno.

Comprobarase se o alumnado pode explicar a información que conteñen os sinais, os signos, os símbolos e as imaxes máis habituais no seu medio, e se é quen de usar esas interpretacións na produción de mensaxes propias que transmitan unha información básica do contorno, compartindo coas compañeiras e cos compañeiros os significados.

- Clasificar texturas, formas, calidades e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza.

Trátase de comprobar se na observación e manipulación de materiais, de obxectos, de instrumentos... obtiveron datos abondos para establecer algunha pauta sobre as súas características; se poden especificalas, comentalas e organizar clasificacións elementais, ben sexa por semellanza, ben por oposición ou diferenza.

- Empregar instrumentos, técnicas e materias axeitados ao produto artístico que se pretende.

Con este criterio quérese verificar se as alumnas e os alumnos son capaces de servirse dos datos obtidos na exploración de instrumentos, de técnicas e de materiais para realizar en nunha obra persoal, non este-reotipada. Valorarase a diversidade de solucións dadas en diferentes contextos, a variedade de soportes empregados e a orixinalidade no uso dos materiais, así como a intencionalidade en función da persoa desti-nataria.

- Amosar respecto e responsabilidade no traballo individual e colec-tivo con actividades plásticas e musicais.

Avaliarase a capacidade do alumnado para participar en diferentes tipos de traballo de aula e de centro relacionados coa educación artística.

Interesa coñecer, tamén, o seu grao de compromiso nas actividades colectivas e de respecto ante as contribucións das demais persoas.

- Identificar manifestacións artísticas propias de Galicia.

Avaliarase se o alumnado é quen de recoñecer algunhas manifesta-cións típicas do patrimonio cultural e artístico galego.

CONTIDOS.

TERCEIRO CICLO.

MÚSICA.

Bloque 1. *Escoita.*

- Indagación sobre as posibilidades comunicativas das TIC, da inter-acción de diferentes medios e linguaxes artísticas, das familias e das agru-pacións instrumentais e vocais.
- Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas, das cali-dades dos sons, de agrupacións instrumentais e vocais en pezas musicais.
- Análise dos parámetros do son: altura, intensidade, duración e timbre.

- Gravación, escoita e comentario da música interpretada na aula e suxestión de posibilidades de mellora persoal e colectiva.
- Utilización dos medios de comunicación e da internet para a busca de información, en soporte papel e dixital, sobre instrumentos, compositoras e compositores, intérpretes e eventos musicais de interese.
- Investigación sobre as relacións entre as producións musicais e coreográficas e as realidades persoais e sociais onde naceron.
- Valoración dos instrumentos populares galegos como integrantes do noso patrimonio cultural.
- Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas.
- Identificación de agresións acústicas e da súa influencia na calidade de vida das persoas, e contribución activa á súa diminución e ao benestar persoal e colectivo.
- Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a diferentes representacións musicais.

Bloque 2. Interpretación e creación musical.

- Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz, do corpo, dos obxectos, dos instrumentos, dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar de forma sonora e corporal pensamentos, sensacións, emocións e experiencias.
- Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións (da cultura galega e doutras) a unha ou varias voces desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal.
- Improvisación, individual e/ou colectiva, de motivos, frases e pequenas formas, rítmicas e melódicas, como forma de acompañamento.
- Interpretación de danzas coidando a coordinación tanto individual coma colectiva.
- Incorporación e utilización progresiva dalgunha terminoloxía propia da linguaxe musical, adecuándoa á actividade.
- Creación de mensaxes combinando elementos sonoros e corporais diversos para comunicar emocións, sensacións, experiencias e sentimentos.

- Interese pola participación en eventos e celebracións de contido musical, formulando opinións sobre eles.
- Incorporación e utilización progresiva das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.
- Asunción de responsabilidades na interpretación en grupo, e respecto ás achegas das demais persoas e á persoa que asuma a dirección.
- Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final, cun nivel progresivo de confianza e de seguridade.
- Utilización guiada dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a sonorización de imaxes, de contos, de poesías, de refráns e de ditos, de pezas dramáticas... e para a creación de producións propias.
- Invención de coreografías sinxelas para cancións e de pezas musicais de diferentes estilos.
- Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo.
- Actitude de constancia e de progresiva exixencia na interpretación musical.

PLÁSTICA.

Bloque 3. *Observación plástica.*

- Observación e discriminación de materiais, de cores, de formas, de volumes, de texturas, de contornos, de perspectiva, da bidimensionalidade e da tridimensionalidade, de luz, e de movemento nos obxectos, nas imaxes e nas obras artísticas.
- Elaboración conxunta de protocolos, de forma oral e escrita, para a observación de aspectos, de calidades e de características notorias e sutís de elementos naturais e artificiais.
- Indagación sobre as posibilidades plásticas e expresivas de elementos naturais.
- Descubrimento e identificación de elementos artísticos, obras de arte ou certos aspectos relativos a elas (previamente traballadas na clase) na vida cotiá e nos medios de comunicación, reflexionando sobre o seu uso.

- Exploración das características, elementos, técnicas e materiais que as obras artísticas ofrecen e suxiren para a súa recreación e creación de obras novas.
- Documentación, rexistro e valoración de formas artísticas e artesanais representativas da expresión cultural de Galicia e doutras colectividades.
- Busca de información sobre producións artísticas, autoras e autores para a elaboración e recreación de traballos diversos (exposicións, cartafolios individuais ou da clase, colaboración en eventos culturais...).
- Diálogo ante unha obra de arte expresando o que gusta e non gusta, como se sente cadaquén, o que pensan ou o que lles recorda, identificando o significado que poidan ter certos elementos da obra (a cor, a liña, a técnica empregada, os materiais, a luz, a perspectiva...) coas sensacións producidas.
- Apreciación dos diferentes significados que pode ter unha obra de arte para cada persoa, para cada cultura e para cada época.
- Valoración positiva da diversidade de opinións, de xuízos, de gustos e de argumentos relacionados coa expresión plástica.
- Iniciación á análise das formas de representación de volumes no plano segundo o punto de vista ou a situación no espazo.
- Análise e valoración da intención comunicativa das imaxes nos medios e tecnoloxías da información e da comunicación e xuízo crítico das imaxes que do home e da muller se ofrecen neles.
- Comparación de mostras de diversos materiais e observación destes transformados en producións artísticas, reflexionando sobre o proceso de transformación e posibles resultados alternativos.
- Coñecemento de identificadores artísticos de diferentes culturas e valoración destes como enriquecedores da nosa.
- Valoración e apreciación da obra artística como instrumento de comunicación persoal e de transmisión de valores culturais.
- Interese por coñecer producións artísticas do patrimonio cultural galego e por obter información sobre as persoas que as produciron.

Bloque 4. *Expresión e creación plástica.*

- Aplicación de cores complementarias e/ou opostas e mais de tonalidades de forma intencionada, como medio de expresión e de representación.
- Experimentación de formas abertas e pechadas e de liñas segundo a súa forma, dirección e situación espacial, e aplicación dos resultados á propia produción artística.
- Exploración dos cambios que experimentan os volumes, as persoas e os espazos pola incidencia da luz (sombras chinesas, teatro negro...).
- Exploración de materiais diversos coa finalidade de atopar o máis adecuado para unha produción artística cunha finalidade determinada (expresión de ideas, de accións, de situacións).
- Elaboración de producións plásticas empregando técnicas mixtas, texturas diferentes, materiais variados, instrumentos diversos e en soportes diversificados.
- Construción e caracterización de personaxes, recreación de espazos imaxinados, creación de estruturas, de maquetas, de decorados e de exposicións relacionados coa propia experiencia e no desenvolvemento de actividades do centro. Uso durante o proceso, entre outras, de nocións métricas e de perspectiva.
- Realización de fotografías (enfoque e planos) para enriquecer un informe, para recoller unha saída de campo, para a realización dunha fotovela, para ilustrar unha noticia ocorrida no centro.
- Emprego de tecnoloxías da información e da comunicación para o tratamento de imaxes, deseño e animación, e para a difusión dos traballos elaborados.
- Composición de pezas recreando as obras artísticas analizadas (ou aspectos delas), logo de busca de información sobre a obra, a época de elaboración, a autora ou o autor.
- Preparación de documentos propios da comunicación artística como carteis, guías ou programas de man para difundir e informar sobre unha exposición, unha representación, un festival.
- Constancia e exixencia progresiva no proceso de realización aplicando estratexias creativas na composición, asumindo responsabilidades no

traballo cooperativo, establecendo momentos de revisión, respectando as achegas das outras persoas e resolvendo as discrepancias con argumentos.

- Incorporación progresiva e utilización durante o proceso de produción dalgunha terminoloxía propia da linguaxe plástica.

- Seguimento cada vez máis autónomo dun proceso para chegar á materialización plástica dunha idea.

- Organización progresiva do proceso de elaboración concretando o tema xurdido desde a percepción sensorial, a imaxinación, a fantasía ou a realidade, prevendo os recursos necesarios para a realización, explorando as posibilidades de materiais e de instrumentos e mostrando confianza nas posibilidades de creación.

- Apreciación da orixinalidade como fundamento da conduta creativa e respecto ás obras doutras persoas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

TERCEIRO CICLO.

- Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadoras e creadores e outras persoas relacionadas coas artes plásticas e música.

Trátase de valorar a capacidade de busca e de uso de información en formatos variados. Valorarase especialmente a axeitada selección da información.

- Formular opinións acerca das manifestacións artísticas ás cales se accede, amosando o coñecemento que se ten delas e a inclinación persoal para gozar e encher o tempo de lecer.

Con este criterio quérese comprobar o coñecemento que os nenos e as nenas teñen das manifestacións e dos feitos artísticos tanto do contorno máis próximo coma doutros pobos, a súa implicación sensible na observación da realidade e a súa capacidade para formar criterios e opinións propias, así como o interese por compartilos coas compañeiras e cos compañeiros, empregando unha terminoloxía o máis apropiada posible.

- Recoñecer músicas do medio social e cultural propio e doutras épocas e culturas.

Con este criterio preténdese avaliar se o alumnado coñece e é capaz de nomear e identificar algúns dos trazos característicos e salientables de exemplos de obras musicais de diferentes épocas e culturas.

- Axustar a propia acción á das outras persoas do grupo na interpretación de pezas musicais e de danzas.

Este criterio pretende avaliar a capacidade do alumnado para atender e concertar a súa propia acción coas outras partes do conxunto. Non se trata de valorar o nivel técnico acadado, senón a actitude con que as nenas e os nenos participan nas actividades de interpretación, observando a súa vontade de adaptarse ao resto do grupo e de responsabilizarse no traballo cooperativo e coordinado.

- Rexistrar a música e os ritmos creados empregando distintos tipos de grafías.

Comprobarase a capacidade de relacionar son e grafía. Avaliarase a súa capacidade para representar graficamente os sons dunha obra musical inventada no contexto da aula, individual ou colectivamente.

- Producir obras plásticas de forma cooperativa que impliquen organización espacial, uso de materiais diversos e aplicación de diferentes técnicas e instrumentos.

Avaliarase a flexibilidade nos argumentos e a disposición a asumir outras opinións na realización dunha obra plástica en grupo a través da calse comprobará se as alumnas e os alumnos aplican os coñecementos adquiridos sobre as técnicas, os materiais, os instrumentos, a distribución dos elementos plásticos na composición, planificando conxuntamente, elaborando e reelaborando e revisando o produto final. Valoraranse especialmente as actitudes de constancia e de exixencia progresiva na elaboración e na asunción de responsabilidades no traballo cooperativo.

- Comprobar as posibilidades de aplicación de materiais, de texturas, de formas e de cores sobre diferentes soportes.

Con este criterio avaliarase a disposición a experimentar e indagar sobre os elementos da linguaxe plástica, sobre as transformacións que estes experimentan segundo a manipulación que se faga deles e sobre os resultados que se obteñen cando son tratados nun soporte ou noutro. Servirá tamén para comprobar se se teñen interiorizadas aprendizaxes sobre o tratamento dos materiais e sobre o uso que se lles pode dar á forma, á cor e á textura.

- Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos recursos que a linguaxe plástica e visual proporciona.

Avaliarase a capacidade de autonomía e de expresión con que as rapazas e os rapaces afrontan a realización plástica, o grao de desenvolvemento da capacidade creadora e imaxinativa ao combinar, suprimir ou transformar os elementos artísticos dunha produción e a súa capacidade de representar situacións vinculadas á experiencia persoal.

- Usar adecuadamente as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de producións plásticas e musicais sinxelas.

Avaliarase o uso que o alumnado fai das TIC á hora de empregar algunhas aplicacións básicas para o tratamento da imaxe e do son e para a creación de producións propias.

- Identificar manifestacións musicais e plásticas propias de Galicia.

Avaliarase se o alumnado é quen de recoñecer algunhas manifestacións musicais e plásticas propias do patrimonio cultural e artístico galego, valorándoas e apreciándoas como fórmulas de transmisión de valores culturais.

ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA.

INTRODUCCIÓN.

Características da área.

Os seres humanos comunícanse entre si a través de sistemas diferentes, pero a linguaxe verbal é un dos sistemas máis universais de comunicación.

A comunicación é unha das funcións esenciais da linguaxe, pero non a única. Tamén ten outras como a de representación do mundo físico e social que comparte coas imaxes, coa motricidade. A linguaxe vincúlase directamente ao pensamento e, en particular, ao coñecemento. Grazas á linguaxe analizamos os problemas, organizamos información, elaboramos plans, valoramos, verbalizamos procesos. A linguaxe cumpre, pois, unha función de representación e autorregulación do pensamento e da acción.

Aprender lingua non é só apropiarse dun sistema de signos e das regras que rexen a súa combinación, é tamén apropiarse dos significados

culturais que estes transmiten, e xunto con eles, dos modos en que as persoas do contorno entenden e interpretan a realidade.

Aprender lingua significa acadar a competencia necesaria para desenvolverse con facilidade e éxito nas diferentes situacións da vida.

É na etapa de educación primaria cando, ademais da progresiva consolidación e perfeccionamento da lingua oral, se produce unha aprendizaxe máis sistemática da lingua escrita.

Considérase que a educación lingüística nesta etapa se debe facer con base nun uso prioritario dos procedementos.

O control da linguaxe dota de forma progresiva da capacidade de emitir mensaxes cargadas de valoracións e de matices, con posibilidade de repercusión e influencia a través do que se di e se escribe, mellorando o sentimento de seguridade e de progreso.

O currículo artéllase ao redor dun eixe queéouso social da lingua nos diferentes contextos: privados e públicos, familiares e escolares. Os contidos aparecen repartidos en bloques, o que non presupón que a actividade docente se deba corresponder a esta ordenación; ao contrario, débense producir múltiples conexións entre todos eles.

O bloque 1. escoitar e falar, recolle diversos aspectos da lingua oral. O uso oral é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan as e os falantes para comunicar satisfactoriamente e para identificar e criticar estereotipos e prexuizos de diferentes tipos.

O bloque 2. Ler e escribir, recolle diversos aspectos da lingua escrita. O uso persoal, autónomo e creativo da lingua escrita implica o coñecemento das posibilidades que ofrece o código desde o punto de vista do léxico, da ortografía, da estrutura do discurso, da dimensión estética. A lectura implicará unha progresiva regulación de estratexias que permitan operar co significado do texto, establecendo relacións entre coñecementos previos e información nova. A produción escrita significará buscar para cada situación o tipo de texto, adecuando, planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos e revisando a escrita final. Nesta etapa consolidaranse o dominio de técnicas gráficas, a relación son-grafía, as normas ortográficas convencionais e a disposición do texto.

O bloque 3. Reflexionar sobre a lingua, integra contidos relacionados co coñecemento da lingua. Implica o desenvolvemento de procesos metacognitivos e permite unha reflexión sistemática sobre os factores do contexto aos cales se debe adecuar o discurso, sobre os esquemas textuais convencionais que serven de modelo tanto para a produción como para a comprensión, sobre o funcionamento de certas unidades lingüísticas como elementos de cohesión do texto e sobre as regularidades léxico-sintácticas dos textos usados durante a etapa.

O obxectivo desta área non é outro que o de contribuír a que o alumnado poida chegar a ser competente lingüisticamente, que sexa quen de comunicarse mellor, entendida esa comunicación no máis amplo sentido posible.

O obxecto de aprendizaxe é a lingua, unha lingua real e contextualizada, unha lingua que é un instrumento multifuncional e que é útil para solicitar algo, para agradecer, para queixarse, para saudar, para dar información, para protestar, para convencer, para acadar un acordo, para crear, para falar das emocións, para debater, para planificar...

Aprender lingua é aprender a usala con propiedade, é desenvolver as denominadas catro grandes destrezas lingüísticas: falar, escoitar, ler e escribir (é dicir, habilidades orais e habilidades escritas).

Un factor fundamental que se debe ter presente é que na nosa comunidade coexisten dúas linguas en contacto estreito e cotián, estando a galega minorizada. Cómpre, pois, atopar fórmulas apropiadas para reflexionar sobre as estruturas comúns das dúas linguas (galega e castelá) e recoller o tratamento das interferencias idiomáticas, valéndose sobre todo da análise de textos orais e escritos de diversa procedencia, soporte e tipoloxía, coa finalidade de mellorar a expresión en cada unha das linguas partindo sempre da predominante no contorno inmediato.

Respecto da lingua oral cómpre ter presente que o alumnado inicia o período obrigatorio cunha determinada competencia lingüística oral que se manifesta no léxico, na estrutura dos enunciados, na construción do texto oral. Ampliar estas destrezas, coñecementos e habilidades é un labor escolar de grande importancia.

A lingua oral e a escrita desenvolveranse a través dun traballo sistemático que utilice unha ampla gama de situacións comunicativas, cotiás e funcionais. Na vida diaria da escola prodúcense moitas situacións de comunicación oral que se potenciarán e aproveitarán para acadar obxectivos de

área; entre estas situacións están: as comunicacións para planificar; chegar a consenso; poñer en común; debater; tomar decisións sobre procesos que se van seguir; establecer responsabilidades; comunicar resultados; comparar; contrastar respostas, opinións e significados; xustificar e verbalizar estratexias; valorar tarefas; transmitir emocións e informacións; estruturar coñecemento; defender argumentos e puntos de vista; preguntar... e ser vehículo e instrumento para a aprendizaxe das distintas áreas do currículo.

Obxectivos.

- Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá.
- Utilizar a lingua oral de xeito adecuado na actividade social e cultural adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller, seleccionar, contrastar, transformar e procesar información, como para escribir textos propios do ámbito académico.
- Usar, en situacións relacionadas coa escola e coa súa actividade, as diversas clases de escritos coa axuda dos cales se produce a comunicación, tanto entre as persoas como destas coas institucións públicas ou privadas.
- Utilizar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes.
- Utilizar adecuadamente a biblioteca e os seus diferentes departamentos como fonte de recursos variados para o desfrute e o pracer de ler, así como para a obtención de informacións variadas.
- Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal, e aproximarse a obras relevantes da tradición literaria galega para desenvolver hábitos lectores.
- Comprender textos literarios de xéneros diversos procedentes da literatura infantil e xuvenil galega adecuados en canto á temática e complexidade e iniciarse no coñecemento das convencións específicas da linguaxe literaria.
- Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia como mostra de identidade de Galicia e recoñecer a existencia da diversidade lingüística como feito cultural enriquecedor.

- Facer uso dos coñecementos sobre a lingua e sobre as normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta e para comprender textos orais e escritos.
- Reflexionar sobre os diferentes usos sociais das linguas para evitar estereotipos lingüísticos que supoñan xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

CONTIDOS.

PRIMEIRO CICLO.

Bloque 1. *Escoitar e falar.*

- Participación e cooperación en situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou narracións de feitos vitais, emocións e sentimentos), con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, ton adecuado, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala, actitude receptiva de escoita e respecto ás opinións das demais persoas).
- Uso de fórmulas e de tratamento adecuado para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.
- Comprensión e valoración de textos orais procedentes da radio e da televisión para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil.
- Comprensión e produción de textos orais para aprender, tanto os producidos con finalidade didáctica coma os cotiáns (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicacións sobre a organización do traballo).
- Comprensión de informacións audiovisuais procedentes de diferentes soportes establecendo relacións de identificación, de clasificación e de comparación entre elas.
- Escoita de textos procedentes da literatura oral galega.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, pronuncia e entoación adecuados.
- Dramatización de situacións presentadas en textos literarios.

- Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas ou ás etnias.

Bloque 2. *Ler e escribir.*

- Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou SMS.
- Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente noticias.
- Localización de informacións en textos para aprender, vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).
- Utilización e valoración de aspectos iconográficos e tipográficos como axuda á localización e comprensión de información textual.
- Integración de coñecementos e informacións procedentes de diferentes soportes textuais para aprender, identificando, clasificando e comparando.
- Produción e reescritura de textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características usuais deses xéneros.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación social e /ou dos seus elementos (novas, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar.
- Composición de textos relacionados coa escola para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, listaxes, descricións, explicacións elementais).
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.

- Valoración da autonomía lectora, interese pola elección de temas e de textos, pola comunicación das preferencias persoais, e pola apreciación do texto literario como recurso de desfrute persoal.

- Recreación e reescritura de textos narrativos (contos) e de carácter poético (adiviñas, refráns, trabalinguas, cantigas, xogos de sortes...) usando modelos.

- Adquisición progresiva das convencións do código escrito.

- Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos.

- Interese pola escritura como instrumento de relación e de aprendizaxe.

- Interese pola presentación coidada e polo uso de normas ortográficas en textos escritos.

- Iniciación ao uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.

- Introducción ao uso das bibliotecas do centro e da aula, como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e para o coñecemento.

- Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.

Bloque 3. *Reflexionar sobre a lingua.*

- Recoñecemento do papel das situacións sociais como factor condicionante dos intercambios comunicativos.

- Identificación dos contextos nos cales a comunicación se produce mediante textos escritos e valoración da escritura en determinados ámbitos.

- Identificación de textos de uso cotián na aula a partir de elementos paratextuais e textuais.

- Observación das diferenzas entre a lingua oral e a escrita.

- Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego.
- Identificación da palabra como instrumento básico para a segmentación da escritura.
- Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.
- Substitución, inserción, supresión, cambio de orde e segmentación de elementos lingüísticos no funcionamento dos enunciados e textos para adquirir novos recursos.
- Inicio á reflexión sobre as estratexias de planificación, textualización e revisión como partes do proceso escritor.
- Inicio na identificación implícita e uso dos termos seguintes en actividades de produción e de interpretación: denominación dos textos traballados, enunciado, palabra e sílaba, nome común e nome propio.
- Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

PRIMEIRO CICLO.

- Participar en situacións comunicativas da aula tomando en consideración os hábitos e as regras que rexen estas situacións. Usar fórmulas e tratamento adecuados para saudar, despedirse, presentarse, escusarse e solicitar axuda.

Quérese avaliar a capacidade do alumnado de participar en diferentes situacións de comunicación da vida escolar e a progresiva interiorización daquelas normas e hábitos básicos que facilitan a comunicación e a relación social.

- Comprender textos orais de uso habitual procedentes de diferentes soportes, identificando a información máis relevante. Usar estratexias elementais para comprender as mensaxes que se escoitan, atendendo a sinais relevantes como o ton de voz ou os xestos e formulando preguntas sobre o que non se comprende ben.

Preténdese avaliar a capacidade do alumnado para captar a información e as mensaxes de textos orais de uso cotián e dalgúns procedentes

da radio, da televisión e de webs infantís, así como o uso de estratexias para mellorar a comprensión.

- Expresar oralmente vivencias, feitos, sentimentos ou emocións, e comunicar mensaxes de xeito organizado.

Avalíase a capacidade para expresarse progresivamente con maior claridade e adecuación á situación e á intención de comunicación, usando a entoación, a pronuncia e o léxico máis adecuados para cada contexto, é dicir, avalíase a capacidade para achegar información comprensible.

- Coñecer e reproducir textos de literatura oral, especialmente a popular.

Trátase de avaliar a capacidade de identificar, recoñecer, reproducir e valorar textos do patrimonio cultural galego relacionados co contorno do alumnado e de dramatizar aspectos concretos destes.

- Localizar información concreta e realizar inferencias directas na lectura de textos.

Este criterio pretende avaliar a capacidade para identificar e extraer ideas puntuais e datos concretos indicados nos textos de maneira explícita, relacionándoos coas propias vivencias do alumnado e cos seus coñecementos previos.

- Producir e reescribir textos diferentes e diversos con variados obxectivos comunicativos, seguindo modelos e observando estratexias de planificación, textualización (coidando as normas ortográficas elementais e os aspectos básicos da organización textual) e revisión de escritos. Iniciar o uso do procesador de texto para composicións sinxelas.

Téntase avaliar o nivel de adquisición do código escrito. Observarase se a composición de textos propios, relacionados con aspectos da aula ou sociais ou literarios (poemas e contos), garda coherencia coas regras do sistema da lingua.

Así mesmo, avaliarase o proceso de produción e utilización guiada das fases de planificación e de revisión.

- Ler textos diversos dos traballados e creados na aula, con descodificación e entoación axeitada, coa finalidade de desfrutar e/ou aprender coa escoita lectora.

Preténdese avaliar a capacidade de ler comprensivamente en voz alta, logo de lectura silenciosa, textos coñecidos, facendo fincapé fundamentalmente na entoación e na expresividade.

- Amosar iniciativa e interese pola lectura.

Avaliarase o interese amosado pola lectura. Comprobarase a iniciativa e progresiva autonomía para ler e usar as fontes que proporciona a biblioteca da escola e a internet.

- Identificar mudanzas que se producen nas palabras, enunciados e textos facendo substitucións, supresións, cambios de orde e observar as modificacións que se poden dar na comprensión e na expresión escrita.

Trátase de avaliar a habilidade para observar e recoñecer, de forma guiada, os efectos que se producen cando nun texto, enunciado ou palabra se fan cambios de orde, substitucións, supresións e insercións coa finalidade de reflexionar sobre a linguaxe.

- Identificar intuitivamente texto, enunciado, palabra, nome común, nome propio, masculino e feminino, singular e plural en actividades relacionadas coa produción e comprensión de textos.

Téntase que, en actividades de produción e de comprensión de textos, o alumnado identifique algunha terminoloxía elemental que o poida axudar a facer melloras na linguaxe escrita.

CONTIDOS.

SEGUNDO CICLO.

Bloque 1. *Escoitar e falar.*

- Participación e cooperación nas situacións comunicativas habituais (expresión espontánea, asemblea, informacións, conversas reguladoras da convivencia, debates, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento de tema, respecto ás opinións das demais persoas, papeis diversos no intercambio comunicativo, ton de voz, posturas e xestos adecuados).

- Comprensión e valoración de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos.

- Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións na clase).

- Produción de textos orais para expresar ideas, sentimentos, emocións, desexos, opinións e vivencias, e para elaborar plans.

- Uso de estratexias elementais para comprender as mensaxes orais: ton de voz, entoación, xestualidade e formulación de preguntas coherentes.

- Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais.

- Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (respecto das opcións de quen fala, non interrupcións inadecuadas, contacto visual).

- Escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos).

- Valoración e aprecio do texto literario oral galego como fonte de coñecemento da propia cultura e como recurso de desfrute persoal.

- Sensibilidade estética ante elementos imaxinativos, emotivos e creativos da literatura oral galega.

- Dramatización de situacións e de textos literarios diversos.

- Utilización de documentos audiovisuais para obter, seleccionar e relacionar informacións relevantes identificando, clasificando e comparando.

- Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.

- Interese por expresarse oralmente con claridade, exposición ordenada, pronuncia e entoación adecuadas.

- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 2. *Ler e escribir.*

- Comprensión de información relevante en textos de situacións cotiás de relación social, como correspondencia escolar, normas da clase, normas do comedor, normas do transporte, normas de uso da biblioteca ou regras de xogos.

- Comprensión de información xeral en textos procedentes de medios de comunicación social (incluídas webs infantís) con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, localizando informacións destacadas en portadas, titulares, subtítulos, entradas.
- Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica coma os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).
- Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender e contrastar información identificando, clasificando, comparando e interpretando.
- Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia escolar, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións...) de acordo coas características propias destes xéneros.
- Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, en situacións reais ou simuladas, así como nos SMS.
- Producción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións...)
- Uso das estratexias de planificación, de textualización e de revisión como partes do proceso escritor.
- Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.
- Utilización de elementos gráficos e paratextuais, con grao crecente de dificultade, para facilitar a comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía).
- Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses das alumnas e dos alumnos.
- Introducción ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, hipotetización, relectura...)
- Lectura guiada e expresiva de textos narrativos de literatura infantil galega, adaptacións de obras literarias clásicas e de literatura actual en diversos soportes.

- Comprensión, memorización e recitado de poemas, co ritmo, pronuncia e a entoación adecuados.
- Recreación e composición de poemas e de relatos para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.
- Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.
- Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.
- Valoración e aprecio do texto literario como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de desfrute persoal.
- Elaboración e reescritura de textos literarios (contos, cómics, poesías) e non literarios.
- Interese polo coidado e pola presentación dos textos escritos, así como atención ás normas ortográficas.
- Utilización de estratexias de resolución de dificultades léxicas e/ou ortográficas (uso de dicionarios variados en diversos soportes).
- Dramatización e lectura dramatizada de situacións e de textos diversos.
- Coñecemento do funcionamento da biblioteca do centro e participación en actividades literarias.
- Iniciación á creación dunha biblioteca persoal.
- Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.
- Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación e das bibliotecas para obter información e modelos para a composición escrita e para a lectura.

Bloque 3. *Reflexionar sobre a lingua.*

- Recoñecemento dos elementos do contexto comunicativo como factores que inciden na selección das formas orais ou escritas de intercambio comunicativo.

- Identificación de estruturas narrativas, descritivas, instrutivas e explicativas sinxelas para a comprensión e composición de textos.
- Recoñecemento das diferenzas máis relevantes entre lingua oral e escrita.
- Coñecemento das regras ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de decingirse a elas nos escritos.
- Conciencia positiva da variedade lingüística existente no contexto escolar e social.
- Coñecemento da diversidade lingüística e valoración positiva desta riqueza.
- Comparación de textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua galega.
- Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.
- Uso e definición intuitiva nas actividades de produción e de interpretación da terminoloxía seguinte: denominación dos textos traballados, enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes, cuantificadores, tempos verbais (pasado, presente, futuro).
- Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos e de antónimos en relación coa comprensión e coa produción de textos.
- Comparación de estruturas sintácticas elementais para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.
- Inserción e coordinación de oracións como instrumento na mellora da composición escrita.
- Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (adición, causa, oposición, contradición...) en relación coa composición de textos.
- Identificación funcional das modalidades oracionais declarativa, interrogativa e exhortativa.
- Identificación intuitiva de suxeito e de predicado e dalgúns papeis semánticos do suxeito (axente, paciente).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

SEGUNDO CICLO.

- Participar en situacións comunicativas que se dan na aula (reais ou simuladas) e que correspondan a diversa tipoloxía (conversa, expresión espontánea, asemblea, debate) e a diversos obxectivos comunicativos, respectando as normas que rexen estas situacións.

Avaliarase a capacidade e a actitude de intervención en situacións variadas da aula en que se produce comunicación oral, así como a adaptación á diversa tipoloxía e a diversos obxectivos comunicativos.

Observarase especialmente o respecto das normas existentes.

- Comprender textos orais de uso cotián, extraendo o senso global das mensaxes orais. Usar estratexias elementais para comprender as mensaxes que escoitan as nenas e os nenos atendendo a sinais relevantes como o ton de voz, a entoación, os xestos, e formulando preguntas coherentes que axuden á comprensión.

Preténdese avaliar o desenvolvemento da capacidade de comprensión de producións orais cotiás.

Avaliase especialmente o recoñecemento de ideas principais, a habilidade de seleccionar a información necesaria segundo o obxectivo e a capacidade para facer algunhas deducións a partir do escoitado.

- Producir textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente ideas, estados de ánimo, sentimentos, emocións, feitos, vivencias e opinións.

Téntase constatar a capacidade para expresarse en diferentes contextos comunicativos usando o léxico, as formas lingüísticas, o ton, a entoación e a pronuncia axeitados, e a de iniciar e soste unha interacción comunicativa.

Atenderase á coherencia e á potenciación da mensaxe con aspectos non verbais como xestos, posturas ou movementos.

Observarase a habilidade para narrar situacións reais ou imaxinadas con certa desinhibición.

- Memorizar e reproducir textos orais propios da literatura popular galega empregando a pronuncia e entoación adecuadas.

Quérese observar o coñecemento dalgúns textos da literatura oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos...) adecuados ao seu interese, nivel e contorno.

- Detectar e comprender a información explícita en textos escritos (en soporte papel ou dixital) realizando inferencias directas sobre o seu contido.

Este criterio pretende avaliar a capacidade de localizar e extraer a información relevante de textos escritos variados, así como de elaborar inferencias directas a partir de datos presentes neles.

- Interpretar as ideas contidas nos textos escritos habituais (expositivos, informativos, instrutivos e literarios), tanto en formato impreso como multimedia, integrándoas nos seus propios esquemas de coñecemento.

Comprobarase se o alumnado establece relacións entre os seus coñecementos previos e as súas experiencias e información contida no texto.

Verificarase o uso de estratexias de comprensión baseadas na anticipación de hipóteses, na explicitación dos obxectivos ou propósitos lectores, na interpretación de indicadores textuais, paratextuais e contextuais e de estratexias de resolución de dificultades léxicas (uso de dicionarios, dedución polo contexto) e de integración (reler, retroceder).

Así mesmo, observarase se a nena ou o neno é quen de formular xuízos persoais sobre os textos lidos, de contrastar a información procedente de textos de contido similar e de esquematizar, con axuda de modelos, a información.

- Elaborar e reescribir textos escritos de diferente tipoloxía e formato (impresso e/ou multimedia) acordes a diversas situacións funcionais cotiás (cartas, avisos, solicitudes, instrucións, normas, anuncios, noticias) e literarias (contos, poesías, cómics) empregando estratexias de planificación, de textualización e de revisión de escritos.

Trátase de avaliar a capacidade de producir textos escritos instrutivos, expositivos, informativos ou literarios, relativos a situacións cotiás, escolares e sociais, en que se valorará o plan establecido, a textualización que recolla a corrección ortográfica e a revisión do escrito.

Tamén se valorará o uso dos medios informáticos para a presentación.

- Ler expresivamente textos de tipoloxía variada (entre os traballados e/ou elaborados na aula) con fluidez e entoación adecuadas vinculadas

á puntuación e á intencionalidade e coa velocidade apropiada segundo o tipo de texto e o obxectivo lector (ler para deleitar outras persoas, ler para dar a coñecer un texto propio, ler para compartir información dun texto único na aula).

Preténdese constatar a capacidade de ler comprensivamente en voz alta, logo de lectura silenciosa, textos variados, facendo fincapé fundamentalmente na entoación, na fluidez e na expresividade que poida axudar á interpretación do texto.

- Coñecer textos de literatura infantil galega (poesía, cómics, contos...) adecuados ao ciclo, coa finalidade de desfrutar coa lectura e de uso como modelo para as propias reescrituras, reelaboracións e producións escritas.

Trátase de avaliar o uso da literatura infantil adecuada como fonte de pracer e como fonte de modelos pertinentes para a expresión escrita literaria.

Comprobarase a presenza dunha actitude positiva cara á lectura e dunha progresiva autonomía lectora.

- Empregar as bibliotecas de aula e de centro con certa autonomía, como fonte de información e como lugar que proporciona recursos relacionados coa lectura por pracer.

Trátase de avaliar a participación do alumnado en actividades de biblioteca e o uso desta.

Valorarase que sexa quen de localizar aquilo que precisa de acordo con necesidades concretas, así como o respecto polas normas de uso e a colaboración no bo funcionamento dese espazo.

- Identificar en textos orais e escritos de uso cotián termos e usos que poidan supoñer discriminación.

Préstase atención á capacidade de detectar algunhas manifestacións discriminatorias (sexuais, étnicas, sociais...) na linguaxe e a busca de alternativas para corrixilas.

- Comparar textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua galega.

Avalíase a capacidade do alumnado de identificar e de respectar variedades da lingua galega partindo da súa realidade máis inmediata e recoñecendo a diversidade lingüística como riqueza cultural.

- Reflexionar sobre como algúns cambios nas palabras, enunciados e textos producen modificacións comprensivas e expresivas.

Procúrase avaliar a capacidade do alumnado para xogar coa lingua- xe observando os cambios semánticos e expresivos que se producen en textos, enunciados e palabras cando se practican omisións, insercións, cambios de orde, segmentacións.

Avalíase, así mesmo, a habilidade para usar estes recursos nas propias producións escritas e orais.

- Utilizar, de xeito intuitivo, terminoloxía relacionada coa tipoloxía textual, os tempos verbais (presente, futuro e pasado), os adxectivos cualificativos, os determinantes e algúns aspectos relativos á semántica, como antónimos e sinónimos, cando se realicen actividades de comprensión e de expresión orais e escritas.

Téntase avaliar se, en actividades de produción e de comprensión de textos, o alumnado identifica algún elemento lingüístico e gramatical que o poida axudar a facer melloras na comprensión e na expresión escrita. Non se trata de avaliar illadamente o coñecemento dos conceptos gramaticais, senón a súa funcionalidade, para mellorar o uso da linguaxe.

- Usar as experiencias coas diversas linguas que o alumnado coñece ou está a aprender para realizar análises e comparacións que lle permitan establecer melloras na súa expresión e comprensión en lingua galega.

Preténdese avaliar a capacidade de identificar similitudes e diferenzas entre as linguas da comunidade como fórmula de análise, de reforzo de aspectos de lingua (gráficos, sintácticos, léxicos e semánticos) e, polo tanto, de mellora na súa expresión e comprensión.

CONTIDOS.

TERCEIRO CICLO.

Bloque 1. *Escoitar e falar.*

- Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social especialmente as destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións curtas, conversas, expresións espontáneas, discusións, asembleas, narracións orais, entrevistas) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, roles diversos no inter-

cambio, respecto ás opinións e opcións lingüísticas das demais persoas, ton de voz, posturas e xestos adecuados).

- Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, na entrevista, na reportaxe infantil e nos debates e comentarios de actualidade, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e distinguindo información de opinión.

- Interpretación elemental en textos orais da retransmisión, da ironía e de dobres sentidos.

- Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse, tanto os creados con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase, entrevistas ou debates).

- Produción de textos orais propios dos medios de comunicación social mediante simulación ou participación para ofrecer e compartir información e opinión.

- Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: fluidez, claridade, orde, léxico apropiado, pronuncia correcta, ton de voz, entoación, xestualidade. Incorporación das intervencións das demais persoas, formulación de preguntas coherentes e percepción das reaccións.

- Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais (acenos, miradas, posturas corporais).

- Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (tolerancia ás opinións, escoita atenta, respecto das opcións de quen fala sen interrupcións inadecuadas, contacto visual).

- Escoita, memorización e produción de textos procedentes da literatura popular oral galega (refrás, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancións, ditos, romances, cantigas).

- Valoración e aprecio do texto literario oral galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de desfrute persoal.

- Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e a experiencias doutras persoas.

- Uso de documentos audiovisuais como medio de obter, identificar, seleccionar, clasificar, comparar e relacionar con progresiva autonomía informacións relevantes para aprender.
- Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.
- Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 2. *Ler e escribir.*

- Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: correspondencia, normas, programas de actividades, convocatorias, plans de traballo ou regulamentos.
- Comprensión de textos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís e xuvenís) con especial incidencia na noticia, na entrevista e nas cartas á dirección do xornal, para obter información xeral, localizando informacións destacadas.
- Comprensión de textos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios).
- Utilización de elementos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión (ilustracións, gráficos, táboas e tipografía).
- Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender, comparando, clasificando, identificando e interpretando con especial atención aos datos que se transmiten mediante gráficos, esquemas e ilustracións.
- Esquematización da información relevante dun texto.
- Uso das estratexias de planificación, de textualización (formato, estrutura, ortografía e normas lingüísticas...) e revisión como partes do proceso escritor.
- Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia, normas, programas, convocatorias, plans de traballo, SMS) de acordo coas características propias destes xéneros.

- Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social sobre feitos e acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia, na entrevista, no comentario breve sobre libros ou música, en situacións reais ou simuladas.

- Produción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, enquisas, resumos, esquemas, informes, descricións, explicacións).

- Realización de diferentes tipos de lectura: de investigación, de aprendizaxe, de desfrute persoal, de resolución de problemas.

- Lectura:

- Expresiva de textos de diferente tipoloxía textual non literaria.

- Persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses (conto, cómic, novela).

- Guiada de textos narrativos da literatura infantil, adaptacións de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.

- Comentada de poemas, de relatos e de obras teatrais tendo en conta as convencións literarias (xéneros, figuras)eapresenza de certos temas e motivos repetitivos e tópicos.

- Uso das estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...)

- Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.

- Valoración e aprecio do texto literario como vehículo de comunicación e fonte de aprecio da cultura e como recurso de desfrute persoal.

- Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.

- Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.

- Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.

- Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.
- Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.
- Uso progresivamente autónomo de programas informáticos de procesamento de textos e de corrección ortográfica.
- Uso da biblioteca do centro, amosando coñecemento da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades literarias e na elaboración de propostas.
- Creación da biblioteca persoal.
- Utilización das bibliotecas, incluíndo as virtuais, de xeito cada vez máis autónomo, para obter información e modelos para a produción escrita.
- Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios diversos.

Bloque 3. *Reflexionar sobre a lingua.*

- Identificación das relacións entre os elementos do contexto e as formas lingüísticas en que se manifestan os discursos orais e escritos.
- Identificación en situacións comunicativas de participantes, lugares, xeitos de proceder, para reflexionar sobre as diferentes variables que inciden na comunicación.
- Recoñecemento de estruturas narrativas, descritivas, instrutivas e explicativas para a comprensión e composición.
- Identificación dos mecanismos que favorecen e controlan a comprensión lectora.
- Coñecemento das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.
- Uso de procedementos de derivación, de comparación e de contraste para xulgar sobre a corrección das palabras e xeneralizar as normas ortográficas.
- Valoración das variedades lingüísticas da lingua galega.

- Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar sobre a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.
- Comparación de textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua galega.
- Comparación entre aspectos das linguas que o alumnado coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos en lingua galega e recoñecer as interferencias.
- Uso e identificación intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; sílaba tónica e átona; enunciados: frase e oración; tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo, imperativo; enlaces: preposición e conxunción; grupo de palabras: núcleo e complementos; adxectivo; tempo verbal; persoa gramatical; modo imperativo e infinitivo; suxeito e predicado; complementos do nome e complementos do verbo.
- Comparación de estruturas sintácticas diversas para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.
- Observación da inserción e coordinación de oracións como procedementos propios da explicación tanto na escritura como na expresión oral.
- Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (causa, consecuencia, finalidade, contradición, condición...) en relación coa composición de textos.
- Identificación, en oracións, de suxeito e de predicado, e do papel semántico do suxeito (axente, paciente, causa).
- Transformación de oracións de activa en pasiva e viceversa para mellorar a comprensión de determinados textos.
- Práctica do paso de estilo directo a estilo indirecto na narración.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

TERCEIRO CICLO.

- Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula observando as actitudes adecuadas e autorregulando as

estratexias que fan efectiva a comunicación. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.

Trátase de avaliar a capacidade de intervir nas situacións comunicativas da aula respectando os hábitos de correcta participación, desde a fala e a escoita; usando adecuadamente os recursos verbais e non verbais así como as estratexias elementais nun acto de comunicación.

- Comprender textos orais diversos interpretando as intencións explícitas así como as intencións, valores e opinións non explícitos.

Preténdese avaliar a capacidade de obter e seleccionar informacións e a de establecer relacións entre as informacións orais procedentes da escola e dos medios de comunicación transcendendo da literalidade do texto para facer deducións e inferencias elementais, así como para interpretar aspectos implícitos como a ironía, a retranca ou o dobre sentido e ser quen de entrever mensaxes subliminais.

Así mesmo, avalíase a capacidade de distinguir información de opinión e a de reflexionar sobre as técnicas empregadas no proceso de comprensión, de cara a aprender a aprender.

- Expresarse oralmente con corrección, usando diferentes textos segundo a situación comunicativa de que se trate e empregando os recursos lingüísticos e non lingüísticos que cumpran.

Constatarase a capacidade das nenas e dos nenos para producir textos orais de tipoloxía variada adecuados ás diferentes situacións (formais e informais) e necesidades con progresiva coherencia, corrección léxica, organización e control de dicción, empregando o rexistro lingüístico adecuado e usando os recursos non verbais apropiados como medios de potenciar a expresividade. Valorarase: a capacidade de producir oralmente relatos, noticias, anuncios, exposicións, explicacións sinxelas e reflexións; a capacidade de comunicar do xeito máis claro e correcto posible; a capacidade de recoñecer a utilidade de técnicas non verbais para facerse entender mellor; a habilidade para iniciar, soste e finalizar as conversas entre iguais nas relacións sociais.

- Producir textos orais a partir de textos preexistentes da literatura oral popular (refráns, ditos, conxuros, lendas, contos, adiviñas, cantigas, cancións, romances) co ritmo e a entoación adecuados.

Preténdese avaliar o uso da lingua oral desfrutando de textos de tradición oral popular, así como a capacidade de usar recursos expresivos e creativos en tarefas de dramatización, de recreación ou de memorización destes textos.

- Buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dúbidos sentidos.

Téntase avaliar a capacidade do alumnado para localizar e extraer a información en textos escritos de diversa tipoloxía e formato para comprender o sentido do texto ou hipertexto e as relacións esenciais entre os diferentes elementos: discernindo a información principal da secundaria; analizando elementos que inflúen na comprensión (estrutura, vocabulario, contexto, soporte); utilizando estratexias para resolver dúbidos (uso de dicionarios, busca de información complementaria, ampliación de datos, relectura, contraste coas compañeiras e compañeiros); usando diferentes tipos de lectura (rápida, selectiva, integral) e estratexias diferenciadas para determinar o relevante (subliñado, esquematización).

- Interpretar e integrar as concepcións previas e ideas propias coas contidas nos textos comparando e contrastando informacións variadas.

Comprobarase se o alumnado manexa con autonomía informacións contidas en textos de diferente tipoloxía e en hipertextos: utilizando estratexias para resolver dúbidos; confrontando información procedente deles coa propia; contrastando os datos obtidos; elaborando esquemas simples que recollan a información fundamental; formulando xuízos persoais sobre o lido con argumentos e amosando actitude crítica ante calquera texto que comporte algún tipo de discriminación.

- Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás da aula de xeito coherente, usando o máis adecuadamente posible estratexias de planificación, de textualización e de revisión e empregando soportes variados, incluídos os dixitais.

Verificarase que as alumnas e os alumnos son capaces de expresarse por escrito con progresiva cohesión e coherencia seguindo os pasos da produción textual (planificación e textualización adecuada).

Avaliarase a importancia que o alumnado lle dá á lingua escrita no intercambio social, así como a capacidade de elaborar textos diversos.

Farase fincapé na observación dunha presentación definitiva adecuada e correcta en relación coas normas do sistema da lingua.

- Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta (ler para que alguén desfrute escoitando, ler para dar a coñecer un texto descoñecido, ler para compartir información que se acaba de localizar) facendo participar a audiencia da súa interpretación.

Preténdese constatar a capacidade expresiva e comprensiva cando se len textos habituais en voz alta (logo de lectura silenciosa) e a capacidade de realizar lectura dramatizada de textos literarios contando coa improvisación vocal, facendo fincapé fundamentalmente na velocidade, ritmo, intensidade de voz, entoación, pausado e dicción.

Buscarase valorar a habilidade para controlar o proceso lector.

- Coñecer textos de literatura infantil en galego adecuados ao ciclo coa finalidade de que sirvan de modelos para a escritura creativa e de recursos para a lectura por pracer.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de gozar autonomamente con diferentes textos literarios escritos, adecuados aos intereses do alumnado e ao ciclo.

- Usar as bibliotecas da aula e do centro, así como os seus diferentes departamentos, con autonomía abonda, comprendendo como se organiza e colaborando no seu coidado e mellora.

Avalíase a capacidade de usar as diferentes bibliotecas e os espazos específicos destas de xeito autónomo, amosando coñecemento básico de usuaria e usuario e observando as normas.

Valorarase a capacidade de colaboración no coidado, dinamización e mantemento da biblioteca e a manifestación de preferencias na selección de lecturas expresando as propias opinións sobre elas.

- Analizar textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua galega.

Avalíase a capacidade do alumnado de analizar de xeito guiado textos en diferentes variedades da lingua galega para reflexionar sobre a expresión e a comprensión, partindo sempre da súa realidade máis inmediata e valorando a diversidade lingüística como riqueza cultural.

- Analizar criticamente os textos e hipertextos e reflexionar sobre o seu contido identificando a estrutura, o uso da linguaxe e o punto de vista da autora ou do autor a partir dos cambios que se poden producir nos elementos textuais efectuando modificacións variadas neles.

Trátase de observar a capacidade de recoñecer os efectos na comprensión e expresión que se producen en elementos do texto cando, xogando con diferentes aspectos deste, se realizan modificacións como: cambios de orde, insercións, supresións, recomposicións, modificacións léxicas....

- Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, e como apoio á comprensión e á produción de textos.

Preténdese avaliar o coñecemento e uso de terminoloxía específica (nome, verbo, tempo verbal, determinante, adxectivo e nexos) que lle permita ao alumnado debater sobre a súa produción oral e escrita, explicar o que aprende e falar da propia lingua.

- Establecer relacións entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega.

Quérese avaliar se o alumnado pode atopar relacións e interferencias doutros idiomas na lingua galega e se é quen de observar regularidades sintácticas, ortográficas, morfolóxicas... en diferentes textos e hipertextos procedentes das linguas que se falan en Galicia

ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.

INTRODUCCIÓN.

Características da área.

Os seres humanos comunícanse entre si a través de sistemas diferentes, pero a linguaxe verbal é un dos sistemas máis universais de comunicación.

A comunicación é unha das funcións esenciais da linguaxe, mais tamén ten outras funcións como as de representación do mundo físico e social, función esta última que comparte coas imaxes, coa motricidade. A linguaxe vincúlase directamente ao pensamento e, en particular, ao coñecemento. Grazas á linguaxe analizamos os problemas, organizamos información, elaboramos plans, valoramos, verbalizamos procesos. A linguaxe

cumpre, pois, unha función de representación e de autorregulación do pensamento e da acción.

Aprender lingua non é só apropiarse dun sistema de signos e das regras que rexen a súa combinación, é tamén apropiarse dos significados culturais que estes transmiten, e xunto con eles, dos modos en que as persoas do contorno entenden e interpretan a realidade.

Aprender lingua significa acadar a competencia necesaria para desenvolverse con facilidade e éxito nas diferentes situacións da vida.

É na etapa de educación primaria cando, ademais da progresiva consolidación e perfeccionamento da lingua oral, se produce unha aprendizaxe máis sistemática da lingua escrita.

O control da linguaxe dota progresivamente da capacidade de emitir mensaxes cargadas de valoracións e de matices, con posibilidade de repercusión e influencia a través do que se di e se escribe, mellorando o sentimento de seguridade e de progreso.

O currículo artículase ao redor dun eixo queéouse social da lingua nos diferentes contextos: privados e públicos, familiares e escolares. Os contidos aparecen repartidos en bloques, o que non presupón que a actividade docente deba corresponderse con esta ordenación; ao contrario, deben producirse múltiples conexións entre todos eles.

O bloque 1 escoitar e falar, recolle diversos aspectos da lingua oral. O uso oral é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan as e os falantes para comunicar satisfactoriamente e para identificar e criticar estereotipos e prexuízos de diferentes tipos.

O bloque 2 ler e escribir, recolle diversos aspectos da lingua escrita. O uso persoal, autónomo e creativo da lingua escrita implica o coñecemento das posibilidades que ofrece o código desde o punto de vista do léxico, da ortografía, da estrutura do discurso, da dimensión estética. A lectura implicará unha progresiva regulación de estratexias que permitan operar co significado do texto, establecendo relacións entre coñecementos previos e a información nova. A produción escrita significará buscar para cada situación o tipo de texto, adecuando, planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos e revisando a escrita final. Nesta etapa consolidáranse o dominio de técnicas gráficas, a relación son-grafía, as normas ortográficas convencionais e a disposición do texto.

O bloque 3 Reflexionar sobre a lingua, integra contidos relacionados co coñecemento da lingua. Implica o desenvolvemento de procesos meta-cognitivos e permite unha reflexión sistemática sobre os factores do contexto aos que se debe adecuar o discurso, sobre os esquemas textuais convencionais que serven de modelo tanto para a produción como para a comprensión, sobre o funcionamento de certas unidades lingüísticas como elementos de cohesión do texto e sobre as regularidades léxico-sintácticas dos textos usados durante a etapa.

O obxectivo desta área non é outro que o de contribuír a que o alumnado poida chegar a ser competente lingüisticamente, que sexa quen de comunicarse mellor, entendida esa comunicación no máis amplo senso posible.

O obxecto de aprendizaxe é a lingua, unha lingua real e contextualizada, unha lingua que é un instrumento multifuncional e que é útil para solicitar algo, para agradecer, para queixarse, para saudar, para dar información, para protestar, para convencer, para acadar un acordo, para crear, para falar das emocións, para debater, para planificar...

Aprender lingua é aprender a usala con propiedade, é desenvolver as denominadas catro grandes destrezas lingüísticas: falar, escoitar, ler e escribir (é dicir, habilidades orais e habilidades escritas).

Un factor fundamental que se debe ter presente é que na nosa comunidade coexisten dúas linguas en contacto estreito e cotián. Cómpre, pois, atopar fórmulas apropiadas para reflexionar sobre as estruturas comúns das dúas linguas (galega e castelá) e recoller o tratamento das interferencias idiomáticas, valéndose sobre todo da análise de textos orais e escritos de diversa procedencia, soporte e tipoloxía, coa finalidade de mellorar a expresión en cada unha das linguas partindo sempre da predominante no contorno inmediato.

Respecto da lingua oral cómpre ter presente que o alumnado inicia o período obrigatorio cunha determinada competencia lingüística oral que se manifesta no léxico, na estrutura dos enunciados, na construción do texto oral. Ampliar estas destrezas, coñecementos e habilidades é un labor escolar de grande importancia.

Alinguaoraleaescria desenvolveranse a través dun traballo sistemático que utilice unha ampla gama de situacións comunicativas, cotiás e funcionais.

Na vida diaria da escola prodúcense moitas situacións de comunicación oral que se potenciarán e aproveitarán para acadar obxectivos da área, entre estas situacións están: as comunicacións para planificar; chegar a consenso; poñer en común; debater; tomar decisións sobre procesos que se van seguir; establecer responsabilidades; comunicar resultados; comparar; contrastar respostas, opinións e significados; xustificar e verbalizar estratexias; valorar tarefas; transmitir emocións e informacións; estruturar coñecemento; defender argumentos e puntos de vista; preguntar... e ser vehículo e instrumento para a aprendizaxe das distintas áreas do currículo.

Obxectivos.

- Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá.
- Utilizar a lingua oral de xeito adecuado na actividade social e cultural adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller, seleccionar, contrastar, transformar e procesar información, como para escribir textos propios do ámbito académico.
- Usar, en situacións relacionadas coa escola e coa súa actividade, as diversas clases de escritos coa axuda dos que se produce a comunicación, tanto entre as persoas como destas coas institucións públicas ou privadas.
- Utilizar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes.
- Utilizar adecuadamente a biblioteca e os seus diferentes departamentos como fonte de recursos variados para o desfrute e o pracer de ler, así como para a obtención de informacións variadas.
- Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal, e aproximarse a obras relevantes da tradición literaria para desenvolver hábitos lectores.
- Comprender textos literarios de xéneros diversos procedentes da literatura infantil e xuvenil adecuados en canto á temática e a complexidade e iniciarse no coñecemento das convencións específicas da linguaxe literaria.

- Facer uso dos coñecementos sobre a lingua e das normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta e para comprender textos orais e escritos.
- Reflexionar sobre os diferentes usos sociais das linguas para evitar estereotipos lingüísticos que supoñan xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

CONTIDOS.

PRIMEIRO CICLO.

Bloque 1. *Escoitar e falar.*

- Participación e cooperación en situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversacións ou narracións de feitos vitais, emocións e sentimentos), con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, ton adecuado, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala, actitude receptiva de escoita e respecto ás opinións das demais persoas).
- Uso de fórmulas e de tratamento adecuado para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.
- Comprensión e valoración de textos orais procedentes da radio e da televisión para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil.
- Comprensión e produción de textos orais para aprender, tanto os producidos con finalidade didáctica como os cotiáns (breves exposicións ante a clase, conversacións sobre contidos de aprendizaxe e explicacións sobre a organización do traballo).
- Comprensión de informacións audiovisuais procedentes de diferentes soportes establecendo relacións de identificación, de clasificación e de comparación entre elas.
- Escoita de textos procedentes da literatura oral.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, pronuncia e entoación adecuados.
- Dramatización de situacións presentadas en textos literarios.

- Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, en especial as referencias ao xénero, ás razas ou ás etnias.

Bloque 2. *Ler e escribir.*

- Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas, avisos e SMS.
- Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente noticias.
- Localización de informacións en textos para aprender, vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).
- Utilización e valoración de aspectos iconográficos e tipográficos como axuda á localización e comprensión de información textual.
- Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes textuais para aprender, identificando, clasificando e comparando.
- Produción e reescritura de textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características usuais deses xéneros.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos e aspectos (novas, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar.
- Composición de textos relacionados coa escola para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, listaxes, descricións, explicacións elementais).
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.

- Valoración da autonomía lectora, interese pola elección de temas e de textos, pola comunicación das preferencias persoais e pola apreciación do texto literario como recurso de desfrute persoal.

- Recreación e reescritura de textos narrativos (contos) e de carácter poético (adiviñas, refráns, trabalinguas, cantigas, xogos de sortes...) usando modelos.

- Adquisición progresiva das convencións do código escrito.

- Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos.

- Interese pola escritura como instrumento de relación e de aprendizaxe.

- Interese pola presentación coidada e polo uso de normas ortográficas en textos escritos.

- Iniciación ao uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.

- Introducción ao uso das bibliotecas do centro e da aula, como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e para o coñecemento.

- Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.

Bloque 3. *Reflexionar sobre a lingua.*

- Recoñecemento do papel das situacións sociais como factor condicionante dos intercambios comunicativos.

- Identificación dos contextos en que a comunicación se produce mediante textos escritos e valoración da escritura en determinados ámbitos.

- Identificación de textos de uso cotián na aula a partir de elementos paratextuais e textuais.

- Observación das diferenzas entre lingua oral e escrita.

- Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico.

- Identificación da palabra como instrumento básico para a segmentación da escritura.
- Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.
- Substitución, inserción, supresión, cambio de orde e segmentación de elementos lingüísticos no funcionamento dos enunciados e textos para adquirir novos recursos.
- Inicio á reflexión sobre as estratexias de planificación, textualización e revisión como partes do proceso escritor.
- Inicio na identificación implícita e uso dos termos seguintes en actividades de produción e de interpretación: denominación dos textos traballados, enunciado, palabra e sílaba, nome común e nome propio.
- Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

PRIMEIRO CICLO.

- Participar en situacións comunicativas de aula tomando en consideración os hábitos e as regras que rexen estas situacións. Usar fórmulas e tratamento adecuados para saudar, despedirse, presentarse, escusarse e solicitar axuda.

Quérese avaliar a capacidade do alumnado de participar en diferentes situacións de comunicación da vida escolar e a progresiva interiorización daquelas normas e hábitos básicos que facilitan a comunicación e a relación social.

- Comprender textos orais de uso habitual procedentes de diferentes soportes, identificando a información máis relevante. Usar estratexias elementais para comprender as mensaxes que escoitan, atendendo a sinais relevantes como o ton de voz ou os xestos, e formulando preguntas sobre o que non se comprende ben.

Preténdese avaliar a capacidade do alumnado para captar a información e as mensaxes de textos orais de uso cotián e dalgúns procedentes da radio, da televisión e de webs infantís, así como o uso de estratexias para mellorar a comprensión.

- Expresar oralmente vivencias, feitos, sentimentos, ou emocións, e comunicar mensaxes de xeito organizado.

Avaliase a capacidade para expresarse progresivamente con maior claridade e adecuación á situación e á intención de comunicación, usando a entoación, a pronuncia e o léxico máis adecuados para cada contexto; é dicir, avalíase a capacidade para achegar información comprensible.

- Coñecer e reproducir textos de literatura oral, especialmente a popular.

Trátase de avaliar a capacidade de identificar, recoñecer, reproducir e valorar textos relacionados co contorno e a de dramatizar aspectos concretos dos destes.

- Localizar información concreta e realizar inferencias directas na lectura de textos.

Este criterio pretende avaliar a capacidade para identificar e extraer ideas puntuais e datos concretos indicados nos textos de maneira explícita, relacionándoos coas propias vivencias do alumnado e cos seus coñecementos previos.

- Producir e reescribir textos diferentes e diversos con variados obxectivos comunicativos, seguindo modelos e observando estratexias de planificación, textualización (coidando as normas ortográficas elementais e os aspectos básicos da organización textual) e revisión de escritos. Iniciar o uso do procesador de texto para composicións sinxelas.

Téntase avaliar o nivel de adquisición do código escrito. Observarase se a composición de textos propios relacionados con aspectos de aula ou sociais ou literarios (poemas e contos), garda coherencia coas regras do sistema da lingua.

Tamén se avaliará o proceso de produción e utilización guiada das fases de planificación e de revisión.

- Ler textos diversos dos traballados e creados na aula, con decodificación e entoación axeitada, coa finalidade de gozar e/ou aprender coa escoita lectora.

Preténdese avaliar a capacidade de ler comprensivamente en voz alta, logo de lectura silenciosa, textos coñecidos, facendo fincapé fundamentalmente na entoación e na expresividade.

- Amosar iniciativa e interese pola lectura.

Avaliarase o interese amosado pola lectura. Comprobarase a iniciativa e progresiva autonomía para ler e usar as fontes que proporciona a biblioteca da escola a internet.

- Identificar mudanzas que se producen nas palabras, enunciados e textos facendo substitucións, supresións, cambios de orde e observar as modificacións que se poden dar na comprensión e na expresión escrita.

Trátase de avaliar a habilidade para observar e recoñecer, de forma guiada, os efectos que se producen cando nun texto, enunciado ou palabra se fan cambios de orde, substitucións, supresións e insercións coa finalidade de reflexionar sobre a linguaxe.

- Identificar intuitivamente texto, enunciado, palabra, nome común, nome propio, masculino e feminino, singular e plural en actividades relacionadas coa produción e comprensión de textos.

Téntase que, en actividades de produción e de comprensión de textos, o alumnado identifique algunha terminoloxía elemental que lle poida axudar a facer melloras na linguaxe escrita.

CONTIDOS.

SEGUNDO CICLO.

Bloque 1. *Escoitar e falar.*

- Participación e cooperación nas situacións comunicativas habituais (expresión espontánea, asemblea, informacións, conversas reguladoras da convivencia, debates, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento de tema, respecto ás opinións das demais persoas, papeis diversos no intercambio comunicativo, ton de voz, posturas e xestos adecuados).

- Comprensión e valoración de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos.

- Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso

cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións na clase).

- Produción de textos orais para expresar ideas, sentimentos, emocións, desexos, opinións e vivencias, e para elaborar plans.
- Uso de estratexias elementais para comprender as mensaxes orais: ton de voz, entoación, xestualidade e formulación de preguntas coherentes.
- Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais.
- Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (respecto das opcións de quen fala, non interrupcións inadecuadas, contacto visual).
- Escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos).
- Valoración e aprecio do texto literario oral como fonte de coñecemento da cultura e como recurso de gozo persoal.
- Sensibilidade estética ante elementos imaxinativos, emotivos e creativos da literatura oral.
- Dramatización de situacións e de textos literarios diversos.
- Utilización de documentos audiovisuais para obter, seleccionar e relacionar informacións relevantes identificando, clasificando e comparando.
- Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.
- Interese por expresarse oralmente con claridade, exposición ordenada, pronuncia e entoación adecuadas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatória e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 2. *Ler e escribir.*

- Comprensión de información relevante en textos de situacións cotiás de relación social, como correspondencia escolar, normas da clase,

normas do comedor, normas do transporte, normas de uso da biblioteca ou regras de xogos.

- Comprensión de información xeral en textos procedentes de medios de comunicación social (incluídas webs infantís) con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, localizando informacións destacadas en portadas, titulares, subtítulos, entradas.

- Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).

- Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender e contrastar información identificando, clasificando, comparando e interpretando.

- Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia escolar, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións...) de acordo coas características propias destes xéneros.

- Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, en situacións reais ou simuladas, así como nos SMS.

- Producción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións...)

- Uso das estratexias de planificación, de textualización e de revisión como partes do proceso escritor.

- Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.

- Utilización de elementos gráficos e paratextuais, con grao crecente de dificultade, para facilitar a comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía).

- Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de obras adecuadas á idade e aos intereses das alumnas e dos alumnos.

- Introducción ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, hipotetización, relectura...)

- Lectura guiada e expresiva de textos narrativos de literatura infantil, adaptacións de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.

- Comprensión, memorización e recitado de poemas, co ritmo, a pronuncia e a entoación adecuados.

- Recreación e composición de poemas e de relatos para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.

- Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.

- Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.

- Valoración e aprecio do texto literario como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.

- Elaboración e reescritura de textos literarios (contos, cómics, poesías) e non literarios.

- Interese polo coidado e pola presentación dos textos escritos, así como atención ás normas ortográficas.

- Utilización de estratexias de resolución de dificultades léxicas e/ou ortográficas (uso de dicionarios variados en diversos soportes).

- Dramatización e lectura dramatizada de situacións e de textos diversos.

- Coñecemento do funcionamento da biblioteca do centro e participación en actividades literarias.

- Iniciación á creación dunha biblioteca persoal.

- Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.

- Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación e das bibliotecas para obter información e modelos para a composición escrita e para a lectura.

Bloque 3. *Reflexionar sobre a lingua.*

- Recoñecemento dos elementos do contexto comunicativo como factores que inciden na selección das formas orais ou escritas de intercambio comunicativo.
- Identificación de estruturas narrativas, descritivas, instrutivas e explicativas sinxelas para a comprensión e composición de textos.
- Recoñecemento das diferenzas máis relevantes entre lingua oral e escrita.
- Coñecemento das regras ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.
- Conciencia positiva da variedade lingüística existente no contexto escolar e social.
- Coñecemento da diversidade lingüística e valoración positiva desta riqueza.
- Comparación de textos orais e escritos producidos en diferentes variedades de lingua.
- Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.
- Uso e definición intuitiva nas actividades de produción e interpretación da terminoloxía seguinte: denominación dos textos traballados, enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes, cuantificadores, tempos verbais (pasado, presente, futuro).
- Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos e de antónimos en relación coa comprensión e coa produción de textos.
- Comparación de estruturas sintácticas elementais para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.
- Inserción e coordinación de oracións como instrumento na mellora da composición escrita.
- Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (adición, causa, oposición, contradición...) en relación coa composición de textos.

- Identificación funcional das modalidades oracionais declarativa, interrogativa e exhortativa.
- Identificación intuitiva de suxeito e predicado e dalgúns papeis semánticos do suxeito (axente, paciente).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

SEGUNDO CICLO.

- Participar en situacións comunicativas que se dan na aula (reais ou simuladas) e que correspondan a diversa tipoloxía (conversa, expresión espontánea, asemblea, debate) e a diversos obxectivos comunicativos, respectando as normas que rexen estas situacións.

Avaliarase a capacidade e a actitude de intervención en situacións variadas de aula nas cales se produce linguaxe oral, así como a adaptación á diversa tipoloxía e a diversos obxectivos comunicativos.

Observarase especialmente o respecto das normas.

- Comprender textos orais de uso cotián, extraendo o senso global das mensaxes orais. Usar estratexias elementais para comprender as mensaxes que escoitan as nenas e os nenos atendendo a sinais relevantes como o ton de voz, a entoación, os xestos e formulando preguntas coherentes que axuden á comprensión.

Preténdese avaliar o desenvolvemento da capacidade de comprensión de producións orais cotiás.

Avaliase especialmente o recoñecemento de ideas principais, a habilidade de seleccionar a información necesaria segundo o obxectivo e a capacidade para facer algunhas deducións a partir do escoitado.

- Producir textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente ideas, estados de ánimo, sentimentos, emocións, feitos, vivencias e opinións.

Téntase constatar a capacidade para expresarse en diferentes contextos comunicativos usando o léxico, as formas lingüísticas, o ton, a entoación e a pronuncia axeitados, e a de iniciar e soste unha interacción comunicativa.

Atenderase á coherencia e á potenciación da mensaxe con aspectos non verbais como xestos, posturas ou movementos.

Observarase a habilidade para narrar situacións reais ou imaxinadas con certa desinhibición.

- Memorizar e reproducir textos orais propios da literatura popular empregando a pronuncia e entoación adecuadas.

Quérese observar o coñecemento dalgúns textos da literatura oral (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) adecuados ao seu interese, nivel e contorno.

- Detectar e comprender a información explícita en textos escritos (en soporte papel ou dixital) realizando inferencias directas sobre o seu contido.

Este criterio pretende avaliar a capacidade de localizar e extraer a información relevante de textos escritos variados, así como de elaborar inferencias directas a partir de datos presente neles.

- Interpretar as ideas contidas nos textos escritos habituais (expositivos, informativos, instrutivos e literarios), tanto en formato impreso como multimedia, integrándoas nos seus propios esquemas de coñecemento.

Comprobarase se o alumnado establece relacións entre os seus coñecementos previos e as súas experiencias e a información contida no texto.

Verificarase o uso de estratexias de comprensión baseadas na anticipación, na formulación de hipóteses, na explicitación dos obxectivos ou propósitos lectores, na interpretación de indicadores textuais, paratextuais e contextuais e de estratexias de resolución de dificultades léxicas (uso de dicionarios, dedución polo contexto...) e de integración (reler, retroceder).

Asímesmo, observárase se o alumnado é capaz de formular xuízos persoais sobre os textos lidos, contrastar a información procedente de textos de contido similar e esquematizar, con axuda de modelos, a información.

- Elaborar e reescribir textos escritos de diferente tipoloxía e formato (impresso e/ou multimedia) acordes a diversas situacións funcionais cotiás (cartas, avisos, solicitudes, instrucións, normas, anuncios, noticias) e literarias (contos, poesías, cómics) empregando estratexias de planificación, de textualización e de revisión de escritos.

Trátase de avaliar a capacidade de producir textos escritos instrutivos, expositivos, informativos, literarios... relativos a situacións cotiás, esco-

lares e sociais. Valoraranse: un plan establecido, unha textualización que recolla a corrección ortográfica e unha revisión do escrito.

Tamén se valorará o uso dos medios informáticos.

- Ler expresivamente textos de tipoloxía variada (entre os traballados e/ou elaborados na aula) con fluidez e entoación adecuadas vinculadas á puntuación e á intencionalidade e coa velocidade apropiada segundo o tipo de texto e o obxectivo lector (ler para deleitar outras persoas, ler para dar a coñecer un texto propio, ler para compartir información dun texto único na aula).

Preténdese constatar a capacidade de ler comprensivamente en voz alta, logo de lectura silenciosa, textos variados, facendo fincapé fundamentalmente na entoación, na fluidez e na expresividade que poida axudar á interpretación do texto.

- Coñecer textos de literatura infantil (poesía, cómics, contos...) adecuados ao ciclo, coa finalidade de gozo coa lectura e de uso como modelo para as súas reescrituras, reelaboracións e producións escritas.

Trátase de valorar o uso da literatura infantil adecuada á idade e aos intereses do alumnado como fonte de pracer e como fonte de modelos pertinentes para a expresión escrita literaria. Avaliarase tamén a capacidade de explorar os recursos de cada texto para servir de modelos en reescrituras, dramatizacións e recreacións.

Comprobarase a presenza dunha actitude positiva cara á lectura e o uso cada vez máis autónomo dela.

- Empregar as bibliotecas de aula e de centro con certa autonomía como fonte de información e como lugar que proporciona recursos relacionados coa lectura por pracer.

Trátase de avaliar a participación do alumnado en actividades de biblioteca e o uso desta.

Valorarase que sexa quen de localizar aquilo que precisa de acordo con necesidades concretas, así como o respecto polas normas de uso e a colaboración no bo funcionamento dese espazo.

- Identificar en textos orais e escritos de uso cotián temas e usos que poidan supoñer discriminación.

Préstase atención á capacidade de detectar algunhas manifestacións discriminatorias (sexuais, étnicas, sociais...) na linguaxe e á busca de alternativas para corrixilas.

- Reflexionar sobre como algúns cambios nas palabras, enunciados e textos producen modificacións comprensivas e expresivas.

Procúrase avaliar a capacidade do alumnado para xogar coa linguaxe observando os cambios semánticos e expresivos que se producen en textos, enunciados e palabras cando se practican omisións, insercións, cambios de orde, segmentacións.

Avaliase, así mesmo, a habilidade para usar as súas producións escritas e orais considerando o texto de xeito crítico e creativo, o que lle permitirá analízalo en diferentes aspectos (formato, estrutura, vocabulario, recursos literarios).

- Utilizar de xeito intuitivo terminoloxía relacionada coa tipoloxía textual, os tempos verbais (presente, futuro e pasado), os adxectivos cualificativos, os determinantes e algúns aspectos relativos á semántica como antónimos e sinónimos, cando se realicen actividades de comprensión e de expresión orais e escritas.

Téntase avaliar se, en actividades de produción e de comprensión de textos, o alumnado identifica algunha terminoloxía lingüística e gramatical que lle poida axudar a facer melloras na comprensión e na expresión escrita. Non se trata de avaliar illadamente os conceptos gramaticais senón a súa funcionalidade para mellorar o uso da linguaxe.

- Usar as experiencias coas diversas linguas que coñece ou está a aprender para realizar análises e comparacións que lle permitan establecer melloras na súa expresión e comprensión.

Preténdese que poidan identificar similitudes e diferenzas entre as linguas da comunidade como fórmula de análise de aspectos da lingua (gráficos, sintácticos, léxicos, semánticos) que os axuden a mellorar na súa expresión e comprensión correctas.

CONTIDOS.

TERCEIRO CICLO.

Bloque 1. *Escoitar e falar.*

- Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social especialmente as destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións curtas, conversas, expresións espontáneas, discusións, asembleas, narracións orais, entrevistas), con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, papeis diversos no intercambio, respecto ás opinións e opcións lingüísticas das demais persoas, ton de voz, posturas e xestos adecuados).

- Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet con especial incidencia na noticia, na entrevista, na reportaxe infantil e nos debates e comentarios de actualidade, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e distinguindo información de opinión.

- Interpretación elemental en textos orais da retranscrición, da ironía e dos dúbidos sentidos.

- Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse, tanto os creados con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase, entrevistas ou debates).

- Produción de textos orais propios dos medios de comunicación social mediante simulación ou participación para ofrecer e compartir información e opinión.

- Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: fluidez, claridade, orde, léxico apropiado, pronuncia correcta, ton de voz, entoación, xestualidade. Incorporación das intervencións das demais persoas, formulación de preguntas coherentes e percepción das reaccións.

- Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais (acenos, miradas, posturas corporais).

- Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (tolerancia ás opinións, escoita atenta, respecto das opcións de quen fala sen interrupcións inadecuadas, contacto visual).

- Escoita, memorización e produción de textos procedentes da literatura popular oral (refrains, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancións, ditos, romances, cantigas).

- Valoración e aprecio do texto literario oral como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
- Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e a experiencia doutras persoas.
- Uso de documentos audiovisuais como medio de obter, identificar, seleccionar, clasificar, comparar e relacionar con progresiva autonomía informacións relevantes para aprender.
- Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.
- Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 2. *Ler e escribir.*

- Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: correspondencia, normas, programas de actividades, convocatorias, plans de traballo ou regulamentos.
- Comprensión de textos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís e xuvenís) con especial incidencia na noticia, na entrevista e nas cartas á dirección do xornal, para obter información xeral, localizando o máis destacado.
- Comprensión de textos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios).
- Utilización de elementos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión (ilustracións, gráficos, táboas e tipografía).
- Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender, comparando, clasificando, identificando e interpretando con especial atención aos datos que se transmiten mediante gráficos, esquemas e ilustracións.

- Esquematización da información relevante dun texto.
- Uso das estratexias de planificación, de textualización (formato, estrutura, ortografía e normas lingüísticas...) e de revisión como partes do proceso escritor.
- Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia, normas, programas, convocatorias, plans de traballo, SMS) de acordo coas características propias destes xéneros.
- Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social sobre feitos e acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia, na entrevista, no comentario breve sobre libros ou música, en situacións reais ou simuladas.
- Produción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, enquisas, resumos, esquemas, informes, descrições, explicacións).
- Realización de diferentes tipos de lectura: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal, de resolución de problemas.
- Lectura:
 - Expresiva de textos de diferente tipoloxía textual non literaria.
 - Persoal, silenciosa e en voz alta de obras adecuadas á idade e aos intereses (conto, cómic, novela).
 - Guiada de textos narrativos da literatura infantil, adaptacións de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.
 - Comentada de poemas, de relatos e de obras teatrais tendo en conta as convencións literarias (xéneros, figuras) e aprensade certos temas e motivos repetitivos e tópicos.
- Uso das estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura).
- Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.
- Valoración e aprecio do texto literario como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

- Recreación e composición de poemas e de relatos para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.
- Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.
- Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.
- Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.
- Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.
- Uso progresivamente autónomo de programas informáticos de procesamento de textos e de corrección ortográfica.
- Uso da biblioteca do centro, amosando coñecemento da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades literarias e na elaboración de propostas.
- Creación da biblioteca persoal.
- Utilización das bibliotecas, incluíndo as virtuais, de xeito cada vez máis autónomo, para obter información e modelos para a produción escrita.
- Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios diversos.

Bloque 3. Reflexionar sobre a lingua.

- Identificación das relacións entre os elementos do contexto e as formas lingüísticas en que se manifestan os discursos orais e escritos.
- Identificación en situacións comunicativas de participantes, lugares, xeitos de proceder, para reflexionar sobre as diferentes variables que inciden na comunicación.
- Recoñecemento de estruturas narrativas, descritivas, instrutivas e explicativas para a comprensión e composición.

- Identificación dos mecanismos que favorecen e controlan a comprensión lectora.
- Coñecemento das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.
- Uso de procedementos de derivación, comparación e contraste para xulgar sobre a corrección das palabras e xeneralizar as normas ortográficas.
- Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar sobre a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.
- Comparación entre aspectos das linguas que coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos e recoñecer as interferencias das linguas existentes na comunidade autónoma.
- Uso e identificación intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; sílaba tónica e átona; enunciados: frase e oración; tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo, imperativo; enlaces: preposición e conxunción; grupo de palabras: núcleo e complementos; adxectivo; tempo verbal; persoa gramatical; modo imperativo e infinitivo; suxeito e predicado; complementos do nome e complementos do verbo.
- Comparación de estruturas sintácticas diversas para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.
- Observación da inserción e coordinación de oracións como procedementos propios da explicación, tanto na escritura como na expresión oral.
- Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (causa, consecuencia, finalidade, contradición, condición...) en relación coa composición de textos.
- Identificación, en oracións, de suxeito e predicado, así como do papel semántico do suxeito (axente paciente, causa).
- Transformación de oracións de activa en pasiva e viceversa para mellorar a comprensión de determinados textos.
- Práctica do paso de estilo directo a estilo indirecto na narración.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

TERCEIRO CICLO.

- Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula observando as actitudes adecuadas e autorregulando as estratexias que fan efectiva a comunicación. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.

Trátase de avaliar a capacidade de intervir nas situacións comunicativas da aula respectando os hábitos de correcta participación, empregando as calidades que debe posuír quen fala, recoñecendo as calidades de quen escoita e mais usando adecuadamente os recursos non verbais e as estratexias elementais para percibir reaccións.

- Comprender textos orais diversos interpretando as intencións explícitas, así como as intencións, valores e opinións non explícitas.

Preténdese avaliar a capacidade de obter e seleccionar informacións e a de establecer relacións entre as informacións orais procedentes da escola e dos medios de comunicación transcendendo da literalidade do texto para facer deducións e inferencias elementais, así como para interpretar aspectos implícitos como a ironía, a retranca ou o dobre sentido, e entrever mensaxes subliminais.

Así mesmo, avalíase a capacidade de distinguir información de opinión e a de reflexionar sobre os mecanismos que se relacionan coa comprensión, de cara a aprender a aprender.

- Expresarse oralmente con corrección, usando diferentes textos orais segundo a situación comunicativa de que se trate e empregando os recursos lingüísticos e non lingüísticos que sexan precisos.

Constatarase a capacidade das nenas e dos nenos para producir textos orais de tipoloxía variada adecuados ás diferentes situacións (formais e informais) e necesidades con progresiva coherencia, corrección léxica, organización e control de dicción, empregando o rexistro lingüístico adecuado e usando os recursos non verbais apropiados como medios de potenciar a expresividade. Valorarase: a capacidade de producir oralmente relatos, noticias, anuncios, exposicións, explicacións sinxelas e reflexións; a capacidade de comunicar do xeito máis claro e correcto posible; a capacidade de recoñecer a utilidade de técnicas non verbais diversas con vistas a

facerse entender mellor; a habilidade para iniciar, soste e finalizar as conversas entre iguais nas relacións sociais.

- Producir textos orais a partir de textos preexistentes da literatura oral popular (refráns, ditos, conxuros, lendas, contos, adiviñas, cantigas, cancións, romances) co ritmo e a entoación adecuados.

Preténdese avaliar o uso da lingua oral desfrutando de textos de tradición oral popular, así como a capacidade de usar recursos expresivos e creativos en tarefas de dramatización, de recreación ou de memorización destes textos.

- Buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobres sentidos.

Téntase avaliar a capacidade do alumnado para localizar e extraer a información en textos escritos de diversa tipoloxía e formato para comprender o sentido do texto ou hipertexto e as relacións esenciais entre os diferentes elementos: discernindo a información principal da secundaria; analizando elementos que inflúen na comprensión (estrutura, vocabulario, contexto, soporte); utilizando estratexias para resolver dúbidas (uso de dicionarios, busca de información complementaria, ampliación de datos, relectura, contraste coas compañeiras e compañeiros); usando diferentes tipos de lectura (rápida, selectiva, integral...) e estratexias diferenciadas para determinar o relevante (subliñado, esquematización).

- Interpretar e integrar as concepcións previas e ideas propias coas contidas nos textos, comparando e contrastando informacións variadas.

Comprobarase se o alumnado manexa con autonomía informacións contidas en textos de diferente tipoloxía e en hipertextos: utilizando estratexias para resolver dúbidas, confrontando información procedente destes coa propia, contrastando os datos obtidos, elaborando esquemas simples que recollan a información fundamental, formulando xuízos persoais sobre o lido con argumentos e amosando actitude crítica ante calquera texto que comporte algún tipo de discriminación.

- Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás da aula de xeito coherente, usando o máis adecuadamente posible estratexias de planificación, de textualización e de revisión e empregando soportes variados, incluídos os dixitais.

Verificarase que as alumnas e os alumnos sexan capaces de expresarse por escrito en progresión de cohesión e de coherencia seguindo os pasos da produción textual (planificación, textualización adecuada).

Avaliarase a importancia que o alumnado lle dá á lingua escrita no intercambio social, así como a capacidade de elaborar textos diversos.

Farase fincapé na observación dunha presentación definitiva adecuada e correcta en relación coas normas do sistema da lingua.

- Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía con fluidez e precisión atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta (ler para que alguén goce escoitando, ler para dar a coñecer un texto descoñecido, ler para compartir información que se acaba de localizar), facendo participar á audiencia da interpretación dela.

Preténdese constatar a capacidade expresiva e comprensiva cando se len textos habituais en voz alta (logo de lectura silenciosa) e a capacidade de realizar lectura dramatizada de textos literarios contando coa improvisación vocal, facendo fincapé fundamentalmente na velocidade, ritmo, intensidade de voz, entoación, pausado e dicción.

Valorarase a habilidade para controlar o proceso lector.

- Coñecer textos de literatura infantil adecuados ao ciclo coa finalidade de que sirvan de modelos para a escritura creativa e de recursos para a lectura por pracer.

Este criterio avalía a capacidade de gozar autonomamente con diferentes textos literarios escritos adecuados aos seus intereses e ao ciclo.

- Usar as bibliotecas da aula e do centro e os seus diferentes departamentos con autonomía abonda, comprendendo como se organiza, e colaborando no seu coidado e mellora.

Avaliase a capacidade de usar as diferentes bibliotecas e os espazos específicos destas de xeito autónomo, amosando coñecemento básico de usuaria e usuario e observando as normas.

Valorarase a capacidade de colaboración no coidado, dinamización e mantemento da biblioteca e a manifestación de preferencias na selección de lecturas expresando as propias opinións sobre elas.

- Analizar criticamente os textos e hipertextos e reflexionar sobre o seu contido, identificando a estrutura, o uso da linguaxe e o punto de vista da autora ou do autor a partir dos cambios que se poden producir nos elementos textuais efectuando modificacións variadas neles.

Trátase de observar a capacidade de recoñecer os efectos na comprensión e expresión que se producen en elementos do texto cando, xogando con diferentes aspectos deste, se realizan modificacións como: cambios de orde, insercións, supresións, recomposicións, modificacións léxicas...

- Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, e como apoio á comprensión e á produción de textos.

Preténdese avaliar o coñecemento de terminoloxía específica (nome, verbo, tempo verbal, determinante, adxectivo e nexos) que lle permita ao alumnado debater sobre a súa produción oral e escrita, explicar o que aprende e falar da propia lingua.

- Establecer relacións entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos.

Quérese avaliar se o alumnado pode atopar relacións e interferencias doutros idiomas e se é quen de observar regularidades sintácticas, ortográficas, morfolóxicas... en diferentes textos e hipertextos procedentes das linguas que se falan en Galicia.

ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA.

INTRODUCCIÓN.

Características da área.

As linguas son instrumentos de comunicación e de coñecemento, vehículo dos sistemas de valores e das expresións culturais e factor determinante da identidade dos pobos e das persoas. Coa lingua somos quen de expresar sentimentos e emocións, interactuamos co medio, creamos culturas e facemos que estas pervivan a través dos tempos.

No mundo actual, cada vez máis globalizado, onde están a desaparecer os límites xeográficos da comunicación, a aprendizaxe de linguas estranxeiras constitúe unha necesidade e unha posibilidade ilimitada de achegamento, por unha parte, á información, ao coñecemento e ás tecno-

loxías e, pola outra, a distintos formas e estilos de vida e maneiras de pensar de diferentes culturas.

Na sociedade europea actual, a competencia multilingüe estase a conformar como un aspecto esencial para a protección e o desenvolvemento da herdanza lingüística como fonte de enriquecemento mutuo. Esta permitiralles aos individuos relacionar de modo significativo as distintas culturas ás que teñen acceso mediante os seus coñecementos lingüísticos e lograr unha mellor comprensión delas ata configurar a competencia pluricultural, da cal a competencia plurilingüe é un dos compoñentes. Todo isto ha facilitar a mobilidade plena das persoas e o intercambio democrático de ideas.

A realidade galega está conformada por unha comunidade de falantes que coñecen dúas linguas, o galego e o castelán, e que están a aprender, polo menos, unha lingua estranxeira. Isto, máis a integración na nosa sociedade de persoas procedentes doutros países de Europa e do resto do mundo, constitúe unha característica dos contornos de aprendizaxe escolar das linguas, en si mesmos plurilingües e, desde o punto de vista metodolóxico, integradores. Neles débese tirar proveito, non só das destrezas e coñecementos desenvoltos en cada unha das linguas, senón tamén da simple presenza de idiomas descoñecidos, referente real das diferenzas lingüísticas e culturais, incidindo na riqueza que tal feito implica.

Seguindo as indicacións do Consello de Europa no Marco Común Europeo de Referencia, a aprendizaxe das linguas estranxeiras e a súa certificación organizanse nunha serie de niveis comúns ordenados en graos de competencia lingüística progresivamente máis amplos e ligados a distintos contextos sociais de uso da competencia comunicativa. Será, pois, a etapa de educación primaria a que inicie esta andaina cara ao dominio pleno da competencia comunicativa nas linguas estranxeiras obxecto de estudo.

Igualmente, o Marco Común Europeo de Referencia promove o coñecemento das diversas linguas e culturas, polo que este currículo ten tamén a finalidade de favorecer a comunicación entre iguais, eliminar barreiras, prexuízos e estereotipos e enriquecer persoalmente as nenas e os nenos.

Na educación primaria, o estudo da lingua estranxeira terá como meta a paulatina familiarización coa nova lingua e a súa utilización en situacións de comunicación sinxelas e significativas para os nenos e para as nenas desa idade. As linguas apréndense de moitas maneiras, pero o que se ensina e o que aprende o alumnado está condicionado, entre outros fac-

tores, polo conxunto de medios e materiais utilizados. Así, as tarefas e os materiais deben ser variados e adaptados ás características do alumnado ao que van dirixidos e ás finalidades da aprendizaxe da lingua estranxeira. Pola súa parte, a utilización das TIC ofrece a posibilidade de respectar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno e cada alumna, de acceder a contidos reais e adecuados ao seu nivel e intereses ou de establecer contactos con alumnas e alumnos de todo o mundo falantes desa lingua a través dos recursos informáticos que internet pon á súa disposición (correo electrónico, chats, foros, etc.), así como de iniciarse, no caso da educación primaria, á competencia básica de aprender a aprender utilizando este instrumento.

Así, o currículo de lingua estranxeira para a educación primaria promove un ensino integrador das linguas, baséase no desenvolvemento progresivo da competencia comunicativa e da competencia intercultural e impulsa a utilización das diversas linguaxes que posibilitan a comunicación: verbal, non verbal, audiovisual e dixital.

O currículo artéllase en tres bloques:

O bloque 1. escoitar e falar, reúne as dúas dimensións básicas sobre as que traballar nesta etapa de educación primaria. Cómpre non esquecer que as destrezas produtivas (escribir e falar) son posteriores ás receptivas.

Valorar a nova lingua de estudo; escoitar variadas e significativas mensaxes cunha actitude positiva; comprender o que falan as demais persoas; captar o sentido global de textos orais emitidos a través de diferentes medios e soportes; fomentar a comprensión crítica e identificación de estereotipos; participar nas situacións de comunicación a través do movemento, dos xestos, da palabra; aprender as normas dos intercambios orais e escritos, a negociar o consenso e a xogar cos novos sons, ritmos e entoación son aspectos que se recollen neste bloque e que conducen ao coñecemento e á aprendizaxe do idioma.

Cómpre lembrar a importancia de proporcionarlle un rico e variado input ao alumnado a partir do cal inicie un coñecemento intuitivo sobre os mecanismos da nova lingua. Canto máis abundante e redundante sexa o input, maior será a diversidade de patróns de comunicación, o que permitirá aumentar a competencia lingüística do alumnado e facilitar a súa participación en situacións de comunicación propostas nas actividades de aprendizaxe na aula.

O bloque 2. Ler e escribir, recolle dúas actividades lingüísticas que se inician na etapa da educación primaria como complemento ás dúas ante-

riores, polo que nos primeiros cursos desta etapa a lingua traballada no código escrito será aprendida na súa forma oral en primeiro lugar.

O bloque 3. Reflexión sobre a lingua e consciencia intercultural, integra contidos relacionados co coñecemento do idioma e coa reflexión acerca deste e das regras de funcionamento das linguas. Ademais, fai visibles as estratexias de aprendizaxe: memorización, repetición, relacións cos outros idiomas ou coñecementos... Así, agudízase a atención selectiva ao reflexionar sobre a mesma lingua.

Na educación primaria o enfoque comunicativo dirixirá a comunicación oral, obxectivo prioritario nesta etapa, e a motivación sentará as bases para a aprendizaxe, de xeito que a atención sexa máis intensa, a aprendizaxe máis rápida e a actitude tranquila e relaxada ante a lingua estranxeira e a sociedade e cultura que esta implica. Será unha metodoloxía baseada no descubrimento guiado e colectivo e na resolución de problemas, evitando o traballo analítico e favorecendo en todo momento a participación e implicación activa dos nenos e das nenas, coa finalidade de lograr aprendizaxes eficaces desde o punto de vista cognitivo, comunicativo e socio afectivo.

Obxectivos.

- escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas, utilizando as informacións transmitidas para a realización de diversas tarefas concretas relacionadas coa experiencia do alumnado.
- expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecidos, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.
- ler de xeito comprensivo textos diversos, relacionados coas experiencias e intereses do alumnado, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa.
- aprender a usar con progresiva autonomía medios variados, incluídas as TIC, para obter información e para comunicarse en lingua estranxeira.
- valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre as persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.

- Manifestar unha actitude receptiva, interesada e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.
- Coñecer aspectos doutras culturas que utilizan a lingua estudada e amosar unha actitude de respecto cara as mesmas.
- Utilizar os coñecementos e as experiencias previas coas linguas galega e castelá para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.
- Identificar aspectos fonéticos, de ritmo, de acentuación e de entoación, así como estruturas lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira e usalos como elementos básicos da comunicación.

CONTIDOS.

PRIMEIRO CICLO.

Bloque 1. *Escoitar e falar.*

- Comprensión de mensaxes orais sinxelas (instrucións) para realizar tarefas dentro ou fóra da aula.
- Comprensión de textos orais sinxelos -contos, cancións, rimas...- conectados cos intereses das nenas e dos nenos e apoiados con imaxes, sons e xestos.
- Escoita e comprensión de mensaxes sinxelas significativas para o alumnado procedentes de diferentes soportes multimedia.
- Achegamento, a través do xogo e da expresión corporal e musical, a algúns aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da nova lingua.
- Participación en situacións de comunicación reais ou simuladas, empregando respostas verbais ou non verbais (movemento, accións, debuxo, modelado, mímica).
- Imitación de situacións de comunicación breves e sinxelas a través de dramatizacións e de xogos de sortes, de rutinas de comezo e fin da clase, de lerías, de retrousos e de contos.
- Memorización de producións orais breves significativas e apoiadas con axuda visual, auditiva e xestual (cancións, rutinas para iniciar ou manter o xogo, fórmulas orais breves para manter a atención, lerías...).

- Participación con actitude de colaboración en xogos e dramatizacións que precisen de breves intervencións orais.
- Interese por empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación (saúdo, despedida, presentacións, felicitación ás persoas da aula nos seus aniversarios, estados de ánimo...).
- Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas.
- Recoñecemento e aprendizaxe de formas básicas de relación social en lingua estranxeira.
- Iniciación ás estratexias básicas que favorecen a comprensión e a expresión oral: uso do contexto visual e non-verbal e dos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación transferidos desde as linguas que coñece o alumnado á lingua estranxeira.
- Valoración da lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e para achegarse a nenos e nenas doutras culturas.

Bloque 2. *Ler e escribir.*

- Asociación de imaxes con palabras coñecidas e relacionadas con temas próximos ao alumnado -contos, personaxes de debuxos animados- e identificación delas, empregando diferentes recursos visuais e informáticos.
- Asociación de grafía, fonema e significado de palabras en contextos reais ou simulados procedentes de diversas fontes, traballadas previamente a través de diversos medios, e sempre con apoio visual.
- Lectura de palabras e de enunciados moi sinxelos en recursos variados (audiovisuais e informáticos, tiras de cómic, karaoke, xogos de ordenador).
- Escritura de palabras e de enunciados moi sinxelos e traballados previamente en producións orais utilizando distintos medios (xogos visuais e informáticos en que o alumnado teña que formar palabras e asocíalas con imaxes, modelos, textos para completar...) coa intención de compartir información ou cunha intención lúdica e/ou funcional.
- Iniciación ao uso de programas informáticos educativos para ler e escribir mensaxes sinxelas.
- Interese polo coidado na presentación dos textos escritos.
- Valoración positiva dos textos escritos propios e os do resto das persoas da aula, colaborando na súa produción e exposición e integrándoo-

as na rutina diaria (carteis para identificar os recantos, calendario, cartafol colectivo...).

Bloque 3. *Reflexión sobre a lingua e consciencia intercultural.*

- Iniciación a algunhas diferenzas de sons e de ritmo respecto da primeira lingua.

- Iniciación á utilización de estratexias de lectura: uso do contexto visual e verbal e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación transferidos desde as linguas que coñece o alumnado.

- Familiarización con algunhas estratexias básicas da produción de textos a partir dun modelo: selección da persoa destinataria, da intención e do contido.

- Uso de habilidades e de procedementos (repetición, memorización, asociación de palabras e de expresións con elementos xestuais e visuais e observación de modelos) para a adquisición de léxico e de estruturas elementais da lingua.

- Iniciación ao uso de dicionarios visuais, contos, webs infantís e produtos multimedia e achegamento ás posibilidades que achegan na busca de información e de coñecemento.

- Seguridade na propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira e gusto polo traballo cooperativo.

- Iniciación ao emprego dun cartafol (registro de aprendizaxe) colectivo da aula, onde se irán acumulando os traballos de cada neno e cada nena previamente acordados no grupo-clase.

- Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á nosa realidade a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.

- Actitude receptiva cara ás persoas que falan outra lingua e teñen unha cultura ou forma de vida diferentes.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

PRIMEIRO CICLO.

- Valorar a lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e para achegarse a nenoseanenas doutras culturas que teñen formas de

vida diferentes da propia e para descubrir algúns aspectos comúns (xogos de sortes, xogos tradicionais e festas...).

Con este criterio avaliarase o interese por iniciar relacións con nenos e nenas falantes da lingua estranxeira, a actitude positiva de respecto cara á aprendizaxe dunha nova cultura e de interese por descubrir semellanzas coa propia.

- Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe da nova lingua mostrando interese por imitar, escoitar e reproducir rimas, cancións, xogos, elementos repetitivos dos contos e de cancións.

Trátase de comprobar a aceptación da nova lingua como fonte de pracer e de diversión e a valoración desta como vehículo de xogo e de comunicación.

- Comprender mensaxes verbais, significativas e contextualizadas coa axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos.

Avaliase a capacidade progresiva de captar ideas e mensaxes en situacións de comunicación oral significativas en que se utilicen linguaxes diversas (xestos, mímica, sons, imaxes e recursos multimedia).

- Participar comprensivamente, empregando formas lingüísticas e non lingüísticas, en producións orais moi sinxelas relativas a situacións e a temas de interese para o alumnado: xogos, dramatizacións de contos, instrucións para realizar actividades da aula.

Preténdese avaliar a participación oral activa en situacións de dificultade progresiva utilizando fórmulas sinxelas de interacción social e mediante respostas non verbais.

- Amosar comprensión, mediante respostas verbais sinxelas e básicas, en situacións de comunicación cotiás (saúdo, despedida, presentación, expresión de estados de ánimo e outros) e iniciarse nas fórmulas orais da expresión cotiá.

Téntase comprobar que o alumnado comprende e participa en interaccións orais sociais básicas de saúdo, de despedida, de presentación e de manifestación sinxela de estados de ánimo e que ten capacidade de responder verbalmente nas ditas situacións de comunicación.

- Imitar sons, repetir producións orais sinxelas e breves de uso diario na aula e memorizar fórmulas breves e sinxelas de comunicación oral de

interese para os nenos e as nenas (xogos de sortes, retrousos de cancións e contos, fórmulas verbais para iniciar unha actividade, lerías, xogos de mans...)

Trátase de valorar o grao de aprendizaxe dos aspectos fonéticos máis básicos da nova lingua mediante a observación da capacidade de imitación do alumnado e a repetición de sons, de palabras e de enunciados con pronunciación, ritmo e entoación intelixibles.

- Identificar e interpretar palabras e enunciados curtos contextualizados en situacións de comunicación significativas para os nenos e para as nenas, como mensaxes multimedia, contos, tarxetas de felicitación, anuncios e carteis aprendidos con anterioridade na súa forma oral.

Trátase de valorar a capacidade do alumnado de relacionar a forma escrita coa forma oral, recorrendo ás diversas linguaxes que acompañarán ás palabras e enunciados (imaxes, xestos, sons). A identificación das mesmas mensaxes noutros contextos será clave para a valoración positiva da aprendizaxe.

- Producir mensaxes significativas sinxelas de xeito guiado en papel ou en formato dixital cunha finalidade comunicativa e con axuda de modelos que previamente fosen aprendidos oralmente.

Avaliarase a capacidade de escribir palabras e frases sinxelas a partir dun modelo substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, saudar, escribir un cartel...) tanto de forma manuscrita como en formato dixital.

- Utilizar recursos e estratexias moi sinxelos para aprender a aprender, identificando as que son máis apropiadas para o alumnado (axudas xestuais, repetición sonora en voz alta ou de movemento, asociación, emprego de dicionarios visuais, utilización da internet...).

Preténdese comprobar o grao de consciencia dos logros do alumnado e a capacidade de recoñecer as estratexias de aprendizaxe.

- Amosar curiosidade e interese por buscar información a través de diferentes medios sobre a cultura que están a estudar as alumnas e os alumnos (busca de imaxes, xogos, fotografías, personaxes de debuxos animados...) con diversas finalidades (exposición na aula no rexistro de aprendizaxe, clasificación na carpeta de favoritos, utilización como salvapantallas, álbums...)

Téntase valorar con este criterio a curiosidade por coñecer diferentes aspectos da vida e da cultura relacionadas coa lingua estranxeira, así como o interese por aprendelos e compartilos co resto da clase.

CONTIDOS.

SEGUNDO CICLO.

Bloque 1. *Escoitar e falar.*

- Comprensión de mensaxes orais (instrucións e peticións) de progresiva complexidade para realizar tarefas dentro ou fóra da aula.
- Comprensión de textos orais de dificultade crecente -contos, anuncios, información meteorolóxica, localización dunha persoa, obxecto ou lugar, cancións, rimas...- conectados cos intereses das nenas e dos nenos en soporte audiovisual e multimedia para extraer información global e algunha específica.
- Participación en situacións reais ou simuladas de comunicación dando respostas verbais e non verbais que supoñan unha elección entre un repertorio limitado de posibilidades, en contextos progresivamente menos dirixidos.
- Participación activa en situacións funcionais de comunicación (conversas telefónicas; peticións; auto-presentación e presentación doutras persoas; compra-venda; saúdos; identificación e localización de persoas, de obxectos e de lugares...) respectando e empregando as convencións propias do proceso comunicativo: prestar atención á persoa que fala, respectar as quendas de palabra, manter contacto visual, amosar actitude positiva e presentar adecuación da resposta á intervención das outras persoas.
- Producción de textos orais coñecidos previamente mediante a participación activa en representacións, cancións, recitados, dramatizacións, interaccións dirixidas... ou ben preparados mediante un traballo previo con axudas e modelos, amosando interese por expresarse oralmente en actividades individuais e de grupo.
- Utilización progresiva de estratexias básicas para apoiar a comprensión e a expresión oral: uso do contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.

- Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas na lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e coñecer outras culturas.
- Identificación e dominio progresivo de aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira como aspectos fundamentais para a comprensión e produción de breves textos orais a través do xogo e da expresión corporal e musical.
- Interese por facerse comprender, por entender e por empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación.

Bloque 2. *Ler e escribir.*

- Asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e de expresións orais coñecidas, así como consolidación dalgunhas asociacións grafía-son básicas en situacións contextualizadas ben definidas para as nenas e os nenos.
- Lectura e comprensión de diferentes mensaxes de interese para os nenos e as nenas (contos, menús, instrucións dun xogo, mensaxes de correo electrónico, xogos de pistas, anuncios publicitarios...) adaptadas á súa competencia lingüística, en soporte papel e dixital, para utilizar información global e específica no desenvolvemento dunha tarefa ou polo simple pracer da lectura.
- Uso guiado de estratexias de lectura (utilización das imaxes, dos títulos e doutras informacións visuais, así como dos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación transferidos desde as linguas que coñece o alumnado), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e de expresións non coñecidas.
- Lectura expresiva e escritura de textos propios de situacións cotiás próximas como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos.
- Composición de textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados moi coñecidos oralmente para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da vida diaria.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para ler e transmitir información (webs, programas multimedia, correo electrónico)
- Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos valorando o seu sentido estético.

- Interese por cooperar na utilización da lingua estranxeira na súa forma escrita na aula, por expoñela como recordatorio visual e para á aprendizaxe de novas palabras e expresións (carteis para identificar os obxectos e os espazos da aula, calendario, normas de xogos, cartafol colectivo...)

- Iniciación ao coñecemento e uso das estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda.

- Presenza da lingua estranxeira no contorno próximo.

Bloque 3. *Reflexión sobre a lingua e consciencia intercultural.*

- Autonomía no emprego dun cartafol colectivo de aula e iniciación e interese na utilización dun individual para seleccionar de forma guiada os mellores traballos propios.

- Uso de estratexias (repetición, imitación, memorización, asociación de palabras e expresións con xestos, imaxes ou sons, observación de modelos, lectura de textos, utilización de soportes multimedia) para a adquisición de novo léxico, formas e estruturas da lingua.

- Reflexión sobre a utilización progresiva de diferentes medios (dicionarios visuais e bilingües, internet, materiais audiovisuais e multimedia...) como instrumentos de axuda para a aprendizaxe.

- Conianza na propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira, aceptación do erro como parte do proceso e valoración do traballo cooperativo como forma de acadar obxectivos de aprendizaxe.

- Utilización de recursos de compensación de insuficiencias no uso da lingua oral: xestos, definicións, debuxos.

- Identificación de aspectos lingüísticos e culturais pouco complexos diferentes e semellantes á nosa realidade a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (diferentes horarios, festas, hábitos...)

- Recoñecemento do valor da nova lingua para achegarse a nenos e nenas doutras culturas que teñen formas de vida e formas de pensar diferentes da propia.

- Actitude receptiva cara ás persoas que falan outra lingua e teñen culturas, hábitos, crenzas e formas de vida diferentes.

- Interese por coñecer información sobre as persoas e a cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

SEGUNDO CICLO.

- Valorar a lingua estranxeira como instrumento para comunicarse, para achegarse a nenos e nenas doutras culturas que teñen formas de vida diferentes da propia e para descubrir algúns aspectos culturais diferentes e semellantes á identidade galega (simboloxía, música, festas e xogos tradicionais).

Con este criterio avaliarase a actitude positiva de respecto cara á aprendizaxe dunha nova cultura e o interese e a curiosidade por descubrir semellanzas e diferenzas coa identidade propia.

- Amosar comprensión mediante respostas non verbais (xestos, movemento, actividades artísticas) a instrucións básicas dadas en situacións habituais na aula e no centro.

Preténdese comprobar o grao de comprensión do alumnado sen que interfira a súa capacidade de expresión oral ou escrita.

- Captar a información máis relevante e identificar información global en mensaxes diversas que inclúan textos orais, sobre temas familiares e de interese para os nenos e as nenas.

Trátase de avaliar a capacidade de captar o sentido global dunha mensaxe oral con apoio de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes na situación de comunicación, así como a habilidade para recoñecer e extraer palabras e expresións coñecidas dun texto máis extenso, aínda que este non se comprenda na súa totalidade.

- Participar comprensivamente en situacións de comunicación (da vida da aula ou simuladas), respectando as normas básicas dos intercambios orais e empregando formas lingüísticas e non lingüísticas.

Avaliase a capacidade de interaccionar en situacións comunicativas imprescindibles na vida diaria. Atenderase tamén á actitude con que participa nos intercambios: respectando convencións do proceso comunicativo como escoitar con atención e interese, mirar a quen fala, valorar as intervencións das outras persoas...

- Memorizar e producir textos orais coñecidos previamente e de interese para os nenos e as nenas mediante a participación activa en representacións, cancións, recitados, dramatizacións e interaccións dirixidas.

Avaliarase a capacidade de producir breves textos orais intelixibles pola súa adecuación fonética e do seu ritmo e entoación, así como a participación activa.

- Comprender o significado global e algunhas informacións específicas de textos sinxelos, en soporte papel e dixital, sobre temas diversos, motivadores e adaptados á competencia lingüística de nenos e de nenas.

Con este criterio avalíase a capacidade de extraer información global e específica, con axuda de estratexias fundamentais de comprensión escrita, como usar elementos do contexto lingüístico e non lingüístico e transferir coñecementos das linguas que coñece o alumnado, así como a adquisición do léxico previamente traballado.

- Producir mensaxes escritas significativas en que aparezan enunciados e textos curtos a partir de modelos, cunha finalidade determinada e cun formato preestablecido, tanto en soporte papel como dixital.

Este criterio intenta valorar a capacidade para escribir textos diversos como notas, instrucións ou normas, cartas, carteis, folletos, cómics ou descricións sinxelas con corrección ortográfica. Avaliarase a capacidade de utilizar o modelo ou guía para producir un texto con certo grao de autonomía, atenderase tamén ao interese pola presentación limpa e ordenada do texto.

- Usar formas e estruturas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos e motivadores de forma significativa.

Trátase de comprobar que as nenas e os nenos recoñecen e reproducen de xeito comprensible aspectos sonoros, de ritmo, de acentuación e de entoación cando participan activamente escoitando, repetindo e anticipando expresións en actividades previas a dramatizacións, cancións...

- Coñecer e empregar funcionalmente algunhas estratexias para aprender a aprender e identificar algunhas características persoais que axudan a aprender mellor.

Este criterio pretende avaliar se se identifican e usan estratexias básicas que favorecen o proceso de aprendizaxe, como a utilización de recursos visuais e xestuais, a petición de axuda e aclaracións, o uso cada

vez máis autónomo de dicionarios visuais e bilingües e dalgúns medios tecnolóxicos básicos, a busca e recompilación de información sobre temas coñecidos en diferentes soportes... Avaliarase tamén a capacidade de ir valorando os progresos do alumnado e de poñer exemplos sobre estratexias que usa para aprender mellor, así como a adquisición de certa autonomía na utilización espontánea de formas e de estruturas sinxelas e cotiás.

- Amosar curiosidade e interese por buscar información a través de diferentes medios sobre a cultura que están a estudar as nenas e os nenos con diversas finalidades: exposición na aula no rexistro de aprendizaxe, inclusión no cartafol propio, achegas a un determinado traballo colectivo en rede, ou outros do seu interese.

Valorarase a curiosidade por coñecer diferentes aspectos da vida e da cultura relacionadas coa lingua estranxeira, así como o interese por compartilos co resto da clase.

- Respetar as diferenzas de todo tipo adoptando unha actitude positiva ante culturas e opinións alleas.

Trátase de comprobar que o alumnado vai coñecendo a realidade plural do mundo onde vive e que amosa unha actitude aberta e positiva cara ás diferenzas físicas, familiares, de horarios, de comidas, de tradicións, de festividades e de formas de relacionarse das persoas.

- Amosar confianza e interese por transmitir algúns aspectos da nosa cultura a outros nenos e outras nenas, empregando o idioma estranxeiro a través de formatos e linguaxes diversas e valorando positivamente o que podemos ofrecer.

Trátase de comprobar que o alumnado é consciente da importancia da súa propia identidade e amosa confianza ao transmitir aspectos significativos desta na lingua estranxeira.

- Producir mensaxes sinxelas propias a partir dun contexto concreto utilizando a educación artística, as tecnoloxías da información e da comunicación...

Búscase comprobar o grao de autonomía na creación das propias producións.

CONTIDOS.

TERCEIRO CICLO.

Bloque 1. *Escoitar e falar.*

- Comprensión de mensaxes orais (instrucións, peticións e explicacións) de progresiva complexidade para realizar tarefas dentro ou fóra da aula, emitidas polas persoas presentes ou a través de gravacións nos diferentes soportes.

- Comprensión de mensaxes orais de progresiva complexidade relacionadas cos intereses dos rapaces e das rapazas e cos seus sentimentos, desexos e gustos (entrevistas a persoas coñecidas; contos; lendas; sucesos; adiviñas; relato oral do que se está facendo, vendo ou escoitando; relato da vida diaria doutros nenos e doutras nenas da súa idade que viven de xeito diferente...), emitidas en soporte audiovisual e informático, para obter información global e específica.

- Exploración das posibilidades expresivas de textos orais a través da imitación, da recitación, da dramatización e da representación.

- Participación en situacións reais de comunicación ou simuladas empregando expresións cada vez máis complexas baseadas en modelos e en estruturas lingüísticas coñecidas (para falar da familia e doutras persoas, do tempo atmosférico, da roupa, dos libros, dos xogos, das películas...), con adecuación ao contexto, con progresiva autonomía e con reforzo de linguaxe non verbal.

- Participación activa en situacións cotiás de comunicación producidas dentro da aula (decidir sobre un asunto, facer peticións, organizar a actividade, traballar en equipo, pedir aclaracións ou axuda, expoñer un tema...), respectando e empregando as convencións propias do proceso comunicativo: prestar atención á persoa que fala, usar adecuadamente das quendas de palabra, manter o contacto visual, amosar actitude positiva e adecuar a resposta á intervención.

- Recoñecemento de estruturas para afirmar, negar, cuantificar...

- Sensibilidade ante a importancia da comunicación oral en linguas estranxeiras.

- Valoración do diálogo entre iguais como medio de aprendizaxe compartida.

- Emprego da lingua estranxeira como instrumento para unha aprendizaxe integrada, coa finalidade de acadar novos coñecementos non puramente lingüísticos (taller de solidariedade, obradoiro de educación viaria, aprendizaxe e práctica dun novo deporte, dunha nova técnica artística...).

- Afianzamento e confianza nas estratexias básicas para apoiar a comprensión e a expresión oral: uso do contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación transferidos desde as linguas que coñece o alumnado á lingua estranxeira, así como solicitude de repeticións e de reformulacións para asegurar a comprensión.

- Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas na lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e coñecer outras culturas.

- Interese por empregar a lingua estranxeira e por aprender o seu uso en novas situacións de comunicación de progresiva complexidade, atendendo á corrección e á adecuación das expresións.

- Interese pola pronuncia coidada, polo ritmo, pola entoación e pola acentuación adecuadas, tanto nas participacións orais como nas imitacións, recitacións e dramatizacións.

- Valoración das actividades realizadas fóra da aula en que a lingua empregada sexa a lingua estranxeira (asistencia a unha obra de teatro, xantar con persoas doutros países, demostración dalgunha habilidade e explicación...)

- Valoración das linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.

- Actitude crítica ante as discriminacións amosadas nas mensaxes procedentes dos diferentes medios de comunicación social, audiovisuais e multimedia.

- Uso dos coñecementos en lingua estranxeira para interpretar mensaxes presentes no propio medio. Presenza da lingua estranxeira en Galicia.

Bloque 2. *Ler e escribir.*

- Asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e de expresións orais coñecidas, así como consolidación

das asociacións grafía-son das mensaxes empregadas en situacións funcionais de comunicación.

- Lectura e comprensión de diferentes mensaxes significativas (entrevistas de personaxes de interese, bitácoras, instrucións dun novo xogo, mensaxes de correo, narración dun suceso...) en soporte papel e dixital, adaptadas á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica, no desenvolvemento dunha tarefa ou proxecto ou para gozar da lectura.

- Uso progresivamente autónomo de estratexias de lectura (utilización dos elementos do contexto visual e dos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante, deducindo o significado de palabras e de expresións non coñecidas e empregando dicionarios ou tradutores dixitais.

- Exploración das posibilidades expresivas da lectura de mensaxes en que a expresividade sexa ingrediente fundamental para a comprensión e para o gozo destas (breves obras de teatro, chistes, poemas, cancións, conversas da vida cotiá...)

- Actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos medios de comunicación social e da internet e identificación de valores e de ideas subliminais que supoñan calquera tipo de discriminación ou manipulación.

- Autonomía lectora e identificación e selección de lecturas (contos, folletos, revistas e cómics en lingua estranxeira) na biblioteca da aula e na do centro.

- Interese pola lectura autónoma de textos en lingua estranxeira para obter información e para gozar con eles.

- Lectura e escritura de textos propios de situacións comunicativas habituais de relación social e dos medios de comunicación, así como de textos para aprender e para informarse.

- Valoración da lingua estranxeira como instrumento para comunicarse por escrito con rapaces e rapazas doutros lugares (chat e correo electrónico) e para aprender costumes e aspectos culturais propios dos países onde se fala a lingua estranxeira e doutros onde esta se estuda (manifestacións artísticas e musicais, danzas, festivais, paisaxe, climatología, patrimonio histórico, comidas, deportes, xogos tradicionais e actividades de lecer...).

- Produción de textos escritos sobre temas de interese elaborados de forma cooperativa, seguindo as secuencias do proceso de produción (planificación, xeración de ideas, textualización e revisión), utilizando as tecnoloxías da información para a súa produción, e asegurando que o resultado se acade a través da negociación entre o grupo. Interese por compartir os textos producidos (exposición na aula ou no centro).

- Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético.

- Composición de textos de creación propia asociados a distintas situacións de comunicación, progresivamente máis extensos e ricos en léxico e en estruturas, seguindo as secuencias do proceso de produción (planificación, xeración de ideas, textualización organización en parágrafos-, e revisión), con diversas intencións comunicativas (contar experiencias, sentimentos, preferencias, regular normas, informar de acontecementos, invitar a actuar con responsabilidade ecolóxica...).

- Interese por empregar as TIC para producir textos e presentacións coa finalidade de transmitirlles a outros rapaces e a outras rapazas aspectos relacionados coa nosa identidade cultural (adaptando ou creando poemas, lendas, cancións e describindo lugares do contorno, personaxes da nosa cultura, xogos e festas populares...).

Bloque 3. *Reflexión sobre a lingua e consciencia intercultural.*

- Autonomía no emprego dun cartafol propio, manuscrito ou en soporte dixital, onde estarán incluídos unha selección dos mellores traballos, unha reflexión propia da mellor maneira de aprender, autoavaliacións, observacións, curiosidades, fotos, material real... relacionados coa lingua estranxeira.

- Uso de estratexias como a repetición; a imitación; a memorización; a asociación de palabras e de expresións con xestos, imaxes ou sons; a observación de modelos; a lectura de textos; a utilización de soportes multimedia e de dicionarios para a adquisición de novo léxico, formas e estruturas da lingua.

- Interese por revisar e autocorrixir os textos, comparando os procedementos lingüísticos máis frecuentes utilizados coa mesma finalidade nas distintas linguas.

- Conianza na propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira, aceptando o erro como parte do proceso e valorando o traballo cooperativo como forma de acadar obxectivos de aprendizaxe individuais e colectivos.

- Activación e reflexión dos coñecementos lingüísticos desenvolvidos nas outras linguas para favorecer a comprensión das mensaxes escritas na lingua estranxeira (relacionar elementos do texto, prescindir de comprender o significado de palabras que non son esenciais, deducir o sentido de palabras e de estruturas).

- Identificación dos propios problemas de comprensión e progresiva superación destes a través de toma de notas en producións orais, da atención ao contexto, da repetición, da memorización...

- Recoñecemento do uso e da funcionalidade dalgunhas formas e estruturas básicas propias da lingua estranxeira previamente utilizadas.

- Actitude receptiva cara ás persoas que falan outra lingua e teñen culturas, hábitos, crenzas, opinións e formas de vida diferentes á propia.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

TERCEIRO CICLO.

- Valorar a lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e para achegarse a rapaces e rapazas doutras culturas que teñen formas de vida diferentes da propia e para descubrir algúns aspectos culturais diferentes e semellantes á identidade galega través de diferentes canles de comunicación.

Con este criterio avaliarase a actitude positiva de respecto cara á aprendizaxe dunha nova cultura e o interese por descubrir semellanzas e diferenzas coa identidade propia. Valorarase tamén o esforzo por empregar a lingua estranxeira para establecer relacións persoais a través de correspondencia escolar utilizando as novas tecnoloxías, tanto na interacción oral como na elaboración de comunicacións escritas.

- Empregar a lingua estranxeira como instrumento para a construción de novas aprendizaxes que non sexan puramente lingüísticas (obra doiro de solidariedade, de educación viaria, aprendizaxe e práctica dun xogo deportivo, dunha técnica artística...).

Trátase de valorar a capacidade para empregar e identificar a lingua estranxeira non só como instrumento de comunicación e de convivencia, senón tamén como medio de acceso ao coñecemento.

- Comprender o sentido global de mensaxes orais significativas e identificar informacións específicas destas emitidas en diferentes situacións de comunicación, procedentes de distintas fontes e en diversos formatos.

Avaliase con este criterio a capacidade de comprender mensaxes, informacións e conversas claras e sinxelas emitidas en diferentes contextos situacionais e mediante diversos formatos e fontes; mensaxes, informacións e conversas en que se utilicen as expresións e o vocabulario máis frecuente sobre o contorno persoal e familiar básico, os xogos, os deportes, os contidos abordados noutras áreas e outros temas actuais do interese do alumnado. Avaliarase tamén a utilización de estratexias para comprender os textos orais, tales como relacionar elementos do texto e do contexto, prescindir de comprender o significado de palabras que non son esenciais e deducir o sentido de vocábulos e de estruturas.

- Manter conversas cotiás sobre temas de interese coñecidos e traballados con anterioridade en situacións de comunicación funcionais, respectando as normas básicas dos intercambios, como esperar a quenda, escoitar e mirar a quen fala e interesarse polas intervencións alleas.

Con este criterio preténdese comprobar se o alumnado é quen de comunicarse en situacións habituais sobre temas coñecidos e traballados previamente para expresar necesidades inmediatas como facer peticións, organizar a actividade, traballar en equipo, pedir aclaracións ou axuda. Avaliase a capacidade de utilizar expresións e enunciados para falar en termos sinxelos sobre a súa familia e outras persoas, sobre o tempo atmosférico, a roupa, os libros, os xogos e sobre contidos das diferentes áreas. Tamén se valorará a actitude coa que participa nos intercambios e se manifesta interese polas intervencións das demais persoas.

- Localizar en mensaxes escritas en diversos formatos, e relacionadas cos intereses dos rapaces e das rapazas, información explícita e realizar inferencias directas baseadas no contexto.

Este criterio avalía a capacidade de ler e de identificar e entender información ou ideas relevantes explícitas en textos, máis complexos e extensos ca nos ciclos anteriores, que traten temas do interese do alumnado. Tamén se valora a habilidade para transcender o significado superficial

e facer inferencias directas baseadas no texto e no contexto, así como para transferir coñecementos doutras linguas.

- Compoñer mensaxes escritas significativas atendendo ás persoas a quen van dirixidas, ao tipo de texto e á finalidade, tanto en soporte papel como dixital, e elaboradas de forma cooperativa.

Avaliar a capacidade do alumnado de producir, a partir de modelos, textos curtos e diversos sobre temas relacionados cos seus intereses atendendo aos diferentes elementos da comunicación. Valorarase especialmente a atención prestada ás fases de produción do texto (planificación, xeración de ideas, textualización-organización en parágrafos e revisión) e a negociación no grupo para chegar ao resultado final.

- Usar formas e estruturas básicas propias da lingua estranxeira, incluíndo aspectos de ritmo, de acentuación, e de entoación en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.

Trátase de coñecer a capacidade de producir progresivamente, con maior corrección e intelixibilidade, aspectos fonéticos, de ritmo, de acentuación e de entoación da lingua estranxeira durante a participación activa en actividades diversas a partir de modelos.

- Empregar algunhas estratexias para aprender a aprender, como facer preguntas pertinentes para obter información, pedir aclaracións, utilizar dicionarios bilingües e monolingües, acompañar a comunicación con xestos, buscar, recompilar e organizar información en diferentes soportes, utilizar as TIC para contrastar e comprobar información e identificar algúns aspectos que axudan ao alumnado a aprender mellor.

Este criterio pretende avaliar a utilización de estratexias básicas que favorecen o proceso de aprendizaxe. Tamén se avaliará a capacidade de ir valorando os propios progresos e de identificar recursos e estratexias que lle axudan ao alumnado a aprender mellor.

- Amosar comprensión, tolerancia e respecto cara ás diferenzas de todo tipo, adoptando unha actitude positiva ante culturas e opinións alleas.

Trátase de comprobar o coñecemento e a valoración do alumnado sobre a realidade plural do mundo onde vive e a súa actitude aberta e positiva cara ás diferenzas.

- Aplicar estratexias que favorezan a creatividade na produción de mensaxes próximas ao alumnado a partir dun contexto concreto e utilizando a educación artística, as tecnoloxías da comunicación e da información...

Preténdese avaliar a capacidade dos nenos e das nenas de crear as súas propias mensaxes comunicativas, tomando como exemplo modelos actuais dos diferentes medios e empregando as diversas linguaxes que posibilitan a comunicación: verbal, non verbal, artística, audiovisual e informática.

- Recoñecer, identificar e valorar algúns aspectos socioculturais do país ou países onde se fala a lingua estudada, identificando semellanzas e diferenzas coa nosa realidade. Demostrar curiosidade e interese por buscar información a través de diferentes medios

Preténdese comprobar se o alumnado coñece, identifica e localiza algúns aspectos socioculturais dos países onde se fala a lingua estranxeira e se é quen de establecer comparacións construtivas coa cultura propia, avanzando nunha conciencia intercultural.

- Amosar confianza e interese por transmitir diferentes aspectos da propia cultura a outros nenos e nenas empregando o idioma estranxeiro oralmente e por escrito e valorando positivamente o que desde a nosa cultura podemos ofrecer.

Trátase de que o alumnado sexa consciente da importancia da súa propia identidade e de que amose confianza ao transmitir aspectos significativos desta.

ÁREA DE MATEMÁTICAS.

INTRODUCCIÓN.

Características da área.

As matemáticas son unha fonte importante do desenvolvemento intelectual. Son un conxunto de ideas e de formas de actuar que inclúe non só usar cantidades e formas xeométricas, senón tamén facerse preguntas, obter modelos e identificar relacións e estruturas, de maneira que, ao analizar os fenómenos e situacións que se presentan na realidade, se poden obter informacións e conclusións que nun comezo non estaban explícitas. Razoar en matemáticas consiste en establecer relacións, combinalas e crear novos conceptos.

A comunicación, coa axuda da linguaxe matemática, persegue un dobre obxectivo: a apropiación dunha terminoloxía específica da área e a expresión de información precisa e completa sobre o contorno. As matemáticas permiten estruturar o coñecemento que se ten da realidade, analízala e acadar unha información nova para comprendela mellor, valorala e tomar decisións.

Entendidas así, as matemáticas incorporan ás características tradicionais relacionadas coa dedución, coa precisión, co rigor e coa seguridade as de indución, estimación, aproximación e probabilidade, que mellorarán a capacidade de enfrontarse a situacións abertas, sen solución única, e pechadas.

O seu coñecemento constitúe tamén un elemento fundamental para a inserción na sociedade. Os seus descubrimentos son numerosos e diversificados e contribuíron ao desenvolvemento arquitectónico, informático e tecnolóxico, por poñer algúns exemplos, ademais de permitir ter maior precisión na medición do tempo, na fabricación de obxectos e na organización do espazo. Na sociedade actual é imprescindible manexar conceptos matemáticos relacionados coa vida cotiá, no ámbito do consumo, da economía privada e en moitas situacións da vida social. Apréndese matemáticas tamén porque son útiles en varios ámbitos: a medida que o alumnado progresa ao longo dos ciclos da escolaridade obrigatoria son necesarias para o coñecemento tanto das ciencias naturais como das sociais. En canto á linguaxe específica con características propias, a súa aprendizaxe mellorará a elaboración e comunicación de diferentes coñecementos. As matemáticas deben desempeñar varios papeis equilibrados ao longo das etapas: un papel formativo básico de capacidades intelectuais, un papel aplicado e funcional en tanto se relacionan coa vida cotiá e un papel instrumental en canto formalizadoras de coñecementos doutras áreas.

As matemáticas forman parte do patrimonio cultural dos pobos. A historia ensínanos que as matemáticas constitúen unha área en continua expansión que naceu da necesidade de dar solución a unha serie de problemas prácticos e unha ferramenta para resolver problemas da vida cotiá como o cómputo de pertenzas, o comercio, o calendario, as medicións de terras... Cada pobo, cada cultura, atopou solucións persoais e exclusivas para cada problema e creou sistemas de representación propios.

A área de matemáticas estrutúrase ao redor de tres bloques:

O bloque 1. Espazos e formas, recolle os aspectos fundamentais da xeometría. Preténdese que o alumnado describa, analice propiedades, cla-

sifique e razoe, e non só que defina. Requírese pensar e facer, construír, debuxar, clasificar con diversos criterios, modelizar, medir, comparar... Todo o ámbito manipulativo ten enorme importancia ao tratar os contidos deste bloque e tamén o uso de programas informáticos que poidan facilitar algúns ou varios destes requirimentos. Espazo e forma fan referencia a relacións espaciais e xeométricas, e require este bloque observar similitudes e diferenzas, analizar os compoñentes das formas e recoñecer formas en diferentes representacións e dimensións, así como entender as propiedades dos obxectos e as súas posicións no espazo.

O bloque 2. Cantidades, pretende esencialmente o traballo coas cantidades nas diferentes vertentes en que estas aparecen: o número e o dominio reflexivo das relacións numéricas nos diferentes contextos.

O bloque 3. Tratamento da información e azar, fai fincapé na iniciación ao uso crítico da información recibida por diferentes medios e sobre todo na comprensión das informacións dos medios de comunicación.

O alumnado, cando se incorpora á educación primaria, chega cunha enorme bagaxe de experiencias matemáticas, xeralmente intuitivas, relacionadas con diversos aspectos da área (por exemplo, coas cantidades: números, medidas de tempo, sistema monetario, accións de engadir e quitar, cos espazos, coas formas, coa importancia que lles atribúen as persoas do contorno próximo...). Esas experiencias foron construídas en interacción co seu contorno e coas persoas próximas que as utilizan decote.

O achegamento aos contidos matemáticos debe apoiarse en actividades reais e na manipulación de obxectos concretos e familiares para poder ir avanzando progresivamente cara á formalización. O paso desde o intuitivo ata un sistema de destrezas, de actitudes e de coñecementos matemáticos coherente e articulado debe ser progresivo e non finaliza na educación primaria.

A escola debe establecer pontes entre os coñecementos extraescolares e os escolares, entre os asistemáticos e os sistemáticos, entre os espontáneos e os intuitivos e os ligados a formas de representación máis simbólica propia das matemáticas. Cómpre, non obstante, abandonar a idea de construción lineal do coñecemento, pois a integración dos novos coñecementos é un proceso moito máis complexo que esas vellas propostas (do simple ao complexo) e, xeralmente, require de múltiples situacións, tempo para resolvelas e reiteradas oportunidades para reflexionar sobre o aprendido e poñelo en xogo.

A aprendizaxe significativa das matemáticas debe partir das concepcións previas do alumnado. A modificación deses esquemas previos só será posible despois de pasar por unha situación de conflito cognitivo (en que a contradición e a rotura do equilibrio inicial dos esquemas cognitivos do alumnado vai permitir a busca de coñecementos alternativos). Hai que propor situacións didácticas contextualizadas no próximo e familiar en que se consideren as súas experiencias matemáticas previas como punto de partida para planificar novas aprendizaxes.

A integración de novas aprendizaxes require múltiples e variadas situacións, tempo e oportunidades para que as nenas e os nenos poñan en xogo accións como comparar, establecer relacións, transformar, describir, interpretar, analizar, anticipar resultados, ensaiar procesos ou descubrir regras e pautas.

Obxectivos.

- Apreciar o papel das matemáticas na vida cotiá, gozar co seu uso e recoñecer o valor de actitudes como a exploración de distintas alternativas, a conveniencia da precisión ou a perseveranza na busca de solucións.
- Recoñecer situacións do medio habitual do alumnado que requiren, para a súa comprensión ou tratamento, de operacións elementais de cálculo; formula-las mediante formas sinxelas de expresión matemática ou resolvelas empregando os algoritmos correspondentes; valorar o sentido dos resultados, a presentación ordenada e clara e a explicación oral e por escrito dos procesos seguidos.
- Empregar o coñecemento matemático para comprender, valorar e producir informacións e mensaxes sobre feitos e situacións da vida cotiá e recoñecer o seu carácter instrumental para outros campos de coñecemento.
- Coñecer, valorar e adquirir seguridade nas propias habilidades matemáticas para afrontar situacións diversas que permitan gozar dos aspectos creativos, estéticos ou utilitarios e confiar nas súas posibilidades.
- Empregar e elaborar instrumentos e estratexias persoais de cálculo mental e de medida, así como procedementos de orientación espacial, en contextos de resolución de problemas, decidindo, en cada caso, as vantaxes do seu uso e valorando a coherencia dos resultados.
- Utilizar de forma axeitada as tecnoloxías da información e da comunicación, a biblioteca e calquera outro recurso pertinente do que se

dispoña, tanto no cálculo como na busca, tratamento e representación de informacións diversas.

- Identificar formas xeométricas do contorno natural e cultural, empregando o coñecemento dos seus elementos e propiedades para describir a realidade e desenvolver novas posibilidades de acción.
- Empregar técnicas elementais de recollida de datos para obter información sobre fenómenos e situacións do contorno do alumnado; representa-la de xeito gráfico e numérico e formarse un xuízo sobre ela mesma.

CONTIDOS.

PRIMEIRO CICLO.

Bloque 1. *Espazos e formas.*

- Interpretación de mensaxes que conteñan informacións sobre relacións espaciais contrastando significados con compañeiras e compañeiros.
- Utilización do vocabulario topolóxico elemental (esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe, próximo-afastado...) para describir relacións de situación dos obxectos do espazo próximo.
- Descrición de posicións e de movementos, en relación a si mesmo, a si mesmae a outros puntos de referencia.
- Interpretación e descrición verbal de planos de itinerarios e elaboración elemental e non convencional destes, unha vez vivenciados.
- Recoñecemento de aspectos xeométricos básicos (liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas e cubos) no contorno inmediato.

Interpretación e emisión de informacións sobre espazos e sobre obxectos familiares, usando vocabulario xeométrico sobre estes aspectos.

- Construción de figuras xeométricas sinxelas, previa análise e recoñecemento das súas características, recorrendo a materiais manipulables.
- Experimentación lúdica con formas xeométricas para buscar elementos de regularidade, identificar, comparar, clasificar e descubrir as súas propiedades.

- Experimentación a partir de composición e descomposición de figuras planas e de corpos xeométricos para formar outros.
- Resolución de problemas xeométricos explicando oralmente e por escrito o significado dos datos, a situación planificada, o proceso seguido e as solucións obtidas.
- Curiosidade pola exploración de materiais e de obxectos diversos coa finalidade de descubrir as formas e os seus elementos.
- Confianza nas propias posibilidades e valoración positiva das contribucións alleas.
- Interese e constancia na busca de solucións a problemas variados da vida cotiá.

Bloque 2. Cantidades.

- Recoñecemento dos usos dos números para solucionar problemas en contextos próximos (contar, medir, ordenar, nomear...).
- Reconto, comparación, ordenación e expresión de cantidades en situacións da vida cotiá.
- Representación, lectura, escritura e descomposición de números amosando coñecemento da grafía, do nome e do valor.
- Recoñecemento e utilización dos números ordinais para resolver problemas da vida diaria.
- Comparación de números en contextos familiares e expresión de relacións entre eles (maior ca, menor ca, diferente a, igual ca...) usando a simbología adecuada. Situación dos números na recta numérica.
- Manipulación dos números para atopar intuitivamente as súas propiedades e regularidades. Ensaio de estratexias para contar rapidamente.
- Disposición para utilizar os números, así como as súas relacións e operacións, para obter e expresar información, para a interpretación de mensaxes e para resolver problemas en situacións reais.
- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a aplicación de sumas e de restas e a utilización de estratexias procesuais adecuadas (interpretación da situación problemática, confrontación de puntos de vista, determinación de datos útiles, selección da operación axeitada,

emprego do algoritmo correspondente, verificación do resultado, expresión ordenada do resultado, explicitación do proceso de resolución).

- Conianza nas propias posibilidades e curiosidade, interese e perseveranza na busca de solucións.

- Uso do erro como mecanismo de mellora.

- Formulación de problemas variados da vida cotiá.

- Emprego da suma para xuntar ou engadir e da resta para separar ou quitar en situacións familiares. Recoñecemento do significado de cada operación.

- Utilización de procedementos diversos e de estratexias persoais (de estimación de resultados, de aplicación intuitiva das propiedades das operacións e de cálculo mental) para realizar, en situacións cotiás, sumas e restas. Explicación oral dos razoamentos e das estratexias desenvolvidas.

- Cálculo de sumas e de restas, escollendo o método máis adecuado (mentalmente, con algoritmos, coa calculadora, co ordenador...), segundo o caso.

- Desenvolvemento de estratexias persoais de cálculo mental para a busca do complemento dun número á decena inmediatamente superior e para resolver problemas de sumas e de restas.

- Cálculo aproximado. Estimación e redondeo do resultado dun cálculo ata a decena máis próxima escollendo entre varias solucións e valorando as respostas razoables.

- Familiarización co uso da calculadora para a xeración de series, composición e descomposición de números e comprobación dos resultados das operacións de suma e de resta.

- Aplicación da multiplicación a contextos cotiáns en que a operación signifique suma de sumandos repetidos.

- Construción das táboas de multiplicar do 2, do 5 e do 10 apoiándose en número de veces, suma repetida, disposición en cuadrículas...

- Interese pola presentación ordenada e limpa dos cálculos e dos seus resultados.

- Utilización de obxectos e de instrumentos do contexto cotián do alumnado para medir obxectos, espazos e tempos, e para resolver problemas relacionados con tarefas habituais da aula ou con situacións familiares.
- Comparación de obxectos segundo lonxitude, peso ou capacidade, de xeito directo ou indirecto.
- Medición con instrumentos e estratexias non convencionais (palmo, pé, brazas, paso, baldosas, culleradas, vasos, cuncas, mancheas, chiscos...).
- Experimentación con unidades non convencionais para comparar valores, atopar equivalencias...
- Utilización de unidades usuais (quilogramo, litro, metro e centímetro, día, semana, mes) e instrumentos convencionais para medir en situacións cotiás.
- Introducción á medida do tempo co uso do reloxo (as horas en punto, as medias).
- Resolución de problemas de medida con selección do «instrumento» adecuado, con estimación de resultados de medidas (distancias, tamaños, pesos, capacidades...) en contextos familiares, coa explicación oral do proceso seguido e da estratexia empregada na medición. Expresión do resultado da medida indicando o número e a unidade utilizada.
- Resolución de problemas sinxelos da vida cotiá do alumnado en que haxa que manexar prezos de obxectos. Identificación das distintas moedas e billetes que se corresponderían con eses prezos.
- Curiosidade por coñecer e empregar a medida dalgúns obxectos e tempos familiares e interese pola interpretación de mensaxes que conteñan informacións sobre medidas.
- Coidado na realización de medidas.

Bloque 3. Tratamento da información e azar.

- Lectura e interpretación de información matemática rexistrada nunha gráfica sinxela (convencional ou non convencional) relativa a fenómenos próximos.

- Utilización de técnicas elementais para a recollida e ordenación de datos de contextos familiares e próximos.
- Representación e organización guiada de datos relacionados coa vida cotiá mediante gráficos sinxelos (representación non convencional, liñas temporais, pictogramas...).
- Resolución de problemas do contexto cotián en que interveñan a lectura de gráficas elementais, as descrições orais, o contraste de opinións, a planificación do proceso de resolución, a comparación de procesos e a resolución e valoración de resultados.
- Distinción entre seguro, posible e imposible, partindo da experiencia diaria e incorporando este vocabulario á súa linguaxe habitual.
- Participación e colaboración activa no traballo en equipo e na aprendizaxe organizada a partir da investigación sobre situacións reais. Respecto polo traballo e polas estratexias das outras persoas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

PRIMEIRO CICLO.

- Formular problemas sinxelos en que se precise contar, ler, ordenar e escribir números ata o 999. Interpretar a función que teñen os números cando aparecen nun contexto real e usalos de acordo coas súas características.

Preténdese comprobar con este criterio a capacidade de aplicar a situacións variadas os coñecementos adquiridos sobre o uso dos números (expresar cantidades, identificar datas, indicar medidas, sinalar intervalos...).

Avaliarase a capacidade de emitir e de interpretar informacións en situacións cotiás empregando os números. Así mesmo, valorarase o dominio do alumnado sobre o valor de posición que teñen os números e a asociación entre escritura cifrada e o seu nome e viceversa.

En resumo, trátase de comprobar se as nenas e os nenos manexan os números en situacións da vida cotiá, operan con eles e interpretan o seu valor.

- Comparar cantidades pequenas (de obxectos, feitos ou situacións familiares), interpretando e expresando os resultados da comparación e redondeando, se a situación o require, ata a decena máis próxima.

Trátase de avaliar a capacidade para comparar, relacionar... cantidades, buscando, segundo a situación, un resultado exacto ou aproximado. Valorarase a habilidade para estimar cantidades pequenas, expresándoas oralmente ou mediante escritura cifrada, como paso previo á acción de contar e á determinación do número exacto.

Tamén se valorará a capacidade de contrastar o resultado exacto co valor estimado previamente.

Comprobarase, así mesmo, se as nenas e os nenos son quen de efectuar redondeo, no resultado da apreciación, ata a decena máis próxima.

- Resolver problemas relativos á vida cotiá en que sexa pertinente aplicar operacións de suma e de resta, empregando os algoritmos básicos correspondentes ou outros procedementos de resolución e explicando oralmente o proceso seguido.

Compróbase a capacidade do alumnado de interpretar unha situación problemática, de confrontar puntos de vista, de determinar os datos útiles, de seleccionar a operación axeitada, de aplicala, de elaborar unha solución, de verificar os resultados obtidos, de expresar de forma ordenada e clara os datos (tanto para detectar erros como para explicar o razoamento seguido) e de expresar oralmente o proceso de resolución usando linguaxe matemática elemental propia do ciclo.

Tamén se observará a capacidade de empregar máis dun procedemento e a actitude de perseveranza na busca de solucións.

- Utilizar procedementos diversos e estratexias persoais para realizar, en situacións cotiás e funcionais, cálculos numéricos básicos coas operacións de suma e de resta.

Avaliarase a capacidade para poñer en marcha procesos persoais para resolver en contextos familiares sumas e restas en cálculo mental e escrito: indicando coñecemento do significado básico das operacións, usando estratexias para facer estimacións sobre os resultados, escollendo cal é o método máis conveniente para facer un cálculo concreto (mentalmente, con algoritmos, con calculadora...), desenvolvendo estratexias propias de cálculo mental, usando a calculadora para comprobacións.

Valorarase a aplicación intuitiva das propiedades das operacións e a capacidade de explicar oralmente os razoamentos e estratexias desenvolvidos.

- Aplicar a multiplicación a contextos cotiáns en que a operación signifique suma de sumandos repetidos.

Este criterio trata de avaliar a capacidade para utilizar a nivel introdutorio a multiplicación como operación equivalente á suma de varios sumandos iguais en situacións cotiás e funcionais de resolución.

- Utilizar obxectos, instrumentos... do contexto habitual do alumnado para medir obxectos, espazos e tempos coa finalidade de resolver problemas relacionados con tarefas habituais da aula ou con situacións cotiás.

Preténdese valorar a habilidade para resolver problemas cotiáns: facer unha receita, construír unha figura, deseñar e construír un circuito... que precisen da medida de obxectos, de espazos e de tempos empregando unidades de medida non convencionais (palmo, pé, brazas, paso, baldosas, culleradas, vasos, cuncas, manchea, chiscos...) e convencionais (quilogramo, litro, metro e centímetro, día, semana, mes); escollendo os diversos « instrumentos » en función do que cumpra medir e deseñando algún instrumento non convencional de medida se for necesario; estimando o resultado da medida; explicando oralmente o proceso de medición; expresando o resultado da medida mediante indicación do número e da unidade utilizada e observando intuitivamente algunhas equivalencias entre as medidas non convencionais.

- Describir e representar dun xeito elemental a situación dun obxecto do espazo próximo, un desprazamento en relación a si mesma ou a si mesmo e a situación do propio alumnado en relación a obxectos e ás demais persoas da clase usando vocabulario topolóxico elemental.

Trátase de avaliar se o alumnado ten a capacidade de interpretar e usar conceptos como esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe, próximo-afastado, dentro-fóra, enriba-debaixo, dirección ou distancia en tarefas de orientación e de representación espacial variadas.

Valorarase a habilidade para orientarse no espazo próximo e para describir itinerarios sinxelos con relación a obxectos, ás demais persoas e a si mesmo.

- Utilizar o coñecemento das formas rectangulares, triangulares, circulares, cadradas, esféricas e cúbicas para describir e resolver situacións cotiás que as requiran.

Este criterio tenta valorar a capacidade de recoñecer no contorno inmediato (construcións, natureza, arte...) as formas xeométricas elementais e a de interpretar e emitir informacións orais ou escritas sobre espazos familiares, obxectos... usando termos xeométricos propios do ciclo.

Así mesmo, preténdese constatar a habilidade de construír formas de dúas dimensións para deseñar aspectos da realidade e a de experimentar ludicamente con elas coa finalidade de descubrir intuitivamente propiedades e características delas.

- Resolver e formular problemas en que interveña a lectura de gráficas sinxelas de situacións familiares, interpretándoas a nivel básico.

Trátase de comprobar que o alumnado é quen de comprender a información matemática rexistrada nunha gráfica (non convencional, pictográfica, liñas temporais ou de barras) e de utilizar esa información na resolución e formulación de problemas relacionados co contexto cotián. Así mesmo, observarase a habilidade guiada de representar datos da vida cotiá mediante gráficos sinxelos.

- Diferenciar situacións da vida cotiá en función de que sexan ou non previsibles os resultados. Manexar termos relacionados co azar como seguro, posible e imposible.

Avaliarase se o alumnado utiliza os termos seguro, posible e imposible cando analiza acontecementos da vida cotiá. Téntase verificar se o alumnado, partindo da súa experiencia diaria, comeza a decatarse de que hai sucesos imposibles, sucesos que se producen con seguridade e sucesos que poden suceder.

CONTIDOS.

SEGUNDO CICLO.

Bloque 1. *Espazos e formas.*

- Interpretación e elaboración de mensaxes que conteñan informacións sobre relacións espaciais.

- Descrición de posicións e de movementos en relación a unha mesma ou a un mesmo e a outros puntos de referencia.

- Descrición de itinerarios empregando unha linguaxe matemática o máis correcta posible coa incorporación de conceptos como rectas, curvas, paralelas e intersección de rectas.
- Recoñecemento de simetrías e de translacións en manifestacións e expresións artísticas.
- Interpretación, descrición e elaboración de planos de itinerarios, en maquetas e en bosquejos de contornos próximos.
- Identificación de figuras planas e de corpos xeométricos (cubos, esferas, prismas, pirámides e cilindros) en obxectos e en espazos cotiáns. Descrición da súa forma, utilizando o vocabulario xeométrico básico (lados, arestas, caras, ángulos e vértices, segundo corresponda).
- Manipulación e experimentación con figuras e con corpos xeométricos para buscar elementos de regularidade neles, identificar as súas propiedades, comparalas e clasificalas con criterios elementais, formar figuras planas e corpos xeométricos a partir doutras por composición e descomposición.
- Resolución de problemas xeométricos interpretando o enunciado, recoñecendo os datos, identificando a información útil, planificando o proceso, poñéndoo en práctica e verbalizando para detectar erros e poder rectificar.
- Interese pola elaboración e presentación coidadosa das construcións xeométricas.
- Confianza nas propias posibilidades; curiosidade, interese e constancia para empregar as construcións xeométricas, os obxectos e as relacións espaciais.
- Participación activa e responsable no traballo en equipo. Gusto por compartir os procesos de resolución e os resultados obtidos.

Bloque 2. Cantidades.

- Busca e contraste de información relativa a aspectos matemáticos variados (como o número ou a medida ao longo da historia e en diferentes culturas, os conceptos traballados na aula...), utilizando diversas fontes: libros, a internet, persoas expertas...
- Identificación do papel das matemáticas na vida cotiá e da necesidade de usalas en múltiples contextos escolares e familiares.

- Uso dos números en situacións variadas e familiares para solucionar problemas relacionados con cantidades recoñecendo o valor de posición das cifras.
- Lectura, escritura, ordenación, comparación (usando termos como maior ca, menor ca, diferente de, igual a, aproximadamente igual, maior ca e menor ca...), seriación, descomposición e representación na recta numérica de diversos números.
- Expresión de particións e de relacións en contextos familiares coa utilización de números fraccionarios comparándoos mediante a ordenación e a súa representación gráfica.
- Confianza nas propias posibilidades e perseveranza para utilizar os números, as súas relacións e as operacións na obtención e expresión de informacións, manifestando iniciativa persoal nos procesos de resolución de problemas da vida cotiá.
- Resolución de problemas sinxelos da vida cotiá: interpretando o enunciado, recoñecendo os datos, atopando a información relevante, planificando o proceso, elaborando hipóteses sobre o resultado, empregando estratexias persoais de resolución e as operacións numéricas (suma, resta, multiplicación e división por unha cifra) que cumpran, comprobando as solucións e verbalizando o proceso.
- Formulación de problemas relacionados coa vida cotiá que precisen da aplicación de coñecementos numéricos e de operacionais para resolvelos.
- Valoración do contraste coas compañeiras e compañeiros, tanto do resultado final como das estratexias e procesos seguidos para chegar a el.
- Interpretación do erro como incentivo de mellora.
- Valoración da constancia na realización do traballo operacional e do feito de non desanimarse ante as dificultades.
- Utilización en contextos familiares, para resolver situacións problemáticas, de: a suma como incremento; a resta como diminución, comparación e complemento; a multiplicación como suma abreviada, repetición e operador multiplicativo e a división como repartición e agrupación.
- Interese para a utilización dos números e do cálculo numérico na resolución de problemas en situacións reais.

- Descomposición aditiva e multiplicativa dos números. Construción (empregando diferentes estratexias) e memorización das táboas de multiplicar.
- Realización de cálculos con números naturais indicando o coñecemento do significado das operacións, realizando estimacións sobre os resultados e valorando se a resposta é razoable, seleccionando o método máis conveniente para facer o cálculo (mentalmente, con algoritmos, con calculadora, con ordenador) e explicando as estratexias utilizadas.
- Interese pola presentación limpa, ordenada e clara dos cálculos e dos seus resultados.
- Mellora progresiva da seguridade, autonomía e iniciativa persoal nas aprendizaxes numéricas e algorítmicas.
- Realización de medicións para resolver problemas en contextos reais empregando unidades de medida convencionais (múltiplos e submúltiplos máis usuais), elixindo e usando adecuadamente os instrumentos, seleccionando as unidades axeitadas, usando estratexias persoais para medir e estimar, controlando e verbalizando o proceso de medida, contrastando resultados e expresándoos correctamente manifestando as unidades utilizadas.
- Comparación, establecemento de equivalencias funcionais e ordenación de unidades e de cantidades dunha mesma magnitude (tanto de lonxitude, de peso, de capacidade e de tempo como das derivadas do sistema monetario).
- Confianza nas propias posibilidades e interese por compartir coas demais persoas os procesos que utilizan a medida para obter e expresar informacións e para resolver problemas en situacións reais.
- Interese pola presentación limpa e ordenada do proceso e pola expresión de medidas.
- Valorar a importancia de dispoñer dun sistema convencional de medidas.

Bloque 3. *Tratamento da información e azar.*

- Resolución e formulación de problemas en que se precise a interpretación de gráficas sinxelas (diagrama de barras e pictogramas) e de táboas de datos.

- Recollida e rexistro de datos (táboas de dobre entrada e gráficas) sobre obxectos, fenómenos e situacións familiares utilizando técnicas elementais de enquisas, de observación e de medición.
- Lectura, descrición e interpretación de táboas de dobre entrada e de gráficos de uso habitual na vida cotiá con propósitos funcionais.
- Interese pola elaboración e pola presentación de gráficos e de táboas de forma ordenada e clara.
- Confianza nas propias posibilidades, curiosidade, interese e constancia na interpretación de datos presentados de forma gráfica.
- Utilización de expresións como posible, imposible, máis ou menos probable, seguro na valoración de resultados de experiencias lúdicas e cotiás en que intervén o azar.
- Colaboración activa no traballo de grupo respectando o traballo, os procesos e as estratexias das outras persoas.
- Valoración do uso das novas tecnoloxías nos ámbitos gráficos en que son precisas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

SEGUNDO CICLO.

- Aplicar a situacións variadas e familiares os coñecementos adquiridos sobre o uso dos números de ata seis cifras e resolver problemas sinxelos en que se precise lelos, escribilos, ordenalos, comparalos, representalos, serialos, descompoñelos... interpretando o valor de cada unha das súas cifras.

Avaliarase a habilidade de usar os números en contextos cotiáns para resolver problemas interpretando o valor posicional das cifras. Verificarase a capacidade de comparar cantidades: interpretando e expresando os resultados da comparación, exactos ou por tenteo, segundo a situación; amosando coñecemento da simboloxía das relacións numéricas (maior ca, menor ca, diferente de, igual a, aproximadamente igual); situando na recta numérica.

Así mesmo, valorarase a predisposición para explorar regularidades nos números.

- Resolver problemas diversos relacionados co contorno que exixan certa planificación, control procesual e actitude favorable, aplicando unha

ou dúas operacións numéricas, contidos básicos de xeometría ou tratamento da información e usando estratexias persoais de resolución.

Téntase avaliar a capacidade de resolver problemas variados: interpretando o enunciado e decatándose de ata onde comprende; recoñecendo os datos, tanto cifrados directamente como os dados en gráficas; diferenciando a información útil da superflua; imaxinando o camiño mental que leve á solución a modo de planificación do que se realizará; elaborando hipóteses sobre o resultado; empregando estratexias persoais de resolución; recoñecendo as funcións das diferentes operacións; realizando as operacións por escrito ou con axuda da calculadora en función dos cálculos que cumpra realizar; comprobando as solucións; verbalizando o proceso seguido e expresando claramente o resultado; rectificando a solución segundo os resultados obtidos e os contrastes realizados co resto do grupo de alumnas e alumnos; aceptando a necesidade de rectificar a partir do erro; amosando actitude de perseveranza na busca de solucións.

Tamén se valorará a capacidade de formular problemas relacionados coa vida cotiá a partir de modelos.

- Realizar cálculos con números naturais, utilizando o coñecemento do sistema de numeración decimal, o procedemento máis axeitado, os recursos máis convenientes e as propiedades das operacións (suma, resta, multiplicación e división por unha cifra), en situacións cotiás e funcionais de resolución de problemas.

Avaliarase a capacidade para poñer en marcha procesos persoais para resolver, en contextos familiares, sumas, restas, multiplicacións e divisións en cálculo mental e escrito: indicando coñecemento do significado básico das operacións; realizando estimacións sobre os resultados e valorando se a resposta é razoable; seleccionando o método máis conveniente para facer un cálculo concreto (mentalmente, mediante algoritmos, con calculadora, con ordenador...) en función da complexidade deste; desenvolvendo e utilizando con axilidade estratexias persoais de cálculo mental; usando a calculadora para comprobacións; considerando o erro como un estímulo para novos cálculos e explicando as estratexias aplicadas.

Valorarase a aplicación intuitiva das propiedades das operacións e a capacidade de explicar oralmente os razoamentos desenvolvidos.

- Realizar medicións e estimacións (para resolver problemas relacionados cos contextos próximos e reais) escollendo, entre as unidades (lonxitude, capacidade, peso, tempo e as derivadas do sistema mone-

tario) e instrumentos de medida usuais, os que mellor se axusten ao que se vaia medir.

Trátase de valorar a capacidade de medir para resolver problemas de contextos próximos (construír figuras planas, calcular itinerarios, confrontar capacidades, calcular intervalos, facer orzamentos, facer horarios...) empregando medidas convencionais (múltiplos e submúltiplos máis usuais); elixindo o instrumento axeitado para efectuar medicións ou construíndo o instrumento sinxelo que se precisa; seleccionando a unidade de medida máis adecuada; elaborando e utilizando estratexias persoais de estimación e facendo estimacións máis ou menos razoables; empregando adecuadamente o instrumento; controlando o proceso de medida; usando, en situacións cotiás, as conversións dunhas noutras; expresando os resultados na unidade adecuada; contrastando resultados da medición; comprendendo funcionalmente que a medida é unha aproximación e que a unidade escollida afecta a precisión; explicando oralmente ou por escrito o proceso e razoamento seguido.

- Obter información puntual dunha representación espacial (bosquexo dun itinerario, plano dunha pista, maqueta do patio...), describila e representala sinxelamente tomando como referencia obxectos familiares coa finalidade de resolver problemas elementais do contorno próximo. Utilizar as nocións básicas de movementos xeométricos para describir e comprender situacións da vida cotiá e para valorar expresións artísticas.

Este criterio pretende avaliar a capacidade de interpretar e de expresar información concreta contida nun bosquexo, maqueta ou plano e para resolver problemas sinxelos, empregando unha linguaxe matemática o máis correcta posible.

Valorarase a habilidade do alumnado para describir unha representación espacial familiar de obxectos e de contextos próximos utilizando o vocabulario e as relacións xeométricas (aliñamento, paralelismo, perpendicularidade).

Quérese apreciar, ademais, a habilidade para emitir e recibir informacións sobre obxectos referidas a posicións e movementos no plano, e a de recoñecer e reproducir manifestacións artísticas que inclúan simetrías e translacións.

- Usar o coñecemento das formas e corpos xeométricos do espazo (polígonos, círculos, cubos, prismas, cilindros, esferas) para describir e resolver problemas do contexto próximo.

Valórase a capacidade de: recoñecer as formas xeométricas; analizar as súas propiedades; comparar e clasificar figuras e corpos atendendo a diversos criterios (formais e persoais), compartíndoos co resto das compañeiras e dos compañeiros; construílas; experimentar para transformalas, coa finalidade última de describir usando vocabulario xeométrico básico; razoar e resolver problemas relacionados co contexto próximo.

- Resolver e formular problemas en que interveña a lectura de gráficas e de táboas de datos sobre situacións cotiás. Resolver problemas en que se precise: recoller datos sobre feitos e sobre obxectos da vida cotiá usando técnicas sinxelas de reconto, ordenar estes datos atendendo a un criterio de clasificación e expresar o resultado en forma de táboa ou de gráfica.

Trátase de valorar se o alumnado describe e interpreta a información matemática contida en táboas de datos e en gráficas sinxelas (diagrama de barras, pictogramas...) e utiliza esa información na resolución e na formulación de problemas do seu contorno habitual.

Así mesmo, é motivo de avaliación a capacidade de resolución de problemas en que cumpra realizar: unha observación de fenómenos da vida cotiá; unha efectiva recollida e reconto de datos; unha análise e ordenación deses datos atendendo a criterios variados; unha representación do resultado utilizando os gráficos estatísticos máis adecuados á situación, acompañándoos da lenda oportuna.

- Empregar en situacións da vida cotiá e en xogos expresións típicas para describir incerteza seguro, posible e imposible. Identificar algúns sucesos aleatorios do contorno do alumnado.

Avaliarase se o alumnado utiliza, en situacións de xogo ou da vida real, expresións relacionadas con situacións incertas: é posible, é imposible, é seguro.

Téntase comprobar se, partindo da experiencia, o alumnado distingue fenómenos aleatorios e fenómenos seguros.

CONTIDOS.

TERCEIRO CICLO.

Bloque 1. *Espazos e formas.*

- Interpretación, análise e representación elemental (bosquexos, planos e maquetas) do espazo próximo. Introducción ao concepto de escalas.

- Comprensión e emisión de informacións relativas ao contorno físico, aos obxectos e á arte utilizando o vocabulario básico relativo a formas, relacións (paralelismo, perpendicularidade, simetría), posicións ou elementos referenciais (coordenadas, puntos, distancias, ángulos e xiros) e outras nocións xeométricas (perímetro e superficie).

- Experimentación con ampliacións e con reducións de figuras como introdución á noción de semellanza, así como coa realización de simetrías por dobramento e con espellos.

- Interese e perseveranza na busca de solucións ante situacións de incerteza relacionadas coa organización e utilización do espazo.

- Utilización de instrumentos de debuxo (regla, escuadro, transportador, compás...) e programas informáticos para a construción e exploración de formas e de elementos xeométricos.

- Obtención experimental (mediante varios procedementos como a descomposición ou o debuxo en cuadrícula), para a resolución de problemas en situacións funcionais, de perímetros e áreas de figuras xeométricas. Contraste de estratexias e conclusións.

- Manipulación de figuras planas (polígonos, circunferencia e círculo) e de corpos xeométricos (cubo, prisma, pirámide, cono, cilindro e esfera) para formá-las a partir doutras por composición e descomposición, atopar relacións entre os seus elementos, establecer pautas para a súa construción e atopar regularidades e simetrías.

- Comparación, descrición e clasificación de figuras e de corpos xeométricos atendendo a diferentes criterios e elementos.

- Sensibilidade para apreciar a xeometría no mundo real.

- Interese pola precisión na descrición e na representación de formas xeométricas e pola presentación clara e ordenada dos traballos xeométricos.

- Confianza nas propias posibilidades para utilizar as construcións xeométricas, os obxectos e as relacións espaciais para resolver problemas en situacións reais.

Bloque 2. Cantidades.

- Uso de diferentes fontes e recursos (libros, ordenador, persoas expertas...) para atopar informacións sobre as relacións entre as necesida-

des sociais, os descubrimentos matemáticos e as mulleres e os homes que os produciron.

- Busca e recollida de información sobre os sistemas de numeración en culturas anteriores e sobre a súa influencia na actualidade.

- Recoñecemento do papel da matemática na vida cotiá, tanto en contextos escolares e en diferentes áreas como noutros ámbitos próximos.

- Identificación de aspectos cuantitativos da vida cotiá que se poden expresar empregando diferentes tipos e sistemas (romano, árabe) de números.

- Resolución de problemas co uso de diferentes tipos de números, interpretando o seu valor e as súas funcións (contar, medir, ordenar, expresar particións, codificar informacións, distinguir elementos...).

- Lectura, escritura, seriación, ordenación, descomposición, comparación (e expresión dos resultados da comparación, exactos ou por tanteo, segundo a situación) e representación na recta numérica de distintos tipos de números (naturais, enteiros, fraccións, decimais ata as centésimas) en contextos reais.

- Manipulación de números diversos explorando as regularidades, atopando equivalencias e correspondencias entre eles.

- Recoñecemento das propiedades dos números: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. Clasificación de números en primos e compostos buscando divisores. Utilización da táboa de multiplicar para identificar múltiplos e divisores.

- Valoración da utilización dunha linguaxe numérica e cuantitativa cada vez máis precisa e rigorosa.

- Resolución de problemas da vida cotiá en que se observen as fases de decodificación, modelización, verificación e explicitación, que implican: planificación, anticipación, hipotetización e contraste de opinións, verbalización, xuízo crítico, consciencia-control-revisión do proceso, emprego de máis dun procedemento de resolución, presentación de datos con orde e claridade, utilización da calculadora en función da complexidade dos cálculos e formulación de razoamentos que argumenten a validez dunha solución (identificando, se é o caso, os erros).

- Valoración das achegas estratéxicas das outras persoas e perseveranza na busca de solucións e de datos precisos.

- Colaboración activa e responsable no traballo en equipo, manifestando iniciativa para resolver problemas que implican a aplicación dos contidos estudados.

- Realización de cálculos numéricos sinxelos (suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números), en situacións de resolución de problemas, usando diferentes procedementos (algoritmos escritos, cálculo mental, tanteo, estimación, calculadora, ordenador...), segundo a natureza do cálculo e a súa complexidade, decidindo sobre a razoabilidade dun resultado obtido ou estimado.

- Cálculo en situacións cotiás e familiares en que se recollan a xerarquía das operacións e os usos da

paréntese, o automatismo dos algoritmos das operacións básicas, as propiedades das operacións, as estratexias persoais, o emprego dos instrumentos de cálculo e mais a presentación dos cálculos e dos resultados de xeito ordenado e claro.

- Aplicación de porcentaxes en situacións cotiás (compra, particións, orzamentos...) facendo correspondencias sinxelas entre elas, as fraccións e os decimais.

- Introducción ao concepto de potencia como produto de factores iguais. Cadrados e cubos.

- Selección, en contextos de resolución de problemas da vida cotiá, dos instrumentos e das unidades de medida usuais máis adecuados, facendo previamente estimacións e expresando con precisión medidas de lonxitude, de superficie, de peso, de capacidade, de amplitude de ángulos e de tempo.

- Resolución de problemas de medida en que se recollan os seguintes aspectos: planificación e control de proceso; selección e uso correcto dos instrumentos máis pertinentes en cada caso; uso de estratexias persoais; estimación de magnitudes facendo previsións razoables; conversión, se cómpre, dunhas unidades noutras da mesma magnitude; expresión dos resultados nas unidades adecuadas usando a simboloxía; explicación dos razoamentos e dos procesos levados a cabo.

- Desenvolvemento de estratexias persoais para medir perímetros e superficies de figuras e de obxectos de maneira exacta e aproximada. Comparación de superficies de figuras planas por superposición, descomposición e medición.

- Identificación dalgunhas medidas tradicionais usadas na bisbarra e de ámbito local.

- Medición do tempo (analóxica ou dixitalmente), busca de maior precisión co emprego dos minutos e dos segundos. Cálculo das equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos, en situacións cotiás.

- Medición de aberturas e de xiros co uso de ángulos, así como utilización de instrumentos convencionais para medir graos.

- Utilización da medición e das medidas para resolver problemas, comprender e transmitir informacións, validando o resultado de medida en contraste coas propias hipóteses e co obtido por compañeiras e compañeiros.

- Interese por utilizar con coidado e precisión diferentes instrumentos de medida e ferramentas tecnolóxicas e mais por empregar unidades adecuadas.

- Valoración das vantaxes de dispor dun sistema convencional de medida e comprensión de que a medida é unha aproximación e que a unidade escollida afecta a precisión.

Bloque 3. *Tratamento da información e azar.*

- Resolución e formulación de problemas en que interveñan a lectura, a interpretación e a análise crítica de representacións gráficas de datos do contorno.

- Recollida, selección, análise, organización e rexistro de datos utilizando técnicas elementais de enquisa, de observación e de medición.

- Representación gráfica da información mediante táboas de datos, diagramas de barras, diagramas lineais, diagramas de sectores...

- Interpretación e extracción da información que fornecen a media aritmética, a moda e o rango, e aplicación destas a situacións familiares e concretas.

- Disposición á elaboración e á presentación de gráficos e de táboas de forma ordenada e clara.
- Valoración da importancia de analizar criticamente as informacións que se presentan a través de gráficos estatísticos e da tendencia a explorar todos os elementos das gráficas evitando interpretacións parciais e precipitadas.
- Obtención e emprego de información para a realización de gráficos.
- Valoración do uso das novas tecnoloxías nos ámbitos gráficos en que son precisas.
- Recoñecemento da presenza do azar na vida cotiá. Distinción entre situacións aleatorias e as que non o son.
- Estimación e predición de resultados posibles en situacións aleatorias (xogos ou cotiás) e uso de terminoloxía básica para describir situacións e experiencias de azar (posibles, imposibles, probables, seguros...). Comparación de resultados posibles cos obtidos en experiencias aleatorias cotiás.
- Valoración da necesidade de reflexión, razoamento e perseveranza para superar as dificultades implícitas na resolución de problemas.
- Confianza nas propias posibilidades e interese por empregar as ferramentas tecnolóxicas na comprensión dos contidos funcionais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

TERCEIRO CICLO.

- Resolver e formular problemas para os que cumpra recoñecer os aspectos cuantitativos da vida cotiá que se poden expresar empregando números e para os que haxa que ler, escribir, comparar, seriar, descompoñer, representar e ordenar (utilizando razoamentos apropiados) distintos tipos de números (naturais, enteiros, fraccións e decimais ata as centésimas).

Con este criterio preténdese comprobar que se manexan, en situacións de resolución de problemas da vida real, diferentes tipos de números, interpretando o seu valor e as súas funcións (contar, medir, ordenar, expresar particións, codificar informacións, distinguir elementos) e sendo quen de intercalar números escritos de diferentes xeitos.

Avaliarase a capacidade de recoñecer aspectos cuantitativos da vida cotiá que se poden expresar empregando números e de comparar cantidades lendo con seguridade e soltura os números; interpretando e expresando os resultados da comparación exactos ou por tanteo, segundo a situación; amosando coñecemento da simboloxía das relacións numéricas; representándo-os na recta numérica e explorando regularidades nos números.

- Utilizar os números decimais, os fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.

Con este criterio preténdese valorar a capacidade de identificar e utilizar diferentes tipos de números como operadores na interpretación e na resolución de problemas.

Compróbase a utilización deses números en contextos reais (situacións de compra, gastos, orzamentos...), establecendo equivalencias e correspondencias entre eles.

- Resolver problemas sinxelos, anticipando unha solución razoable, buscando o proceso de resolución máis adecuado, amosando actitudes de valoración das diferentes estratexias e perseveranza na busca de datos e de solucións precisas. Expresar de xeito ordenado e claro, oralmente e por escrito, o proceso seguido na resolución de problemas.

Este criterio está dirixido a comprobar a capacidade na resolución de problemas, atendendo ao proceso seguido (en que se observan as fases de decodificación, modelización, verificación e explicitación) que implica: planificación; anticipación; hipotetización; relectura; verbalización; xuízo crítico; colaboración activa e responsable no traballo en equipo; valoración das achegas das outras persoas; perseveranza na busca de solucións e dos datos precisos; confianza nas propias capacidades; consciencia, control e revisión do proceso e habilidade para empregar máis dun procedemento de resolución.

Trátase de verificar que, ante un problema, as alumnas e os alumnos tentan resolvelo de forma lóxica e reflexiva.

Comprobarase que comprenden a importancia que a orde e a claridade teñen na presentación de datos e na busca da solución correcta para detectar os posibles erros, para explicar o razoamento seguido e para argumentar sobre a validez dunha solución.

- Realizar operacións e cálculos numéricos sinxelos, en situacións de resolución de problemas, mediante diferentes procedementos (incluído o

cálculo mental) que fagan referencia implícita ás propiedades das operacións. Amosar gusto pola presentación ordenada e clara dos cálculos e dos resultados.

Trátase de comprobar a capacidade de operar cos números coñecendo a xerarquía das operacións, amosando automatismo dos algoritmos das operacións básicas, utilizando as propiedades das operacións (cando facilitan a realización de cálculos) e as estratexias persoais, usando diferentes procedementos (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora, ordenador) segundo a natureza do cálculo e a súa complexidade, coidando o emprego dos instrumentos de cálculo, decidindo sobre a razoabilidade dun resultado obtido e mais presentando os cálculos e resultados de xeito ordenado e claro.

- Seleccionar, en contextos de resolución de problemas familiares, os instrumentos e unidades de medida usuais máis adecuados, facendo previamente estimacións e expresando con precisión medidas de lonxitude, de superficie, de peso, de capacidade, de amplitude de ángulos e de tempo.

Con este criterio preténdese detectar a capacidade de solucionar problemas de medida planificando e controlando o proceso; escollendo os instrumentos máis pertinentes en cada caso; usando eses instrumentos de medida adecuadamente; desenvolvendo estratexias persoais para medir: estimando a medida de magnitudes de lonxitude, de capacidade, de peso... e de tempo facendo previsións razoables; utilizando con corrección as unidades de medida máis usuais en función do obxecto de medición e identificando algunhas medidas tradicionais usadas na bisbarra, pero valorando as vantaxes de dispor dun sistema convencional de medida; convertendo, se cumprir, unhas unidades noutras da mesma magnitude; expresando os resultados das medicións que se realicen nas unidades de medida máis adecuadas; comprendendo que a medida é unha aproximación e que a unidade escollida afecta a precisión e mais explicando oralmente e por escrito, con progresiva autonomía, os razoamentos e procesos levados a cabo.

- Interpretar representacións espaciais (bosquexo dun itinerario, planos de casas e maquetas) realizadas a partir dun sistema de referencia e de obxectos e situacións familiares coa finalidade de resolver problemas.

Este criterio pretende avaliar o desenvolvemento da capacidade de interpretar bosquexos, planos e maquetas sinxelas que representan espazos familiares para resolver problemas.

Valórase a situación e a descrición de figuras nunha representación espacial por medio de coordenadas, de puntos de referencia e de distancias.

Tamén se comprobará a utilización de sistemas cada vez máis convencionais de representación espacial para obter ou comunicar información relacionada co espazo próximo.

- Empregar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, perímetro e superficie para describir, comprender e resolver problemas de situacións da vida cotiá.

É importante detectar se o alumnado coñece estas nocións e sabe usar os termos correspondentes para comprender e emitir informacións sobre a vida cotiá, a natureza e a arte, e en particular se son utilizadas no razoamento e na resolución de problemas xeométricos do contorno.

Valorarase a capacidade de usar medios pertinentes para medir perímetros e áreas de figuras xeométricas e a de calculalos experimentalmente ou mediante a descomposición noutras máis sinxelas realizando, se cómpre, estimacións acordes coa idade do alumnado e amosando razoamento espacial na análise de propiedades das figuras.

- Resolver e formular problemas en que cumpra realizar, ler, interpretar e comunicar con representacións gráficas resultados dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.

Trátase de comprobar, en actividades de resolución e de formulación de problemas, a capacidade do alumnado para recoller (a través de enquisas, de observación, de medición) e para rexistrar unha información que se poida cuantificar; de utilizar algúns recursos sinxelos de representación gráfica (como táboas de datos, barras, diagramas lineais) e de comprender, analizar criticamente e comunicar a información así expresada.

Valorarase tamén o uso de programas informáticos para deseñar gráficas sinxelas.

Así mesmo, observarase se o alumnado valora a expresividade da linguaxe gráfica como forma de representar datos e se se inicia na tendencia a explorar todos os elementos das gráficas evitando interpretacións parciais e precipitadas.

- Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, igual ou máis ou menos probable) de xogos sinxelos de azar para comprobar o dito resultado.

Comprobarase que as nenas e os nenos comezan a facer predicións sinxelas e estimacións en situacións aleatorias; a constatar en situacións cotiás e de xogos de azar que hai sucesos imposibles, sucesos que con case toda seguridade se producen, ou que se repiten, sendo esa repetición máis ou menos probable; a usar terminoloxía de azar acorde coa súa idade.

Trátase de verificar, pois, nocións baseadas na súa experiencia.

ÁREA DE EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA E OS DEREITOS HUMANOS.

INTRODUCCIÓN.

Características da área.

A inclusión dunha área como educación para a cidadanía e os dereitos humanos no currículo da educación primaria é unha aposta importante da LOE. É unha novidade no noso sistema educativo que constitúe un paso importante cara á converxencia europea en materia educativa. Outros países do noso contorno xa a teñen incluída seguindo as recomendacións da Unión Europea co obxectivo de paliar importantes déficits democráticos nos países asociados. Nesta mesma liña apuntan organismos internacionais como o Consello de Europa ou as Nacións Unidas.

A formación da persoa debe ter un carácter integrador que abranca todos os ámbitos: a mente, o corpo, a identidade persoal, o emocional e social. En toda esta construción, que cada quen vai facendo ao longo da súa vida, os anos de escolarización obrigatoria son cruciais para que as bases deste desenvolvemento persoal se vaian fraguando dun xeito harmónico e equilibrado. Tradicionalmente e no noso contexto era clara a prioridade que nos procesos de educación formal se lle concedía á formación intelectual, nun senso acumulativo de limitados saberes, con habitual esquecemento das outras dimensións da persoa, pero os coñecementos de que dispoñemos na actualidade, procedentes das investigacións levadas a cabo, en particular, no campo das ciencias psico-pedagóxicas, indícanos que debemos recoller as diversas dimensións formativas, que ademais interactúan entre elas.

Nesta perspectiva, salienta actualmente a constatación, menos considerada noutroa, de que en calquera das aprendizaxes que realicemos a compoñente emocional ten unha influencia decisiva. É así como hai que contemplar o desenvolvemento corporal, o cognitivo, o moraleo social; e

resulta tamén imprescindible o traballo en todo o referente á intelixencia emocional intrapersoal e interpersoal, mediante estratexias e procedementos para que as persoas se coñezan mellor e sexan quen de identificar, recoñecer, controlar e modular madurativamente os impulsos, as emocións e os sentimentos, para deste modo, desenvolver aspectos imprescindibles (empatía, autodominio, capacidade de traballo e colaboración, comprensión) para ser quen de desenvolverse no mundo, con actitudes de autonomía, de respecto e de cooperación solidaria.

Os referentes básicos deberán ser a Declaración dos dereitos humanos, o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española, pero non se trata só de que alumnos e alumnas dispoñan de informacións teóricas relevantes sobre os valores que deben presidir a convivencia democrática (tolerancia, respecto, igualdade), os documentos onde se plasman e as institucións que son os seus garantes. O obxectivo é que estes valores sexan integrados por cada persoa e incorporados ao ser individual. Para que isto sexa posible, é imprescindible o compoñente vivencial a través da experiencia máis próxima. Neste sentido, os centros educativos son lugares privilexiados por todas as oportunidades que ofrecen na súa dinámica cotiá, tanto en xeral como en cada unha das súas aulas. É importante que estas aprendizaxes sexan transferidas primeiro á realidade local circundante, como preparación para facer o propio coa realidade máis afastada, a realidade global.

A área está dividida en tres bloques, sen que esta división supoña obrigatoriedade de tratamento.

O bloque 1 leva por título Identidade persoal e céntrase na súa construción a través do traballo da autonomía, da identidade, do recoñecemento e do manexo das propias emocións e sentimentos.

O bloque 2 leva por título Identidade social e está centrado na súa construción no sentido de identificarse cos diferentes grupos en que se desenvolve a actividade cotiá do alumnado.

O bloque 3 leva por título Compromiso social e está centrado na construción persoal en vinculación coa realidade social en que se vive.

As propostas metodolóxicas serán decisivas á hora de asegurar que o coñecemento de principios e de valores xere a adquisición de hábitos e inflúa nos comportamentos.

Necesariamente deberá estar baseada na actividade do alumnado, xa que todo o traballado nesta materia ten un compoñente vivencial. A área non ten sentido se non está presente este aspecto e se é basicamente transmisiva. Cumprirá crear contextos, tanto na área concreta como no resto das áreas e na totalidade da vida do centro, que permitan levar a cabo estas vivencias e que posibiliten que cada rapaz e cada rapaza teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo, de recoñecemento da súa valía persoal e das súas contribucións aos diferentes grupos en que desenvolve a súa actividade. Deberase partir das experiencias, dos problemas e dos intereses do alumnado para que as aprendizaxes se integren na súa vida cotiá, tanto no plano persoal como no social. É imprescindible establecer relacións sociais continuas e diversas, tanto entre iguais como coas persoas adultas coas que o alumnado se relaciona na súa vida cotiá, porque a capacitación social só se consegue tendo a posibilidade de interaccionar, xa que favorece a aparición de opinións diferentes e provoca conflitos sociocognitivos que hai que resolver para reequilibrar de novo e medrar moral e democraticamente.

Obxectivos.

- Identificar e aceptar a propia identidade e desenvolver a autoestima, a afectividade e a autonomía persoal na vida cotiá, nas relacións de cada alumna ou alumno coas demais persoas e como integrante dos grupos sociais en que participa.
- Amosar actitudes contrarias á violencia, aos estereotipos (de xénero, lingüísticos, relixiosos, culturais, físicos...) e aos prexuízos, sendo quen de defender os propios puntos de vista mediante o diálogo e a argumentación.
- Desenvolver e facer uso de habilidades emocionais, comunicativas e sociais para actuar con progresiva seguridade e autonomía na vida cotiá e para participar activamente nas relacións de grupo, amosando actitudes compresivas, cooperativas, xenerosas e construtivas e sendo quen de auto-regular emocións e condutas.
- Coñecer e apreciar os valores e normas de convivencia, obrar de acordo con elas asumíndoas como propias e participar activamente na elaboración das normas do centro educativo (da aula, relativas ao uso de instalacións e materiais, nos regulamentos de actividades, etc.).
- Utilizar estratexias de resolución pacífica dos conflitos desde o diálogo e a mediación.

- Recoñecer e valorar a diversidade (de xénero, física, cultural, lingüística, étnica, relixiosa, etc.) como feito enriquecedor, valorar a contribución de cada quen ao enriquecemento dun grupo, amosar respecto polos costumes e modos de vida de persoas e de poboacións distintas á propia e esforzarse por contribuír á mellora das relacións, interesándose por compartir espazos, tempos, actividades, materiais, experiencias, etc.

- Coñecer, asumir e valorar os dereitos e deberes que como neno ou nena lle corresponden ao alumnado e os que lle corresponderán como persoa adulta, manexar os documentos onde están recollidos e interesarse polas iniciativas que os defenden, participando, se existir a posibilidade, nalgunha delas.

- Coñecer os mecanismos fundamentais de funcionamento das sociedades democráticas, fundamentalmente nos ámbitos máis próximos á realidade do alumnado, valorar o papel das administracións na garantía dos servizos públicos e a obriga dos cidadáns e das cidadás de contribuír ao seu mantemento mediante a asunción dos seus deberes e compromisos sociais.

- Fomentar iniciativas de participación democrática e responsable no propio centro, asumindo os papeis que correspondan en función da situación e participando, tamén activamente, en actividades fóra do centro.

- Identificar, analizar e rexeitar situacións de abuso, de inxustiza e de discriminación, na vida cotiá do alumnado e noutras realidades e amosar sensibilidade polas necesidades das persoas e dos grupos máis desfavorecidos, desenvolvendo comportamentos solidarios e favorecedores da convivencia e participando, na medida das súas posibilidades, en iniciativas que buscan cambiar estas situacións.

- Ser capaz de analizar a situación do medio natural no contorno próximo, tomar conciencia da situación a niveis máis amplos, recoñecer a incidencia das propias accións no seu coidado ou na súa deterioración, desenvolver actitudes comprometidas para a súa conservación e mellora e asumir comportamentos (vida saudable, consumo responsable, seguridade...) que contribúan á sustentabilidade.

CONTIDOS.

Bloque 1. *Identidade persoal.*

- Identificación das características persoais e dos trazos de identidade (as propias capacidades e necesidades).

- Desenvolvemento da autonomía persoal e da autoestima (seguridade en si mesmo e en si mesma, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades, sentimento de importancia, valoración da historia persoal e das contribucións alleas á súa construción).

- Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado. Causas e consecuencias das accións propias (accións que poden facer sentirse ben ou mal a outras persoas). Responsabilidade polos propios actos. Agradecer, desculparse, presentar unha queixa, aprender a dicir non, aprender a recuperarse e responder ao fracaso. A intelixencia emocional.

- Identificación, recoñecemento, verbalización, manexo e control dos sentimentos propios (que me ocorre, por que me ocorre, que podo facer cando me sinto así).

- Valoración da liberdade e da responsabilidade na toma de decisións con criterios de eficacia e de xustiza. Responsabilidade na planificación do futuro inmediato.

- Recoñecemento das diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise de medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. A contribución das mulleres ao longo da historia e á situación actual do mundo. A vida das mulleres galegas no pasado e no presente e as súas achegas á sociedade. Redes de apoio de mulleres. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral e social. Características de veciñanza.

- Aplicación de condutas responsables no uso das TIC (autonomía, autocontrol, seguridade, sentido ético) e análise da realidade que presentan os medios de comunicación para desenvolver a capacidade de elección crítica e responsable.

- Sensibilización, visibilización e rexeitamento do sexismo, do racismo, da homofobia... dentro da perspectiva da defensa dos dereitos humanos e do respecto á identidade persoal.

Bloque 2. *Identidade social.*

- Identificación coas colectividades en que se desenvolve a vida do alumnado: escolar, familiar, local, comarcal e autonómica. Recoñecemento

das vantaxes que supón pertencer a estes colectivos e das achegas que se poden facer individualmente a cada un deles.

- Importancia do recoñecemento dos dereitos e deberes do alumnado no centro escolar.

- Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todas as nenas e de todos os nenos do mundo, así como os dereitos das persoas recoñecidos nas declaracións universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución. Coñecemento de organizacións que loitan por que eses dereitos se respecten e do traballo que desenvolven.

- Valoración da convivencia pacífica en sociedade e recoñecemento dos valores en que se apoia: respecto, tolerancia, solidariedade, xustiza, compromiso, cooperación e cultura da paz. Identificación, recoñecemento e análise de actuacións que posibilitan e que dificultan a convivencia e o benestar dos grupos sociais.

- Aplicación de habilidades, de estratexias e de procedementos que contribúen a xerar relacións de entendemento e de convivencia pacífica. Habilidades de comunicación e de relación tanto interpersoais como intrapersoais. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a relación e a comunicación.

- Desenvolvemento da vontade, da flexibilidade e da dispoñibilidade para resolver conflitos. Aplicación do diálogo e da mediación como forma de resolución pacífica dos conflitos.

- Valoración da colaboración e das diferentes posibilidades de traballo cooperativo. Identificación do proceso de toma de decisións de grupo. Identificación e uso dos mecanismos de participación no funcionamento da aula e da escola.

- Aplicación dos valores cívicos e do exercicio dos dereitos e deberes nas situacións de convivencia no contorno inmediato entre iguais e nas relacións interxeracionais.

- Valoración da igualdade dentro das diferenzas. A diversidade física, social, cultural e relixiosa.

- Recoñecemento, valoración, tolerancia e respecto polos costumes e modos de vida distintos ao propio.

- Recoñecemento de costumes, de tradicións e de estilos de vida propios e os das compañeiras e compañeiros. Valoración das celebra-

cións e manifestacións culturais como signos de identidade e de cohesión social.

- Identificación das situacións de marxinação, de discriminación e de inxustiza social.

- Desenvolvemento de actitudes de comprensión, de superación de prexuízos e de estereotipos, de cooperación e de solidariedade ante problemas e necesidades doutras persoas. Protección e amparo das persoas máis desfavorecidas.

Bloque 3. *Compromiso social.*

- Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade.

- Práctica de normas cívicas, como por exemplo as de circulación viaria, e asunción de roles por medio do xogo e da simulación.

- Recoñecemento dos principios de convivencia que establecen o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española.

- Reflexión sobre as características que debe posuír unha sociedade democrática.

- Análise de mensaxes, de declaracións, de imaxes, etc. procedentes de medios de comunicación, de páxinas web, de publicidade... diferenciando información veraz e contrastada de simples opinións persoais.

- Identificación, aprecio, respecto, responsabilidade, coidado e mellora dos bens comúns e dos servizos públicos. Normas de uso e accións que contribúen ao seu axeitado funcionamento.

- Valoración dos impostos como un medio para corresponsabilizarse socialmente.

- Identificación e rexeitamento das causas que provocan situacións de marxinação, de discriminación e de inxustiza social.

- Identificación de servizos e de persoas que interveñen en casos de situacións de emerxencia (accidentes, lumes, inundacións, terremotos, guerras...) e daquelas persoas e organizacións que contribúen desinteresadamente a mellorar situacións de desvantaxe social, de pobreza, de marxina-

ción, de fame, de explotación da infancia, de enfermidade... Busca de formas de apoio a elas e de contribución ao seu funcionamento.

- Reflexión sobre a repercusión social, no presente e no futuro, de accións individuais e colectivas. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas de consumo responsable, de coidado do medio, de prevención de riscos viarios e de promoción de formas de vida saudable. Reflexión sobre as posibilidades de cambio nas rutinas individuais para mellorar a calidade de vida.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

- Amosar respecto polas diferenzas e características persoais propias e dos compañeiros e compañeiras. Valorar as consecuencias das propias accións e responsabilizarse delas.

A través deste criterio preténdese avaliar a capacidade de cada alumno e de cada alumna de recoñecerse como persoa orixinal e única e mais de valorarse axeitadamente a través do coñecemento dos seus puntos fortes e febles. Así mesmo, tamén se avaliará a capacidade de recoñecer e de valorar as características das persoas con que se relaciona, entendendo as diferenzas como formas distintas de ver o mundo que non teñen por que impedir as relacións entre as persoas. Neste senso, insístease na necesidade de que o alumnado desenvolva o pensamento consecuencial (previr as consecuencias que os seus actos poden causar a todos os niveis e asumilas), complementario do causal e do alternativo que xa debería posuír.

- Argumentar e defender as propias opinións, escoitar e valorar criticamente as opinións das demais persoas, amosando unha actitude de respecto e comprendendo que o que se axuíza ou desautoriza son opinións ou actuacións, nunca persoas.

Este criterio pretende avaliar ata que punto os alumnos e as alumnas son quen de manexarse na súa vida cotiá, establecendo comunicacións positivas e construtivas en todas as situacións relacionais (actividade académica, xogos, actividades extraescolares, comedor, transporte escolar...) en que habitualmente desenvolven as súas actividades.

Ademais, preténdese avaliar o modelo comunicativo que utiliza o alumnado habitualmente (pasivo, agresivo ou asertivo), a súa capacidade de recoñecemento (na propia persoa e noutras) e a súa autorregulación, así como a súa evolución cara a unha comunicación cada vez máis eficiente e

eficaz como base de relacións positivas que posibilitarán unha convivencia enriquecedora a nivel individual e de grupo (a comunicación implica relación e a relación é a antítese da violencia).

Serán obxecto de avaliación as habilidades sociais tanto intrapersoais (autocontrol, autoestima, superación do malestar, resiliencia...) como interpersoais (escoita activa, mensaxes desde un mesmo e unha mesma, habilidades de comunicación...)

- Participar colaborativamente na elaboración das normas, aceptalas, asumilas como propias e incorporalas aos propios patróns de conduta. Reflexionar sobre as normas existentes na comunidade e sobre a súa importancia.

Con este criterio avaliaremos o coñecemento que ten o alumnado das normas que regulan a súa convivencia cotiá e a capacidade que amosa de participar creativamente na súa elaboración ou revisión. Preténdese avaliar, así mesmo, o nivel de identificación e de respecto por elas. É moi importante a avaliación do proceso persoal seguido por cada alumno e cada alumna intimamente relacionado co seu nivel de desenvolvemento moral.

- Familiarizarse con algúns dos dereitos humanos recollidos na Declaración universal dos dereitos humanos e na Convención sobre os dereitos da infancia e cos principios de convivencia que recollen o Estatuto de autonomía e a Constitución española. Identificar os deberes máis relevantes asociados a eles. Recoñecer situacións en que non son respectados e participar en iniciativas (reais ou simuladas) de mellora delas.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de recoñecer situacións cotiás ou das que o alumnado pode ter información por diferentes vías (prensa, TV, a internet, ONG...) en que os dereitos da infancia e das persoas non son respectados, desenvolvendo actitudes críticas e solidarias e achegando ideas ou propostas de actuación na medida das posibilidades dos rapaces e rapazas desta idade. Así mesmo, preténdese verificar o establecemento de relacións entre os dereitos individuais propios e alleos, os dereitos colectivos e os deberes con eles relacionados.

- Recoñecer e rexeitar prexuizos, situacións de discriminación, de marxinação e de inxustiza e interesarse por identificar os factores sociais, económicos, de orixe, de xénero ou de calquera outro tipo que as provocan, así como por atopar posibles vías de mellora para as persoas que as sofren. Valorar a importancia das accións individuais, pero entendendo que se necesitan accións colectivas.

Téntase avaliar a capacidade de recoñecer que hai persoas e grupos que sofren situacións de inxustiza (desprestixio, marxinação, violencia...) e que isto é debido a múltiples causas. Tamén se pretende que o alumnado desenvolva capacidades críticas cara a elas e cara ao pensamento de perspectiva (capacidade de poñerse na situación da persoa e identificación emocional con ela), sendo quen de buscar, analizar e propor iniciativas que contribúan á súa posible mellora ou solución. Neste senso, cómpre avaliar tamén o nivel de identificación individual coa elaboración e co desenvolvemento de iniciativas de grupo para saber se a alumna ou alumno se sente participe e corresponsable destas iniciativas.

- Identificar o funcionamento dos servizos públicos presentes na vida cotiá do alumnado e a súa relación con diferentes institucións e mais recoñecer a necesidade de que toda a poboación contribúa ao seu correcto funcionamento, mantemento e mellora a través de comportamentos responsables e solidarios (uso deses servizos, pagamento de impostos...). Por extensión, familiarizarse con outros servizos non tan próximos ao alumnado, pero tamén presentes de maneira directa ou indirecta na súa vida.

Trátase de avaliar o nivel de identificación do alumnado con aqueles servizos que lle son máis familiares (transporte, recollida de lixo, correos, sanidade, educación...) entendéndoos como propiedade colectiva compartida por toda a poboación. Así mesmo, téntase avaliar o coñecemento sobre como funcionan, sobre as condutas positivas e negativas en relación con eles e sobre o nivel de correlación existente entre o seu correcto funcionamento e o grao de benestar e de calidade de vida que nos proporciona, tanto individual como socialmente.

Tamén se avaliará a capacidade de relación destes servizos con que as nenas e os nenos están máis familiarizados con outros que teñen presenza na súa vida aínda que dunha maneira máis difusa.

- Ser consciente da transcendencia presente e futura de accións habituais na vida cotiá do alumnado e da necesidade de realizalas seguindo pautas que teñen a súa base na reflexión e na análise individual e colectiva deses comportamentos.

Téntase avaliar a capacidade de análise de diferentes accións realizadas na actividade diaria do alumnado (uso da auga, gasto de papel, hábitos de consumo persoal e familiar, produción e tratamento do lixo, riscos viarios, etc.) e a capacidade de relacionar esas accións con situacións prexudi-

ciais para a vida no presente e no futuro. Así mesmo, valorarase a capacidade de ir introducindo melloras nos hábitos de vida propios e o interese por participar na elaboración e na difusión de actuacións preventivas.

- Concienciarse da influencia que poden exercer os medios de comunicación, a internet ou a publicidade nas decisións e opinións das persoas.

Trátase de avaliar que o alumnado se inicie na comprensión das mensaxes subliminares e da ideoloxía encuberta presentes en textos e imaxes de diferente orixe, sendo quen de decatarse de que non sempre son transparentes e de que poden influír decisivamente nas súas condutas habituais e futuras.

Así mesmo, avaliarase tamén a capacidade de alumnos e alumnas de analizar criticamente diferenciando información de opinión.

ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA.

INTRODUCCIÓN.

Características da área.

Esta área na educación primaria debe fundamentarse especialmente na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Debe dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conduta motriz e cara á asunción de actitudes, de valores e de normas referentes ao corpo e ao movemento.

Pero a educación física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza o dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento (de si mesmo, de si mesma e do contorno), de organización perceptiva (desenvolvendo a percepción do propio corpo, do espazo e do tempo), anatómico-funcional (incrementando as habilidades e mellorando a condición física), estético/comunicativa (por medio de manifestacións artísticas e de comunicación), de relación social coas demais persoas (interaccionando co resto de participantes), agonística (esforzándose e superando dificultades), hixiénica (mellorando a saúde e previndo enfermidades), hedonista (como fonte de gozo), de compensación (fronte á vida sedentaria) e catártica (para liberar tensións).

Especialmente importante é a relación que a educación física ten coa saúde. A actividade física ben practicada mellora o benestar e a calida-

de de vida. No que atinxe a esta área dentro da educación primaria, dáse-lle importancia á saúde ao dedicárselle un bloque de contidos. Preténdese que o alumnado adopte medidas de hixiene corporal na actividade física e na vida cotiá, que adquira pautas de alimentación correctas, que rexeite as substancias nocivas, que empregue as posturas corporais precisas nas súas accións, que mellore o coñecemento do seu corpo e do contorno que o rodea e máis que incremente o nivel de condición física e, por conseguinte, a súa saúde.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á atención á diversidade. Por medio da educación física desenvólvense interaccións co resto de persoas, o que favorece as relacións construtivas, o respecto, a aceptación, a cooperación, a autonomía, a participación, o sentido crítico e o logro de obxectivos comúns, propiciados polas múltiples e variadas agrupacións que se poden formar.

Igualmente, en educación física débese incidir na coeducación e na igualdade de oportunidades entre ambos os sexos. As actividades propostas atenderán do mesmo xeito os nenos e as nenas, integrando todas as persoas participantes indistintamente para poder acadar os obxectivos. O profesorado deberá equilibrar as actividades e materiais de xeito que non predomine ningún estereotipo e seleccionar aqueles que contribúan á participación equilibrada e motivada de nenos e de nenas. Outro aspecto que hai que ter en conta para favorecer a igualdade entre os sexos son as expectativas que o profesorado ten con respecto ás nenas e aos nenos, así como as expresións que se utilicen para favorecer as súas execucións e os resultados.

Finalmente, a educación física responde á necesidade e á capacidade de moverse que teñen os nenos e as nenas.

Desde esta perspectiva, a área de educación física divídese en cinco bloques de contidos:

No primeiro bloque, O corpo: imaxe e percepción, trátanse as capacidades perceptivas. Veñen representadas polo esquema corporal, co coñecemento das partes do corpo e das súas posibilidades de movemento; pola percepción do espazo e pola do tempo. Tamén se inclúen neste bloque o equilibrio, debido á relación que ten coa percepción, o ton muscular (preciso para adoptar posturas cotiás) e a capacidade para relaxarse, así como a respiración.

A percepción do contorno comprende a do espazo e a do tempo, aspectos que evolucionan paralelamente ao desenvolvemento madurativo

das nenas e dos nenos entre os 6 e os 12 anos (período de operacións concretas), idades de referencia da educación primaria. O equilibrio, pola súa banda, está en estreita relación coa actividade tónica e postural, aspectos presentes no esquema corporal.

O segundo bloque, Habilidades motrices, céntrase nos aspectos cuantitativos do movemento, nas habilidades e na coordinación, capacidades que lle permiten ao alumnado moverse con eficacia e con eficiencia, facilitando a adaptación a situacións motrices complexas. A coordinación mellórase con gran cantidade e variedade de movementos, polo que vai estar moi relacionada coa adquisición das habilidades.

O terceiro bloque, Actividades físicas artístico-expresivas, abrangue aspectos relacionados coa expresividade e coa comunicación utilizando o propio corpo a través do movemento. Aquí englobáanse o ritmo, os bailes e danzas, a expresión, a imitación, a representación e a dramatización. O ritmo mellora a percepción temporal, polo que se relaciona co primeiro bloque de contidos. Desenvolverase a través de actividades con música, bailes, danzas ou coreografías, en función da idade do alumnado.

Outro dos aspectos específicos da expresión corporal é a dramatización e a comunicación a través do corpo. Esta incentivarase coa utilización de obxectos e coa interacción con outras persoas para representar personaxes, ideas, emocións, sentimentos, situacións... Valorarase especialmente a superación do medo ao ridículo, o respecto polas execucións alleas, a participación e o gozo practicando estas actividades. Favorecerase a creatividade incentivando o alumnado para que se exprese por medio de accións de acordo cuns estímulos dados e para que elabore coreografías en grupo xa nos últimos cursos.

O cuarto bloque, Actividade física e saúde, engloba todos aqueles contidos relacionados coa mellora da saúde e da calidade de vida en que a educación física pode influír. Algúns dos aspectos deste bloque son a hixiene (tanto corporal como postural), a alimentación, a condición física enfocada á saúde (que se relaciona co segundo bloque), a adopción de medidas de seguridade e a prevención de accidentes.

A hixiene corporal estará presente desde idades temperás. Fomentarase a hixiene do propio corpo, facendo fincapé no aseo e no cambio de roupa despois da sesión de educación física, buscando a perduración deste hábito ao longo da vida. En canto á hixiene postural, traballarase a aprendizaxe de posturas correctas, tanto relacionadas co exercicio físico coma coa

vida cotiá. A alimentación ten especial relevancia na actualidade, xa que nos últimos anos se incrementaron os problemas relacionados cos hábitos alimenticios e coa falta de práctica de actividade física (anorexia, obesidade...); por iso ten que levarse a cabo un labor de concienciación en todos os ciclos como base para unha aprendizaxe ao longo da vida. Finalmente, as nenas e os nenos destas idades deben ser responsables con respecto á práctica da educación física e o deporte e coñecer certos parámetros (quecemento, relaxación, dosificación...) que evitarán accidentes e riscos innecesarios.

O quinto bloque, Xogos e deportes, presenta contidos relacionados co xogo e coas actividades deportivas, entendidos como manifestacións culturais da motricidade humana. O xogo pode ser un recurso metodolóxico ou un contido con sentido propio, con fin en si mesmo. Neste caso priorízanse aspectos relativos á práctica de xogos e de deportes, á realización de xogos populares e tradicionais galegos e ao respecto polas normas e polas compañeiras e compañeiros.

O xogo está presente case desde o nacemento e vai evolucionando coa persoa. Antes, o xogo usábase cando non se estaba a traballar, como distensión, mais as correntes pedagóxicas actuais indican que é unha boa maneira de conseguir os obxectivos previstos (xogo como medio). Utilizaranse estratexias de cooperación, de oposición e de cooperación/oposición, experimentando a tensión intrínseca do xogo, aceptando a vitoriaeaderrota, amosando respecto polo resto das persoas que xogan e polas normas e regras. Os xogos populares tradicionais de Galicia estarán presentes en todos os ciclos desta etapa educativa, de maneira que a área contribúa á conservación da cultura galega.

Nestes bloques intégranse os conceptos, procedementos e actitudes, aínda que non se diferencian explicitamente. A pesar de que debe haber unha sincronía entre a teoríaeapráctica, os procedementos son prioritarios en educación física, xa que o carácter motriz da área implica un nivel determinado de práctica. Estes procedementos propician a adquisición dunha boa competencia no plano motor e conducen, irremediamente, cara á asimilación de conceptos. As actitudes permiten afrontar con interese e con respecto as situacións que se propoñan, contribuíndo ao desenvolvemento dunha personalidade equilibrada.

Para rematar, a actividade física debe ser enfocada de tal xeito que mellore as relacións afectivas e potencie as actitudes e valores dunha sociedade solidaria e respectuosa coas persoas, sen distincións por razón de sexo, de etnia, de relixión, de ideoloxía, de capacidade física ou sensorial...

A área de educación física contribúe ao desenvolvemento das competencias básicas:

Competencia en comunicación lingüística. A educación física desenvolve esta competencia desde varias perspectivas, pero, en todas elas, grazas á variedade de intercambios comunicativos que permite, á parte do vocabulario específico que achega.

Competencia matemática. Certas actividades que se realizan en educación física e contribúen ao desenvolvemento da competencia matemática son:

- Apreciación de distancias, de traxectorias ou de velocidades nos lanzamentos, nas recepcións, nos golpes e en calquera tarefa de manipulación que se faga con móbiles, desenvolvendo tamén a percepción espacial.

- A ocupación do espazo de acción, a dispersión, o agrupamento... Estes aspectos inflúen na boa adquisición das habilidades perceptivas e son importantes na maioría das actividades que se fan, especialmente nos deportes.

- A formación de figuras xeométricas co corpo, tanto individualmente como en grupo (xogos de roda, distribución en ringleiras...) ou con distintos materiais (cordas, ladrillos de psicomotricidade...)

- Interpretación de símbolos: por exemplo, ao traballar a orientación hai que entender a relación entre o que está representado no plano e a realidade, polo que resulta imprescindible interpretar os símbolos máis básicos.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico. Algunhas achegas a esta competencia son as seguintes:

- Aumento da percepción: búscase enriquecer a percepción e o control do propio corpo (esquema corporal), do espazo e do tempo, mellorando deste xeito o coñecemento do mundo que nos rodea e as relacións coas demais persoas e cos obxectos.

- Exploración e coñecemento doutros medios (acuático, natural, neve...): algunhas das actividades da área de educación física realízanse no medio natural ou incluso no medio acuático, o cal axudará o alumnado a coñecer as diferenzas, as súas características, os distintos espazos...

- Mellora da saúde e da calidade de vida: entendida como o estado de completo benestar físico, mental e social, e non só como ausen-

cia de enfermidade. A mellora na condición física (especialmente no terceiro ciclo) ten numerosas repercusións na saúde: diminución do peso corporal, aumento das cavidades do corazón, do ton muscular, da autoestima... Tamén contribúen á mellora da saúde e da calidade de vida o traballo da hixiene corporal, a adquisición de hábitos alimenticios axeitados, o rexeitamento da inxestión de substancias prexudiciais, así como a práctica de hixiene postural en accións cotiás e propias da actividade física.

Tratamento da información e competencia dixital. A área de educación física contribúe a esta competencia desde os seguintes puntos de vista:

- Por unha banda, as nenas e os nenos aprenden a valorar criticamente as mensaxes referidas ao corpo, procedentes dos medios de información e de comunicación, que poden danar a imaxe corporal. Ademais deben saber seleccionar a información importante.
- Por outra banda, o alumnado ten que ser quen de achar a información usando as TIC: bases de datos, procesadores de texto, tratamento da imaxe, utilización da internet como ferramenta de busca... Debe amosar un dominio básico de diferentes linguaxes (icónica, visual, sonora, gráfica...) e un coñecemento dos tipos de información, das súas fontes, das súas posibilidades e da súa localización.

Competencia social e cidadá. As características da educación física, especialmente no que se refire á dinámica de relacións, presente nas sesións, fana axeitada para a educación en habilidades sociais:

- Cun axeitado enfoque metodolóxico e didáctico, fanse grandes achegas a esta competencia: a busca de obxectivos grupais comúns nun xogo cooperativo, o diálogo e a toma de decisións compartidas, as estratexias de cooperación ou oposición nos deportes, a comunicación... son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración, o respecto, a cooperación e a solidariedade.
- A educación física conciencia e axuda a ter en conta ás demais persoas nas actividades propostas, a confiar nelas, a participar colectiva e grupalmente, a asumir os diferentes papeis e as regras do xogo, a compartir o éxito e o fracaso do equipo, a discutir e elixir representantes, normas, funcións... aceptando as posibilidades e limitacións propias e alleas, independentemente do sexo, da raza, das crenzas, das características físicas...

- Atenderase ao xogo limpo, responsabilizándose cadaquén da integridade do resto de participantes. No caso do xurdimento de conflitos, resolveranse por medio da negociación, baseada no diálogo.

Competencia cultural e artística. A educación física achégase a esta competencia:

- Apreciando a parte artística de certas execucións motrices. Potenciando o desenvolvemento estético, a creatividade, a imaxinación, a dramatización, a expresión. Deste xeito, as manifestacións artísticas significarán unha fonte de gozo e enriquecemento persoal, valorando criticamente as mensaxes difundidas.

Entendendo algunhas manifestacións da motricidade humana como feitos culturais presentes en todas as culturas e civilizacións.

Competencia para aprender a aprender. O logro desta competencia ten relación coa metodoloxía e coa maneira de presentar as tarefas na organización do proceso de ensino-aprendizaxe:

- Aprender a aprender por medio das actividades cooperativas, en que o grupo-clase ten que buscar a colaboración e as achegas de todas as persoas que o compoñen, favorecendo o diálogo, a busca, o consenso, o razoamento e a comprensión das ideas achegadas polas e polos demais.

- O axeitado coñecemento de si mesma e de si mesmo, do propio corpo, das posibilidades de acción, do contorno que nos rodea, das demais compañeiras e compañeiros así como a comprensión dos patróns de movemento realizados para transferir a outras accións que favoreza o coñecemento das propias capacidades e a autoestima.

- Do mesmo xeito, as estratexias que cada nena e neno desenvolven con respecto ao autocontrol e ao control da actividade, regulando os seus movementos e accións e respondendo aos obxectivos propostos, favorecerán o feito de aprender a aprender.

Autonomía e iniciativa persoal. A educación física aborda a autonomía e a iniciativa persoal do alumnado desde varias perspectivas:

- Mellorando o coñecemento do seu propio corpo e do contorno ao estruturar o esquema corporal, así como a percepción do espazo e do tempo, de maneira que se gañe progresivamente autonomía e se fagan os movementos máis ricos e variados.

- Incrementando o nivel de habilidades e de capacidades e, en consecuencia, a autonomía e a iniciativa persoal.

- Utilizando unha metodoloxía que favoreza a exploración: os estilos de ensino que potencian a busca creando dúbidas nos coñecementos adquiridos ata o momento incrementan a capacidade do alumnado para realizar as accións con progresiva autonomía.

A metodoloxía empregada tenderá á adquisición de aprendizaxes significativas, polo que é preciso que os contidos sexan coherentes desde un punto de vista obxectivo co nivel evolutivo e madurativo do alumnado. Desta maneira, conseguirase unha alta motivación, xa que as aprendizaxes terán conexión coas inquiredanzas, necesidades e capacidades de cada neno e de cada nena.

Na etapa de educación primaria preténdese que todas as áreas curriculares estean relacionadas entre si (interdisciplinariedade). Os contidos impartidos nelas deben ter conexión e o profesorado das diferentes áreas deberá estar coordinado e programar globalmente, o que favorecerá que os nenos e nenas perciban as aprendizaxes transmitidas como parte dun todo, relacionadas, cohesionadas e con coherencia. Estruturar as aprendizaxes segundo a centros de interese pode ser unha boa alternativa para afianzar os coñecementos e garantir a calidade educativa.

Partirase de estilos de ensino que favorezan a busca, a indagación e a investigación, implicando aspectos mentais nas execucións motrices. O descubrimento guiado ou a resolución de problemas baseándose en propostas motrices levará as alumnas e os alumnos a investigar, razoar e chegar a unha ou varias posibles solucións.

O xogo é un recurso metodolóxico que debe utilizarse para gran parte dos contidos que se traten. Está sobradamente demostrada polas correntes pedagóxicas actuais a idoneidade deste para acadar as aprendizaxes propostas. O xogo ten un carácter natural, está presente nas persoas case desde o nacemento e pode ser multidisciplinar. Cómpre destacar os tradicionais de Galicia, que nun pasado tiveron gran difusión, e que sendo transmitidos de xeración en xeración. O desenvolvemento de xogos ou de actividades cooperativas favorecerá a adquisición de multitude de valores e de competencias básicas.

Finalmente, é preciso prestar especial atención á eliminación das diferenzas sexistas, buscando a igualdade de oportunidades para os dous sexos co fin de chegar así a unha verdadeira «coeducación física».

Obxectivos.

- Coñecer, aceptar e valorar o propio corpo e a actividade física como medio de exploración e de gozo das propias posibilidades motrices, de relación coas demais persoas e como recurso para organizar o tempo de lecer.
- Utilizar as propias capacidades motrices, habilidades e destrezas e o coñecemento que o alumnado posúe da estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación.
- Utilizar os recursos expresivos do corpo e do movemento de xeito estético e creativo, comunicando sensacións, emocións, ideas e estados de ánimo.
- Regular e dosificar o esforzo, asumindo un nivel de auto exixencia acorde coas posibilidades de cadaquén e coa natureza da tarefa que se está a realizar.
- Apreciar a actividade física para o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a si e cara ao resto das persoas e recoñecendo os efectos da actividade física, da hixiene corporal, da alimentación e dos hábitos posturais sobre a saúde e a calidade de vida.
- Participar en actividades físico-deportivas compartindo proxectos, establecendo relacións de cooperación para acadar obxectivos comúns, resolvendo por medio do diálogo os conflitos que poidan xurdir e evitando discriminacións por características persoais, de xénero, sociais e culturais.
- Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos culturais, amosando unha actitude crítica, tanto desde a óptica de participante como desde a de público.
- Adquirir, elixir e aplicar principios e regras para resolver problemas motores e actuar de xeito eficaz e autónomo na práctica de actividades físicas, deportivas e artístico-expresivas.
- Coñecer e practicar xogos, deportes e/ou bailes tradicionais propios da cultura galega, amosando interese pola indagación neste eido e pola súa difusión e valorando as repercusións que teñen na nosa sociedade.

CONTIDOS.

PRIMEIRO CICLO.

Bloque 1. *O corpo: imaxe e percepción.*

- Exploración do corpo, das sensacións e das propias posibilidades de movemento.
- Concienciación do propio corpo en relación coa tensión, coa relaxación e coa respiración.
- Experimentación de posturas corporais diferentes.
- Realización de actividades encamiñadas á afirmación da lateralidade.
- Experimentación de situacións de equilibrio e de desequilibrio.
- Nocións asociadas a relacións espaciais e temporais: orientación espacial (diante, detrás, lonxe, preto...) e temporal (antes, despois...).
- Aceptación da propia realidade corporal.
- Interese por aumentar a autonomía.

Bloque 2. *Habilidades motrices.*

- Exploración das habilidades e das propias posibilidades de movemento.
- Experimentación de diferentes xeitos de execución e de control das habilidades motrices básicas.
- Resolución de problemas motores sinxelos.
- Realización de coordinacións globais diversas.
- Interese por coñecer as propias posibilidades de movemento e de acción.
- Disposición favorable a participar en actividades variadas, esforzándose e aceptando a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.

Bloque 3. *Actividades físicas artístico-expresivas.*

- Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento.

- Imitación de personaxes coñecidos e de situacións cotiás.
- Exteriorización de emocións e de sentimentos a través do corpo, do xesto e do movemento.
- Realización de representacións e de dramatizacións sinxelas con obxectos e con materiais.
- Sincronización do movemento con pulsacións e estruturas rítmicas sinxelas.
- Vivenciación de tarefas lúdico-motrices con base musical.
- Participación desinhibida en situacións que supoñan comunicación corporal, recoñecendo as diferenzas no xeito de expresarse.
- Desfrute mediante a expresión a través do propio corpo.

Bloque 4. *Actividade física e saúde.*

- Adquisición de hábitos básicos de hixiene corporal e práctica de tarefas encamiñadas á hixiene postural.
- Coñecemento de pautas de alimentación básicas en relación coa actividade física.
- Comprensión da relación da actividade física co benestar.
- Realización de actividades motrices orientadas á mellora da saúde.
- Adopción de medidas de seguridade na actividade física.
- Respecto das normas de uso de materiais e de espazos na práctica da actividade física.
- Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde.

Bloque 5. *Xogos e deportes.*

- Consideración do xogo como actividade común a todas as culturas.
- Comprensión e cumprimento das regras do xogo.
- Realización de xogos libres e organizados.
- Coñecemento e práctica de xogos populares tradicionais galegos.
- Descubrimento das estratexias básicas de cooperación e de oposición en determinados xogos.

- Respecto ás persoas participantes no xogo, aceptando os diferentes papeis, valorando o esforzo e confiando nas propias posibilidades.
- Valoración do xogo como medio de desfrute e de relación coas demais persoas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

PRIMEIRO CICLO.

- Reaccionar corporalmente ante estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices axeitadas ás características deses estímulos.

Trátase de comprobar se as nenas e os nenos son quen de responder a estímulos dados en tres canles: visual, auditivo e táctil. Verificarase que poidan descubrir a procedencia e características dalgúns sons, discriminar co tacto obxectos ou texturas habituais e seguir visualmente ou interpretar traxectorias de obxectos, de persoas e de móbiles. Teranse en conta a memoria auditiva e visual.

- Adoptar diferentes posturas corporais, amosando coñecemento do corpo e mantendo o equilibrio e o control respecto á tensión/relaxación musculares e á respiración.

Preténdese avaliar se o alumnado pode manter o equilibrio e o control da respiración ao experimentar posicións corporais variadas. Ademais, comprobarase se coñece as partes máis importantes do seu corpo e os movementos que se poden realizar con elas, se é capaz de contraelas e de relaxalas en función da postura que deba adoptar.

- Reproducir cos diferentes segmentos corporais ou con instrumentos unha estrutura rítmica sinxela.

Inténtase saber se as nenas e nenos son quen de reproducir unha determinada estrutura rítmica por medio do movemento corporal con tarefas motrices globais (desprazamentos, saltos...) ou finas (palmas, golpes cos pés no chan...); tamén con variedade de instrumentos de percusión ou materiais propios da educación física (pelotas, picas, mazas...).

- Desprazarse e saltar coordinadamente, variando a amplitude, a frecuencia, a dirección e o sentido do movemento e mais amosando unha axeitada orientación no espazo.

Preténdese comprobar nas alumnas e alumnos a capacidade de executaren dúas habilidades básicas: os desprazamentos e os saltos. Realizaranse en posicións corporais variadas e adaptaranse aos requisitos e condicións de cada xogo ou situación motriz presentada. Avaliarase a ocupación do espazo (dirección e sentido), así como as múltiples posibilidades de execución (amplitude e frecuencia).

- Realizar lanzamentos, recepcións e outras habilidades que impliquen o manexo de obxectos, coordinando os segmentos corporais e situando o corpo axeitadamente.

Búscase verificar se as nenas e os nenos son capaces de manexar móbiles e diferentes obxectos con certa habilidade, utilizando ambos os lados do corpo e as súas distintas partes (mans, pés, xeonllos...). Débese atender á colocación do corpo de forma coordinada para facilitar o xesto e a adaptación ás situacións lúdicas que se ofrezan.

- Simbolizar personaxes, obxectos e situacións utilizando o corpo e materiais variados, amosando desinhibición e mais respectando e valorando as execucións alleas.

Preténdese valorar a capacidade do alumnado para referirse a sensacións, personaxes, animais, obxectos... tanto co propio corpo coma con axuda doutros materiais en situacións variadas. Prestarase atención ao esforzo e á espontaneidade, así como ao rexeitamento de estereotipos. Terase en conta o interese polo descubrimento das posibilidades do propio corpo e o grao de respecto ás execucións das outras persoas participantes.

- Amosar interese pola adquisición de hábitos axeitados de alimentación, de hixiene corporal, postural e de seguridade na práctica da actividade física.

Avaliase a predisposición cara aos hábitos relacionados coa saúde e co benestar. Constatarse se as alumnas e os alumnos son conscientes da necesidade de alimentarse e de hidratarse ben, sobre todo antes da práctica da actividade física; de manter a hixiene do corpo; de usar roupa e calzado axeitados para a práctica física; de adoptar determinadas posturas corporais para evitar problemas; así como de identificar os riscos asociados a algunhas actividades motrices.

- Participar e gozar dos xogos, axustando a propia actuación ás características da actividade e experimentando relacións positivas coas outras persoas participantes.

Neste caso valóranse especialmente as relacións axeitadas cos compañeiros e coas compañeiras, o respecto polas normas e a aceptación de distintos papeis. Ao atender á participación nos xogos, farase fincapé na posta en acción das habilidades básicas (desprazamentos, saltos, xiros e lanzamentos/recepcións) e na percepción do propio corpo, do espazo e do tempo.

- Coñecer e practicar xogos populares tradicionais galegos, interesándose pola súa busca e valorando a súa importancia.

Quérese comprobar o coñecemento e a práctica por parte do alumnado dalgúns aspectos da tradición galega, tales como os xogos ou incluso os xoguetes e os bailes. Valorarase a busca por medio da linguaxe oral, da biblioteca de centro e da aula ou das tecnoloxías da información e da comunicación.

CONTIDOS.

SEGUNDO CICLO.

Bloque 1. *O corpo: imaxe e percepción.*

- Interiorización do esquema corporal e utilización dos elementos orgánico-funcionais no movemento.

- Conciencia e control do corpo en relación coa tensión, coa relaxación global e segmentaria e coa respiración.

- Adecuación da postura ás necesidades expresivas e motrices.

- Consolidación da lateralidade e da súa proxección no espazo.

- Práctica de equilibrio estático, dinámico e con obxectos en situacións coñecidas.

- Estruturación espacial e temporal en diversas situacións.

- Valoración e aceptación da propia realidade corporal e da do resto das persoas.

- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades.

Bloque 2. *Habilidades motrices.*

- Práctica das habilidades motrices básicas: desprazamentos, saltos, xiros e lanzamentos/recepcións.

- Uso eficaz das habilidades e das destrezas en situacións motrices coñecidas e tarefas lúdico-motrices.
- Control motor e dominio corporal, adaptándose a medios diversos: natural, acuático...
- Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución motriz.
- Execución de movementos coordinados desde un punto de vista motor.
- Reflexión sobre a competencia motriz do alumnado e interese por melloralas.
- Disposición favorable a participar en actividades diversas, esforzándose e aceptando as diferenzas individuais en canto á habilidade para executalas.

Bloque 3. Actividades físicas artístico-expresivas.

- Utilización do corpo e do movemento como instrumentos de expresión e de comunicación.
- Representación de obxectos e de personaxes reais e ficticios en diferentes situacións.
- Expresión de ideas, de emocións e de sentimentos a través do corpo, do xesto e do movemento.
- Utilización de obxectos e de materiais para a dramatización e para a comunicación.
- Adecuación do movemento a ritmos diversos e a estruturas espazo-temporais.
- Execución de danzas, de bailes e de coreografías simples.
- Participación desinhibida en situacións que supoñan comunicación corporal, valorando as diferenzas no xeito de expresarse.
- Gozo mediante a expresión e a comunicación a través do propio corpo.

Bloque 4. Actividade física e saúde.

- Consolidación dos hábitos de hixiene corporal e adquisición de hábitos posturais correctos na práctica física.

- Interiorización de hábitos alimentarios saudables relacionados coa actividade física.
- Recoñecemento dos beneficios da actividade física en relación coa saúde e co benestar.
- Práctica de actividades que melloren de xeito xenérico a condición física orientada á saúde.
- Adquisición de hábitos que proporcionen seguridade na práctica da actividade física.
- Uso correcto dos materiais e dos espazos, adoptando medidas básicas de seguridade e prevención durante a práctica da actividade física.
- Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde.

Bloque 5. Xogos e deportes.

- Apreciación do xogo e do deporte como elementos da realidade social.
- Comprensión, aceptación e cumprimento das regras e das normas de xogo e actitude responsable con relación ás estratexias acordadas.
- Participación e práctica de xogos diversos e de actividades de iniciación predeportiva.
- Busca de información sobre xogos populares, autóctonos e tradicionais de Galicia e práctica destes.
- Experimentación das estratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, coa oposición e coa cooperación/oposición.
- Respecto cara ás persoas participantes no xogo, valorando o esforzo e rexeitando os comportamentos antisociais.
- Valoración do xogo e das actividades deportivas como medio de gozo, de relación e de emprego do tempo de lecer.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

SEGUNDO CICLO.

- Amosar un axeitado coñecemento do corpo, dos seus elementos e funcionalidade, controlándoo en situacións variadas en relación coa tensión/relaxación musculares e coa respiración.

Valórase se as nenas e os nenos destas idades son capaces de diferenciar e de controlar as partes do seu corpo e as súas posibilidades de movemento en situacións motrices coñecidas e descoñecidas. Para comproballo, cómpre ofrecer cantidade e variedade de estímulos. Daráselle importancia á economía e á fluidez nos movementos, logradas en parte grazas a un bo control da tensión e da relaxación musculares.

- Propoñer estruturas rítmicas sinxelas e reproducilas corporalmente ou con instrumentos.

Quérese avaliar se o alumnado é quen de inventar estruturas rítmicas, de acordo cun número de pulsacións ou a unha secuencia, e de reproducilas de diferentes maneiras. Esta reprodución pode ser por medio de tarefas motrices globais (desprazamentos, saltos...) ou finas (palmas, percusións en zonas corporais, golpes co pé no chan...); tamén con instrumentos de percusión ou materiais propios da educación física (pelotas, mazas, picas...).

- Desprazarse e saltar, combinando as habilidades de maneira equilibrada e coordinada, axustando os movementos corporais eficazmente aos cambios das condicións da actividade.

Preténdese verificar nos alumnos e alumnas a habilidade de saltar e de desprazarse de diferentes maneiras (en cuadrupedia, reptando, gabeando...); con distintas velocidades; con cambios de dirección e de sentido e adaptándose a condicións externas variables (por exemplo, a outras persoas que igualmente se desprazan). Atenderase ao equilibrio e reequilibrio nas combinacións das habilidades, así como a unha correcta coordinación.

- Xirar sobre os eixos lonxitudinal e transversal, mantendo o equilibrio nas execucións e achegando respostas motrices acordes coas prácticas solicitadas.

Compróbase se as nenas e os nenos realizan xiros sobre o eixo transversal (viravolta adiante ou atrás) e lonxitudinal (rolar, facer un medio xiro no aire). Os xiros poderán estar combinados con desprazamentos e con saltos, dando lugar a cambios de dirección e de sentido. Avaliarase o control correcto do corpo desde un punto de vista posturaleomantemento do equilibrio, evitando riscos innecesarios.

- Lanzar, pasar e recibir pelotas ou outros móbiles con certo control e adaptándose ás traxectorias.

Valórase a coordinación global e segmentaria no manexo de móbiles, ben sexa ao manipularlos co corpo ou con algún tipo de axuda material

(pa, raqueta, stick...), amosando unha axeitada percepción espacio-temporal para adaptar o propio movemento ás súas traxectorias. Este criterio avaliarase por medio de xogos e de tarefas lúdico-motrices e verificarase atendendo aos pases, recepcións, conducións, lanzamentos...

- Utilizar os recursos expresivos do corpo, os obxectos e os materiais para a comunicación de ideas, de emocións e de sentimentos e mais para a representación de personaxes e de historias, reais ou imaxinarias, individualmente e en grupo.

Compróbase a capacidade do alumno e da alumna para representar e comunicar por medio da linguaxe non verbal determinadas situacións, ideas, emocións, sentimentos, estados de ánimo... individualmente e en grupo. Nas producións grupais terase en conta a predisposición ao diálogo e a responsabilidade na organización e na preparación da proposta. Atenderase especialmente ao respecto polo papel que lle corresponde desempeñar a cada quen e polas actuacións do resto dos compañeiros e compañeiras.

- Manter unha predisposición positiva cara á práctica da actividade física, valorando os seus beneficios para a calidade de vida e amosando interese na hixiene, na alimentación e na adquisición de hábitos saudables.

Avaliase se as nenas e os nenos son quen de valorar os beneficios que a actividade física ten sobre o organismo, especialmente no relativo á mellora das habilidades, da percepción e da condición física, así como a necesidade de evitar riscos innecesarios na práctica de xogos e de actividades motrices. As prácticas saudables pasarán por manter unha hixiene axeitada despois das sesións de educación física, adoptar as posturas correctas en cada situación e os hábitos alimenticios que permitan practicar actividade física con certas garantías (inxesta de alimentos, hidratación...).

- Participar en xogos e en actividades deportivas con coñecemento das normas, resolvendo os retos cooperativamente e amosando unha actitude de aceptación cara ás demais persoas.

Verifícase se o alumnado participa nos xogos e nas actividades aceptando o papel que lle corresponde desempeñar; tendo en conta o resto das persoas; rexeitando os comportamentos antisociais; evitando discriminacións, estereotipos, prexuízos... Valorarase a actitude cooperativa cos membros do mesmo equipo e o respecto cara aos do equipo contrario, así como o esforzo e a implicación na actividade.

- Buscar información sobre xogos populares tradicionais galegos en diferentes medios, interesarse polo seu coñecemento e practicalos.

Valórase se as alumnas e alumnos buscan información sobre aspectos relacionados coa área de educación física que son propios de Galicia, como os xogos populares tradicionais, os xoguetes e os bailes. Realízanse buscas en soporte impreso (libros da biblioteca) ou dixital (a internet), favorecendo así o uso das TIC. Prestarase especial atención ao interese que amosan as nenas e os nenos en practicar e difundir estes xogos, xoguetes e danzas.

CONTIDOS.

TERCEIRO CICLO.

Bloque 1. *O corpo: imaxe e percepción.*

- Interiorización da imaxe e do esquema corporal, representación e uso dos elementos orgánico-funcionais no movemento.
- Control corporal en situacións motrices complexas: utilización da capacidade de tensión e de relaxación.
- Adquisición dunha axeitada mecánica respiratoria, valorando a súa importancia.
- Adaptación da postura ás necesidades expresivas e motrices de xeito eficiente, fluído e harmónico.
- Execución de movementos de certa dificultade cos segmentos corporais dominantes e non dominantes.
- Realización de equilibrio estático, dinámico e con obxectos en situacións complexas e descoñecidas.
- Estruturación e organización espacio-temporal en accións e en situacións motrices complexas.
- Valoración e aceptación da propia realidade corporal, reflexionando criticamente acerca das mensaxes proporcionadas polos medios de comunicación.
- Seguridade, confianza e autonomía persoal.

Bloque 2. *Habilidades motrices.*

- Adaptación das habilidades motrices básicas e específicas a diferentes situacións.

- Uso das habilidades motrices básicas aplicadas a actividades deportivas e rítmicas complexas con eficiencia e creatividade.
- Aplicación de habilidades específicas en iniciación deportiva de maneira óptima.
- Dominio motor e corporal, seguridade e autonomía en medios diversos: natural, acuático, a neve...
- Acondicionamento físico xeral orientado á mellora da execución das habilidades motrices.
- Práctica de coordinacións globais e específicas en situacións complexas.
- Valoración do traballo ben executado desde o punto de vista motor.
- Disposición favorable para participar en actividades físicas diversas, esforzándose e aceptando as diferenzas no nivel de habilidade.

Bloque 3. Actividades físicas artístico-expresivas.

- Concienciación e uso axeitado das posibilidades expresivas e comunicativas da linguaxe corporal.
- Elaboración de composicións grupais representando situacións variadas e atendendo a diferentes estímulos.
- Expresión e comunicación de sentimentos e de emocións individuais e grupais a través do corpo, do xesto e do movemento.
- Representacións e improvisacións artísticas por medio da linguaxe corporal e coa axuda de obxectos e materiais.
- Composición de movementos variados a partir da combinación de estímulos rítmicos e musicais.
- Execución de bailes e de danzas e elaboración de coreografías.
- Participación desinhibida en situacións de comunicación corporal e de respecto ante as execucións alleas.
- Valoración da expresión e da comunicación corporal como importantes para a educación integral.

Bloque 4. *Actividade física e saúde.*

- Autonomía na hixiene corporal e adquisición de hábitos posturais axeitados na vida cotiá e na actividade física.
- Busca de información e análise crítica sobre aspectos alimentarios (proteínas, carbohidratos, lípidos...) para unha vida saudable.
- Recoñecemento dos efectos beneficiosos da actividade física na saúde, identificación e rexeitamento das prácticas pouco saudables.
- Incremento da condición física co obxectivo de mellorar a saúde.
- Prevención de lesións na actividade física: quecemento, dosificación do esforzo, recuperación/relaxación, primeiros auxilios...
- Utilización correcta e respectuosa do contorno, adoptando medidas de seguridade e de prevención de accidentes na actividade física.
- Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde.

Bloque 5. *Xogos e deportes.*

- Recoñecemento do xogo e do deporte como fenómenos sociais e culturais: tipos de xogos e de actividades deportivas.
- Aceptación e respecto cara ás normas, cara aos regulamentos, cara ás estratexias e cara ás persoas que participan no xogo, así como cara ao papel que corresponda desempeñar.
- Realización de xogos e de actividades deportivas de diversas modalidades e de dificultade crecente.
- Recompilación de información sobre xogos e deportes populares, autóctonos e tradicionais de Galicia e práctica destes.
- Utilización axeitada e valoración das estratexias básicas do xogo: cooperación, oposición e cooperación/oposición.
- Valoración do esforzo persoal e do colectivo nos diferentes tipos de xogos e actividades deportivas á marxe de preferencias e de prexuízos.
- Aprecio do xogo e do deporte como medio de desfrute, de relación, de saúde e de ocupación do tempo de lecer.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

TERCEIRO CICLO.

- Axustar as accións do corpo aos cambios nas condicións da actividade, de maneira económica e eficaz, incidindo nos mecanismos de percepción, de decisión e de control motor.

Trátase de comprobar o axuste do alumnado ás condicións e características específicas de cada situación motriz, dado que é preciso escoller o patrón motor axeitado en cada momento coa maior economía para cumprir o obxectivo proposto (eficiencia), atendendo aos mecanismos da aprendizaxe motora.

- Adaptar os desprazamentos, saltos e xiros a diferentes contornos que poidan presentar incerteza, sexan coñecidos ou descoñecidos.

Preténdense avaliar as habilidades básicas, buscando adaptalas a condicións de execución cada vez máis complexas, así como a outros medios: medio natural, medio acuático... Valorarase a variedade de desprazamentos (carreira, cuadrupedia, reptación, propulsión...), de saltos (con ou sen carreira previa, cunha perna, coas dúas...) e de xiros (nos eixos lonxitudinal, transversal e antero-posterior).

- Lanzar, pasar e recibir pelotas ou outros móbiles de maneira controlada nos xogos ou actividades motrices e deportivas que o requiran, axustándose axeitadamente á situación no terreo de xogo, ás distancias e ás traxectorias.

Compróbase o dominio que ten o alumnado das manipulacións e do manexo de obxectos e de móbiles en situacións de xogo e interactuando co resto das persoas participantes, tanto do equipo propio coma do contrario. Avaliarase a coordinación no lanzamento (adiantar a perna contraria ao brazo de lanzar); a adecuación deste ás condicións variables de cada situación motriz; a orientación do corpo en función da traxectoria, da dirección e da velocidade do móbil e a capacidade de anticipación.

- Incrementar globalmente a condición física, axustando a súa actuación ao coñecemento das propias posibilidades e limitacións corporais e de movemento.

Valórase se o alumnado amosa unha predisposición de cara á mellora das súas capacidades físicas básicas. Farase especial fincapé en compro-

bar a dosificación do esforzo en función da propia capacidade, adaptando o exercicio ás posibilidades e limitacións.

- Construír composicións grupais interaccionando coas demais persoas, utilizando os recursos expresivos do corpo e do movemento, dos materiais e dos obxectos e atendendo a estímulos musicais, plásticos ou verbais.

Avaliase se os nenos e as nenas son capaces de expresar individualmente gran variedade de situacións, de ideas, de emocións, de sentimentos, de estados de ánimo, de mensaxes... por medio da linguaxe corporal e apoiándose en varios aspectos e materiais. Con este criterio valórase tamén a capacidade para adecuarse a outras persoas e crear grupalmente un pequeno «espectáculo». Teranse en conta a creatividade, a soltura e a desinhibición.

- Identificar algunhas das relacións que se establecen entre a práctica correcta e habitual da actividade física e a mellora da saúde e da calidade de vida e actuar de acordo con elas.

Quérese verificar se os alumnos e as alumnas son conscientes da relación que existe entre a actividade física practicada de forma coherente, axeitada e habitual e a mellora da saúde e da calidade de vida. Comprobarase a predisposición cara á realización de exercicio físico, cara á adopción de posturas correctas, cara á adquisición de hábitos de hixiene, cara á alimentación e hidratación axeitadas, cara á adopción de medidas de seguridade, cara ao rexeitamento de prácticas pouco saudables (inxestión de substancias nocivas, actividades físicas perigosas...) e cara á prevención de accidentes ao realizar actividade física. Valorarase o interese por buscar información variada e en distintos medios, así como a capacidade de reflexión crítica sobre as mensaxes que estes medios acheguen.

- Actuar coordinada e cooperativamente coas persoas que compoñen o propio equipo para resolver retos ou opoñerse ás do equipo contrario nun xogo ou actividade deportiva colectiva, establecendo relacións construtivas e equilibradas.

Preténdense avaliar as relacións e interaccións coas demais persoas participantes nos xogos e deportes realizados. Atenderase ás accións de cooperación e de oposición (comunicación e contracomunicación motriz) e á axeitada ocupación do terreo de xogo. Terase en conta que as relacións entre as persoas participantes dun e doutro equipo sexan respectuosas, equilibradas e non discriminatorias.

- Identificar como valores fundamentais dos xogos e das actividades deportivas o esforzo persoal e as relacións co grupo, resolvendo de forma crítica as situacións conflitivas que poidan xurdir.

Avaliase se as alumnas e os alumnos valoran o esforzo nos xogos e nos deportes practicados, o xogo limpo, as relacións coas demais persoas e a resolución pacífica dos conflitos e das desavinzas xurdidas. Prestaráselles atención á expresión de opinións, ao diálogo, ao debate e á adopción de criterios propios, así como á comprensión do punto de vista do resto das persoas, máis ca aos resultados da propia actividade (gañar ou perder).

- Coñecer, practicar e valorar xogos e deportes populares tradicionais de Galicia, recompilando información sobre eles e interesándose pola súa conservación.

Búscase comprobar que o alumnado recompila e achegue información sobre xogos e xoguetes, deportes, danzas ou bailes propios da nosa comunidade autónoma, facendo para iso traballo de campo, utilizando as TIC, a biblioteca da aula, a do centro, a municipal ou calquera outro medio. Avaliarase a práctica das ditas actividades e o interese pola súa transmisión e conservación.

ANEXO III

Cadro de distribución horaria para a educación primaria

	1º CICLO		2º CICLO		3º CICLO	
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
	curso	curso	curso	curso	curso	curso
Lingua castelá e literatura	4	4	4	4	4	3
Lingua galega e literatura	4	4	4	4	4	3
Lingua estranxeira	2	2	3	3	3	3
Educación artística	2	2	2	2	2	2
Educación física	2	2	2	2	2	2
Matemáticas	5	5	4	4	4	4
Coñecemento do medio natural, social e cultural	5	4	5	4	5	4
Relixión	1	2	1	2	1	2
Educación para a cidadanía e os dereitos humanos	-	-	-	-	-	2
TOTAIS	25	25	25	25	25	25

ANEXO IV

Proxecto lector de centro

Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei orgánica de educación e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para as etapas de ensino obrigatorio, os centros educativos deberán elaborar e incluír nos seus proxectos educativos de centro, proxectos lectores que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas.

O proxecto lector de centro será un documento deseñado para desenvolver a medio prazo en que, a partir da análise do contexto en materia de lectura, se articulen todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha. O proxecto lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, que se incluírán na programación xeral anual. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados preferentemente pola persoa responsable da biblioteca escolar.

Para a consecución dos devanditos obxectivos, os centros educativos deberán tomar decisións consensuadas que permitan:

- A existencia dunha biblioteca escolar como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.
- A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.
- A formación de lectores e de lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.
- O desenvolvemento de actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores, entre outras estratexias.
- O funcionamento da biblioteca escolar como factor de compensación social.

FUNDAMENTOS.

O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios.

Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.

A formación da lectura comprensiva exige, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico.

Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.

O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluírá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura.

Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de se enfrontar a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

ANEXO V

Plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación

Enmarcada nas accións que se dispoñen na Lei orgánica de educación, e coa finalidade de que as tecnoloxías da información e a comunicación se incorporen como un recurso máis aos procesos de ensinoaprendizaxe, cada centro educativo deberá elaborar e incluír no proxecto educativo de centro, un plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación que implique un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para o mellor aproveitamento das posibilidades que as TIC ofertan.

A aplicación das TIC ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social-olugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e das nenas, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.

Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Para que isto se poida poñer en práctica con garantía de éxito e de coherencia, resulta necesaria a creación dun plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación no centro e na aula coa participación activa de todo o equipo docente, que unha vez aprobado, se incorporará á programación xeral anual de centro, e a súa avaliación, á súamemoria. Cada proxecto será único atendendo ás características e ás posibilidades que se poden acadar tendo en conta a situación xeográfica, o tipo de alumnado, a formación do profesorado e as infraestruturas dispoñibles.

Deseñaranse unhas pautas para realizar un seguimento e avaliación do plan, polo menos trimestral, polas persoas coordinadoras de ciclo e -en caso de existir- pola persoa coordinadora do plan, que determinarán, seé-ocaso, aspectos de mellora.

Como marco para a elaboración deste plan de traballo, xúntanse as características que se deben ter en conta para a súa elaboración:

- Estudo inicial do centro referido ás características de toda a súa comunidade educativa. Poden recollerse aquí as iniciativas xa realizadas neste campo e mais as expectativas e os intereses de cara ao futuro.
- Obxectivos que, a curto e longo prazo, se pretenden alcanzar, así como a metodoloxía e actividades concretas que se aplicarán para acadalos. Deberán incluírse iniciativas pedagóxicas innovadoras e cambios metodolóxicos que redunden nun mellor aproveitamento das TIC nas aulas.
- Estratexias de coordinación do profesorado das distintas áreas e niveis educativos.
- Utilización e aproveitamento dos recursos existentes no centro en beneficio do proxecto.
- Organización dos espazos do centro.
- Fomento dos valores democráticos, tratamento da diversidade, atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo e medidas para promover o acceso ás TIC en condicións de igualdade por parte de persoas dos dous sexos e de diferentes condicións sociais.
- Uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia para a obtención de información e para a aprendizaxe.
- Plan de avaliación anual tendente a detectar os obxectivos acadados e os incumpridos, así como as estratexias que deberán adoptarse para alcanzar os non conseguidos.
- Detección de necesidades formativas do profesorado. Elaboración dun plan de formación interno que permita difundir boas prácticas e aproveitar ideas e coñecementos dos compañeiros e compañeiras docentes.
- Medidas para difundir o proxecto entre o alumnado, as familias e a comunidade educativa en xeral, de maneira que se fomente a súa participación nel.


Cada plan deberá recoller ademais os seguintes obxectivos xerais:

- Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.

- Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.
- Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Fornecer ao alumnado estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das TIC.
- Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus iguais.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC.
- Empregar as TIC para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
- Consultar e obter información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.
- Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.
- A través das asociacións de nais e de pais dos centros, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favore-

cer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das TIC.

Favorecer a superación das limitacións de acceso ás TIC derivadas das desigualdades sociais.



2. AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN PRIMARIA

2. Avaliación na educación primaria

Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 30 de novembro de 2007)

Preámbulo

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 20 que a avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado de educación primaria será continua e global e que terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

A Orde ECI/1845/2007, do 19 de xuño, establece os elementos dos documentos básicos de avaliación do ensino básico regulado pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade do alumnado.

O Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón no seu artigo 11 que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ditará as normas oportunas de procedemento en materia de avaliación e promoción do alumnado, e na súa disposición derradeira primeira autorízase para ordenar as disposicións que sexan necesarias para a súa execución e desenvolvemento.

En consecuencia é preciso establecer as normas que regulen a avaliación do alumnado de educación primaria, así como definir os documentos en que se recolla o seu resultado, garantindo a autenticidade dos seus datos, a súa supervisión e custodia.

En virtude disto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Artigo 1º.- *Obxecto e ámbito.*

O obxecto desta orde é regular a avaliación e promoción do alumnado de educación primaria nos centros docentes que impartan estas ensinanzas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.- *Carácter da avaliación.*

1. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, global, formativa e integradora. Terá en conta o seu progreso no conxunto de todas as áreas do currículo.

2. A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos do currículo recollidos todos eles no Decreto 130/2007 e na concreción que deles fagan os centros no seu proxecto educativo. Os criterios de avaliación das áreas serán referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas como da consecución dos obxectivos.

3. A avaliación continua ten carácter formativo e permite incorporar medidas de ampliación, enriquecemento e reforzo para todo o alumnado en función das necesidades que deriven da avaliación do proceso educativo. Estas medidas adoptaranse desde o momento en que se identifiquen e en calquera momento do ciclo, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Artigo 3º.- *Resultados da avaliación.*

1. Os resultados e as observacións relativas ao proceso de avaliación do alumnado consignaranse nos documentos que se determinan nesta orde.

2. Os resultados da avaliación do alumnado na educación primaria expresaranse nos termos seguintes: insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaliente (SB). Considerarase cualificación negativa o insuficiente e positivas as restantes.

Artigo 4º.- *Desenvolvemento do proceso de avaliación.*

1. As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titular do grupo e nelas participará o profesorado que imparte docencia no grupo e

poderá contar co asesoramento do departamento de orientación. Nelas valoraranse as aprendizaxes acadadas por cada alumna e cada alumno, o grao de desenvolvemento das competencias básicas e, se é o caso, as medidas adoptadas ou que se deben adoptar.

2. No proceso de avaliación continua, a cualificación das áreas será decidida pola mestra ou mestre que as imparta. Na área de educación artística, a cualificación será decidida tendo en conta o progreso do alumnado no conxunto da área.

3. Ao comezo de cada ciclo e durante o primeiro mes do curso escolar, a persoa titora realizará unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias básicas. Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou ciclo anterior correspondentes ao seu alumnado e completaráse coa información obtida das familias.

4. A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

5. Ao longo de cada un dos cursos realizaranse para cada grupo de alumnos e alumnas, polo menos, tres sesións de avaliación que serán presididas pola persoa titora, que recollerá en acta o desenvolvemento das sesións, as cualificacións nas distintas áreas, o grao de desenvolvemento das competencias básicas e as decisións e os acordos acadados, tanto referidas ao grupo como a cada alumna e alumno.

Artigo 5º.- *Avaliación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.*

1. A avaliación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo rexerase, con carácter xeral, polo disposto nesta orde.

2. Sen prexuízo do anteriormente indicado, na avaliación do alumnado que presente necesidades educativas especiais e que curse as ensinanzas correspondentes á educación primaria con adaptacións curriculares significativas, os criterios de avaliación establecidos nelas serán o referente fundamental para a súa avaliación e promoción.

Artigo 6º.- Promoción de ciclo.

1. Ao remate de cada un dos ciclos e como resultado do proceso de avaliación, o equipo de mestras e mestres que imparten docencia en cada grupo, na sesión final de avaliación, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, primando o criterio da persoa titora.

2. Tal e como establece o artigo 9 do Decreto 130/2007, o alumnado promocionará ao ciclo seguinte sempre que alcanzase o desenvolvemento adecuado das competencias básicas e un axeitado grao de madurez consonte a súa idade. Accederase igualmente ao ciclo seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo ciclo. Neste caso, o centro educativo adoptará as medidas precisas para que o alumnado reciba os reforzos e apoios necesarios para a recuperación das ditas aprendizaxes.

3. O alumnado que non cumpra as condicións anteriores, permanecerá un ano máis no mesmo ciclo. Esta medida só poderá ser adoptada unha soa vez ao longo de toda a etapa educativa e irá acompañada dun plan específico de reforzo e recuperación organizado polos centros arredor das competencias básicas e a aquelas áreas que faciliten a superación das dificultades de aprendizaxe.

4. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, o alumnado que presente necesidades educativas especiais poderá permanecer un ano máis na etapa de educación primaria, nos termos previstos no artigo 16.6º do Decreto 130/2007 polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma galega, sempre que esta medida favoreza a súa integración socioeducativa.

Artigo 7º.- Promoción á educación secundaria obrigatoria.

1. O alumnado promocionará á etapa de educación secundaria obrigatoria se alcanzou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas, os obxectivos da educación primaria e un adecuado grao de madurez.

2. Accederase igualmente cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente a nova etapa. Neste caso, a persoa titora, no informe persoal, precisará as dificultades presentadas e os obxectivos da etapa non logrados, así como as medidas adoptadas ata ese momento a fin de que o centro receptor poida establecer as medidas necesarias de reforzo.

3. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais poderá flexibilizarse de tal forma que se poida adiantar, logo da avaliación psicopedagóxica, o inicio da escolarización na etapa de educación secundaria obrigatoria, sempre que se considere que esta medida é a máis adecuada para o desenvolvemento equilibrado do alumnado e para a súa socialización.

Artigo 8º.- *Información da avaliación.*

1. Finalizada cada unha das sesións de avaliación, as nais/pais ou persoas titoras legais do alumnado serán informados dos seus resultados, da evolución académica dos seus fillos e fillas, así como das decisións adoptadas para o reforzo e/ou recuperación, se fose o caso.

2. Será competencia da persoa titora proporcionar esta información, segundo o modelo de documento que o centro determine, así como a de establecer canles de comunicación coas familias do alumnado.

Artigo 9º.- *Documentos oficiais de avaliación.*

Os documentos oficiais de avaliación na educación primaria son os seguintes: actas de avaliación, expediente académico, historial académico de educación primaria e informe persoal por traslado.

Artigo 10º.- *Actas de avaliación.*

1. Ao final de cada un dos tres ciclos da educación primaria estenderase acta de avaliación que comprenderá a relación nominal do alumnado de cada grupo e os resultados da súa avaliación. As actas serán pechadas ao remate do período lectivo.

2. Nestas actas reflectiranse os resultados da avaliación de cada unha das áreas nos termos establecidos no artigo 3 desta orde, e deberán expresar ademais as decisións sobre a permanencia no ciclo ou a promoción ao seguinte, así como as medidas de reforzo (RE) ou adaptación curricular significativa (ACS), para as áreas que as precisen.

3. Nas actas do 3º ciclo de educación primaria farase constar a proposta de acceso á educación secundaria para o alumnado que estea nas condicións previstas no artigo 7º desta orde, serán asinadas pola persoa titora do grupo e contarán co visto e prace do/a director/a do centro educativo. A súa custodia e arquivo corresponde aos centros educativos.

4. As actas de avaliación axustaranse aos modelos que figuran no anexo I desta orde.

Artigo 11º.- Expediente académico.

1. O expediente académico é o documento de avaliación individual do alumnado que incluíra os datos identificativos do centro, da alumna ou alumno e a información relativa á súa escolarización.

2. No expediente académico quedará constancia dos resultados da avaliación das áreas de cada un dos tres ciclos da educación primaria, no momento en que o alumnado promocioe ao ciclo ou á etapa seguinte, así como das medidas de atención á diversidade adoptadas, reforzos educativos aplicados ou adaptacións curriculares significativas realizadas, expresando estas dúas últimas circunstancias cos termos (RE) e (ACS), respectivamente.

3. A custodia e arquivo dos expedientes académicos corresponde aos centros educativos.

4. O expediente académico axustarase ao modelo que figura no anexo II desta orde.

Artigo 12º.- Historial académico de educación primaria.

1. O historial académico de educación primaria é o documento oficial que reflicte os resultados das avaliacións e as decisións relativas ao progreso académico da alumna ou alumno ao longo da etapa. Ten valor acreditativo dos estudos realizados.

2. O historial académico da educación primaria recollerá os datos identificativos do alumnado, os anos da súa escolarización e os centros onde se realizaron os estudos, as áreas cursadas e os resultados obtidos en cada ciclo, no momento en que o alumnado promocioe ao ciclo ou á etapa seguinte, con indicación de ACS se fose o caso, a decisión sobre promoción ao ciclo seguinte coa data correspondente ou a proposta de acceso á educación secundaria obrigatoria.

3. O historial académico da educación primaria será estendido en impreso oficial. Será asinado pola persoa titora e levará o visto e prace do director ou directora do centro que garantirá a autenticidade dos datos nel reflectidos e a súa custodia.

4. Ao finalizar a etapa, o historial académico da educación primaria, xunto co anterior libro de escolaridade, se fose o caso, será entregado ás nais, pais ou titores legais do alumnado e unha copia será enviada ao centro de educación secundaria, por pedimento deste, xunto co informe individualizado de final de etapa. A circunstancia do seu envío, coa data en que se efectúa, quedará reflectida no expediente académico.

5. O historial académico axustarase ao modelo que figura no anexo III desta orde.

6. A formalización e custodia do historial académico da educación primaria será supervisada pola Inspección educativa.

Artigo 13º.- Informe persoal por traslado.

1. O informe persoal por traslado é documento oficial que ten como finalidade garantir a continuidade do proceso de aprendizaxe ao alumnado que se traslade a outro centro sen ter rematado o ciclo.

2. Contará cos elementos seguintes:

a) Resultados parciais da avaliación.

b) Constancia da aplicación, se é o caso, de medidas de reforzo ou calquera outra dentro da atención á diversidade.

c) Adaptacións curriculares realizadas.

d) Calquera outra información referente ao proceso educativo da alumna ou alumno.

3. O informe persoal será elaborado e asinado pola persoa titora, a partir da información de todo o profesorado que imparta docencia no grupo, e levará o visto e prace do director ou directora do centro.

4. O informe persoal por traslado axustarase ao modelo que figura no anexo IV desta orde.

Artigo 14º.- Informe de avaliación final de ciclo.

1. Ao remate de cada un dos ciclos da educación primaria, a persoa titora elaborará un informe individualizado de cada alumna e alumno que recollerá os aspectos máis relevantes sobre o proceso de aprendizaxe, as decisións sobre as medidas para a atención á diversidade, as medidas de

reforzo ou adaptacións curriculares adoptadas, así como todos aqueles aspectos do alumnado que permitan facer un mellor seguimento do seu proceso de aprendizaxe e madurez persoal.

2. O informe iniciárase ao comezo de cada ciclo, recollerá a información resultante do proceso da avaliación continua ao longo de cada curso, e completárase ao remate do ciclo.

3. Ao remate de cada ciclo a persoa titora poñerá os informes do alumnado do seu grupo á disposición da persoa titora do ciclo seguinte.

4. Xúntase un modelo orientativo de informe como anexo V desta orde.

Artigo 15º.- *Informe de avaliación final de etapa.*

1. Ao finalizar a educación primaria, a persoa titora de cada grupo de 6º curso elaborará un informe individualizado do seu alumnado que recolla o progreso de cada alumna e de cada alumno tendo en conta os informes de anteriores ciclos, o grao de aprendizaxe acadado referido aos obxectivos e ás competencias básicas, a súa madurez, e aqueles aspectos relevantes que poidan incidir na continuidade do seu proceso de formación.

2. Este informe xuntárase ao historial académico da educación primaria para garantir a continuidade do proceso de formación no paso á educación secundaria obrigatoria.

3. Na coordinación cos centros de educación secundaria obrigatoria garantirase a confidencialidade de toda a información.

4. Xúntase un modelo orientativo de informe como anexo V desta orde.

Artigo 16º.- *Cambio de centro.*

1. Cando unha alumna ou un alumno se traslade dun centro a outro, o centro de orixe remitirá ao centro de destino, por pedimento deste, o historial académico de educación primaria. Se o cambio se produce ao remate do ciclo, o historial académico irá acompañado do informe de avaliación final de ciclo. Se o cambio se produce sen ter rematado o ciclo, xuntárase do informe persoal por traslado, garantindo que os datos recollidos no historial académico concordan co expediente que garda o centro de orixe.

2. O centro receptor abrirá o correspondente expediente académico.

3. Para axilizar os trámites de matriculación no novo centro, as nais, pais ou titores legais do alumnado poderán solicitar no centro de orixe unha certificación que permitirá iniciar os trámites que fosen precisos antes do envío de toda a documentación indicada no punto 1.

4. A matrícula adquirirá carácter definitivo unha vez recibido o historial académico debidamente cuberto.

5. Se o desprazamento se producise a un centro que non imparta as ensinanzas do sistema educativo español, dentro ou fóra de España, o historial académico permanecerá no centro de orixe, que emitirá unha certificación académica completa da alumna ou alumno. O historial académico quedará custodiado no centro en que estivo escolarizado ata a súa reincorporación ao sistema educativo español ou ata o remate dos estudos estranxeiros equivalentes á educación primaria. Neste último caso, será entregado ao alumnado.

Artigo 17º.- *Avaliación dos procesos de ensino e da práctica docente.*

As mestras e mestres avaliarán, nas sesións de avaliación do seu grupo, os procesos de ensino e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e das áreas, e co desenvolvemento das competencias básicas. Esta avaliación incluírá, polo menos, os seguintes aspectos:

a) A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

b) As aprendizaxes acadadas polo alumnado.

c) As medidas de atención á diversidade aplicadas.

d) A programación e o seu desenvolvemento, a organización da aula, o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado.

e) A coordinación entre os mestres e mestras do ciclo e entre os diferentes ciclos e do profesorado do terceiro ciclo co de educación secundaria.

Artigo 18º.- *Avaliación de diagnóstico.*

1. De acordo co artigo 21 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e co artigo 17 do Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de

Galicia, ao finalizar o segundo ciclo da educación primaria, todos os centros realizarán unha avaliación de diagnóstico con referencia ás competencias básicas alcanzadas polo alumnado. Esta avaliación, que non terá efectos académicos, terá carácter formativo e orientador para os centros e informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa.

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria facilitará-lles aos centros educativos os modelos precisos, co fin de que todos poidan realiza-la adecuadamente.

Disposiciones transitorias

Primeira.- Finalizada, no curso 2006-2007, a vixencia dos libros de escolaridade do ensino básico para efectos de acreditación dos estudos realizados, deberá redactarse neles, na páxina que corresponda ao derradeiro curso, a dilixencia de peche e inutilizaran-se as páxinas restantes.

A citada dilixencia, asinada pola secretaria ou secretario do centro e co visto e prace do director ou a directora, consignarase nos seguintes termos: Dilixencia para facer constar que este libro de escolaridade queda pechado de acordo co establecido na disposición transitoria primeira da Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Cando a apertura do historial académico supoña a continuación do anterior libro de escolaridade do ensino básico, reflectirase naquel documento a serie e o número do libro de escolaridade. Estas circunstancias figurarán igualmente no correspondente expediente académico.

Segunda.- Independentemente dos períodos de implantación que, para a educación primaria, prevé o Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, os resultados da avaliación expresaranse nos termos establecidos no artigo 3º desta orde, para todos os ciclos desta etapa. Porén, a avaliación de diagnóstico farase a partir do ano académico 2008-2009.

Terceira.- Durante os cursos 2007-2008 e 2008-2009, o informe individualizado de final de etapa a que se refire o artigo 15.1º desta orde, expresará soamente o grao de aprendizaxe referido aos obxectivos acadados polo alumnado.

Disposición derogatoria.–Derrogación normativa.

Queda derogada a Orde do 6 de maio de 1993 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e o artigo 10.1º da Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.

Disposicións derradeiras

Primeira.– Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa a ditar as disposicións que sexan precisas para a execución e desenvolvemento do establecido nesta orde.

Segunda.– Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2007.

LAURA SÁNCHEZ PIÑÓN

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Actas de evaluación de educación primaria

[illegible]

[illegible]

[illegible]

ANEXO II

Expediente académico do alumnado

CENTRO..... CÓDIGO..... TELÉFONO..... FAX..... CORREO ELECTRÓNICO.....
 ENDEREZO..... CONCELLO..... LOCALIDADE..... PROVINCIA..... CP.....

1	DATA DE APERTURA DO EXPEDIENTE	Nº DE EXPEDIENTE
O HISTORIAL ACADÉMICO DA EDUCACIÓN PRIMARIA SUPÓN A CONTINUACIÓN DO LIBRO DE ESCOLARIDADE Nº..... SERIE.....		

2	DATOS PERSOAIS DO/DA ALUMNO/A			
APELLIDOS		NOME		DATA DE NACEMENTO
DNI		CÓDIGO XADE		
LUGAR DE NACEMENTO		PROVINCIA	PAÍS	NACIONALIDADE
ENDEREZO		CONCELLO	LOCALIDADE	CP
NOME DO PA/TITOR LEGAL			TELÉFONOS	
NOME DA MA/TITORA LEGAL				

3	ANTECEDENTES DE ESCOLARIZACIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL E EN EDUCACIÓN PRIMARIA				
CENTRO	CONCELLO	LOCALIDADE	PROVINCIA	ANOS	CURSO/CICLO

4	CAMBIO DE DOMICILIO	
NOVO ENDEREZO		TELÉFONO

5	DATOS MÉDICOS E PSICOPEDAGÓGICOS RELEVANTES
NOTA: SE EXISTE AVALIACIÓN DAS N.E.E. OU AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓGICA E PROPOSTA CURRICULAR, XUNTARASE A ESTE EXPEDIENTE.	

6	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	
		CURSOS
REFORZO EDUCATIVO		
ADAPTACIÓN CURRICULARES		
FLEXIBILIZACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN		
OUTRAS		

7	TRASLADO DE CENTRO		
CON DATA..... TRASLÁDASE AO CENTRO..... CÓDIGO..... CONCELLO..... LOCALIDADE..... PROVINCIA..... TELÉFONO.....			
REMÍTESE INFORME PERSOAL POR TRASLADO			SI
			NON

8	OBSERVACIÓNS

9	RESULTADO DAS AVALIACIÓNS DA ALUMNA OU DO ALUMNO NO 1º CICLO		NOME, APELIDOS E DNI
ÁREAS		CUALIFICACIÓN	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL			
EDUCACIÓN ARTÍSTICA			
EDUCACIÓN FÍSICA			
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA			
LINGUA GALEGA E LITERATURA			
MATEMÁTICAS			
LINGUA ESTRANXEIRA (1)			
RELIXIÓN/AE (2)			
		DATA SUPERACIÓN OBXECTIVOS E COMPETENCIAS DO 1º CICLO: DATA PROMOCIÓN AO 2º CICLO: A PERSOA TITORA	
NOTAS: AS MEDIDAS CONSIGNARANSE, SE É O CASO, RE (REFORZO EDUCATIVO), ACS (ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA), AS CUALIFICACIÓNS CONSIGNARANSE NOS TERMOS DE IN (INSUFICIENTE), SU (SUFICIENTE), BE (BEN), NT (NOTABLE), SB (SORRESALIENTE), (1) INDICAR A LINGUA ESTRANXEIRA. (2) INDICAR RELIXIÓN OU ATENCIÓN EDUCATIVA. * ATENCIÓN EDUCATIVA: SEN CUALIFICACIÓN.dede VISTO E PRAZE DO DIRECTOR/ DA DIRECTORA SELO DO CENTRO O SECRETARIO/A SECRETARIA			

10	RESULTADO DAS AVALIACIÓNS DA ALUMNA OU DO ALUMNO NO 2º CICLO		NOME, APELIDOS E DNI
ÁREAS		CUALIFICACIÓN	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL			
EDUCACIÓN ARTÍSTICA			
EDUCACIÓN FÍSICA			
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA			
LINGUA GALEGA E LITERATURA			
MATEMÁTICAS			
LINGUA ESTRANXEIRA (1)			
RELIXIÓN/AE (2)			
		DATA SUPERACIÓN OBXECTIVOS E COMPETENCIAS DO 2º CICLO: DATA PROMOCIÓN AO 3º CICLO: A PERSOA TITORA	
NOTAS: AS MEDIDAS CONSIGNARANSE, SE É O CASO, RE (REFORZO EDUCATIVO), ACS (ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA), AS CUALIFICACIÓNS CONSIGNARANSE NOS TERMOS DE IN (INSUFICIENTE), SU (SUFICIENTE), BE (BEN), NT (NOTABLE), SB (SORRESALIENTE), (1) INDICAR A LINGUA ESTRANXEIRA. (2) INDICAR RELIXIÓN OU ATENCIÓN EDUCATIVA. * ATENCIÓN EDUCATIVA: SEN CUALIFICACIÓN.dede VISTO E PRAZE DO DIRECTOR/ DA DIRECTORA SELO DO CENTRO O SECRETARIO/A SECRETARIA			

ANEXO III

Historial académico de educación primaria

1

CON DATA..... O/A ALUMNO/A..... INCORPÓRASE ÁS ENSINANZAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA DE ACORDO CO REAL DECRETO 1513/2006, DO 7 DE DECEMBRO E DECRETO 130/2007, DO 28 DE XUÑO.
ESTE HISTORIAL ACADÉMICO DA EDUCACIÓN PRIMARIA SUPÓN A CONTINUACIÓN DO LIBRO DE ESCOLARIDADE N.º..... SERIE.....

2

DATOS PERSOAIS DO/DA ALUMNO/A

APELIDOS

DNI

LUGAR DE NACEMENTO

ENDEREZO

NOME DO PA/TITOR LEGAL

NOME DA MA/TITORA LEGAL

NOME

CÓDIGO XADE

PROVINCIA

CONCELLO

DATA DE NACEMENTO

PAÍS

LOCALIDADE

CP

TELÉFONOS

3

OBSERVACIÓNS

4

DATOS DE ESCOLARIZACIÓN

CURSO ACADÉMICO

CENTRO

CICLO

CURSO

DATA, SELO E SINATURA DO DIRECTOR/DA DIRECTORA

5

RESULTADO DAS AVALIACIÓNS DA ALUMNA OU DO ALUMNO NO 1.º CICLO

ÁREAS

CUALIFICACIÓN

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL

EDUCACIÓN ARTÍSTICA

EDUCACIÓN FÍSICA

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

LINGUA GALEGA E LITERATURA

MATEMÁTICAS

LINGUA ESTRANXEIRA (1)

RELIXIÓN/AE (2)

DATA SUPERACIÓN OBXECTIVOS E COMPETENCIAS DO 1.º CICLO:

DATA PROMOCIÓN AO 2.º CICLO:

A PERSOA TITORA

NOTAS:

AS MEDIDAS CONSIGNARANSE, SE É O CASO, BE (REFORZO EDUCATIVO), ACS (ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA),
AS CUALIFICACIÓNS CONSIGNARANSE NOS TERMOS DE IN (INSUFICIENTE), SU (SUFICIENTE), BE (BEN), NT (NOTABLE), SB (SOBRESALIENTE).
(1) INDICAR A LINGUA ESTRANXEIRA.
(2) INDICAR RELIXIÓN OU ATENCIÓN EDUCATIVA.
* ATENCIÓN EDUCATIVA: SEN CUALIFICACIÓN.

.....dede

VISTO E PRACE DO DIRECTOR/ DA DIRECTORA

SELO DO CENTRO

O SECRETARIO/ A SECRETARIA

268

6	NOME, APELIDOS E DNI	
RESULTADO DAS AVALIACIÓNS DA ALUMNA OU DO ALUMNO NO 2º CICLO		
ÁREAS	CUALIFICACIÓN	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL		
EDUCACIÓN ARTÍSTICA		
EDUCACIÓN FÍSICA		
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		
LINGUA GALEGA E LITERATURA		
MATEMÁTICAS		
LINGUA ESTRANXEIRA (1)		
RELIXIÓN/AE (2)		
DATA SUPERACIÓN OBXECTIVOS E COMPETENCIAS DO 2º CICLO: DATA PROMOCIÓN AO 3º CICLO: A PERSOA TITORA		

NOTAS: AS MEDIDAS CONSIGNARANSE, SE É O CASO, RE (REFORZO EDUCATIVO), ACS (ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA),
AS CUALIFICACIÓNS CONSIGNARANSE NOS TERMOS DE IN (INSUFICIENTE), SU (SUFICIENTE), BE (BEN), NT (NOTABLE), SB (SOBRESALIENTE).
(1) INDICAR A LINGUA ESTRANXEIRA.
(2) INDICAR: RELIXIÓN OU ATENCIÓN EDUCATIVA.
* ATENCIÓN EDUCATIVA: SEN CUALIFICACIÓN.

.....dede
VISTO E PRACE DO DIRECTOR/DA DIRECTORA SELO DO CENTRO O SECRETARIO/A SECRETARIA
.....

7	NOME, APELIDOS E DNI	
RESULTADO DAS AVALIACIÓNS DA ALUMNA OU DO ALUMNO NO 3º CICLO		
ÁREAS	CUALIFICACIÓN	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL		
EDUCACIÓN ARTÍSTICA		
EDUCACIÓN FÍSICA		
EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA E OS DEREITOS HUMANOS		
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		
LINGUA GALEGA E LITERATURA		
MATEMÁTICAS		
LINGUA ESTRANXEIRA (1)		
RELIXIÓN/AE (2)		
DATA SUPERACIÓN OBXECTIVOS E COMPETENCIAS DO 3º CICLO: DATA PROMOCIÓN Á EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA: A PERSOA TITORA		

NOTAS: AS MEDIDAS CONSIGNARANSE, SE É O CASO, RE (REFORZO EDUCATIVO), ACS (ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA),
AS CUALIFICACIÓNS CONSIGNARANSE NOS TERMOS DE IN (INSUFICIENTE), SU (SUFICIENTE), BE (BEN), NT (NOTABLE), SB (SOBRESALIENTE).
(1) INDICAR A LINGUA ESTRANXEIRA.
(2) INDICAR: RELIXIÓN OU ATENCIÓN EDUCATIVA.
* ATENCIÓN EDUCATIVA: SEN CUALIFICACIÓN.

.....dede
VISTO E PRACE DO DIRECTOR/ DA DIRECTORA SELO DO CENTRO O SECRETARIO/A SECRETARIA
.....

ANEXO IV

Informe persoal por traslado de educación primaria

REAL DECRETO 1513/2006, DO 7 DE DECEMBRO E DECRETO 130/2007, DO 28 DE XUÑO

CENTRO..... CÓDIGO.....
ENDEREZO..... CONCELLO..... LOCALIDADE.....
CP..... PROVINCIA..... TELÉFONO.....
D/DONA COMO TITOR/TITORA DESTE CENTRO FAGO CONSTAR QUE A ALUMNA/O ALUMNO CON DNI
CÓDIGO XADE E CON DATA DE NACEMENTO CURSO/CURSA DURANTE O ANO ACADÉMICO OS ESTUDOS CORRESPONDENTES AO
..... CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA, COS RESULTADOS PARCIAIS QUE FIGURAN NO CADRO QUE SE XUNTA.

RESULTADOS DAS AVALIACIÓNS PARCIAIS					
AREAS	1º AVAL CURSO	2º AVAL CURSO	3º AVAL CURSO	1º AVAL CURSO	2º AVAL CURSO
	CUALIF/MEDIDAS	CUALIF/MEDIDAS	CUALIF/MEDIDAS	CUALIF/MEDIDAS	CUALIF/MEDIDAS
COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL					
EDUCACIÓN ARTÍSTICA					
EDUCACIÓN FÍSICA					
EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA E OS DEREITOS HUMANOS					
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA					
LINGUA GALEGA E LITERATURA					
MATEMÁTICAS					
LINGUA ESTRANXEIRA (1)					
RELIXIÓN/AE (2)					

NOTAS: AS MEDIDAS CONSIGNARANSE, SE É O CASO, RE (REFORZO EDUCATIVO), ACS (ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA).
AS CUALIFICACIÓNS CONSIGNARANSE NOS TERMOS DE IN (INSUFICIENTE), SU (SUFICIENTE), BE (BEN), NT (NOTABLE), SB (SORRESALIENTE).
(1) INDICAR A LINGUA ESTRANXEIRA.
(2) INDICAR: RELIXIÓN OU ATENCIÓN EDUCATIVA.
* ATENCIÓN EDUCATIVA: SEN CUALIFICACIÓN.

OBSERVACIÓNS

..... de de
VISTO E PRACE DO DIRECTOR/DA DIRECTORA SELO DO CENTRO A PERSOA TITORA
.....

ANEXO V

Informe de avaliación final de ciclo/etapa

CENTRO..... CÓDIGO..... TELÉFONO..... FAX..... CORREO ELECTRÓNICO.....
 ENDEREZO..... CONCELLO..... LOCALIDADE..... PROVINCIA..... CP.....

DATOS PERSOAIS DO/DA ALUMNO/A				
APELIDOS	NOME		DATA DE NACEMENTO	
DNI	CÓDIGO XADE			
LUGAR DE NACEMENTO	PROVINCIA	PAÍS	NACIONALIDADE	
ENDEREZO	CONCELLO	LOCALIDADE	CP	
NOME DO PA/TITOR LEGAL			TELÉFONOS	
NOME DA NAI/TITORA LEGAL				

RESULTADOS DA AVALIACIÓN INICIAL
 1.- DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS E DOS OBXECTIVOS XERAIS
 2.- INFORMES PREVIOS
 3.- MEDIO SOCIOFAMILIAR
 4.- OBSERVACIÓNS

APELIDOS, NOME E DNI

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

OBSERVACIÓN DO RESULTADO DA AVALIACIÓN CONTINUA

PROPOSTAS DE MELLORA


GRAO DE DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS E OS OBXECTIVOS XERAIS

PROPOSTAS DE MELLORA

OBSERVACIÓNS

..... de de
 A PERSOIA TITORA SELO DO CENTRO

*MODELO ORIENTATIVO PARA OS CENTROS



3. ORIENTACIONES METODOLÓGICAS PARA EDUCACIÓN PRIMARIA

3.

Orientacións metodolóxicas para educación primaria

ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL

O alumnado, debido ás experiencias cotiás e ao contacto continuado co medio, inicia o ensino primario cun conxunto de ideas, representacións, coñecementos, habilidades, destrezas e disposicións emocionais e afectivas relacionadas co contorno. Posúe concepcións baseadas nas súas experiencias físicas (un corpo pesado cae máis rápido, cómpre aplicar forza para que algo se mova...) e sociais (moitos seres humanos viven en familia, existen normas, hai conflitos entre as persoas...) e mais ten ideas previas sobre o seu corpo, os animais, as plantas, os fenómenos atmosféricos..., vivencias sobre persoas e grupos, actitudes, fórmulas de representación da realidade...

Estas experiencias e ideas previas aparecen estruturadas en forma de esquemas xunto a teorías ou hipóteses que lle permiten dar explicación a todo o que sucede ao seu redor. Son esquemas de coñecemento sobre o mundo circundante. Coa aprendizaxe estes esquemas van sufrindo modificacións e van enriquecéndose, achegándose progresivamente a un coñecemento cada vez máis rigoroso e científico.

O enfoque construtivista amosa a complexidade da aprendizaxe: esta depende das concepcións previas das nenas e dos nenos e están involucrados nela procesos emocionais, afectivos e cognitivos.

As estratexias deseñadas para aprender deben proporcionarlle ao alumnado oportunidades para realizar aprendizaxes *significativas*, que partan do experiencialmente vivido, dos coñecementos previos (permitindo que os expliciten e que os poñan en cuestión) e da utilidade individual e social do que se aprende. De todo o antedito despréndese o seguinte:

- Débese partir das *experiencias vividas* polo alumnado.

- Cómpre partir do próximo e inmediato, de aspectos relacionados co seu contorno e abordar a resolución de problemas *reais*, facendo propostas didácticas baseadas no cotián, coherentes e con significado para o alumnado, evitando propostas centradas en situacións artificiais e descontextualizadas.
- Se na realidade a comprensión dunha situación e a resolución dun problema implican a concorrencia de varias áreas e aspectos de xeito integrado, na escola debe tenderse a unha *visión ou un enfoque globalizadores*. A vida diaria ofrece situacións complexas con problemas para resolver que esixen unha serie de recursos e estratexias para atopar a solución adecuada e que poden admitir mesmo respostas variadas e válidas. O estudo do medio, se se desexa que sexa significativo, debe abordarse desde unha perspectiva global e resultan moi interesantes as definicións e resolucións de problemas de interese persoal, social e local como punto de partida e aglutinante de aspectos variados (xeográficos, históricos, físicos, sociais...). Cómpre, na área, organizar os contidos e bloques de xeito globalizado arredor de proxectos, centros de interese, investigacións no medio...
- O contexto no que debe moverse a área, ademais do relacionado coa vida cotiá, é o dos temas de repercusión no benestar humano e o dos coñecementos realmente *relevantes e funcionais* para o futuro. A partir de situacións contextuais e daquilo que está presente na vida do alumnado, tratarase de que tente interpretalo usando conceptos cada vez máis complexos e rigorosos. Semella pouco funcional tratar e comentar cambios sociais, químicos, físicos... que nunca verá en ámbitos cotiáns e habituais. É mellor usar aqueles que atopamos no día a día, na cociña, na casa, na familia, no propio concello...
- Na significatividade está involucrada tamén a funcionalidade social: o que o alumnado aprende debe ter sentido para poder actuar na colectividade da que forma parte e debe ser coñecida a finalidade do que se aprende. Na área traballarase con aqueles conceptos, destrezas, procedementos e actitudes que axudarán o alumnado a comprender, conservar e mellorar o contorno.
- A aprendizaxe construtiva e significativa esixe dunha *interacción entre iguais* apropiada que fomenta o intercambio de ideas e o cuestionamento dos propios esquemas, a descuberta dos propios

erros, o desenvolvemento do respecto cara ás opinións alleas, a participación responsable en tarefas de grupo e o dominio cada vez máis autónomo das regras que rexen o intercambio comunicativo. É a orientación co-construtivista da aprendizaxe.

- A aprendizaxe é unha construción persoal e tamén diversa, tan diversa como diverso é o propio alumnado (variedade de concepcións, variedade de estilos de aprendizaxe, variedade de intereses e motivacións...). A *atención á diversidade* debe estar presente en calquera deseño de estratexias para aprender.

Partindo do exposto ata agora, pódense deducir os modelos teórico-pedagóxicos que fundamentan a intervención educativa correspondente á área que nos ocupa: deberá ser unha intervención *globalizada* que parta das experiencias vivenciais e diversas do alumnado, baseada na súa *participación activa e crítica* (entendendo que a participación crítica debe axeiarse a cada idade). Os tres paradigmas pedagóxicos que deben fundamentar a intervención educativa serán: o globalizador, o crítico e o construtivista, sempre interrelacionados.

A aprendizaxe así entendida é consecuencia da actividade da persoa que aprende; quen aprende constrúe maneiras propias de ver e explicar o mundo. Esa construción ten lugar a partir das súas percepcións, das súas experiencias e do emprego que fai da linguaxe. Estas concepcións previas organizanse en estruturas e constitúen teorías. A aprendizaxe terá lugar por reestruturación das estruturas e teorías previas e supón unha secuencia de situacións de equilibrio e desequilibrio ou de conflito cognitivo. Aprender sobre o medio é, en resumo, reconstruír os esquemas partindo das ideas de cada persoa, estendéndooas ou modificándooas segundo o caso. O alumnado debe ser protagonista da súa propia aprendizaxe, construíndo e autorregulando, mais constrúe coa axuda do profesorado e coa das compañeiras e dos compañeiros.

O *papel do profesorado* é o de facilitador das aprendizaxes críticas e persoais; organizador de ambientes adecuados (ricos, estimulantes e diversificados) que permitan o manexo de fontes diversas e actualizadas; propiciador de experiencias de aprendizaxe integradoras, significativas, diversificadas e globalizadoras; favorecedor do traballo colectivo e cooperativo que permita a máxima interacción entre o alumnado... Un profesorado que deixe de desempeñar un papel de transmisor, que valore as achegas e progresos nunha actividade coavaliativa, estimule a actividade e a participación e evite todo tipo de discriminacións.

Neste senso, cómpre non esquecer a introdución da perspectiva de xénero na área: evitar a masculinización do contido dos temas relacionados coa tecnoloxía e a ciencia; ter en conta as implicacións sociais dos coñecementos científicos; incluír tamén as contribucións das mulleres científicas, o desenvolvemento sostible e a saúde; introducir os conceptos relacionándoos coa vida cotiá e familiar; evidenciar as relacións de xénero na organización social; facer visible a presenza da muller na historia; bríndarlles a nenas e a nenos as mesmas posibilidades de coñecer as súas orixes, as súas raíces e o seu pasado; coñecer o pasado de colectivos minoritarios e marxinados; proporcionar unha visión integral...

É tamén moi importante, á hora de deseñar estratexias para aprender, ter en conta o clima e a organización da *aula*. Esta debe permitir a planificación conxunta e a autonomía nas tarefas, a organización dos materiais e recursos, a adopción de fórmulas variadas de agrupamento acordes coas necesidades diversas de traballo na área... unha aula, en suma, que posibilite a realización de actividades diversas (buscar no ordenador, facer experimentos, tomar notas, facer esquemas, consultar libros, escribir, manexar un modelo anatómico, discutir en gran grupo, debater en pequeno grupo...).

O alumnado nesta área utilizará *múltiples procesos* para o coñecemento da realidade, entre os que podemos salientar: observar, analizar, recoller, explorar, comparar, ordenar, clasificar, describir, identificar, planificar, preguntar, formular problemas, reflexionar, avanzar hipóteses, contrastar, indagar, investigar, usar fontes múltiples e diversificadas, usar os instrumentos que cumpran, ler-buscar-seleccionar-organizar-contrastar-tratar-esquematizar información, confirmar, presentar os resultados, rexistrar-representar datos, elaborar conclusións simples, interpretar, escribir, deseñar, construír...

No proceso de aprendizaxe desta área debe darse moita importancia á *linguaxe*, pois a linguaxe axuda a interiorizar os coñecementos. Se non se usa a linguaxe adecuadamente non é posible unha auténtica aprendizaxe. Falar e escribir, escoitar e ler, son habilidades imprescindibles para coñecer o medio. Cómpre intercambiar opinións e concepcións co resto de persoas, contrastar, concluír e informar, e isto sen a linguaxe non é posible. Na área tamén se fai uso de variadas fontes e recursos, cos que se fai imprescindible a valoración crítica das mensaxes e o contraste de informacións, e diversos tipos de textos tanto orais coma escritos (instrutivos, expositivos...), polo que cómpre traballar con eles contextualizadamente.

O Coñecemento do Medio natural, social e cultural non se pode contentar cun “saber”, senón que debe salientar o desenvolvemento de valores, actitudes e condutas positivas respecto á relación humanidade-medio, buscando a complementariedade entre a *dimensión cognitiva, afectiva e comportamental* do alumnado, para poder influír no medio a través da súa propia práctica, dunha maneira consciente e creativa.

Unha das finalidades desta área debe ser a de axudar ás alumnas e aos alumnos a construír un coñecemento da realidade que, partindo das súas propias vivencias, percepcións e representacións, se faga máis compartido, máis racional..., avanzando desde o subxectivo experiencialmente vivido ata o socialmente compartido, intersubxectivo, e desde o máis global e indiferenciado ata os compoñentes múltiples que o configuran..., para comprender e explicar mellor a unidade do medio.

Haberá que ter en conta, xa que falamos de partir da experiencia vivencial do alumnado, que as perspectivas e explicacións do medio, propias do pensamento infantil, unha vez recollidas, deben evolucionar progresivamente para acceder á comprensión da diversidade, complexidade e autonomía dos procesos do mundo, respecto á subxectividade do pensamento. Tamén será preciso que, de acordo coa idade, as nenas e nenos vaian elaborando coñecementos abstractos e aprendendo a operar con eles.

Iniciase *nunha introdución ao coñecemento científico* que permitirá ampliar e profundar, no decurso da etapa, a experiencia persoal. Non se trata dun coñecemento científico entendido como saber disciplinar, elaborado e formalizado, senón dun conxunto de conceptos, destrezas, habilidades e actitudes ante a realidade que contribúen a explorala e a comprendela mellor. O alumnado de primaria debe iniciarse no método científico máis como instrumento para abordar solucións a problemas do contorno que como un método moi estruturado en pasos e ríxido.

Existen varios modelos baseados na organización da actividade en fases que permiten desenvolver na escola os paradigmas indicados con anterioridade. Un exemplo é o de ciclo de aprendizaxe -Neus Sanmartí e Jaume Jorba- que consta de: fase de exploración (o alumnado pon de manifesto as súas ideas e crenzas e compárteas co resto da clase), fase de introdución de novos puntos de vista ou contidos, fase de estruturación e formalización (na que o alumnado, en colaboración, estrutura e esquematiza os novos coñecementos) e fase de aplicación e avaliación (o alumnado aplica os conceptos reestruturados a novas situacións, compáraos coa concepción inicial e valora a aprendizaxe que realizou).

Sen afán de exhaustividade, pódense citar algunhas *técnicas, estratexias e métodos* que poden axudar nesta tarefa de achegamento do alumnado ao coñecemento do medio:

- *Proxectos.*– Ao redor dun tema ou aspecto de interese, proposto e acordado polo alumnado, elaborárase un índice, despois de analizar e contrastar o que o alumnado sabe sobre o tema e o que lle gustaría saber. O índice, que xurdirá a partir da análise de ideas previas, da súa categorización e dos conflitos cognitivos, guiará o proceso no que se decidirán conxuntamente os seguintes aspectos: que fontes de información usar para coñecer o que se quería saber, como organizarse para buscar a información e como organizar e tratar a información seleccionada. Finalmente, valorarase a aprendizaxe realizada en procesos autoavaliativos e coavaliativos.
- *Investigación no medio.*– Partindo dunha situación real e da súa observación defínense aspectos que teñen que ser motivo de estudo a través dun debate na clase. Nese debate, o alumnado achegará as súas opinións e xurdirán múltiples preguntas e problemas que haberá que resolver. O alumnado tentará dar respostas a esas preguntas, respostas intuitivas ou hipóteses (derivadas das súas experiencias e ideas previas) e confrontarás co resto da clase, coa que verá a necesidade de comprobación das mesmas, para o cal terá que prever os medios, os instrumentos... que precisará utilizar. A clase planificará o proceso que se vai realizar: determinación dos instrumentos e fontes, organización para a recollida da información e dos datos, selección dos datos útiles, clasificación... Cos datos obtidos, o alumnado tirará conclusións validando ou non as súas hipóteses previas. Por último, as nenas e os nenos, con axuda de diferentes fórmulas expresivas, comunicarán os resultados.
- *Actividades de experimentación.*– Este tipo de actividades apunta cara ao desenvolvemento dunha actitude científica nas nenas e nos nenos. Vailles permitir achegarse aos procesos científicos como método de coñecemento do mundo circundante. Os experimentos deben ser planificados co alumnado e non ser simplemente uns pasos previamente establecidos a seguir. Pártese do interese do alumnado e de preguntas ou problemas abertos, relacionados co contorno, que lle van permitir investigar, apelando aos seus coñecementos previos. O alumnado ten que planificar, usar instrumentos e materiais, recoller–analizar–tratar datos, reflexionar sobre os datos obtidos e valorar os resultados observando se res-

ponden á pregunta ou se resolven ou non o problema, e todo en cooperación coas compañeiras e cos compañeiros. Unha técnica para recoller información moi importante na área e na experimentación é a da observación, polo que haberá que ir traballando nas pautas de observación que a fagan máis obxectiva e adecuada a un estudo correcto da realidade. A observación directa, a manipulación de obxectos, instrumentos (de uso cotián e familiar e os relacionados co laboratorio, pero pouco sofisticados) e materiais presentes no medio, ocupará un lugar importantísimo entre os recursos empregados. A experimentación, pois, non é unha simple comprobación, é un punto de partida para promover o cambio nos esquemas cognitivos.

- *Resolución de problemas concretos.*- Moito do profesorado de primaria considera que a estratexia de ensinanza nesta área máis coherente coa orientación co-construtivista é a que presenta a aprendizaxe como tratamento de situacións problemáticas de interese persoal, social e local, e que hai que propoñer actividades que impliquen activamente o alumnado na resolución de problemas sobre o medio utilizando recursos variados. Os problemas poden afectar a persoas, comunidades locais ou mundiais e ás veces ata poden contemplar os tres aspectos á vez. Partirase da definición e representación do problema, que o alumnado tentará solucionar formulando hipóteses. A comprobación das mesmas pode implicar técnicas variadas, empezando polas relativas ao uso de estratexias de busca, selección e tratamento da información e rematando coa resolución, exploración de solucións alternativas, toma de decisións, valoración das posibles solucións e reflexión sobre o propio proceso de aprendizaxe. É moi importante neste proceso a interacción entre o alumnado e o contraste de opinións, manter unha actitude crítica ante as fontes de información e a comunicación final de solucións.
- *Realización de debates, mesas redondas... sobre temas de actualidade* (medioambientais, de saúde, consumo, conflitividade...).- Un posible proceso pode ser o seguinte: partir dun tema relevante de actualidade, facer unha primeira exposición e debate de ideas e opinións de xeito grupal, promover unha ampliación de información en revistas, televisión, xornais, internet... Retomar o debate, anotar as novas opinións. Contrastar con novas fontes (expertas e expertos, monografías...). Tirar conclusións e achegar solucións conxuntamente. Comunicar as conclusións.

- *Saídas, visitas, traballo de campo e itinerarios.*- Planificar explicitando os obxectivos e a intencionalidade da actividade. Elaborar rotas de observación, indicalas en planos ou esquemas sinxelos. Preparar o material: instrumentos simples de rexistro da información, diarios de campo, compás, lupa, cronómetro, termómetro, tesoiras, pinzas, cámara fotográfica... Anotar as observacións. Organizar o material observado ou recollido. Contraste do observado en grupos. Recollida da información usando diferentes fórmulas.
- *Estudo e debates sobre casos.*- O punto de partida para o debate sería un caso relacionado co contorno e o medio, que poría en marcha todo un proceso, despois de facer aflorar os coñecementos, actitudes, valores... previos, de comprender e de identificar outros exemplos e de anticipar efectos.

O importante na área é que a partir de temas ou cuestións xeradoras da observación da realidade próxima, o alumnado problematiza e investiga; avanza hipóteses; busca información usando fontes variadas (escritas, orais, experienciais, dixitais, iconográficas, sonoras, visuais, patrimoniais...); recolle (en cartafoles, carpetas dixitais...), rexistra e trata esa información (gráficas, táboas, esquemas -mapas conceptuais, mapas mentais, cronogramas, liñas temporais...-); analiza datos usando os medios e instrumentos adecuados; atopa solucións factibles (ou non) ao problema; elabora conclusións simples e comunicaas de formas variadas (informes, murais, textos expositivos, folletos, presentación en ordenador...), adoptando mecanismos de cooperación ao longo do proceso de aprendizaxe.

Existen múltiples *actividades, tarefas...* posibles de aprendizaxe na área. Algúns exemplos son:

- *Exposicións.*- A elaboración de exposicións variadas (útiles agrarios, produtos da zona, aparellos e ferramentas da casa, útiles de costura, técnicas alimentarias...) no centro ou na aula pode proporcionarlle ao alumnado posibilidades variadas de manipular, observar, explorar, clasificar, comparar...
- *Organización de álbum*
- *Dramatizacións e xogos de rol*
- *Elaboración de cartafoles, carpetas dixitais... temáticos*
- *Organización de ficheiros temáticos de vocabulario*

- *Produción de diarios de campo, biografías...*
- *Realización de xogos de orientación*
- *Construción de maquetas*
- *Elaboración de monografías sobre un tema local*
- *Preparación dunha conferencia*
- *Elaboración dun cómic sobre un período histórico*

O traballo na área vaille permitir ao alumnado utilizar variados recursos, entre eles atópanse os seguintes:

- Debuxos, fotografías, películas, carteis...
- Vestixios histórico-artísticos
- Cancións, sons...
- Vídeos, cintas, discos, CD...
- Museos
- Exposicións
- Mapas, planos, atlas, globos...
- Medios de comunicación

Neste campo dos recursos, cómpre salientar o uso das bibliotecas da aula e do colexio como centro de recursos de aprendizaxe ou centro de recursos de información (libros, biografías, enciclopedias, historietas, vídeos, CD-ROM, discos, atlas, mapas, planos, carteis, prensa... teñen cabida nelas)

Unha mención específica merece a utilización das TIC, usadas como fontes informativas (internet, dicionarios e enciclopedias dixitais, web-quest...), como facilitador do tratamento de datos (programas específicos), como recurso capaz de amosar modelos (software específico), como medio para a redacción de informes e para a comunicación de conclusións e informacións (elaboración de texto e hipertexto, chat, correo electrónico, web...). As TIC fan que determinados feitos, sucesos, problemas... sexan próximos ao alumnado, en canto que esa proximidade depende cada vez menos da distancia física e do espazo.

ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA

A música e a plástica teñen un *valor* innegable en calquera cultura. Só isto xa xustificaría a presenza de ambas na etapa de primaria, pero ademais, a sociedade na que vivimos está chea de imaxes e de sons que necesitan ser interpretados, o que fai imprescindible a súa presenza no currículo educativo. A consideración do feito artístico como un ben repercute no benestar persoal e no seu uso para o gozo (o que as converte en algo importante para a planificación do tempo de lecer), sen esquecer a súa contribución ao desenvolvemento emocional das persoas.

As competencias artísticas desenvólvense a través de múltiples procesos que permiten a apropiación de sensacións, técnicas, experiencias de reprodución, creación e reflexión acordes co nivel de desenvolvemento das alumnas e dos alumnos. As actividades artísticas son fundamentais para o desenvolvemento da capacidade de creación do alumnado e para o enriquecemento dos procesos de socialización, sen que isto signifique que esta responsabilidade se deba adxudicar en exclusiva a esta área. Todas as áreas curriculares deben contribuír ao desenvolvemento de procesos autónomos, de exploración activa, de expresión persoal, de creación, de busca de estratexias propias de resolución de problemas e de sensibilidade estética. A creatividade non pode estar ligada a unha área concreta. Na escola deben proporcionárselles ás nenas e aos nenos experiencias artísticas que contribúan á construción do seu sentido estético e a unha formación básica para que poidan seguir interesándose por continua no futuro.

O progreso en *Música* permitiralles ás nenas e aos nenos participar en actividades musicais, expresarse a través dunha linguaxe artística, escoitar, comprender, valorar e gozar coa música. Tanto a produción como a expresión realízanse a través de tres medios: a voz e o canto, os instrumentos musicais e o movemento e a danza. É tamén importante na área a familiarización co sistema de signos e grafías que a música utiliza, o cal deberá levarse a cabo funcionalmente, é dicir, desde a práctica auditiva, interpretativa e creadora. Trátase, polo tanto, de ir formando progresivamente o alumnado na escoita activa e na produción con expresividade e creatividade, así como no emprego cada vez máis preciso da linguaxe musical.

O traballo en *Plástica* permitiralle ao alumnado realizar lectura de imaxes, analizar e gozar coas obras de arte e expresarse usando mensaxes icónicas, técnicas e materiais o máis adecuadamente posible. Trátase de proporcionarlles ás rapazas e aos rapaces habilidades de observación e

interpretación de imaxes, procesos de experimentación que lles axuden a ir atopando solucións persoais e innovadoras, así como actitudes de reflexión e valoración sobre as súas producións.

O *alumnado* comeza na escola primaria con multitude de experiencias, ideas e concepcións relacionadas coa plástica e coa música. Representa con imaxes o mundo que o rodea e asocia imaxes, sons e cancións con múltiples manifestacións do contorno. A música e a plástica son parte da vida cotiá e atópanse presentes en todas as actividades da cultura humana: o xogo, as expresións emocionais, as festas anuais, as celebracións, as expresións relixiosas, as representacións..., actividades coas que os rapaces e as rapazas tiveron múltiples contactos ao longo da súa vida. As nenas e os nenos posúen sobre ambas as manifestacións artísticas conceptos, crenzas, habilidades... e ideas relacionadas co seu uso, localización, utilidade, significado... derivadas das súas experiencias propias e do que observaron que fan as persoas do contorno; así mesmo, xeraron actitudes cara a elas.

A escola debe asegurar a construción de *aprendizaxes significativas* que partan deses esquemas previos de coñecemento para modificalos, completalos ou reconstruílos. A aprendizaxe sobre as linguaxes artísticas é un proceso inacabado que se segue completando ao longo da vida, tentando sempre atopar solucións para chegar a resultados que supoñan un alto grao de elaboración persoal e a interpretacións e percepcións cada vez máis completas e ricas.

A *actividade do alumnado* é moi importante para que esa aprendizaxe se produza. Non se trata só dunha actividade externa, senón, e fundamentalmente, dunha actividade mental que lle permita propoñerse interrogantes e buscar estratexias para resolvelos, relacionar o que sabe co novo que se lle presenta e abordar novas propostas nas que a percepción, expresión, reflexión e intercambio de ideas formarán parte esencial do proceso de aprendizaxe. O traballo artístico deberá partir da experiencia persoal, dos saberes que o alumnado posúe social e colectivamente e da investigación e recoñecemento das propias características e posibilidades. A progresión de cada nena e cada neno require de estratexias personalizadas que lle permitan avanzar e afianzar destrezas, coñecementos e actitudes no ámbito artístico. Neste contexto debe estar presente a loita contra os estereotipos e os roles preestablecidos mediante oportunidades, alternativas e recursos múltiples que faciliten reflexionar e desenvolver o xuízo crítico.

A construción da aprendizaxe é persoal, pero *en interacción* coas compañeiras e cos compañeiros. Constrúese aprendizaxe confrontando

opinións e producións artísticas, aceptando e valorando concepcións artísticas que parten de supostos estéticos diferentes, chegando a acordos... O traballo en equipo permitirá o intercambio de experiencias e solucións atopadas para conseguir un determinado efecto expresivo, para mellorar unha interpretación, para buscar novas formas de expresión; permitirá a elaboración conxunta de composicións, a asunción de diferentes roles durante a actividade, a valoración do traballo realizado, o intercambio de puntos de vista e de diferentes informacións... reestruturando os esquemas de coñecemento que tiña cadaquén e coordinando os intereses e tarefas individuais para a realización dun proxecto colectivo.

Un aspecto importante a ter presente é o *papel desempeñado polo profesorado*. A súa actuación deberá favorecer contextos múltiples que permitan a exploración, a experimentación e o descubrimento de aspectos sonoros e visuais. Estes contextos favorecerán a actividade, a reflexión sobre a acción, a valoración crítica previa observación, comparación e contraste... Será necesariamente un papel de dinamizador do grupo que suxira propostas capaces de facer que o alumnado relacione as súas ideas previas coas novas aprendizaxes, facilitando visións alternativas, organizando a adquisición de técnicas diversas de xeito progresivo, fomentando no alumnado o uso de estratexias persoais, creando un clima de aula que potencie o contraste de opinións, a reflexión conxunta, o intercambio e a relación. Requírese un profesorado capaz de estimular o alumnado para que atope solucións persoais e creativas, evitando as respostas únicas e pechadas, tanto na creación como na interpretación e expresión.

A *organización da aula* debe ser tal que permita o intercambio entre o alumnado, a exploración e manipulación sensorial dos materiais, obxectos e instrumentos para descubrir as súas posibilidades expresivas e para seleccionar aqueles máis adecuados ao tipo de actividade que se quere realizar e ao resultado que se quere obter. Neste senso, teñen moita importancia os espazos que se van utilizar, que deben ser amplos e flexibles, que permitan agrupamentos diversificados e o traballo cooperativo e ofrezan posibilidades variadas de uso en diferentes momentos, sen descartar a conquista de espazos comúns do centro para múltiples actividades.

Ao *organizar as aprendizaxes* debe terse presente que o obxectivo non é a formación de artistas ou profesionais das diferentes artes, de igual xeito que as matemáticas non teñen como finalidade a formación de matemáticas e matemáticos ou a lingua e literatura non buscan formar escritoras e escritores. Todas as áreas pretenden a formación e a consecución de persoas competentes e preparadas para vivir na sociedade actual

e futura. A educación artística dotará o alumnado de sensibilidade para captar as manifestacións visuais e sonoras do mundo, ampliar a súa capacidade de expresión, promover formas de pensamento diverxente, fomentar o esforzo pola mellora e reafirmar a seguridade, a autoconfianza e a autoestima. Aprender está asociado coa sensación de competencia, agrado e motivación, e son fundamentais os aspectos afectivos. Neste senso, a aprendizaxe e a práctica das actividades artísticas colaboran dun xeito importante na formación integral das persoas e xeran sentimentos de satisfacción que se traducen en estados anímicos positivos e no aumento da calidade da vida persoal.

A produción artística forma parte do patrimonio cultural dun pobo e a educación artística debe contribuír ao acceso a ese patrimonio, ao seu aprecio, ao coñecemento das diferenzas entre culturas do presente e ao longo do tempo, entendéndooas no seu contexto, xa que a representación artística ten un significado dependente do momento histórico, social e cultural. Na educación primaria iníciase a análise e reflexión sobre a produción artística, tendo en conta o compoñente social e cultural. As obras plásticas e musicais próximas serán o punto de partida para esa análise, na medida en que son solucións eficaces propostas por unha autora ou un autor a problemas de expresión nun determinado contexto espazo-temporal coñecido polo alumnado. O traballo con estas obras permitirá, ademais, reforzar o sentimento de identificación coa colectividade de pertenza.

Na área de Educación Artística requírese o uso de *recursos* múltiples e variados, convencionais e non convencionais, así como a creación de recursos propios e de aula elaborados polo alumnado con materiais diversos (entre os que cabe salientar os de refugallo, que estimularán nas nenas e nos nenos a busca de solucións creativas comprometidas co respecto e coidado do medio natural).

- Un dos recursos salientables é o do xogo (especialmente o sensorial e expresivo), adecuado na etapa e na área para aprender, dado que, ademais de contribuír a un desenvolvemento afectivo e social, fomenta a exploración, a manipulación de materiais e é un medio ideal para a adquisición de habilidades corporais.
- O uso de materiais audiovisuais adquire grande importancia na área polas posibilidades de exploración, manipulación e mesmo de expresión que permiten. Neste grupo pódense incluír: ordenador, cine, televisión, canón de vídeo, cámara fotográfica, materiais para o traballo coa luz, radio, casete, pantalla dixital...

- As TIC, coas súas achegas, son cada vez máis esenciais na área para buscar información, comparar música e actividades plásticas de diferentes lugares e momentos..., como medio para usar programas de ordenador para deseño e debuxo, para explorar as posibilidades da expresión musical, para compoñer, para traballar con instrumentos electrónicos conectados ao ordenador...
- Un recurso básico será tamén a biblioteca. Nela podemos atopar: biografías, libros de imaxes, libros de literatura infantil e xuvenil, cancioneros, discografía, vídeos, enciclopedias, CD...
- Xunto aos recursos comentados, hai que ter en conta tamén aqueles que xa son de uso común nas clases de plástica e música como: carteis, anuncios publicitarios, fotografías, catálogos, láminas, debuxos, obxectos para colorear (rotulador, ceras, témpera, acuarela...), diferentes tipos de soporte (papel, cartón, teas, pedras...), diferentes obxectos cotiáns con posibilidades sonoras, instrumentos convencionais ou construídos na aula...
- Mención especial merecen aqueles recursos directamente relacionados coa cultura galega: obras pictóricas, diferentes tipos de artesanía tradicional galega (cestería, encaixe, olaría...) e oficios relacionados con ela (lutiers, cantareiras e cantareiros, tecedoras e tecedores, bordadoras e bordadores...), artistas galegas e galegos, cantigas tradicionais referidas a festas, tarefas... (cantigas de berce, cantos de reis, esfoladas, cantigas mariñeiras, alalás...). Na utilización destes recursos cómpre partir do ámbito sociocultural do alumnado traballando o que pode oír e ver no seu contorno para ir abrindo posibilidades a outras realidades galegas actuais ou pasadas.
- De utilidade pode ser o contacto real ou virtual con outras escolas, institucións variadas, museos, exposicións, espectáculos, obradoiros de artesanía... que posibiliten o coñecemento de diversos patrimonios culturais, artísticos e musicais.

A área, como se dixo con anterioridade, artículase ao redor de *dous* eixes: percepción (de representacións musicais e plásticas) e expresión de sentimentos, emocións e ideas a través das diferentes linguaxes artísticas. A consideración deses dous eixes non supón que se traballen de maneira independente, xa que son imposibles de disociar e complementanse e refórzanse mutuamente; a división é, pois, artificial.

Na *percepción* partírase do feito de que a sociedade actual está ategada de imaxes e sons que nos acompañan de cote sen que, ás veces, sexamos conscientes deste feito e o valoremos en todo o seu significado. Cómpre, pois, educar para saber mirar e saber escoitar, analizando e comprendendo.

Hai diferentes elementos icónicos e sonoros transmitidos por medios diversos e con intencións variadas (publicidade, libros, informacións...), de aí que haxa que educar para saber mirar, escoitar, analizar, comprender... Esta é a base para poder atopar dúbidos sentidos, mensaxes subliminares, posibles manipulacións... e, ademais, ser capaces de axuizar determinados usos da imaxe e da música e máis de interpretar a potenciación expresiva que achegan a outras linguaxes. Iniciar o alumnado na comprensión e na análise crítica da imaxe e da música tendo en conta as súas experiencias previas, as hipóteses que establece... implica identificar elementos aos que atribuír significado, establecer relacións entre o que observa e os seus coñecementos previos, usar estratexias que favorezan a comprensión. O alumnado ao longo da etapa irá levando a cabo esas actividades e procesos de xeito progresivamente autónomo. Nesta educación para a percepción artística debe traballarse tamén a percepción e valoración do silencio, a diferenza entre son e silencio e a percepción do ruído e do seu significado como elemento perturbador e contaminante no contorno.

Os aspectos sensoriais son, sobre todo nesta área, un riquísimo vehículo de aprendizaxes.

As percepcións visuais e auditivas deberán traballarse en contacto co contorno, apropiándose das experiencias visuais e sonoras que servirán para fundamentar a expresión artística. A acción de aprender a ver e a escoitar debe cultivarse ao longo de toda a etapa. Cando se fala de aprender a ver e a escoitar estase a falar dunha actividade consciente, unha actividade que require a interiorización dos múltiples elementos que se atopan presentes na vida cotiá ou nunha produción artística, e permite a valoración e o goce coa obra artística en todas as súas dimensións.

Hai que ter presente que as nenas e os nenos, cando aprenden unha linguaxe artística, fano en interacción co seu contorno, aprenden significados culturais e máis os modos en que as persoas interpretan a realidade e tamén incorporan estereotipos e mesmo maneiras de representación concretas. Na escola cumprirá unha actuación que elimine os prexuízos, desentrañando mensaxes discriminatorias que poidan aparecer máis ou menos explicitamente nas tarefas artísticas.

A *expresión e creación* supoñen controlar as fases de planificación, realización/interpretación e revisión, a partir dos obxectivos e intencións comunicativas. O alumnado debe poder coñecer e explotar espontaneamente os propios recursos, mais a espontaneidade expresiva non é a única meta, precísase que as nenas e os nenos posúan variedade de recursos para conferir maior forza expresiva ás propias realizacións.

A produción é unha tarefa complexa, xa que o seu uso depende da intención comunicativa, do contexto, das persoas que interveñen, do tipo de soporte e materiais, das técnicas, do grafismo... Non é un proceso lineal, é un proceso de estruturación e construción que non remata xamais. A finalidade é, polo tanto, a de formar nenas e nenos capaces dunha produción e interpretación de composicións artísticas con cada vez maior adecuación, creatividade e sentido estético. A expresión plástica supón o control de conceptos e procesos relacionados coa liña, a cor, a superficie, o volume, a textura... O alumnado debe ir atopando progresivamente xeitos máis persoais e innovadores ensaiando formas novas de representar a mesma idea, de variar, de combinar, de simplificar, de inverter, de reducir, de substituír... A expresión musical supón o control de habilidades, procesos e conceptos relacionados co canto, co movemento e coa interpretación instrumental, así como do coñecemento da súa representación gráfica. A representación gráfica da música de maneira libre e a representación icónica do mundo deben responder a necesidades do alumnado. Estes grafismos iranlos ampliando na medida que aumente o seu interese de cara aos elementos plásticos e musicais do contorno, e irán tamén evolucionando cara á utilización dunha simboloxía máis axustada nun proceso de apropiación e integración individual e colectiva.

Neste ámbito, a música poderá utilizar a representación gráfica con grafías non convencionais, indo paulatinamente cara a representacións de maior rigor. Desenvolveranse tamén experiencias creativas para axudar a comprender as posibilidades da voz, aprender a gozar co canto e a propia voz e mais tender a unha adquisición paulatina de seguridade entoativa, fomentando unha actitude relaxada. Cantar é expresarse e gozar. Ademais, atenderase á iniciación interpretativa instrumental con instrumentos de percusión indeterminada e determinada para acompañar cancións e como medio apto para a experimentación e a improvisación musicais. Ten moita importancia a posición corporal e a colocación do grupo. A interpretación na música tamén inclúe a expresión a través do movemento: música e movemento levan á danza, que nos primeiros momentos será fundamentalmente espontánea e irá progresivamente camiñando cara a estruturas case coreográficas. O traballo coa improvisación pasará por fases de progresiva dificultade e de traballo de grupo.

A plástica centrarase na composición, na elaboración de imaxes, manipulando materiais diversos, seleccionando materiais e técnicas variadas (colaxe, recortado, pregado, amasado...), utilizando elementos variados, manexando os instrumentos adecuados (lapis, pinces, estiletes, cámara fotográfica, tesoiras ou ordenador)...

Tanto na percepción como na produción e interpretación é moi importante o traballo con obras musicais e plásticas, así como con artistas e os seus contextos. Unha obra elaborada nunha determinada sociedade reflicte os puntos de vista sobre o mundo que ten esa sociedade e unha mesma produción artística pode ser interpretada de diferentes xeitos por cada sociedade na que se presente.

Na área son importantes as habilidades, destrezas e coñecementos, pero tamén o son as actitudes. O fomento de determinadas actitudes respecto das artes (aceptación das mesmas como instrumentos de comunicación e identidade, valoración do patrimonio artístico e cultural e interese por participar na súa conservación, respecto polas producións artísticas doutras persoas...) será un obxectivo de traballo da área desde o comezo. Moita importancia terá o coidado no uso das imaxes e a linguaxe verbal e non verbal para evitar calquera tipo de discriminación e eliminar os prexuízos sexistas tamén presentes no mundo artístico. Cómpre facer visibles as achegas das mulleres ás artes, tanto no eido musical coma no plástico.

No tocante á *avaliación*, cómpre falar dunha avaliación formativa que controle o proceso e permita introducir modificacións coa finalidade de mellorar tanto a percepción como a expresión. Non ten sentido se a situamos á marxe do proceso de ensino-aprendizaxe. Debe ter un carácter regulador que sirva para reorientar as decisións educativas. O proceso de avaliación debe ser compartido por profesorado e alumnado. Nesta área cobran especial relevancia tanto a autoavaliación como a coavaliación continuas que permitirán a valoración individual e colectiva, a exposición das apreciacións persoais, o contraste de opinións e puntos de vista, a acomodación ao nivel do alumnado, a revisión de responsabilidades no traballo en grupo, o grao de vinculación individual na actividade colectiva...

En resumo, a finalidade última da educación artística será que as nenas e os nenos cheguen á construción dunha estrutura de pensamento, dunha maneira de mirar e de escoitar que se prolongue despois do período escolar e que capacite as persoas para aprender a apreciar os valores estéticos da arte e do mundo que as rodea.

ÁREA DE LINGUA E LITERATURA (Lingua Galega e Lingua Castelá)

O obxectivo desta área non é outro que o de contribuír a que o alumnado poida chegar a ser competente lingüisticamente, que sexa quen de comunicarse mellor, entendida esa comunicación no seu máis amplo senso posible.

O obxecto de aprendizaxe é a lingua, unha lingua real e contextualizada, unha lingua que é un instrumento multifuncional e que é útil para solicitar algo, para agradecer, para queixarse, para saudar, para dar información, para protestar, para convencer, para acadar un acordo, para crear, para falar das emocións, para debater, para planificar...

Aprender lingua é aprender a usala con propiedade, é desenvolver as denominadas catro grandes habilidades lingüísticas: falar, escoitar, ler e escribir (é dicir, habilidades orais e habilidades escritas).

As nenas e os nenos, á súa chegada á escola, posúen coñecementos de todo tipo, e tamén lingüísticos, que construíron en interacción co seu medio habitual. A metodoloxía na área de lingua deberá propiciar unha aprendizaxe *significativa* que teña presentes eses coñecementos previos, que aproveite a expresión e a comunicación espontáneas e que se vincula á experiencia directa do alumnado. Como a adquisición da lingua se leva a cabo a través da interacción con outras persoas, a aula debe ser un lugar de convivencia onde todas e todos sintan a necesidade de comunicarse, un lugar onde cooperar, participar e confrontar coñecementos coas compañeiras e cos compañeiros, debe ser un lugar onde se fomente o intercambio.

O alumnado é quen constrúe a súa aprendizaxe lingüística coa axuda e mediación do profesorado, do contorno, das compañeiras e dos compañeiros... o que vén indicar que o código oral e escrito se practicará en *contextos comunicativos reais e funcionais* nos que se implique e participe activamente, con textos orais e escritos auténticos e completos e nun clima de intercambio, análise, reflexión e investigación.

Tanto a habilidade oral como a escrita non son homoxéneas, son, pola contra, un conxunto de destrezas que usamos dun xeito ou doutro segundo a situación (segundo o obxectivo comunicativo, segundo o tipo de texto, segundo a présa que teñamos, segundo a persoa interlocutora...), polo que, ademais de identificar palabras, hai que coñecer estruturas tex-

tuais diversas, contextos diversificados, normas e regras de interacción para cada momento e obxectivo, as funcións da linguaxe...

Para acadar a competencia lingüística, como é sabido, non é suficiente coa posesión de habilidades, destrezas e coñecementos, senón que son tamén esenciais as actitudes. Así pois, o fomento de determinadas actitudes respecto das linguas e das persoas falantes (eliminación dos prexuízos sobre determinadas linguas ou sobre as súas variedades, aceptación das mesmas como instrumentos privilexiados de comunicación e de identidade, valoración da pluralidade lingüística como patrimonio cultural e interese por participar na súa conservación...) será un obxectivo importante das clases desde os primeiros momentos.

A adquisición da linguaxe por parte do alumnado non só o dota dun instrumento de comunicación, senón que tamén configura os principios, actitudes e normas que lle van permitir interpretar a realidade que o rodea e construír a súa propia identidade. As nenas e os nenos, cando aprenden unha linguaxe en interacción coas persoas do seu contorno, aprenden ademais significados (significados culturais) e os modos en que as persoas entenden e interpretan a realidade, e tamén incorporan estereotipos lingüísticos, sexistas, étnicos, relixiosos, culturais... Na escola requirírase, por tanto, unha actuación sistemática que fomente a eliminación de prexuízos que actúan discriminando ou transmitindo unha imaxe falsa, así como o uso dunha linguaxe que reflicta a existencia de ambos os sexos, que desentrañe as mensaxes discriminatorias que poidan aparecer de xeito máis ou menos explícito en usos da lingua oral e escrita.

Un factor fundamental a ter presente é que na nosa comunidade coexisten dúas linguas en contacto estreito e cotián. Cómpre, pois, atopar fórmulas apropiadas para reflexionar sobre as estruturas comúns das dúas linguas (galega e castelá) e recoller o tratamento das interferencias idiomáticas, valéndose sobre todo da análise de textos orais e escritos de diversa procedencia, soporte e tipoloxía, coa finalidade de mellorar a expresión en cada unha das linguas partindo sempre da existente no contorno inmediato.

Respecto da lingua **oral**, cómpre ter presente que o alumnado inicia o período obrigatorio cunha determinada competencia lingüística que se manifesta no léxico, na estrutura dos enunciados, na construción do texto oral... Ampliar estas destrezas, coñecementos e habilidades é un labor escolar importantísimo.

Cómpre un desenvolvemento metódico da lingua oral se se pretenden acadar moitas das competencias básicas como a de comunicación lin-

güística, a de tratamento da información e competencia dixital, a social e cidadá, a de autonomía e iniciativa persoal, nas que se considera prioritario comunicar información, interactuar con compañeiras e compañeiros, comunicarse en diferentes contornos, expresar as propias ideas, escoitar, tomar decisións, dialogar para previr conflitos, planificar e traballar en equipo... O tratamento da lingua oral na escola non pode ser adiado nin arrombado.

A lingua oral desenvolverase a través dun traballo sistemático que utilice unha ampla gama de *situacións comunicativas*, cotiás e funcionais.

Na vida diaria da escola prodúcense moitas situacións de comunicación oral que se potenciarán e aproveitarán para acadar obxectivos da área, entre estas situacións están: as comunicacións para planificar, chegar a consenso, poñer en común, debater, tomar decisións sobre procesos a seguir, establecer responsabilidades, comunicar resultados, comparar, contrastar respostas, opinións e significados, xustificar e verbalizar estratexias, valorar tarefas, transmitir emocións e informacións, estruturar coñecemento, defender argumentos e puntos de vista, preguntar... e ser vehículo e instrumento para a aprendizaxe das distintas áreas do currículo.

O dominio da lingua oral é, como xa se dixo con anterioridade, unha tarefa complexa, xa que o seu uso depende da intención comunicativa, do contexto, das persoas que interveñen, do tipo de texto...

É indispensable utilizar tarefas que requiran da comunicación oral con obxectivos e propósitos variados, potenciando a *participación* de todos os alumnos e todas as alumnas (tendo en conta o reparto equitativo na participación do alumnado nas súas expresións orais e escritas, para conseguir que as alumnas participen na mesma medida cós seus compañeiros). Cada propósito e situación precisará dun tipo de texto diferente (exposicións curtas, comunicación de informacións, conversas, debates, expresións espontáneas, discusións, asembleas, narracións orais, entrevistas...) e fórmulas participativas diversificadas.

A participación activa requirirá que o alumnado se apropie progresivamente das normas convencionais destas interaccións verbais como son: petición de palabra, uso do ton adecuado, respecto da quenda de intervención, mantemento de tema, respecto ás opinións das demais persoas, dominio de papeis diversos no intercambio comunicativo, uso de posturas e xestos adecuados, fluidez, claridade, orde, léxico apropiado, pronuncia correcta, ton de voz, entoación, xesto, formulación de preguntas coherentes e percepción das reaccións...

A boa utilización da lingua oral na comunicación reclama que as e os falantes posúan unha serie de habilidades (claridade, exposición ordenada, boa pronuncia, fluidez, bo léxico, incorporación das intervencións do resto das persoas no propio discurso...) que fagan que quen escoite poida entender mellor; ademais, para poder intervir na conversa, evitar malentendidos e comprender adecuadamente é fundamental unha boa escoita e desenvolver tamén unha serie de actitudes como as de respecto cara ás opcións de quen fala, tolerancia ás opinións que manifesta, non realizar interrupcións inadecuadas...; xunto a estas características lingüísticas deberán dominar recursos non verbais que potencien a expresividade, como acenos, miradas, posturas corporais, movementos... e as estratexias elementais para percibir reaccións e acomodar o discurso ás persoas que escoitan. Todas estas calidades e estes aspectos deberán ser traballados na escola para que as nenas e os nenos de educación primaria poidan reflexionar sobre elas, analízalas, apropiarse delas e desenvólvelas.

En resumo, un adecuado desenvolvemento da lingua oral abrangue as habilidades de falar (expresarse) e escoitar (comprender):

A **comprensión oral** é un proceso *activo*, no que quen escoita debe facer conexións entre os seus coñecementos previos e a mensaxe. O desenvolvemento da comprensión oral abrangue as habilidades de escoitar, valorar, seleccionar a información necesaria segundo o obxectivo e a de facer inferencias interpretando ironías, retranscricións, dobres sentidos... O alumnado tamén deberá aprender a usar estratexias para mellorar a súa comprensión de diferentes textos orais como a formulación de preguntas, a elaboración de conclusión parciais...

As nenas e os nenos deben poder participar en actividades variadas de escoita de textos (relatos, mensaxes radiofónicas e televisivas, conferencias curtas...) e poder traballar sobre a mensaxe real, interpretala e comezar, nesta etapa, a conformar o pensamento crítico. A este último aspecto poderá contribuír a utilización de textos orais (anuncios, publicidade, reportaxes, entrevistas...) procedentes dos medios de comunicación (radio e televisión) e internet nos que diferenciar opinión de información e nos que poder analizar a intervención de elementos non lingüísticos (imaxe, música, aumento de volume...) na escoita e na comprensión.

A **expresión oral** require que o alumnado posúa a habilidade de iniciar, soste e rematar unha interacción comunicativa; a de usar textos diferentes (exposición sobre un tema, debate, narración...) segundo o contexto (formal ou informal) e o propósito comunicador (informar, divertir,

opinar...); a de usar léxico; a de autocontrolar progresivamente a entoación, a dicción...

Deberá desenvolver estratexias para potenciar a expresividade, interpretar sinais na persoa interlocutora que lle axuden a axustar a comunicación e recoñecer a utilidade de técnicas iconográficas, visuais, informáticas... para facerse comprender mellor.

Á adecuada expresión oral e utilización da lingua como mediadora didáctica deben *contribuír todas as áreas*, xa que desde todas elas se colabora ao desenvolvemento da capacidade de usar a linguaxe como instrumento de representación e comunicación do coñecemento.

Ademais dos medios de comunicación e dos informáticos mencionados con anterioridade, son adecuados outros recursos para o traballo coa lingua oral como os vídeos; os teatriños (a dramatización pode axudar tamén a acadar mellor expresión, unha mellor relación oralidade e movemento corporal, unha comunicación máis rica co resto do alumnado...); a literatura oral popular, que achega textos variados para traballar nas clases de lingua tanto a nivel expresivo como a nivel comprensivo (estes recursos son abundantes: adiviñas, lendas, contos, trabalinguas, xogos de sortes, romances, poemas, cancións e cantigas, ditos...), sen esquecer a súa contribución á canle creativa e artística.

Cando se fala de linguaxe **escrita**, fálase indubidablemente de lectura e escritura.

Ler e escribir son actividades que serven para comunicarse e son tarefas independentes, unha é interpretar, adiviñar, deducir o que outra persoa nos quere dicir e a outra é producir unha mensaxe, usar todos os procedementos e estratexias para transmitir o que se desexa. Ambas son *actividades complexas* (requiren o control de procesos, estratexias, destrezas, conceptos e a adquisición de actitudes) e *construcións sociais* (teñen orixe social e cada grupo humano desenvolveu os seus propios xeitos de uso da linguaxe escrita, foron creadas para comunicarse nunha sociedade concreta e reflicten os puntos de vista, identidade, historia e significados dela).

A linguaxe escrita atópase no contorno próximo das nenas e dos nenos en revistas, xornais, rótulos, folletos, televisión, xoguetes, produtos que consume, páxinas web... O alumnado ve como len as persoas que o rodean e como existen diferentes soportes: xornais, libros, ordenador, carteis... Observa como se usa a lingua escrita en actividades cotiás: facer unha lista, anotar un enderezo, escribir unha nota, cubrir unha solicitude, asinar un cheque... Así

que, o alumnado ten concepcións variadas sobre a escritura, refírense aos útiles de escritura, ao acto de ler e de escribir, ao contido do que se pode ler e escribir, a hipóteses sobre o que son as letras e como se realizan, á relación das marcas gráficas e das palabras co obxecto que representan... Antes do ensino primario, as nenas e os nenos, en contacto coa linguaxe escrita do seu medio, elaboran ideas no seu intento de atribuírlle significado e establecen hipóteses sucesivamente complexas acerca do sistema alfabético.

Ao longo da educación primaria o alumnado deberá realizar aprendizaxes básicas sobre a lectura e a escritura a partir das ideas, coñecementos, actitudes, crenzas e destrezas que xa posúe. É un proceso de estruturación e construción progresiva de teorías cada vez máis completas, non é un proceso lineal nin aditivo. Trátase dunha aproximación *significativa e funcional*, unha reconstrución *progresiva* que non remata xamais, xa que sempre se está a aprender a ler e a escribir.

A finalidade da lectura e da escritura nesta etapa é, polo tanto, a de formar nenas e nenos capaces de producir e interpretar textos con cada vez maior adecuación.

Aprender a ler e escribir require dominar dous tipos de coñecementos: o relacionado co sistema de escritura en si e o relacionado cos usos e funcións da comunicación escrita. O sistema de escritura vai unido ao desenvolvemento dunha maneira de representación con grafías e do uso adecuado dun soporte. Este ofrece múltiples alternativas, entre as que se atopan os ordenadores que permiten combinar imaxe, son e escritura.

Os textos son a unidade comunicativa básica e, inda que non exista unanimidade entre as diferentes tipoloxías textuais, si hai acordo en que cada tipo ten unha función distinta (informar, dar instrucións, narrar, enumerar, divertirse, convidar, argumentar...). Para que os textos sirvan á función de comunicar teñen que ser usados en *contextos reais*, e tratarse na aula os que circulan máis frecuentemente no contorno social en que se desenvolve o alumnado. Non debe esquecerse tamén a importancia de traballar sobre a autoría dos textos para aumentar a bagaxe cultural das nenas e dos nenos, para observar como o coñecemento de quen escribe axuda á comprensión e para que asuman que os textos teñen autoría: homes e mulleres de pobos distintos, de idades diferentes, con intereses comunicativos diferenciados, procedentes de contextos culturais e históricos variados...

A aprendizaxe da linguaxe escrita debe facerse en interacción coas compañeiras e compañeiros, pois a produción final de grupo vese enrique-

cida. A maneira máis adecuada de organizar situacións de comunicación escrita na aula é en grupo: o alumnado traballando conxuntamente pode ditarse, escribir alternándose, compartir lecturas, corrixir, contrastar significados, mellorar un texto...

As estratexias, procesos e técnicas lectoescritoras deben ser traballadas en contextos reais de aprendizaxe, a partir da resolución de conflitos cognitivos e desde todas e cada unha das áreas curriculares, xa que o alumnado adquire a competencia lectora a través dunha variedade de actividades e experiencias enmarcadas en contextos diferentes.

A **lectura** é unha das destrezas importantes que adquiren as nenas e os nenos durante a súa escolarización, porque é unha base para a aprendizaxe de todas as áreas, permite participar nas comunidades de lectoras e lectores de ámbitos variados e pode empregarse para o enriquecemento e para o gozo persoal.

A aprendizaxe da lectura realízase lendo, e tamén cada vez que se le nun contexto diferente, con obxectivos diferentes, con funcións diversas... Non é, nin debe ser, unha tarefa exclusiva das áreas de lingua, senón que é propia de todas as áreas de coñecemento, e polo tanto en todas elas debe terse presente.

A lectura non é unha capacidade homoxénea e única, é unha actividade complexa. A complexidade lectora deriva do conxunto de destrezas, procesos, estratexias, actitudes... que nela interveñen (e son usadas dun xeito ou doutro segundo a situación lectora de que se trate), das diversas maneiras de xerar significado, das múltiples interpretacións posibles dun texto, da multitude de lecturas que se poden realizar...:

- Non hai unha forma única de lectura, hai varias, que se corresponden con intencións e textos diversos: extensiva, intensiva, atenta, distraída, rápida e superficial, lenta e reflexiva, involuntaria ou subliminar, selectiva, exploratoria, etc. Deste xeito, cada maneira de ler proporciona unha diferente aproximación ao texto.

- *Ler é comprender*, pero existen diferentes graos de comprensión lectora (a comprensión non é unha cuestión de comprendelo todo ou nada) e diferentes significados dun texto.

De cada texto existen múltiples interpretacións, xa que nelas interveñen os coñecementos previos (que varían con cada persoa e coas circunstancias), as estratexias persoais, as experiencias coas que conta quen le e que proporcionan un coñecemento da linguaxe, dos textos e do mundo.

O significado dun texto é, por conseguinte, dependente das persoas, pero tamén é dependente dos contextos. Un texto construído nunha determinada sociedade reflicte os puntos de vista sobre o mundo que nela existen, pois discurso, escritora ou escritor, lectora ou lector son pezas desa sociedade. Isto tamén quere dicir que unha mesma mensaxe pode ser interpretada de diferentes xeitos por cada sociedade na que se presente. Cada lectora e cada lector comprende o texto de xeito distinto.

Desta afirmación podemos tirar unha primeira consecuencia didáctica: cómpre usar técnicas de debate colectivo e de discusión de significados; fomentar a confrontación de interpretacións, de puntos de vista, de valoracións, de predicións, de estratexias empregadas... e promover o intercambio de significados dun texto entre o alumnado. O contraste e a adición de interpretacións dun mesmo texto pode supor para o alumnado unha maneira máis completa de comprender. A interacción coas compañeiras e cos compañeiros durante o proceso de elaboración de significado conduce a unha mellor comprensión textual e permítelle ao alumnado progresar máis alá do seu nivel de lectura nun determinado momento.

– Comprender é un acto cognitivo, é o resultado dunha actividade mental. É un acto interpretativo consistente en guiar unha serie de razoamentos cara á construción de significados da mensaxe escrita a partir, tanto da información que proporciona o texto, como dos coñecementos de quen le, controlando o progreso desa interpretación, de tal xeito que se poidan detectar erros, dúbidas e incomprensións durante a lectura.

Como se desprende do antedito non se pode entender a lectura como unha habilidade centrada na decodificación. Ler non é un acto mecánico de descifrado, senón unha actividade de elaboración activa de significado dun texto a partir de diferentes claves en función do obxectivo de lectura.

O significado dun texto non se corresponde coa suma de significados das palabras que o compoñen; é, como xa se dixo, un acto de razoamento, de construción dunha interpretación da mensaxe escrita a partir da información que proporcionan texto, contexto e coñecementos (almacenados na memoria en formas de esquemas de coñecemento) de quen le. Dito doutro modo, o significado xérase a través da interacción entre texto e persoa lectora no contexto dunha experiencia lectora concreta: quen le incorpora as súas actitudes respecto da lectura, o que sabe (sobre o mundo, sobre a lingua...) e as estratexias de lectura que posúe para afrontar o texto; o texto contén a intención da autora ou do autor ao escribilo, o contido e a forma de organizar esa mensaxe; o contexto comprende as condicións da lectura (intención, interese, situación na que se desenvolve...).

– Comprender implica, pois, procesos amplos e subprocesos variados como: anticipar o que dirá un escrito, achegar coñecementos previos, realizar predicións e verificalas coa lectura, elaborar inferencias, construír un significado, coñecer como un autor ou unha autora constrúe cada texto. O alumnado ten un papel activo, crítico e creativo no establecemento de relacións entre o que le co que sabe, na avaliación do novo coñecemento a partir do que xa posúe e na verificación das súas hipóteses. A comprensión lectora non sucede de xeito lineal, senón que estes procesos interactúan.

Na actividade da aula todo isto vai implicar que *no inicio* da lectura dun texto cómpre discutir o obxectivo que se persegue; situarse ante o tipo de texto, a autoría, a data de publicación; actualizar coñecementos previos e contrastalos, realizar primeiras predicións a partir de claves textuais; fixar atención sobre elementos do texto como títulos, ilustración, capítulos, tipografía...; decidir o modo de lectura e as estratexias. *Durante a lectura* hai que ler abordando procedementos para resolver problemas de comprensión (avanzar, retroceder, inferir o significado, resumir o que se di, parafrasear un fragmento, acudir ao dicionario, inferir significados polo contexto...); ir confirmando ou rexeitando hipóteses e predicións; regular o proceso (modificar modo de lectura, modificar velocidade..., se cómpre). Ao *remate* precisase revisar o feito, comprobar se se acadou o obxectivo lector, compartir significados, decidir volver ler...

– A lectura é unha actividade *estratéxica*, quen le actúa e supervisa constantemente a súa comprensión e usa as estratexias lectoras de maneira combinada. As estratexias e procesos metacognitivos que se activan ao longo da lectura actúan como procedementos reguladores da propia lectura, permítenlles ás persoas lectoras comprobar o seu grao de comprensión e axustar o seu modo de achegarse ao texto.

Non tería sentido traballar na escola estas estratexias illadamente. A aprendizaxe de estratexias de lectura comprensiva debe facerse desde o inicio da actividade lectora, de maneira modelada, guiada, global, interactiva e reflexiva para ir pouco a pouco cara a un uso cada vez máis autónomo e eficaz delas.

O alumnado debe, ao remate do ensino obrigatorio, posuír as estratexias elementais que operan en relación ao significado do texto que se le: estratexias para operar co significado do texto (determinación do obxectivo de lectura, decodificación, relectura-avance, relación cos coñecementos previos, distinción do fundamental e do secundario, construción do significado global, elaboración e comprobación de hipóteses-predicións, reco-

ñecemento da organización do texto, codificación da información textual distribuindo o seu contido, uso de técnicas para lembrar a información), estratexias para regular o curso da acción (activar coñecementos previos, atención concentrada, regulación da relectura, conciencia de que vai comprendendo, autorregulación da actividade lectora, integración da nova información...), estratexias para establecer relacións significativas cos coñecementos previos (relacionar cos coñecementos previos, avaliar a consistencia do contido do texto e a correspondencia cos coñecementos previos, axuizar o contido en base a criterios...).

– As lectoras e os lectores xeran significado de formas diferentes e o alumnado debe ter contacto con esas formas diferentes: localizar e obter a información explícita, realizar inferencias directas (é dicir, avanzar máis alá do literal e cubrir os ocos no significado que teñen os textos baseándose no que aparece neles, inda que non explicitamente), realizar inferencias indirectas (ir moito máis alá do que aparece no texto), interpretar e integrar ideas e información do texto facendo uso dos seus propios esquemas de coñecemento e das súas experiencias, analizar, contrastar e avaliar o contido, os elementos textuais e realizar unha crítica ou emitir xuízos sobre o propio texto diferenciando o real do imaxinario, identificando discriminacións...

– A competencia lectora ou alfabetización implica comprender un texto e aproveitar esa comprensión *no quefacer diario*, mais inclúe tamén unha serie de actitudes e condutas, tal como a actitude positiva cara á lectura (tanto a concibida para o gozo persoal ou para participar na sociedade como a que se realiza para obter coñecemento e información), a de compartir diversas perspectivas e interpretacións sobre o que se le, a de interesarse por utilizar multitude de textos (tanto os escritos en formas tradicionais -libros, revistas, documentos, xornais, carteis...- como as presentacións electrónicas -correo electrónico, internet, anuncio publicitario...-).

Na escola tentarán traballarse todas estas actitudes e condutas incorporadas de xeito integrado a todo o proceso lector.

A comprensión lectora (literacidade) é, por todo o devandito, o resultado dunha actividade complexa na que a persoa que le debe realizar moitas operacións e recorrer a destrezas variadas, estratexias cognitivas e metacognitivas e procesos que atendan ás características do escrito e ao seu contido (como os relacionados coa identificación de grafías e palabras, os léxicos de identificación de significado, os sintácticos que determinan o papel que cada palabra xoga nun enunciado, os semánticos relacionados

con extraer significado do texto e integrar ese significado no esquema propio de coñecementos).

O labor do profesorado é de mediador no proceso, promotor de contextos *variados* onde cumpra ler (organizar a vida xeral da aula e escola, comunicarse con institucións e outras escolas, buscar información para un proxecto, preparar un recital poético, comentar un libro, elaborar ou construír algo a partir de instrucións, consultar un cadro de responsabilidades ou reparto de tarefas...) usando soportes *diversificados* e de modelo do emprego de estratexias que favorecen a comprensión, é dicir, modelo de comprensión e control.

Unha mención especial respecto do comentado sobre a variedade de soportes cómpre facela verbo do ordenador. Este recurso fai que a relación entre quen le e o que se le cobre dimensións novas, posto que a persoa lectora ten que, non só comprender textos, senón comprender textos hipervinculados e ter estratexias para saltar dunhas ligazóns a outras recollendo e rexeitando información segundo cumpra se se atopa con estruturas hipertextuais que non pode imprimir e con xéneros distintos (chat, correo electrónico, web...) coas súas características lectoras e gráficas diferenciadas.

En síntese, a escola primaria porá as bases para conseguir unha persoa competente en lectura, entendida como aquela que xera significados activamente, coñece estratexias de lectura eficaces, mantén actitudes positivas cara á lectura e le para o gozo persoal (enriquecemento persoal, gozar da linguaxe en si, apreciar e gozar coas manifestacións culturais e as obras artísticas), aprende a través de tipos textuais variados (tanto os escritos de xeito tradicional e en soporte papel como os escritos en presentacións electrónicas -internet, correo electrónico, mensaxes de texto, anuncios de televisión...-e mais valora e xulga as mensaxes identificando contidos ideolóxicos, prexuízos, dobres sentidos (a capacidade de comprender é fundamental para calquera sociedade democrática que precise de persoas capaces de interpretar mensaxes e decidir en liberdade sen deixarse manipular e confundir).

A **escritura** é, xunto coa lectura, unha das habilidades básicas a desenvolver na educación primaria, tendo presentes as concepcións previas do alumnado sobre a escritura, que son variadas e foron elaboradas antes do ensino primario en contacto co medio familiar e social.

É importante que, ao longo da súa escolaridade, o alumnado como produtor de textos poida coñecer a utilidade, as diversas funcións da escri-

tura (narrar, comunicar, informar...), o poder que outorga o seu dominio, o mundo da edición (autoras e autores, editoriais, difusión, publicación web...) e o da catalogación, arquivo e conservación dalgúns deses textos (biblioteca e outros).

A competencia escritora adquirese no contacto e *uso reais* da lingua, en *situacións de comunicación escrita variadas* e cotiás nas que cumpra comunicarse con persoas diferentes.

A escola proporciona contextos variados que responden a necesidades reais de comunicación (apuntar algo para lembralo, mandar unha nota a alguén, tomar notas nun debate, elaborar un plan para algunha tarefa, convidar a unha celebración ou festa, realizar unha lista de normas, elaborar unha obra teatral, confeccionar un libro de rexistro dos libros da biblioteca da aula...) con interlocutoras e interlocutores diferentes (compañeiras e compañeiros, profesorado, familia, outros centros, organismos da localidade...) e finalidades variadas (describir, narrar, resumir, expresar emocións, informar, argumentar, explicar, anunciar, divertir...).

A escritura é unha actividade complexa porque implica procesos, coñecementos, estratexias e actitudes variados.

O proceso de produción textual supón controlar as fases de planificación, textualización e revisión a partir dos obxectivos marcados para a escritura:

- Planificar require: a identificación dunha serie de datos que van determinar a produción textual (obxectivo ou propósito da escritura, persoa destinataria do escrito, tema e contido sobre o que se vai escribir, o rol da persoa que escribe), a elección do tipo de texto máis adecuado, a representación previa do produto final (estrutura ou silueta, formato, soporte, instrumento de escritura necesario...), o uso dunha fórmula para anotar a planificación (esquemas sinxelos, diagramas, notas, organigramas, cronogramas...) e a confrontación de ideas, o control e a regulación do proceso planificador.

- Textualizar supón ser capaz de: identificar a estrutura global do texto; controlar unha lingüística textual (fórmulas, léxico, relación título-contido-ilustración, coherencia semántica...) e unha lingüística oracional (relación sintáctica, ortografía); facer unha presentación externa clara, ordenada e esteticamente coidada (orde, lexibilidade, variedade tipográfica...); mobilizar estratexias; manexar e controlar constantemente relecturas e reescrituras.

- Revisar require tomar distancia co texto producido e reflexionar e analizar aspectos concretos, confrontar ideas sobre as escrituras realizadas, utilizar modelos textuais para comparar e reelaborar coa finalidade de melloralo e perfeccionalo (empregar apoios que permitan resolver dúbidas ortográficas, léxicas e/ou estruturais).

Como se desprende do dito con anterioridade o traballo de grupo é indicado en calquera momento de produción do texto. A escritura é un produto social, a única forma de entendela é coñecer a comunidade que a produce e producila podendo compartir experiencias. Cómpre que o alumnado poida tomar conciencia do punto de vista do resto das persoas da clase para aprender a negociar, facer unha verdadeira construción conxunta, explorar, propor, rectificar, integrar o que din as outras persoas, argumentar as propostas para facerse entender. A interrelación do grupo favorece a discusión, a confrontación de ideas sobre o contido, as formas...; obriga a establecer un plan, organizarse, considerar o papel de cadaquén na produción...

Cando o alumnado produce un texto detense ante dificultades diversas; pregunta como continuar, como organizar o texto, que dicir, que léxico usar, como facilitar a interpretación, que decisións tomar, que alternativas son mellores; revisa, substitúe, fai cambios...

A escritura, como a lectura, é unha actividade *estratéxica*: quen escribe actúa e supervisa constantemente a súa produción e usa as estratexias interactivamente. As estratexias que se activan no decurso da escritura actúan como procedementos reguladores da propia acción e permiten o axuste da actividade. A aprendizaxe de estratexias debe ser explícita e facerse desde o inicio sobre as diferentes fases de produción dun texto ao mesmo tempo que cómpre coñecer os xéneros textuais.

En primaria o alumnado, co fin de mellorar a expresión e a comprensión, comeza a realizar reflexións sobre a lingua. Basearase na realización de modificacións diversas en textos e unidades máis pequenas e indagará consecuencias sobre a comprensión e expresión tanto escrita como oral. Preténdese traballar coa exploración, análise, observación de regularidades lingüísticas, favorecendo máis unha actitude de *descubrimiento, experimentación* e científica que normativa cara á lingua. A terminoloxía que se usará será a básica e a fundamental para poder falar sobre a lingua. Os termos gramaticais, nesta etapa, estúdanse inseridos nun texto e nun contexto comunicativo.

Neste mesmo senso debe favorecerse a reflexión ortográfica. A ortografía tratarase dentro do contexto de escribir pertinentemente, non como

práctica descontextualizada e independente dos textos, nin baseada na exclusiva memorización de regras. Debe partirse dun planeamento *significativo* que recoñeza a necesidade dunha actuación sistemática. Basearase na observación, formulación de hipóteses, descubrimento de principios ortográficos do vocabulario usual e cotián, constatación de regularidades, contraste entre varios textos e contextos... e non na evitación do erro. *O traballo en grupo* amósase interesante, unha vez máis, para discutir propostas, atopar solucións a problemas, atopar estratexias, comprobar hipóteses, analizar e explorar conxuntamente, propor exemplos variados...

Terase presente que na escola deben ter cabida variedade de textos correspondentes a diversas tipoloxías (enumerativos, expositivos, narrativos, instrutivos...). Os textos difiren na maneira en que as ideas se organizan e presentan. A organización e o formato de texto poden variar enormemente, e van desde a ordenación secuencial do material escrito á inclusión ou non de ilustracións, sons, esquemas, información gráfica e táboas. Cada un ten peculiaridades estruturais, lexicais, sintácticas... Cada texto responde a unha función e intencionalidade e require a posta en marcha de estratexias lectoescriptoras diversificadas.

Nas últimas décadas, cando falamos de escritura debemos ter en conta que a electrónica é unha maneira cada vez máis estendida e habitual. Escribir con ordenador é diferente a escribir con lapis e papel. A tecnoloxía informática pode asumir, se se desexa, algunhas tarefas mecánicas (programas de verificación ortográfica, de corrección de estilo, de tradución asistida, por exemplo) e a persoa autora dun texto pode centrarse noutros aspectos como o contido, as estratexias.... Este poder ten innumerables vantaxes na escola cando se trata de producir textos e revisalos. Tamén hai que ter presente que a incorporación do ordenador implica no cotián a chegada de novos xéneros (correo electrónico, chat, hipertexto...) coas súas características específicas e con novos conceptos sobre ortografía e puntuación que deben ser tratados nas aulas, así como o coñecemento de regras específicas e éticas de comportamento na rede.

Para aprendizaxe da linguaxe escrita pódese contar con variados *recursos* na escola:

- textos auténticos, de diversa tipoloxía e abundantes procedentes de situacións reais e cotiás, cos seus elementos paratextuais e de soporte correspondentes
- textos procedentes dos medios de comunicación, de internet

- materiais escritos de uso social: contos, cartas, enciclopedias, xornais, dicionarios, receitas, cómics, poemas, postais, obras de teatro, anuncios, textos científicos, revistas, carteis, folletos, revistas infantís, índices...
- alfabetos, dicionarios de diferentes tipos, ficheiros personalizados, diarios de lectura...
- materiais escritos en diferentes linguas para poder comparar
- papel, ordenador, autoadhesivos, rotuladores...
- televisión, ordenador, vídeos...
- o ordenador como acceso a fontes (dicionario, enciclopedias, web...)
- uso de programas específicos, corrector ortográfico, procesador de textos...

Os recursos a utilizar deben buscarse coidadosamente, deben diversificarse opcións, obras de autores e autoras e realizar unha selección de textos con criterios non sexistas, equilibrados en canto á presenza de personaxes, ofertando referencias literarias para nenas e nenos..., unha selección de textos con criterios multiculturais, unha selección de textos multifuncionais, unha selección de textos que permita diferentes tipos de lecturas...

Recursos imprescindibles para a lectura e escritura son as bibliotecas da aula e do centro. Cómpre utilizar a *biblioteca* como un lugar que proporcione opcións múltiples de acceso ao coñecemento e á lectura por pracer. A biblioteca ofrece oportunidades formais e informais para ampliar as perspectivas sobre os textos, para contemplar a lectura e a escritura como experiencia compartida con outras persoas, para escoitar lecturas que fan outras persoas, para respectar a variedade de experiencias persoais e as diversas reaccións que un libro esperta nunha persoa e para comunicar a experiencia de lectoescritura a outras compañeiras e outros compañeiros, a autoras e autores, a ilustradoras e ilustradores... Debemos utilizar a biblioteca como un lugar de desenvolvemento de actividades específicas encamiñadas ao coñecemento e á difusión dos seus materiais e á creación de hábitos de lectura.

Para rematar, na área de lingua pódense desenvolver variadas experiencias de aprendizaxe: os proxectos de aula ou centro, considerados como unha actividade que globaliza moitos aspectos diversos e precisa da

lectura e da escritura como ferramenta vehicular na busca de información, na comunicación da información atopada, no tratamento desa información...; a organización do traballo diario no que se empregan cadros de tarefas e de responsabilidades, fórmulas de organización, rexistros de auto-avaliación...; os proxectos de escrita, para producir un texto concreto cunha finalidade específica; a organización e funcionamento das bibliotecas da aula; os recantos ou obradoiros de escritura; o libro-foro, o momento para falar das lecturas que se fixeron, valoralas e compartilas co resto da clase; o taboleiro de noticias da semana, na que se poden recoller as novas escolares, locais, nacionais... seleccionadas polo alumnado durante ese intervalo de tempo...

ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA

Ao falar da metodoloxía a empregar no ensino dunha lingua estranxeira, partimos da premisa de que só aprende quen realmente quere aprender. Este querer aprender está intimamente relacionado coa motivación, coas ganas e interese que cadaquén teña. Por iso o labor das mestras e dos mestres será motivar o alumnado cara a esa aprendizaxe. Pretendemos poñer en práctica unha metodoloxía integradora e participativa que afronte a diversidade presente nas aulas ofertando variados camiños para acadar os mesmos obxectivos, que sexa lúdica e estimulante para as nenas e os nenos e que promova o pracer pola aprendizaxe e pola comunicación noutras linguas. Será deste xeito como o alumnado irá acadando un conxunto de aptitudes e competencias básicas que lles axudarán ao longo dos anos de estudo.

Formar persoas solidarias e cooperadoras, críticas e autocríticas, capaces de superar conflitos e resistentes ao fracaso será a nosa meta, polo que, como especialistas da área de linguas estranxeiras, deberemos favorecer tamén a práctica dos valores que isto implica coa selección de materiais, coa dinamización das clases, coas avaliacións de todo o proceso de aprendizaxe e coa nosa actitude e capacidade para adaptar o currículo á realidade de cada centro, de cada aula e de cada nena e cada neno.

A nosa idea é abarcar aspectos de coñecemento próximos á propia experiencia do alumnado contactando con outras áreas do currículo e fomentando progresivamente o coñecemento dunha realidade multicultural. Nesta sociedade da comunicación e da información, a aprendizaxe doutra lingua bríndanos a oportunidade de preparar o alumnado para vivir nun mundo multilingüe achegándolle unha gran variedade de mensaxes multiculturais producidas coas diferentes linguaxes presentes na sociedade.

Ao falar de linguas cómpre achegarnos ao Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (documento elaborado polo Consello de Europa) que, partindo da valoración das diversas linguas e culturas, promove o coñecemento das mesmas coa finalidade de favorecer a comunicación entre iguais, eliminar barreiras, prexuízos e estereotipos e enriquecer persoalmente as nenas e os nenos. Ao mesmo tempo, proporciona tamén unha base común de referencia para a elaboración de programas de linguas, orientacións curriculares, exames, manuais e materiais de ensino en Europa e marca os niveis e estadios polos que as persoas pasan no proceso da adquisición de linguas.

O Consello de Europa non propón unha liña metodolóxica concreta a levar a cabo, senón que presenta os diferentes enfoques que, dependendo das variables presentes no proceso de ensino-aprendizaxe, serán máis valiosos nun determinado contexto e momento. A posta en práctica do enfoque escollido atenderá entón aos obxectivos propostos e ás persoas inmersas no seu contexto.

Na educación primaria consideramos que o enfoque comunicativo dirixirá a comunicación oral, obxectivo prioritario nesta etapa, e a motivación sentará as bases para a aprendizaxe, facendo que a atención sexa máis intensa, a aprendizaxe máis rápida e a actitude tranquila e relaxada ante a lingua estranxeira e a sociedade e cultura que esta implica. Será unha metodoloxía baseada no descubrimento guiado e colectivo e na resolución de problemas, que evitará o traballo analítico e favorecerá en todo momento a participación e implicación activa dos nenos e das nenas, coa finalidade de lograr aprendizaxes eficaces desde o punto de vista cognitivo, comunicativo e socio-afectivo.

As achegas das diferentes correntes pedagóxicas e psicolóxicas (construtivismo, intelixencia emocional...), que acentúan a importancia da significatividade, interdisciplinariedade e globalización das aprendizaxes, promove unha forma de ensino na que a persoa aprendiz se converte en axente activo na construción da aprendizaxe, polo que o currículo debe mudar reducindo contidos, reestruturándose ou ampliándose en función das persoas implicadas no proceso, dos intereses das mesmas, do contorno...

Unha das novidades metodolóxicas no estudo das linguas estranxeiras presentes no novo currículo parte da aplicación do enfoque metodolóxico da lingüística aplicada AICLE (Aprendizaxe Integrada de Linguas Estranxeiras e outros Contidos Curriculares), que invita ao estudo doutras materias como as ciencias, a educación física, a educación artística, a educación para a cidadanía... nunha lingua distinta da propia; é dicir, empregando como instrumento de comunicación a lingua estranxeira. A énfase desta metodoloxía recae na significatividade das tarefas, na resolución de problemas, na experimentación, no "aprender facendo". Por iso, a lingua obxecto de estudo convértese nun instrumento, nun fío condutor que imperceptiblemente vai calando e empapando a aprendizaxe ata acadar a meta final.

Neste modelo de integración curricular o enfoque dos contidos é globalizador, o traballo debe xirar fundamentalmente arredor das tarefas realizadas en grupo, nas que cada nena e cada neno constrúe a súa propia

aprendizaxe e ten un papel determinante para a consecución final das mesmas. As destrezas básicas máis desenvolvidas serán as receptivas e darase prioridade ao uso comunicativo e funcional da lingua, posto que, ao espertar o interese do alumnado cara ao proceso de aprendizaxe, o fai participar activamente no mesmo.

E xa que o obxectivo prioritario non é lingüístico e a corrección nas producións orais só se fará cando dificulten a comprensión, as nenas e os nenos serán quen de participar de forma máis relaxada sen temor a equivocarse, asegurando o éxito, polo que gañarán en seguridade e se favorecerá a valoración que teñan da lingua estranxeira.

Por outra banda, necesitamos formar a persoas capaces de integrarse na sociedade do coñecemento, capaces de discernir e interiorizar as múltiples mensaxes que recibe constantemente para logo producir e comunicarse coa linguaxe multimedia. O estudo da lingua estranxeira xa non consistirá unicamente no dominio da escritura, das relacións morfo-sintácticas ou léxicas ou da comprensión e expresión oral e escrita como se viña facendo ata agora, polo que a metodoloxía a empregar abranguerá un mundo moito máis complexo, un lugar onde as TIC cobren relevancia en todos os aspectos, un espazo no que será necesario o coñecemento das linguaxes presentes na vida cotiá, na escola, na rúa... para conseguir que as nenas e os nenos cheguen a ser persoas críticas fronte aos medios e fronte á súa propia realidade e para botar a andar a persoas receptoras participativas capaces de dar resposta ás múltiples mensaxes que recibe e creadoras das súas propias mensaxes.

A aprendizaxe da nova lingua será, nos primeiros niveis, intuitiva. Tentaremos que os nenos e as nenas se mergullen na lingua sen medo presentándolles mensaxes reais ou adaptadas vinculadas aos seus intereses: producións multimedia nas que teñan que interaccionar, fotografías, contos, dramatizacións, vídeos, cancións, sortes de botar, xogos... e aproveitaremos calquera situación da vida cotiá que consideren interesante: alguén cunha nova que contar, celebración dun aniversario, algo que traen á escola...

A variedade das producións ou modelos presentados será fundamental, non só para manter a motivación, senón tamén para atender ás diferenzas de nivel, de desenvolvemento e de formas de aprender.

É indiscutible o encanto e atractivo que teñen os contos en todas as culturas. A maxia que achegan ao mundo infantil estimula e motiva a aprendizaxe nas primeiras idades a través das repeticións e memorizacións

dos retrousos, das asociacións coas imaxes, das dramatizacións e das manifestacións artísticas derivadas dos mesmos. Por iso o emprego de contos en formato multimedia ou en papel será unha práctica habitual na metodoloxía do ensino dunha lingua estranxeira nesta etapa de primaria: asentar a motivación cara á nova lingua no primeiro ciclo e, no segundo e terceiro ciclos, mellorará a comprensión e expresión oral e a fluidez na lectura e na comprensión escrita.

Así mesmo, a utilización de contos conduce a unha interiorización das linguaxes nas que son presentados e a posterior recreación das mesmas, fomentando a valoración lingüística e cultural da lingua estranxeira. Os contos supoñen, tamén, unha valiosa achega ao desenvolvemento das estratexias de aprendizaxe de escoita selectiva, dado que non é necesario comprender todo para captar o sentido do conto, e ás técnicas de predición e busca de significados no contexto, polo que se converten nun valioso instrumento que favorecerá a adquisición das competencias básicas.

Outra das estratexias máis exitosas para a aprendizaxe dun novo idioma na educación primaria consiste en recrear situacións e contextos nos que o alumnado teña que responder actuando: resposta física total (TPR, Total Physical Response). Por iso as interaccións que aparecen durante a práctica dos xogos, actividades plásticas, artísticas, musicais e físico-deportivas revélanse como valiosos instrumentos cognitivos para a adquisición da competencia comunicativa na nova lingua, ao tempo que fomentan a valoración positiva que cada persoa ten de si mesma, a iniciativa persoal, a cohesión no grupo e por tanto a prevención de conflitos e a atención e respecto ás diferenzas.

O método anteriormente citado (TPR), desenvolvido por James Asher, defende que a adquisición de habilidades na segunda ou terceira lingua pode ser rapidamente asimilada se é estimulado o sistema cinestésico-sensorial das nenas e dos nenos. Esta xustificación parte de que a comprensión das mensaxes faladas debe preceder á expresión oral das mesmas. Hai que ter en conta que a comprensión e retención se acadan mellor mediante o movemento do corpo do alumnado en resposta a unha secuencia de comandos.

Unha poderosa ferramenta a utilizar para a comprensión de moitas das estruturas gramaticais é o emprego da forma imperativa na nova lingua. Esta contextualizárase en actividades próximas aos intereses do grupo co que estamos a traballar: construción dunha marioneta, xogo de mesa, aprendizaxe dun novo xogo ou deporte, simulación dun papel determina-

do nunha dramatización, elaboración dunha receita de cociña, dominio dun baile, xogo de pistas, experimento..., sempre empregadas en situacións funcionais de comunicación.

O emprego desta metodoloxía axudará a que o alumnado interiorice a lingua para pasar posteriormente a produci-la. Non esquezamos que a fala emerxerá automaticamente, polo que motivaremos para que xurda o antes posible se forzala en ningunha das súas manifestacións.

Tendo en conta a diversidade e as diferenzas en canto ritmos e formas de adquisición do coñecemento, atenderemos á teoría desenvolvida por Gadner (1999) na planificación, escolla e deseño de actividades a levar a cabo na nosa aula. Esta teoría afirma a existencia de diferentes variables intelectuais asociadas co funcionamento do cerebro, como son: aptitudes verbais e lingüísticas, aptitudes matemáticas e lóxicas, aptitudes musicais, aptitudes visuais e espaciais, aptitudes do corpo e movemento, aptitudes interpersoais, naturais e emocionais.

Programaremos e planificaremos a nosa actividade docente sabendo que os alumnos e as alumnas aprenden de formas diversas. Atendendo aos diferentes tipos de intelixencia, axudaremos a que todo o alumnado, en maior ou menor medida, adquira o coñecemento e as competencias básicas para comunicarse na nova lingua, evite o rexeitamento cara a outro idioma e cultura e reforce a súa autoestima ao participar en actividades con moitas posibilidades de éxito.

A dinámica nas clases de idioma será de grande importancia. Procuraremos guiar cara a un traballo cooperativo no que necesariamente as nenas e nenos deberán interaccionar co resto do grupo, asumindo os diferentes papeis en función das diversas capacidades e niveis. E establecerase unha relación na que as persoas con mellores aptitudes axuden ás que precisan dunha atención mais individualizada, beneficiándose ambas as partes do intercambio.

A metodoloxía das clases de lingua estranxeira conducirá tamén á adquisición dunha autonomía crecente que se acadará primeiro aprendendo a empregar as axudas externas (dicionarios, internet, bancos de recursos da aula...) e as internas (reflexión no uso da lingua, autoavaliacións, cartafol...); e en segundo lugar reinventando producións orais e escritas en diversos formatos, imprescindibles para o coñecemento metalingüístico.

Cómpre salientar a importancia do cartafol físico ou dixital (colección de traballos, observacións, material real, fotografías, anuncios...)

como estímulo para a propia autocrítica, como fonte de aprendizaxe e reflexión e como reforzo da conciencia cultural. Co emprego deste instrumento, as nenas e os nenos serán quen de amosar o interese, a valoración e os coñecementos relativos á lingua estranxeira que van acadando no proceso de adquisición da competencia comunicativa, reforzando así a súa autoestima e motivación.

ÁREA DE MATEMÁTICAS

O alumnado, cando se incorpora á educación primaria, chega cunha enorme bagaxe de experiencias matemáticas, xeralmente intuitivas, relacionadas con diversos aspectos da área (por exemplo: coas cantidades - números, medidas de tempo, sistema monetario, accións de engadir e quitar-, cos espazos, coas formas, coa importancia que lle atribúen as persoas do contorno próximo...). Esas experiencias foron construídas en interacción co seu contorno e coas persoas próximas que as utilizan decote.

O acercamento aos contidos matemáticos debe apoiarse en actividades reais e na manipulación de obxectos concretos e familiares para poder ir avanzando progresivamente cara á formalización. O paso desde o intuitivo cara a un sistema de destrezas, actitudes e coñecementos matemáticos coherente e articulado debe ser progresivo e non finaliza no ensino primario.

A escola debe establecer pontes entre os coñecementos extraescolares e os escolares, entre os asistemáticos e os sistemáticos, entre os espontáneos e intuitivos e os ligados a formas de representación máis simbólica propia das matemáticas. Cómpre, non obstante, abandonar a idea de construción lineal do coñecemento, pois a integración dos novas aprendizaxes é un proceso moito máis complexo ca esas vellas propostas (do simple ao complicado) e, xeralmente, require de múltiples situacións, tempo para resolvelas e reiteradas oportunidades para poñer en xogo e reflexionar sobre o aprendido.

A aprendizaxe significativa das matemáticas debe partir das concepcións previas do alumnado. A modificación deses esquemas previos só será posible despois de pasar por unha situación de conflito cognitivo, na que a contradición e a rotura do equilibrio inicial dos seus esquemas cognitivos vai permitir a busca de coñecementos alternativos. Hai que propor situacións didácticas contextualizadas no próximo e familiar, nas que se consideren as súas experiencias matemáticas previas como punto de partida para planificar novas aprendizaxes.

A integración de novas aprendizaxes require múltiples e variadas situacións de aprendizaxe, tempo e oportunidades para que as nenas e os nenos poñan en xogo accións como comparar, establecer relacións, transformar, describir, interpretar, analizar, anticipar resultados, ensaiar procesos...

O alumnado constrúe o seu propio coñecemento, é o protagonista da súa aprendizaxe. Hai que asegurar a relación das aprendizaxes coa vida cotiá das nenas e dos nenos, partindo das súas experiencias, tomándoas como base para abordar novas aprendizaxes. O xeito no que se producen as aprendizaxes é o resultado de procesos singulares e persoais. Se a aprendizaxe é unha construción persoal que realiza cada nena e cada neno grazas á axuda que recibe doutras persoas, deberán terse presentes as súas peculiaridades e o seu ritmo de aprendizaxe, o que supón ter que buscar estratexias que atendan á diversidade e actividades que constitúan retos alcanzables. Esta construción mediada da aprendizaxe require dun papel moi concreto do docente: é a persoa que lle axudará a descubrir un conflito inicial entre o que xa sabe e o que quere saber, que contribuirá a que se sinta capaz e con ganas de resolvelo, que lle presentará o novo contido como un reto interesante e útil, que favorecerá a colaboración e contraste de coñecementos, que preverá unha actuación o máis autónoma posible...

O *papel do profesorado* é, pois, o de mediador entre os coñecementos que o alumnado posúe e os que se pretende que adquira. O profesorado axudaralles ás nenas e aos nenos a que establezan relacións substantivas entre o que xa coñecen e o que aprenden. Non menos importante é o papel que ten de impulsor das relacións entre iguais favorecendo o contraste, o debate, a coordinación de intereses, a toma de decisións colectivas, a axuda mutua e a cooperación; nin o papel de proporcionador de todo tipo de actividades nas que cumpra reflexionar, explorar, investigar...; nin o papel de creador das condicións necesarias para que o alumnado constrúa os seus coñecementos funcional e adecuadamente.

As destrezas e as actitudes deben ocupar na área de matemáticas da educación primaria un lugar predominante. O alumnado debe valorar a utilidade das matemáticas, adquirir actitudes de axuda e de colaboración, ser perseverante na busca de solucións, amosar flexibilidade para cambiar de puntos de vista, indicar confianza nas propias posibilidades... á vez que utiliza o erro como acicate e fórmula para seguir aprendendo.

As matemáticas no ensino primario deben responder ao modelo funcional, que insista na necesidade de que as nenas e os nenos descubran as nocións e as operacións matemáticas a través da súa propia experimentación cos obxectos do contorno (como condición indispensable para que poidan entender o simbolismo matemático) e que incida nunha educación matemática enriquecedora e socialmente útil. A matemática actual rexeita o cálculo rutineiro e a aprendizaxe memorística de fórmulas sen comprensión da realidade e propón o tratamento de problemas realmente prácticos

e a utilización da resolución de problemas como método, facendo aparecer os coñecementos matemáticos como ferramentas que permitan solucionar diferentes cuestións. A área de matemáticas debería prover o alumnado dunha concepción da matemática; dun sentido do seu alcance, poder, usos e historia; dunha linguaxe propia coas súas regularidades e restricións e dun facer matemático acorde coas súas posibilidades. A área non debe estar encarada como un desenvolvemento mecánico de habilidades, senón como desenvolvemento de competencias que conectan o mundo real coas matemáticas para resolver problemas cotiáns. Neste senso os materiais empregados van ser moi importantes.

O uso de *recursos* variados é fundamental nunha área e nunha etapa que require da manipulación. Suxírense materiais diversos comezando polos obxectos concretos cotiáns e familiares e pasando polos medios non convencionais (tiras de papel, fíos, vasos, espellos...) e convencionais (reglas, reloxos, moedas e billetes, transportador, compás, dados...). A aula de matemáticas debe contar con abundante material impreso (libros relativos ás matemáticas en diferentes culturas, biografías de matemáticas e matemáticos, evolucións históricas, folletos, catálogos, xornais...), material audiovisual (ilustracións, gravacións procedentes dos medios de comunicación que conteñan linguaxe matemática...), a calculadora (que poderá ser usada para realizar tarefas exploratorias e de investigación, para verificar resultados e corrixir de erros, para simplificar tarefas de cálculo en función da súa complexidade) e o ordenador cos programas e software correspondente. Canto maior é a complexidade dun concepto, máis difícil se fai a súa comprensión. O ordenador permite a creación de materiais manipulables polo alumnado cos que poder manexar eses conceptos: hai programas para o estudo da xeometría, para estender o concepto de calculadora, para a confección de gráficos...

As matemáticas, se queren contribuír ás competencias de aprender a aprender e a de autonomía e iniciativa persoal requiren dun uso estratéxico de técnicas e dun control e autorregulación de procesos, o que implica que as estratexias de aprendizaxe deben ensinársese integradas nos contextos e contidos específicos, de aí que aparezan explícitas nestes. Á súa vez, para acadar unha auténtica alfabetización matemática, cómpre que o alumnado desenvolva e aprenda a usar estratexias de exploración, de análise, de descubrimento, de estimación, de planificación e anticipación e de control da propia actividade. Na educación primaria o uso de estratexias requirirá durante os primeiros momentos de modelamento e práctica guiada, seguidas dunha fase posterior de interiorización por parte do alumnado.

Nesta área ponse especial énfase na *resolución de problemas* como método integral. Así o alumnado comprometerase en actividades con sentido, orixinadas a partir de situacións problemáticas que lle presentan desafíos. O coñecemento xorde a partir dos problemas que hai que resolver e das situacións que cómpre dominar. Os problemas traballados na escola deben pertencer a situacións familiares e reais e a súa resolución permitirá a exploración de gran cantidade de situacións para despois poder abordar sistematicamente o estudo da súa representación simbólica, xa que se se realizan representacións prematuras do simbólico pode instalarse só unha práctica escolar mecánica e non comprensiva.

Desde que o problema está nas mans do alumnado este debe investigar, tentar estratexias, equivocarse, volver probar, escoitar as ideas de compañeiras e compañeiros, atopar a solución máis avanzada, tentar unha simbolización... Dito doutro xeito, no uso do problema como método hai unha primeira fase, a de investigación, na que se poñen en marcha as ferramentas máis básicas coas que contan as nenas e os nenos, que son as concepcións e estratexias previas. A continuación, ten lugar a fase de explicitación na que os grupos confrontan os resultados e chegan a unhas conclusións iniciais. Na resolución de problemas diversos hai unha énfase posta no traballo colectivo, no intercambio e na comparación de estratexias, na crenza de que a produción de ideas a partir do traballo de grupo vai ser superadora dos procesos individuais (o traballo en grupo permitirá pensar sobre aspectos que o alumnado non pensaría de xeito individual). Esta fase permite contrastar as maneiras e estratexias diferentes de resolución e amosar aquelas máis avanzadas, fai que o alumnado comprenda que existen diferentes procedementos de resolución válidos. A fase de institucionalización permitirá, finalmente, que os coñecementos sexan institucionalizados, simbolizados, e facer que o alumnado saiba que construíu algo novo.

Na resolución de problemas o alumnado debe poñer en marcha unha serie de heurísticas ou estratexias, a saber:

1. Comprensión do problema, que implica decodificación, lectura resolutiva e expresión da situación matemática (verbalización, dramatización, deseño e mesmo a representación e esquematización...) e a formulación nova do problema. Implica, así mesmo, a interpretación da situación por parte do alumnado, de xeito que se decate de ata onde comprende. Unha correcta interpretación permitirá inferir e recoñecer os datos relevantes (indicados directamente, a través de gráficas...) e diferenciarlos da información superflua. Nesta fase o debate coas compañeiras e

compañeiros pode axudar na creación de significados compartidos e máis amplos.

2. Planificación ou deseño dun plan para abordar o problema. A elaboración dun plan significa imaxinar o camiño mental que leve á solución, implica indicar o que se realizará e en que orde. Tamén nesta fase a contribución do intercambio entre o alumnado é inestimable á hora de elaborar un plan máis completo e acorde á situación problemática concreta.
3. Posta en marcha do plan. Suporá unha análise máis detida dos datos, a formulación de hipóteses, a anticipación, a relectura dos aspectos que cumpran, a estimación de resultados, a realización de operacións e o emprego dos instrumentos pertinentes ao caso, o uso de máis dun procedemento de resolución, a utilización de estratexias persoais, o control do proceso e a presentación final do mesmo con orde e claridade... Son importantes neste ámbito as actitudes de perseveranza na busca de solucións e a confianza nas propias capacidades, así como a tendencia a intercambiar puntos de vista, hipóteses... A resolución, a que conduce este desenvolvemento do plan, non é o punto final do proceso, é un motor para seguir pensando e debatendo, neste senso a resolución do problema non remata co achado dunha solución, senón que prosegue.
4. Revisión, comunicación de solucións e explicitación. Requírese da verbalización do proceso coa que se producirán aprendizaxes ao ter que comunicar os procedementos seguidos. A explicitación é parte da aprendizaxe, trátase de analizar estratexias e comparalas traballando colectivamente os erros propios e alleos. Os erros e acertos serán analizados colectivamente e se ese tipo de traballo de intercambio, de debate, de reflexión e de revisión se instala na aula, terase un alumnado con máis confianza en si para a discusión de ideas, para poder tomar conciencia dos procesos propios de resolución. A formulación de razoamentos que argumenten a validez dunha solución, o xuízo crítico e a xustificación dos resultados tamén producirán aprendizaxe axudando a identificar os erros e potenciando a rectificación segundo os contrastes realizados co resto do grupo, así como a valoración das achegas doutras persoas. Gran parte dos erros teñen unha lóxica e indicarán a etapa de aprendizaxe na que se atopa o alumnado, o que permitirá deseñar novas actividades para continuar aprendendo e mesmo

que o alumnado formule novos problemas relacionados coa vida cotiá que tomen o que se acaba de realizar como modelo.

Hai que sinalar que os procesos metacognitivos, a autorregulación e o control teñen relación co xeito en que se seleccionan e despregan os recursos e as estratexias matemáticas de que se dispón. As crenzas e sentimentos, por último, modelan o comportamento matemático e non deben esquecerse á hora de preparar un traballo resolutivo como o que vimos de comentar.

O alumnado deberá enfrontarse a problemas matemáticos: lúdicos; orais, iconográficos e escritos; de experimentación, de construción e de investigación...

Na área de matemáticas, *o campo relativo a cantidades* responde a varias necesidades do contorno como as de contar, ordenar, medir, simbolizar... Inclúe coñecementos instrumentais básicos.

O alumnado descubrirá neste campo o funcionamento dos números, as súas regularidades, as propiedades... Para iso deberá poder operar con eles en diversas situacións, sen segmentacións artificiais e explorando as diversas funcións que cumpren na vida cotiá e no contorno. Descubrirá que pode representalos, facer unha cuantificación exacta, pero tamén que hai situacións nas que se require máis da estimación que da devandita exactitude.

Nesta etapa as matemáticas deben introducir o alumnado nos procesos sociais de medición, vinculando os novos significados aos das medidas que construíron con anterioridade, e amplialos a través de experiencias cotiás. A diario facemos uso da medida para cuantificar as situacións da realidade. No cotián son moitas as situacións nas cales non se fai medición mediante o uso de instrumentos que impliquen precisión, senón aproximacións ou estimacións. O alumnado aprende, pois, que o instrumento de medición se busca en función da situación presentada, que nuns casos abondaría con instrumentos non convencionais pero que noutros cumprirían os convencionais, e que algunhas situacións requiren da medición o máis exacta posible e noutras poden usarse estimacións. Tentarase sempre que as nenas e os nenos sintan a necesidade de usar unidades de medida en función dunha situación próxima e real, analizando a pertinencia de utilizar un patrón externo segundo a situación. A operación de medir baséase nunha comparación de dúas cantidades, o acto de medir está inmerso nunha situación concreta que require analizar a conveniencia de usar unha unidade ou outra de medición. Os problemas de medida presentaranse a partir das situacións cotiás que xorden nos espazos educativos, nos proxec-

tos de traballo, nos experimentos... O alumnado debe coñecer e autorregular o proceso de medida que implica: a planificación; a elección de instrumento axeitado; a selección de unidade; o uso de estratexias persoais de estimación e medida; a posibilidade de conversión dunhas unidades noutras máis factibles, precisas ou manexables; a expresión adecuada dos resultados; a explicitación do realizado para poder contrastar e revisar.

Outro dos aspectos do campo relacionado coas cantidades é o cálculo. É importante presentar ao longo da escolaridade situacións para que o alumnado teña diferentes oportunidades de ir construindo e reorganizando os seus coñecementos sobre as operacións. As operacións non son contido dun ano en particular, senón que son unha aprendizaxe a longo prazo. Durante varios anos da súa escolaridade, as nenas e os nenos poderán ir ampliando os seus coñecementos sobre as operacións a partir das situacións nas que se enfronten, dos problemas que teñan que resolver e das reflexións sobre as mesmas. A construción do sentido dunha operación non se acaba cando se aborda o ensino-aprendizaxe do algoritmo. Non ten senso a presentación de contas de xeito illado, pois estas só teñen significado no ámbito da resolución de problemas. O ensino directo dos algoritmos coa súa aplicación posterior a problemas dá como resultado unha falsa dicotomía: contas *versus* problemas, que só terán unha abordaxe simultánea na resolución de problemas e na reflexión para aprender conceptos matemáticos.

O alumnado pode ter contacto con problemas diversos e que mobilicen recursos variados para resolvelos antes do uso do algoritmo. Grazas a eses contactos poderá comparar procedementos e estratexias, analizar erros, atopar solucións apropiadas e introducir fórmulas novas. Unha prematura inclusión da representación simbólica pode facer que o alumnado o use desprovisto de significado. O punto de partida para traballar o cálculo vai ser toda a diversidade de problemas do contorno familiar.

Calcular requirirá dun proceso progresivamente máis amplo, automático e preciso no que o alumnado coñeza a xerarquía e o significado das operacións a realizar; seleccione o método máis conveniente para facer un cálculo concreto (mentalmente, algoritmos, con calculadora, con ordenador...) en función da súa complexidade; recoñeza que na vida cotiá a maioría das situacións problemáticas son resoltas a partir de estimacións razoables; explore e utilice, se cómpre, estratexias persoais de cálculo mental (estratexias de conmutación, descomposición, redondeo, duplicado, distribución, factorización, para contar...); decida sobre a razoabilidade dun resultado obtido; presente os cálculos e resultados de xeito ordenado e

claro; explicita as estratexias aplicadas; considere o erro como un estímulo para novos cálculos; contraste procedementos e resultados.

No campo dos *espazos e das formas*, é dicir, nos coñecementos relacionados coa xeometría, convén subliñar que estes coñecementos ensinados illadamente estarán desprovistos de significado e non serán adecuados para a resolución de problemas en diferentes contextos. Polo tanto, hai que promover situacións reais nas que poder analizar estratexias variadas de representación, descrición, comparación, construción... Deben proporse problemas nos que o alumnado teña que observar, anticipar, planificar, armar, construír, comunicar, describir, representar, debuxar, ditar, reconstruír, transformar, comparar usando criterios formais e persoais, interpretar, validar, constatar, reflexionar, contrastar, explicar... Os contidos xeométricos deberán tratarse desde o comezo da etapa a partir da curiosidade por descubrir os obxectos do contorno e as relacións que existen entre eles.

No campo do *tratamento da información e do azar*, o alumnado pode apreciar o carácter aleatorio dos sucesos cotiáns (resultado dun partido, a duración dos días de sol, o resultado dunha tirada de dados...) e decidir intuitivamente o grao de probabilidade dun suceso. Neste ámbito, o uso de experiencias familiares e repetibles, así como as lúdicas e motivadoras, diminuírá as dificultades para a aprendizaxe.

Neste eido tamén son importantes a recollida de datos, a súa análise e a súa representación. Estas tarefas só serán apropiadas se se refiren a datos do contorno que lle permitirán ao alumnado ter diferentes perspectivas sobre a realidade e mesmo atopar fórmulas alternativas de representación do coñecido.

En *resumo*, na área de matemáticas pódense desenvolver variadas experiencias de aprendizaxe: os problemas, considerados non como unha actividade rutineira, senón como aglutinante das experiencias matemáticas do alumnado; os xogos, como actividades que unen o razoamento, a reflexión e o divertimento; os pequenos proxectos, como actividade máis prolongadas no tempo que unen as matemáticas a outras áreas do currículo e as actividades de experimentación e investigación, apropiadas para a exploración, busca de regularidades...

O alumnado desta etapa aprenderá matemáticas a través de accións variadas entre as que destacarán as de busca, exploración, explicitación, contraste de opinións e investigación. Tamén aprenderá grazas á variedade de problemas que lle dean sentido a un mesmo coñecemento, xa que, a maior variedade de situacións didácticas, maior será a posibilidade de

comezar a conceptualizar os coñecementos traballados. As nenas e os nenos deben aprender matemáticas usándoas en contextos funcionais relacionados con situacións da vida cotiá, para adquirir progresivamente coñecementos novos a partir das experiencias e dos coñecementos previos.

Non deberá esquecerse que o adecuado é facer matemática ao seu nivel usando situacións problemáticas e contextos realizables, imaxinables, realistas e cotiáns. Non se trata de formar persoas expertas en matemáticas, senón de traballar cos aspectos da realidade onde a matemática se atopa implícita. Trátase de descifrar e organizar os aspectos cuantitativos da realidade (matematización horizontal) e operar no campo do puramente matemático (matematización vertical), pero partindo do cotián.

A aprendizaxe matemática na educación primaria involucra procesos de esquematización e formalización progresiva a partir das solucións informais e dos razoamentos intuitivos das nenas e dos nenos. Guiado polo profesorado e en interacción coas compañeiras e os compañeiros, o alumnado achégase a estruturas, operacións e modelos da matemática. A matemática é unha actividade social tanto como cognitiva e é unha actividade construtiva no canto de receptiva. As matemáticas apréndense en interacción. No co-construtivismo a persoa constrúe significados actuando nun contorno estruturado e interactuando con outras persoas de xeito intencional.

Lonxe de traballar con moitos materiais irrealis (no senso de non existentes fóra da escola), propónse traballar coa realidade ou con fragmentos da mesma susceptibles de ser estruturados polo alumnado. Trátase de facer cotiá a matemática explorando o potencial de matematización de contextos e situacións familiares ás nenas e aos nenos.

ÁREA DE EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA E OS DEREITOS HUMANOS

As propostas metodolóxicas deben ser atendidos con coidado porque serán decisivas á hora de asegurar que o coñecemento de principios e valores xere a adquisición de hábitos e inflúa nos comportamentos.

Necesariamente deberá estar baseada na *actividade* do alumnado, xa que todo o traballado nesta materia ten un compoñente vivencial. A área non terá sentido se non está presente este aspecto e se é basicamente transmisora. Cumprirá crear contextos tanto na área concreta como no resto de áreas e na totalidade da vida do centro que permitan levar a cabo estas vivencias e que posibiliten que cada rapaz e cada rapaza teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo, de recoñecemento da súa valía persoal e das súas contribucións aos diferentes grupos nos que desenvolve a súa actividade. Deberase partir, necesariamente, das experiencias, problemas e intereses do alumnado para que as aprendizaxes se integren na súa vida cotiá tanto a nivel persoal como social. É imprescindible establecer relacións sociais continuas e diversas tanto entre iguais como coas persoas adultas coas que se relaciona na súa vida cotiá, porque a capacitación social só se consegue tendo a posibilidade de interaccionar, xa que a interacción favorece a aparición de opinións diferentes, provoca conflitos socio-cognitivos que hai que resolver para reequilibrar de novo e medrar moral e democraticamente.

Os contidos actitudinais apréndense mediante un proceso de construción persoal no que é básica a conexión co que a persoa xa posúe. Cando as nenas e os nenos se incorporan á escolaridade obrigatoria non son *tabulas rasas*, xa teñen unha concepción do mundo e explicacións para o que nel sucede construídas no seu proceso de socialización (familia, relacións con outras persoas, televisión, xogos...). Aínda que o seu estado de desenvolvemento moral nestes primeiros anos de escolarización aínda non lles permite chegar ao que se coñece como autonomía moral (están nun estadio moral individualista), si teñen elaborado un modelo explicativo sobre as súas actuacións e as das demais persoas, sobre o proceso de toma de decisións... A educación en valores (aprendizaxe de valores) mobiliza o dominio cognitivo (crenzas), o afectivo e o conativo (disposición para a acción). Para a súa interiorización é necesario o coñecemento e a reflexión sobre os modelos cos que se tivo relación, é necesaria unha apropiación do contido (análise dos aspectos positivos e negativos que presenta), máis tarde un

posicionamento a favor ou en contra, para chegar finalmente a unha identificación afectiva (compromiso) que permita a valoración e revisión das nosas accións e das causas que as motivan. Para que este proceso se produza é imprescindible tomar contacto con situacións problemáticas que o provoquen e que serán as que nos permitan coñecer a situación inicial de cada alumna e cada alumno, que é de onde se debe partir. Esta toma de contacto pode levarse a cabo na realidade circundante (observación) ou mediante situacións simuladas (xogos de rol, dilemas morais adaptados á idade). A continuación débense presentar diferentes opcións de opinión e de acción (pensamento alternativo) que sexan útiles e válidas (xustas e eficaces) e entren en contradición coas propias (conflito cognitivo). Para provocar este conflito pode ser útil un debate colectivo, a asemblea da clase, opinións xa existentes doutras persoas (filmadas, documentais, fragmentos de películas...) ou recollidas para a ocasión como unha parte da tarefa... que se utilicen para reflexionar, comentar e analizar as diferentes opcións ou para achegar posturas. Unha vez definidas deste xeito diferentes formas de pensar, sentir e actuar, débense ter ocasións de realizar prácticas que permitan interiorizalas e asumilas integrándoas na propia personalidade.

As *tarefas* partirán sempre do máis próximo (grupo de iguais, realidade próxima) para poder chegar logo ao máis afastado (grandes realidades sociais). O grupo de iguais serve de referente e de colaborador. O coñecemento deberá construírse entre todas as persoas que o forman, xa que non ten ningún sentido que sexa imposto desde fóra por un material ou por una persoa. Así mesmo, é básico que se busque coherencia entre os medios (como se aprende) e os fins (modelo que pretendemos acadar) e a busca de elementos lúdicos e motivadores para o alumnado. A presenza na aula de diferentes tipos de actividades variadas debe abarcar diferente tipos de xogos: de presentación, de autocoñecemento, de coñecemento, de comunicación, técnicas de debate, de confianza, de contacto, de estima, afirmación, autoestima e autocoidado, de relaxación, de identificación e control emocional, de formación de grupo e xogos cooperativos. É vital, tamén, favorecer o traballo con aqueles temas ou cuestións que os medios de comunicación non tratan habitualmente en profundidade ou que consideremos que non o fan coa seriedade que sería de esperar. Deste xeito, desenvolveremos tamén a capacidade de diferenciar información e opinión, atopar discriminacións, analizar mensaxes subliminares, ser persoas críticas con aqueles contidos e aquelas formas de tratar a información que non consideremos axeitadas.

As diferentes actividades deben desenvolver hábitos intelectuais básicos: formulación de hipóteses, decisión sobre a información necesaria, análise e interpretación da información, extracción de conclusións, respos-

ta ás preguntas formuladas e comunicación da información obtida. Para poder exercitar estes hábitos é básico poder dispor de moita información que sexa, ademais, moi variada (libros, folletos, revistas, catálogos, CD, películas, documentais...). A biblioteca do centro, ou outra á que o alumnado poida ter acceso, deberá ser un recurso imprescindible de traballo e moitas veces poderá ser tamén o lugar elixido para traballar.

Unha *forma de traballo* moi apropiada para esta área é a aprendizaxe por investigación e o descubrimento en ambiente cooperativo. O ensino baseado na investigación e o descubrimento, nesta área e noutras, facilita que se desenvolvan procesos que leven a descubrir coñecementos e a adquirir as habilidades, as actitudes e os valores que pretendemos que aprenda o alumnado. Así mesmo, todo o proceso debe desenvolverse o máis colaborativamente posible e o conflito cognitivo debe ser o seu motor. Esta forma de traballo posibilita que cada alumna e cada alumno constrúa o seu coñecemento favorecido por un contexto rico en interaccións sociais.

Propónse unha metodoloxía aberta ao medio e aos seus problemas, á participación efectiva da comunidade educativa, á funcionalidade social das aprendizaxes, á aprendizaxe activa. O proceso require das fases seguintes: elección de tema interesante para o alumnado e procedente do contorno, concreción do problema que se presenta nese contorno verbo do tema, busca de solucións aos problemas desde os seus esquemas de coñecemento, elaboración dun plan de investigación, desenvolvemento da planificación, elaboración de conclusións, expresión e difusión das conclusións entre as compañeiras e os compañeiros, elaboración dun plano de actuación que implique compromiso para transformar ou mellorar a realidade, execución do plano e avaliación. Deberase ter presente que cando se investiga sobre un problema concreto da realidade, ese acostuma levar relacionados outros problemas que serán tamén susceptibles de investigación.

En todo o proceso, o labor do *profesorado* será o de guía que provoca conflitos sociocognitivos a través da organización de contextos adecuados (xestión da aula) e servindo da axuda ao alumnado nos procesos de autorregulación da aprendizaxe.

Neste sentido, deberá favorecer que alumnos e alumnas efectúen eleccións informadas e reflexionen sobre as consecuencias das súas opcións e tamén deberá lexitimar a aprobación e o apoio de discusións abertas nas que non necesariamente se atoparán respostas totalmente pechadas a múltiples cuestións. Ambos son aspectos básicos das sociedades democráticas. O primeiro deles favorece a construción dunha conciencia crítica e capacita para a toma de decisións. O segundo relaciónase coa

actitude de busca (mente aberta, curiosa, inquisitiva...), coa capacidade de análise desde diferentes puntos de vista e coa adquisición de hábitos característicos das sociedades democráticas. O profesorado deberá ser o máis potente recurso de aprendizaxe para o alumnado desde o seu papel activo na construción da cultura democrática da aula e do centro e de creador de contextos que ofrezan a maior riqueza posible de experiencias de aprendizaxe a alumnos e alumnas.

A *aula* é o espazo idóneo para construír relacións e a forma de organizala inflúe decisivamente no tipo das relacións que se constrúan. Deberá ser un lugar habitable e personalizado no que as persoas se sintan cómodas para que favoreza o tipo de relacións que queremos e non aparezan as que non queremos que se produzan. Deberá ser tamén un espazo flexible que posibilite os diferentes tipos de actividades e os agrupamentos que necesitemos para realizalas: traballo individual, por parellas, pequeno grupo e asemblea da clase. Debemos dispor nela tamén de espazos ben visibles nos que situar o que se considere importante: normas da aula elaboradas, plan de traballo, distribución de responsabilidades en cada semana ou quincena, noticias, avisos, peticións, mensaxes...

É dicir, a vida da clase, a vida cooperativa da aula, así como a prioridade que se lles dea ás prácticas e tarefas definidas en conxunto, permiten de xeito exemplar que o alumnado viva as estratexias, habilidades e procedementos de inserción en grupo e nun medio que resulta valorizante, esixente, estimulante, responsabilizante. Hai que optar por unha clase que conduza o grupo a organizarse, a darse regras de convivencia e funcionamento, a administrar o seu espazo e o seu tempo, a decidir conxuntamente os plans e as regras.

A área de educación para a cidadanía e os dereitos humanos está directamente vinculada coa educación en *valores* entendidos como realidades positivas (para min, para as outras persoas ou para a sociedade) que motivan as accións. Os valores relaciónanse directamente coas actitudes, coas crenzas ou opinións dotadas de forte carga afectiva que fan que en cada momento as persoas actuemos dunha maneira determinada e non doutra. Falamos, polo tanto, de tres compoñentes das actitudes: cognitivo, afectivo e conativo (disposición para a acción). Polo tanto, a metodoloxía adecuada debe ter presente que se debe actuar tanto sobre o compoñente cognitivo como sobre o afectivo. Debe comezarse pola formulación de problemas ligados ao cotián e por propor situacións que poñan en conflito os coñecementos, crenzas, ideas e sentimentos do alumnado. A aprendizaxe de coñecementos debe estar unida a procesos de deliberación, contraste e

debate, o que esixe unha organización da aula que favoreza o clima comunicativo, a reflexión, a corresponsabilidade e a participación.

Por último, hai que traballar tamén as normas ou regras de conduta que determinan o que hai que facer ou non e que derivan dun determinado valor. As normas poden ser externas (calquera tipo de regulamento) ou internas (rutinas individuais) e para esta área interesan os dous tipos. O que habitualmente observamos son as condutas, pero estas baséanse en crenzas que, á súa vez, teñen a súa base nos valores, que é onde temos que incidir se queremos que se produzan cambios efectivos.

Cando se traballa na aula con valores e actitudes cómpre usar varias técnicas que permitan facer aflorar e clarificar as crenzas e contidos actitudinais previos, son útiles neste senso as escalas de actitudes, os dilemas morais, os debates sobre casos e as resolucións de problemas, as análises de diversas producións e das linguaxes usadas...

Para que todo o anterior sexa posible, un pilar básico do sistema ten que ser a aprendizaxe cooperativa, polo seu potencial para a adquisición de competencias e destrezas sociais, para a construción e interiorización de normas, actitudes e valores e tamén para a mellora do rendemento académico. Como xa apuntou Piaget, a interacción entre iguais permite confrontar puntos de vista que provocan conflito sociocognitivo, que favorece o progreso intelectual. Cada alumna e cada alumno faise consciente da existencia de respostas diferentes ás súas, recibe axuda e indicacións doutras persoas que lle permiten novas elaboracións mentais e, polo tanto, aumenta a súa actividade cognoscitiva. Velaquí os catro beneficios cognitivos do discurso entre iguais (Cazden): catalizador de cambios internos, representación de papeis complementarios, relación coas demais persoas e c fala exploratoria en lugar de versión última. A construción dunha cultura cooperativa na aula é básica para traballar esta área.

Polo que respecta á *avaliación*, deberá estar baseada nos dous aspectos básicos a ter en conta na avaliación dos valores: observar e preguntar. Como técnicas de avaliación podemos considerar: medidas observacionais (observacións anecdóticas, observación en situación esperada, observación en situacións habituais non conscientes, observación por aspectos indirectos...); indagación; entrevistas e enquisas individuais; entrevista grupal; escalas de actitude (individuais ou para grupos –barómetro de valores); lista de adxectivos; diferencial semántico; análise de casos/dilemas morais; tests sociométricos; probas obxectivas (non o exame clásico: xogos de preguntas e respostas, contidos postos en xogo en actividades ou traballos...).

ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

A Educación Física é unha área curricular cun marcado compoñente motor. Unha parte importante dos contidos propostos nos diferentes bloques teñen un carácter actitudinal e procedemental, mentres que son menos numerosos os conceptuais. As actitudes considérase prioritarias na educación primaria, xa que posibilitan no alumnado a creación dun sistema de valores e dunha personalidade acorde coa sociedade actual. Con relación aos procedementos, pátense de que a realización de certas actividades e tarefas motrices implica unha comprensión delas por parte da persoa que as está a executar; o feito de lanzar correctamente á portería en balonmán, facendo unha secuencia de tres pasos e apoio do pé contrario ao brazo de lanzamento, por exemplo, leva á comprensión da técnica correcta do dito lanzamento. De aí a prioridade dos procedementos sobre os conceptos. Isto non quere dicir que non teña que haber unha sincronía entre teoría e práctica, pero moitas veces esta última favorece a adquisición de aspectos teóricos.

Na etapa de educación primaria, preténdese que todas as áreas curriculares estean relacionadas entre si (interdisciplinariedade). Os contidos impartidos nelas deben ter conexión e, cando un mesmo contido se traballa dende distintas materias, é conveniente facelo en todas elas ao mesmo tempo. Deste xeito, incentívase que o profesorado das diferentes áreas estea coordinado e programe globalmente, o que favorece que os nenos e as nenas perciban as aprendizaxes transmitidas como parte dun todo, relacionadas, cohesionadas e con coherencia, e non como compartimentos estancos independentes entre si. Estruturar as aprendizaxes en base a centros de interese pode ser unha boa alternativa para afianzar os coñecementos e garantir certa calidade educativa.

Partirase de estilos de ensino que favorezan a busca, a indagación e a investigación, implicando aspectos mentais nas execucións motrices. O descubrimento guiado ou a resolución de problemas, estilos que implican cognoscitivamente, baséanse en propostas motrices que crean unha dúbida nos coñecementos previos da alumna e do alumno, para que investigue e chegue posteriormente a unha ou varias solucións. As solucións terán un valor especial polo feito de ser descubertas pola propia persoa, afianzándose adecuadamente na súa estrutura cognitiva. Estes estilos axudan a diversificar e adaptanse a todos os niveis, xa que o alumnado regula as súas execucións segundo as propias características orgánicas. En determinados

momentos utilizaranse estilos máis directivos (mando directo ou asignación de tarefas), especialmente naqueles casos nos que as condicións da actividade o requiran ou cando sexan precisos para evitar riscos innecesarios.

A metodoloxía empregada tenderá á adquisición de aprendizaxes significativas, polo que cómpre que os contidos sexan coherentes desde un punto de vista obxectivo e mais ter en conta as características dos mesmos (significatividade lóxica), así como que o alumnado conte co suficiente nivel evolutivo e madurativo como para poder incorporalas á súa bagaxe cognitiva e motriz (significatividade psicolóxica). Desta maneira conseguirase unha alta motivación, xa que as aprendizaxes terán conexión coas inquietudes e as necesidades de cada nena e cada neno.

Outro xeito de favorecer a motivación na Educación Física é por medio da presentación de material novo. Cada vez se comercializa máis cantidade e variedade de material susceptible de ser aplicado na nosa área curricular. É de características diferentes, cores diversas, funcións polivalentes; cumpre as medidas de seguridade suficientes como para minimizar as posibilidades de lesión e, o que é moi importante, facilita a integración dos alumnos e das alumnas que teñen necesidades específicas de apoio educativo.

A motivación tamén se incrementará coa elaboración de obxectos con material de refugallo. Debido ao uso que se fai dos recursos naturais e ao excesivo consumismo que caracteriza a sociedade actual, xurdiu o que se ven chamando "A lei dos 3 R" (reciclar, reutilizar e reducir): reciclar é bo, pero máis importante é reducir o consumo irresponsable e innecesario e mais reutilizar os bens. Estes valores pódense desenvolver facilmente na área de Educación Física, especialmente reutilizando obxectos que cumpriron a función para a que foron creados e poden desempeñar outra diferente. Por exemplo os envases de iogur, as botellas de plástico, os pneumáticos inservibles, os periódicos... son susceptibles de ser postos en uso nos diferentes xogos, ás veces tras sufrir un proceso de transformación previo. Son os chamados "xogos con material de refugallo".

O xogo é un recurso metodolóxico que debe existir en gran parte dos contidos que se tratan. Está sobradamente demostrada polas correntes pedagóxicas actuais a idoneidade do mesmo para acadar as aprendizaxes propostas. O xogo ten un carácter natural, polo que está presente na vida das persoas case desde o nacemento. Tamén é multidisciplinar, polo que se converte en fórmula ideal de traballo. Grazas a el poden exercitarse as capacidades e potencialidades da persoa, acadando así un desenvolvemento

to integral e equilibrado; polo tanto, ten grandes beneficios como actividade de ensino-aprendizaxe a nivel escolar. Na idade infantil, os nenos e as nenas pasan gran parte do tempo xogando, polo que será interesante canalizar os seus xogos para acadar os obxectivos que se persigan.

Dentro dos xogos hai que destacar os tradicionais de Galicia. Son xogos que nun pasado tiveron certa difusión, foron transmitidos de xeración en xeración e, nun determinado momento histórico, cumpriron importantes funcións para o desenvolvemento de cada persoa (o xogo como recurso para a formación integral) e para a perpetuidade dalgúns aspectos da cultura galega. Debido ás características da sociedade actual, estase a perder o costume de xogar na rúa, no medio natural... e os xogos que se practicaban nestes medios están sendo substituídos por aqueles que ofrecen as vídeo-consolas, internet... Polo tanto, é mester que na escola se traballen os xogos tradicionais galegos e se ensine ao alumnado a xogar como se facía antes, reforzando deste xeito o vínculo das nenas e dos nenos coas nais e cos pais, cos avós e coas avoas... Así non se perderán esas actividades que, debido ao seu valor, se mantiveron ata o momento no que estamos a vivir. E ao falar dos xogos, tamén se poden incluír os xoguets, as danzas e os bailes propios de Galicia.

Os xogos multiculturais ou xogos doutros lugares do mundo débense ter en conta á hora de planificar as sesións de Educación Física. Por unha banda, cada vez hai nas aulas un maior número de alumnas e alumnos de distintas e variadas procedencias debido aos movementos migratorios. O feito de practicar xogos e actividades propias dos seus lugares de orixe axuda a unha maior integración deste alumnado, pois así partimos dos seus intereses e establecemos relación co xa aprendido. Por outra banda, os nenos e as nenas decataranse de que o carácter espontáneo e natural do xogo propicia que xurdan xogos moi parecidos en lugares xeográficos diferentes, con nomes distintos pero características similares.

Hai que prestar atención aos xogos que traballan a iniciación deportiva, aplicados sobre todo nos últimos cursos da etapa. En ocasións non hai gran diferenza entre un xogo e un deporte (basicamente o grao de institucionalización, a difusión e a existencia de regulamentos e competicións), aínda que ás veces os valores que transmiten uns e os outros son diferentes, debido sobre todo ao deporte de alto nivel e á difusión que del fan os medios de comunicación. O tratamento do deporte na educación primaria farase atendendo a finalidades educativas. Terá un carácter aberto, de maneira que todas as persoas participen independentemente do sexo ou nivel de habilidade. Deste xeito, adquirirá un cariz integrador e haberá un

lugar para a totalidade de alumnas e alumnos, xa que se prestará especial atención ás necesidades específicas de apoio educativo. Ademais enfocárase de cara á mellora das competencias básicas e de todo tipo de capacidades (motrices, cognitivas, afectivas...) e máis á consecución de hábitos saudables que poidan perdurar toda a vida, xa que permitirá descubrir o pracer pola actividade física e non se centrará no resultado (gañar ou perder). Hai que partir de que os xogos e os deportes, segundo múltiples autores e autoras, teñen un elemento que é a "tensión", propiciada polo "risco" de obter un ou outro resultado; isto é o que lle dá en parte sentido á actividade e aumenta a motivación. Pero aínda que no transcurso da dita actividade se busque obter un resultado favorable, hai que desdramatizar a importancia deste. O xogo é xogo e o deporte é deporte, independentemente de que o resultado sexa positivo ou negativo. O que conta é xogar, no sentido máis amplo, e se durante o xogo se está a gozar e a desenvolver as diferentes capacidades e habilidades, todas as persoas participantes gañarán. De aí a súa importancia.

O desenvolvemento de retos, xogos ou actividades cooperativas favorecerá a adquisición de multitude de valores. O feito de que as accións de todo o grupo teñan que unirse e coordinarse para conseguir un obxectivo común implicará que aumente a cohesión grupal, que non haxa discriminación (xa que son importantes as accións das súas e dos seus compoñentes para que se acaden os obxectivos), que non exista o feito de gañar ou perder (suponse que gañan todas as persoas participantes), que se establezan relacións de igualdade, que se favorezan sentimentos de protagonismo colectivo... É importante saber "gañar" e saber "perder", pero tamén o é aprender a traballar en grupo, de xeito que se chegue acordos colectivos para ter unha actuación común exitosa.

Hai que prestar especial atención á eliminación do sexismo, buscando a igualdade de oportunidades para os dous sexos, co fin de chegar así a unha verdadeira "Coeducación Física". Tradicionalmente existiron contidos atribuídos ás mulleres (bailes, expresión...) e outros aos homes (deportes, condición física...). Coa perspectiva actual desta área curricular, búscase que ambos os sexos experimenten todo tipo de actividades e contidos, en función das súas posibilidades e establecendo relacións construtivas e equilibradas coas demais persoas, independentemente do sexo. Buscarase, desde a perspectiva docente, crear unha boa base motriz, que aumente a bagaxe do alumnado e posibilite un desenvolvemento global e integral. Neste senso, elimínanse comentarios sexistas que establezan diferenzas ou discriminacións de xénero.

As TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación) están a adquirir unha relevancia cada vez maior na nosa sociedade. Avanzan a pasos axigantados, polo que cómpre estar constantemente actualizándose para non quedar atrás. A escola ten que telas en conta, ten que preparar no seu manexo e incrementar a capacidade de utilizalas partindo de todas as áreas curriculares. Desde a Educación Física pódese recorrer nalgún momento á World Wide Web, ao correo electrónico, ao chat, ás listas de correo, aos documentos audiovisuais.... Non quere dicir que semanalmente ou quincenalmente o profesorado teña que utilizar o ordenador, a aula de informática ou ver unha proxección sobre algún aspecto específico da área, senón que, cando sexa preciso e as condicións docentes así o requiran, pode facelo.

As TIC non só serven para consulta de información sobre diversos aspectos de interese, senón tamén como reflexión e difusión. Reflexión, porque diariamente nos abordan múltiples informacións que transmiten estereotipos sobre o físico ideal, os hábitos diarios, o consumo de substancias para adelgazar, engordar, fortalecerse... achegadas en parte por estas tecnoloxías; así, hai que saber seleccionar con lóxica e coherencia, entre todas, cales son aquelas das que mellores beneficios se poden obter, rexeitando as que comporten un risco. Difusión, xa que son unha boa maneira de comunicarse con outras persoas que estean en calquera lugar do mundo e poñer en coñecemento delas as diversas experiencias vividas, intercambiar traballos, opinións...

Un recurso que deben ter en conta as e os profesionais da Educación Física é a biblioteca. Pensando en combinala co uso das TIC, pode servir para afianzar contidos propios da área. Tanto a biblioteca da aula como a do centro escolar facilitarán e proporcionarán a busca de información, o manexo de fontes bibliográficas, a consulta de diversos documentos e, o que é moi importante, a adquisición de hábitos habituais de lectura, favorecendo con esta medida a dedicación dun tempo diario a ela.

Buscarase a transferencia entre as diferentes aprendizaxes e o tratamento global da propia área. Primará a relación entre os diferentes bloques de contidos. As unidades didácticas aplicadas desenvolverán a maior cantidade posible de aprendizaxes, interrelacionándoas e favorecendo a transferencia ou aplicabilidade dunhas sobre as outras, achegándolles gran cantidade e variedade de estímulos aos alumnos e ás alumnas e creando unha boa bagaxe motriz para adquirir autonomía e independencia respecto das accións cotiás.

A autonomía aumentará conforme o vaian facendo as capacidades físicas, as habilidades, a percepción do corpo e do contorno, a coordina-

ción, o equilibrio... que farán os movementos máis eficaces e permitirán que a persoa se sinta a gusto consigo mesma. O incremento da autonomía levará a unha maior autoestima, xa que o feito de percibirse con máis posibilidades para afrontar as necesidades diarias reforza o autoconcepto e, por conseguinte, a autoestima.


A Educación Física na etapa de primaria ten que ter unhas características especiais. Ao longo dela prodúcense cambios importantes a todos os niveis, desde un punto de vista evolutivo e madurativo. Basicamente, estrúcturase o esquema corporal, afírmase a lateralidade, adquirense as relacións espazo-temporais, establécense as habilidades, mellóranse certos parámetros expresivos e desenvólvense hábitos propios da sociedade actual.

Nas primeiras idades deste período, que case coincide cronoloxicamente co de operacións concretas descrito por Piaget, daranse multiplicidade e variedade de situacións motrices que lle axuden á nena e ao neno a coñecerse mellor, a establecer o seu esquema corporal, a mellorar a percepción do contorno (incrementando a percepción do espazo e do tempo), a definirse por un lado dominante e consolidalo e a incrementar globalmente o nivel de habilidade, partindo da experimentación do ambiente. Progresivamente presentaranse situacións máis complexas, de maneira que as habilidades requiridas teñan unha maior complicación ata que no terceiro ciclo se chegue ás habilidades específicas, propias dos deportes ou das danzas. Tamén nestas idades se aproveitará para levar a cabo tarefas que propicien unha mellora da condición física. As actividades expresivas irán incrementando tamén a súa complexidade, partindo de situacións de fácil representación e imitación, ata chegar a aquelas que esixan das persoas participantes unha abstracción e coordinación grupal para responder aos requirimentos esixidos. Respecto a estas, en todo momento se creará un clima de confianza que favoreza a perda do medo ao ridículo. Os aspectos relativos á saúde corporal traballaranse xa desde idades temperás, afianzando os hábitos (hixiene corporal, postural, alimentación, seguridade...) que melloren a saúde e a calidade de vida.

Atendendo á organización da sesión, é interesante que ao comezar se faga unha posta en común acerca do que se quere conseguir nela e a maneira de facelo, así como dos contidos abordados, o que se aproveitará para motivar de cara ás tarefas a realizar (fase de información). Unha vez traballados os aspectos prácticos da sesión, e respectando a curva fisiolóxica en función das diferentes fases (animación, parte principal e volta á calma), é importante levar a cabo outra posta en común para reflexionar acerca do que se fixo, o grao de implicación nas tarefas, as expectativas

cumpridas ou non... e motivar novamente para a seguinte sesión (fase de análise de resultados). Tamén se recomenda deixar uns minutos ao final da clase para a hixiene persoal e o cambio de roupa, dependendo das idades do alumnado, co fin de perpetuar hábitos saudables que se manteñan ao longo de toda a vida.

As actividades que se ofrezan nesta área curricular terán a premisa de adaptarse aos diferentes niveis que posúan as nenas e os nenos, co fin de desenvolver o maior número de capacidades e habilidades en función das destrezas de cada persoa. Desde o punto de vista docente, pretenderase minimizar os posibles riscos derivados da actividade motriz (caídas, golpes...) extremando as medidas de precaución. Terase en conta a non discriminación, para o que se creará un clima de confianza e afectivo que faga que as persoas que compoñen o grupo-clase en cuestión se sintan integradas e a gusto.



4. AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA

4. Avaliación diagnóstica

Tipos e finalidade

Esta avaliación ten a súa orixe e concreción nos artigos 21, 29 e 144 da LOE. Ten como obxectivo analizar o progreso do alumnado na consecución das competencias básicas, que quedaron definidas nos currículos cara ao remate da ESO. Estas avaliacións son prescritivas en 4º de educación primaria e 2º de ESO.

No artigo 144.1 descríbese a **avaliación xeral diagnóstica (AXD)**. É competencia do Instituto de Avaliación (IE), en colaboración coas CCAA, a elaboración do marco teórico, o desenvolvemento, a aplicación e a elaboración do informe.

Nos artigos 21 e 29 establécese que todos os centros deberán realizar unha **avaliación diagnóstica (AD) para todos os alumnos** nos mesmos niveis que a anterior, co mesmo marco teórico e que terá carácter formativo e orientador para os centros e informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa.

Ambos os tipos de avaliación diagnóstica teñen como **finalidade básica obter datos para reflexionar sobre o funcionamento do sistema educativo e poder actuar na mellora da calidade do mesmo**.

Implicacións para os centros educativos

Polo que se refire á AXD, organizada polo IE, só terán que colaborar os centros que resulten afectados pola mostraxe. No seu momento recibirán a correspondente comunicación e as instrucións oportunas, tanto para a pilotaxe (2008) como para a proba definitiva (2009).

No caso da Avaliación diagnóstica (AD), que é mostral, a Consellería informará do proceso e remitirá os materiais e modelos aos centros coa suficiente antelación.

De todos modos, hai aspectos que xa están decididos e outros que van depender da AXD e da pilotaxe.

Asuntos nos que xa hai decisións tomadas:

- Haberá AD en todos os centros que teñan escolarizado alumnado de 4º de EP e/ou 2º de ESO.
- Levarase a cabo, probablemente en maio, no curso 2008/2009.
- A Consellería de Educación facilitaralles as probas aos centros. As competencias básicas son 8 e quedaron definidas nos decretos de currículo. En principio, non se avaliarán todas todos os anos.
- Os modelos de probas estarán na liña das empregadas en programas como PISA ou PIRLS. Pódense encontrar as preguntas liberadas deses programas no web da Consellería.
- Elaborarase unha aplicación informática que permita simplificar o traballo dos centros.
- As datas de inicio das probas de AD coinciden temporalmente coa implantación, neses niveis, dos currículos derivados da LOE e, polo tanto, coa programación docente e o proceso educativo deseñados por competencias básicas.
- Non debe servir para facer listaxes de centros segundo os resultados obtidos. Cada centro coñecerá, como mínimo, os seus datos e os da CA.
- Facilitarase documentación para elaborar os modelos informativos para a comunidade educativa, incluídas as familias, tal e como determina a LOE.

Características	Avaliación xeral diagnóstica	Avaliación diagnóstica
Órgano competente	IE, en colaboración coas CCAA	CCAA no seu ámbito de competencia
Participación	Mostra representativa	Todo o alumnado de 4º EP e 2º de ESO
Mide	Grao de adquisición das competencias básicas	Grao adquisición das competencias básicas
Finalidade	Ter datos significativos do desenvolvemento do sistema educativo para que o MEC actúe e informe ao Congreso dos Deputados	Formativa e orientadora para os centros e informativa para as familias e comunidade educativa
Tipo	Externa	Mixta: interna, con apoio externo
Materiais elaborados por	IE	CCAA
Datas de inicio	Piloto: maio de 2008 Mostral: maio de 2009	Maio de 2009
Papel dos centros	Colaborar coa empresa encargada do proceso	Desenvolver o proceso interno, co material que achegue a Consellería e coa aplicación informática precisa
Destinatarios dos informes	Parten do IE para: MEC, CCAA e Congreso Deputados	Desde a Consellería a centros, familias e resto da comunidade educativa
Periodicidade	Non decidida	Anual
Pilotaxe	4 competencias en maio de 2008	Só da aplicación



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA